

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Héctor Cajaraville Araújo

**Os xogos de palabras na prensa gratuíta  
en galego: *De Luns a Venres***



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego:

*De Luns a Venres*



## Colección Limiar

### Director

Ernesto González Seoane  
(Instituto da Lingua Galega, USC)

### Comité editorial

Ernestina Carrilho (Universidade de Lisboa) • Francisco Dubert García (Instituto da Lingua Galega, USC) • Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo) • María Pilar Perea (Universitat de Barcelona) • Gabriel Rei-Doval (University of Wisconsin-Milwaukee)  
• Juan Sánchez Méndez (Université de Neuchâtel) • Xavier Varela Barreiro (Instituto da Lingua Galega, USC)

Todos os orixinais publicados na colección Limiar son sistematicamente sometidos á avaliación confidencial de dous especialistas independentes e externos ao Instituto da Lingua Galega

Héctor Cajaraville Araújo

Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego:  
*De Luns a Venres*



A edición e preparación deste libro foi financiada parcialmente cunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (USC)

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación** Raquel Vila Amado

**Edita**

Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacion](http://usc.es/publicacion)



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0

Non se permite o uso comercial da obra orixinal e tampouco das posibles obras derivadas.

A distribución da obra derivada debe facerse baixo unha licenza igual á que regula a obra orixinal.  
Pódese acceder ao texto completo da licenza premendo nesta [ligazón](#).

**DOI** <http://dx.doi.org/10.15304/limiar.2015.757>

*Este segundo título da colección Limiar do ILG parte dun traballo realizado dentro do mestrado de Lingüística Galega organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo no curso académico 2009-2010 dirixido pola profesora María Álvarez de la Granja, a quen quero facer expreso o meu agradecemento polas súas achegas, os seus acaídos consellos e a súa disponibilidade permanente.*

*Así mesmo, quero agradecer tamén a exhaustividade e a precisión das suxestións realizadas polos dous correctores anónimos que realizaron a revisión deste traballo.*

## ÍNDICE

Introdución .....	11
1. Conceptos previos .....	15
1.1. Xogos de palabras .....	20
1.1.1. Definición .....	20
1.1.2. Causas da súa desatención por parte da lingüística.....	21
1.2. Os titulares de prensa.....	23
1.3. Fraseoloxía e manipulación .....	26
2. A prensa gratuíta: <i>De Luns a Venres</i> .....	37
2.1. Estrutura formal e de contidos.....	38
2.2. Proposta informativa .....	39
2.3. Perfil dos xornalistas .....	41
3. Categorización.....	43
3.1. Categorías de titulares incluídos no traballo .....	43
3.1.1. Recontextualización .....	44
3.1.2. Diloxía .....	44
3.1.3. Ruptura .....	44
3.1.4. Proximidade fónica.....	44
3.1.5. Morfoloxía .....	45
3.1.6. Outros recursos .....	45
3.2. Categorías de titulares que quedan fóra do traballo .....	45
3.2.1. Só coñecemento compartido .....	46
3.2.2. Só expresións fixadas.....	47
3.2.3. Expresividade ou énfase .....	47
3.2.4. Repeticións simples .....	48
3.2.5. Comparacións, metáforas ou metonimias .....	48
3.2.6. Xogos de palabras xa existentes .....	49
4. Clasificación dos titulares por anos e seccións .....	51

<b>5. Clasificación dos titulares por recursos .....</b>	<b>55</b>
<b>5.1. Recontextualización .....</b>	<b>55</b>
<b>5.1.1. Recontextualización simple .....</b>	<b>57</b>
<b>5.1.2. Recontextualización con outros recursos asociados .....</b>	<b>59</b>
<b>5.1.3. Procedencia dos enunciados recontextualizados .....</b>	<b>60</b>
<b>5.1.4. Recontextualización dentro do mesmo ámbito .....</b>	<b>64</b>
<b>5.1.5. Exemplos de reutilización.....</b>	<b>68</b>
<b>5.2. Diloxía .....</b>	<b>77</b>
<b>5.2.1. Diloxía sobre unha expresión pluriverbal.....</b>	<b>79</b>
<b>5.2.1.1. Punto de recuperación da diloxía .....</b>	<b>79</b>
<b>5.2.1.2. Recursos para a actualización do segundo sentido .....</b>	<b>90</b>
<b>5.2.2. Diloxía sobre unha expresión monoverbal.....</b>	<b>102</b>
<b>5.2.2.1. Punto de recuperación da diloxía .....</b>	<b>102</b>
<b>5.2.2.2. Recursos para a actualización do segundo sentido .....</b>	<b>112</b>
<b>5.2.3. Figuras encadeadas .....</b>	<b>122</b>
<b>5.2.4. Reutilización.....</b>	<b>126</b>
<b>5.3. Ruptura .....</b>	<b>142</b>
<b>5.3.1. Substitución.....</b>	<b>144</b>
<b>5.3.1.1. Substitución simple.....</b>	<b>145</b>
<b>5.3.1.2. Final inesperado.....</b>	<b>146</b>
<b>5.3.1.3. Substitución entre termos do mesmo campo léxico .....</b>	<b>147</b>
<b>5.3.1.4. Substitución entre termos fonicamente próximos.....</b>	<b>150</b>
<b>5.3.1.5. Substitución entre estranxeirismos.....</b>	<b>152</b>
<b>5.3.1.6. Equivalencia sintáctica.....</b>	<b>152</b>
<b>5.3.1.7. Fusión léxica .....</b>	<b>153</b>
<b>5.3.1.8. Fusión de expresións .....</b>	<b>153</b>
<b>5.3.2. Acurtamento .....</b>	<b>153</b>
<b>5.3.3. Extensión .....</b>	<b>155</b>
<b>5.3.4. Cambio de polaridade .....</b>	<b>161</b>
<b>5.3.5. Cambio de modalidade .....</b>	<b>161</b>
<b>5.3.6. Cambio de orde.....</b>	<b>162</b>
<b>5.3.7. Cambio de relación sintáctica .....</b>	<b>162</b>
<b>5.3.8. Cambio no tempo, modo ou persoa verbal .....</b>	<b>163</b>
<b>5.3.9. Cambio no xénero e/ou no número.....</b>	<b>164</b>
<b>5.3.10. Cambio na sufixación apreciativa .....</b>	<b>165</b>
<b>5.3.11. Coincidencia de recursos .....</b>	<b>165</b>
<b>5.3.12. Reutilización.....</b>	<b>167</b>

5.4. Morfoloxía .....	173
5.5. Recursos fónicos .....	177
5.5.1. <i>Paronomasia</i> .....	177
5.5.2. <i>Aliteración</i> .....	181
5.6. Outros recursos.....	183
5.6.1. <i>Vínculo inesperado</i> .....	183
5.6.2. <i>Rexistro inesperado</i> .....	186
5.6.3. <i>Estranxeirismos</i> .....	187
5.6.3.1. <i>Interferencias desde o castelán</i> .....	189
6. Conclusións .....	191
Referencias bibliográficas.....	199
Anexo. Táboa xeral de titulares .....	203



## Introdución

Este estudo parte da premisa de que os xogos de palabras son un recurso habitual nos titulares xornalísticos á hora de cativar a atención dos lectores de prensa gratuíta, que se caracterizan de maneira xeral por seren persoas con escaso hábito de lectura e cun tempo moi limitado para o consumo de información. O noso obxectivo vai consistir en analizar os elementos que empregan os emisores (é dicir, os xornalistas) para a elaboración de titulares dotados deste recurso creativo, e de establecer unha clasificación segundo a motivación que se agocha detrás de cada un deles.

Así mesmo, trataremos de identificar os procesos que fan que as mensaxes creativas enviadas polos autores teñan nos destinatarios (os lectores) a resposta agardada, logrando así que os xogos de palabras cumpran o seu obxectivo e prendan nos receptores o interese por seguir lendo o resto da información. Que mecanismos se poñen en marcha neste fenómeno comunicativo? Que importancia ten o coñecemento compartido entre emisores e receptores na comprensión exitosa dun titular creativo? Que relevancia teñen o contexto, o significante, os elementos paratextuais ou o propio sentido dos termos? A estas e outras cuestiós trataremos de ir dando resposta nas páxinas deste estudo.

Para a selección do grupo de titulares que conforma a base de traballo desta investigación levamos a cabo unha revisión de todos os números publicados nos tres primeiros anos de existencia de *L-V. De Luns a Venres* (a partir de agora, *LV*), o único xornal gratuíto en lingua galega. Os exemplares analizados abranguen desde o 22 de decembro de 2006 ao 21 de decembro de 2009, ambos os dous inclusive. Tendo en conta que, como o seu nome indica, non se trata dunha publicación diaria no sentido estrito do termo (non hai edición na fin de semana, e a redacción pecha durante o mes de agosto), os números publicados neste período acadaron os 673, cunha media de 224 por ano.

A revisión dos titulares fíxose páxina a páxina, contemplando para a busca todas as seccións, agás as de Televisión e Servizos, xa que non eran susceptibles

de conter elementos de interese para este traballo<sup>1</sup>. Para iso, dispuxemos da versión en formato .pdf de todos os xornais, o que axilizou en gran medida o labor de baleirado e almacenado do corpus en comparación co que sería unha procura sobre o papel.

Unha vez localizados os titulares de interese para esta investigación, todos eles foron incluídos nunha base de datos composta polos seguintes campos:

- **NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN:** correlativo para cada titular, en orde cronolóxica á súa aparición no xornal.
- **DATA:** día de publicación do número do xornal que contén a noticia.
- **TITULAR, SUBTÍTULO e CORPO DA NOTICIA:** copia literal de cada unha das partes da información.
- **RECURSO:** mecanismo empregado para construir o xogo lingüístico do titular.
- **SUBRECURSO:** nalgúns casos cómpre facer unha clasificación dentro de cada un dos recursos empregados.
- **ÁMBITO DE PROCEDENCIA:** cando se traballa sobre un enunciado asociado a un campo determinado (cine, publicidade, literatura...), este dato recóllese tamén na táboa.
- **ENUNCIADO DE PARTIDA:** cando o xogo de palabras se sustenta sobre a modificación dun enunciado fixado, indícase a expresión de orixe.
- **COMENTARIOS:** reservado para calquera outra información que poida resultar de interese para a investigación.

Un primeiro labor de peneirado deixou o número de titulares recollidos en case 1.000, pero logo de aplicar un criterio máis rigoroso de inclusión (ver §3.1), a cifra reduciuse ata os 518 que componen a base deste traballo.

Unha vez delimitado o material de investigación, a seguinte fase consistiu na realización dunha clasificación dos titulares seleccionados segundo o recurso empregado para convertelos nun enunciado lingüisticamente creativo. Todo o

1 Para este traballo decidimos excluir os artigos de opinión, xa que non forman parte do *continuum* informativo dun xornal e case sempre están escritos por persoas alleas ao propio medio (colaboradores externos ao cadre de persoal, persoas coñecidas, expertos nun determinado tema aos que se recorre de maneira puntual...). Polo tanto, as reportaxes serán a principal fonte da que se nutra o corpus de titulares que imos empregar para a confección deste traballo.

**CAPÍTULO 5** do presente estudo recolle o resultado desta distribución por categorías.

Finalmente, e á vista dos resultados acadados na fase de clasificación, buscamos as principais inferencias que se poden extraer: graos de uso de cada un dos recursos empregados, posibles combinacións entre os distintos mecanismos de creación lingüística, ámbitos dos que proceden maioritariamente as frases empregadas como base sobre a que se constrúe o xogo de palabras (o **CAPÍTULO 6** recompila as conclusións acadadas ao longo da investigación)...



## 1. Conceptos previos

Este traballo parte do convencemento de que o xornalismo é unha categoría dentro da literatura, polo menos no sentido amplo do labor literario, é dicir, de arte que emprega como instrumento a palabra escrita, que ten un estilo propio e que busca a beleza na expresión (na medida en que o permite a inmediatez da dinámica da actualidade). Polo tanto, trátase dun xeito especial de facer literatura, xa que está sometido á ditadura do tempo (tanto na marxe de que dispoñen os xornalistas para elaboraren as informacións como na súa vixencia unha vez publicadas) e a mensaxe que se elabora ten como prioridade a transmisión dunha información cara a un receptor múltiple, os lectores:

Ésta es la eterna historia de la prensa diaria: un oficio de Sísifo, en el que cuando, con la roca a cuestas, crees haber alcanzado la cúspide de la montaña, descubres que el pedrusco rueda hacia abajo a toda velocidad. Hay que escalar de nuevo [...]. Y, además, hay que hacerlo sabiendo que si alguna vez se consigue el milagro de la perfección, ese periódico soñado no podrá estar en los quioscos más allá de una jornada (Recuero López 1995: 11).

Se tivésemos que encadrara nunha categoría literaria, a prensa diaria constituiría unha especialidade que podemos denominar *literatura urxente, literatura motivada ou literatura efímera*, segundo atendamos a cada unha das características referidas: rapidez na súa creación, vocación comunicadora e conciencia do seu carácter perecedoiro. E todo iso, sen esquecer a tendencia á estética inherente a todo acto literario<sup>2</sup>:

Pero ese «imposible periódico ideal» aún debe conseguir otro objetivo; además de informar y comunicar debería conllevar un valor estético y llegar directamente al corazón y la mente de su posible lector (Mironesko 2005: 175).

---

2 Neste punto é imprescindible unha referencia ao *Novo Periodismo*, corrente xurdida nos Estados Unidos na década dos sesenta do século pasado, e que xustamente ten na dimensión estética (además de na investigación e no coñecemento directo) a súa principal achega.

Movémonos, por tanto, na esfera da lingua escrita, que difire en gran medida da outra macrocategoría en que clasificamos os usos dunha lingua: a oralidade. A diverxencia entre estes dous modos de comunicar é tal que mesmo algúns teóricos conclúen que se trata de sistemas independentes entre si. Lázaro Carreter considera que, pese a compartiren código, a linguaxe oral e mais a escrita son dous modos de producción tan diverxentes que «las sociedades cultas cuentan con dos lenguas» (1980: 158), e só hai correspondencia entre lingua oral e escrita cando esta se emprega como simple soporte da fala:

Fuera de los casos en que la escritura consiste en una mera transustanciación de la lengua oral, la lengua escrita es una entidad autónoma dotada de forma propia (Lázaro Carreter 1980: 164).

A diferenza principal entre estes dous modos de establecer o acto comunicativo está en que a lingua escrita nos obriga a reflexionar sobre o propio proceso de creación da mensaxe, nunha idea próxima ao concepto de *función poética* da linguaxe, que «orienta la atención del lector u oyente sobre el signo mismo» (Lázaro Carreter 1980: 153) e que ten a súa máxima expresión na linguaxe literaria.

Porén, para este autor, igual de importante que a división entre lingua oral e escrita é a diferenza existente entre linguaxe *non literal* e *literal*, onde esta última categoría vai referida ás mensaxes «que deben ser descifradas en sus propios términos» (Lázaro Carreter 1980: 153), como no caso da literatura e, polo tanto, da prensa.

A linguaxe non literal está destinada a desaparecer xusto despois de que o feito comunicativo remate, mentres que a literal está creada «con clara conciencia de intangibilidad» (Lázaro Carreter 1980: 166), é dicir, con coñecemento de que a súa vixencia transcende o acto comunicativo inmediato e que vai estar sometida a tantas interpretacións como destinatarios.

Aínda que coinciden a miúdo, non sempre hai correspondencia entre linguaxe escrita e literal (por exemplo, unha carta a unha persoa coñecida sería un texto escrito non literal), como tampouco a hai entre linguaxe oral e non literal (pensemos na lírica primitiva, que se transmitía oralmente pese a tratarse dun texto que cumple todas as condicións da literariedade).

Sexa como sexa, a prensa escrita (pese a ese carácter efémero) forma parte desta categoría da linguaxe literal, estruturada, proxectada de antemán, meditada tanto no contido como na forma de presentalo. Pero, por riba dessa condición, fica sometida sempre (ou polo menos así se interpretou desde os seus comezos) ao imperio da imparcialidade e a neutralidade.

Así, a obxectividade e a claridade na exposición foron tradicionalmente dous conceptos inherentes á propia idea de información periodística, e ata hai pouco non se concibía unha teoría do xornalismo que puxese en dúbida o esencial de calquera destes dous piarez (veracidade, linguaxe directa) sobre os que de sempre se asentou o acto comunicativo entre emisores e receptores no ámbito da prensa.

Non obstante, nos últimos anos xorden cada vez con máis frecuencia voces discordantes con esta visión *purista* da información. A súa premisa de partida é a seguinte: desde o momento en que os emisores dedican o seu espazo/tempo a unha nova fronte a outras, desde o momento en que elixen que partes desa noticia son de interese para os lectores e que partes quedan fóra, desde o momento en que deciden que trazo principal desa noticia vai ser o que constitúa o titular que resume o resto da información, cada decisión a este nivel é un apelo constante á persuasión e, polo tanto, á subxectividade:

El desenvolupament actual de les disciplines que s'ocupen del fet comunicatiu –amb l'Anàlisi del Discurs, la Lingüística Textual, la Nova Retòrica, la Pragmàtica, la Semiótica, la Història de la Comunicació Social i la Sociologia del Coneixement al capdavant– permet desvelar la fal.làcia amagada rera el dogma positivista que, des de fa aproximadament un segle, ha identificat discurs periodístic amb veritat (Chillón Asensio 1995: 167).

A maiores, cada redactor ou redactora vai elixir un modo diferente de enfocar o evento noticioso (segundo os seus datos de partida, os seus intereses persoais e, por suposto, a súa capacidade para comunicar correctamente); e ademais, todo acto comunicativo enmárcase nun espazo e nun lugar concretos (co que supón de necesidade de adaptación á corrente de opinión estandarizada –*mainstream*– propia de cada momento) e ten que responder tamén en maior ou menor grao á liña de pensamento marcada polo medio que o transmite. Á vista de todas estas influencias, falar de obxectividade parece un tanto utópico:

em sembla important assenyalar que no és possible parlar de «discurs periodístic» en abstracte, sense considerar l'ancoratge concret que tot discurs té en les condicions històrico-socials que el produueixen i que al seu torn, en una intricada dialéctica, contribueix a producir i reproduir. Perqué, com qualsevol autre discurs social, el periodístic està íntimamente, dialècticamente connectat a l'organisme social de què forma part. I, de manera més concreta, a les organizacions comunicatives que el generen i als diferentes públicos aos quals es dirigeix (Chillón Asensio 1995: 165).

O discurso xornalístico clásico vese encorsetado non só polas limitacións en canto aos contidos, senón tamén porque, co paso do tempo, a linguaxe da prensa

foi cargándose de xiros, expresións, fórmulas e frases feitas que empobrecen o estilo e que converten as noticias nunha sucesión de tópicos que nos suscitan unha continua sensación de *déjà vu*, de ver todos os días unha película na que os actores mudan pero a historia é sempre a mesma.

A loita contra o reloxo que supón estar cada día na rúa cun novo número do xornal que recolle toda a información que se xerou na xornada anterior ten moito que ver con esta consolidación dun estilo ateigado de clixés recorrentes, que permiten encher o espazo reservado a unha determinada información nun tempo mínimo, pois os xornalistas límitanse a substituír os datos cambiantes (os célebres *topoi* da retórica clásica: *quen, que, como, cando, onde, por que...*) dentro dunha estrutura prefixada.

Neste conservadorismo formal e de contidos, os titulares son unha vítima máis. As recorrentes estruturas de pirámide invertida (gradación da información desde o más ao menos relevante) e de *suxeito – verbo – predicado*, que garan-ten orde, claridade e comprensibilidade, uniformizan e impiden a prospección na busca de fórmulas más creativas e que rachen as expectativas dos lectores.

Pero desde hai uns anos (coincidindo coa aparición da prensa gratuita), comeza a detectarse un novo xeito de dirixirse aos potenciais lectores, baseado nunha linguaxe más lixeira, accesible e espida do formalismo que sempre se asociou co xornalismo:

Debido a la enorme competencia dentro del mercado, estos medios [a prensa convencional] se ven en la necesidad de atraer al mayor número de público, y por ello los periódicos se han visto obligados a adaptarse a las necesidades y gustos de sus lectores, y a utilizar el registro lingüístico más apropiado, lo cual lleva a la utilización de ciertas expresiones fraseológicas y a la creación léxica, e igualmente al empleo de ciertas expresiones y estructuras sintácticas que podemos situar dentro del nivel de lo coloquial, e incluso en algunas ocasiones de *vulgar* para golpear psicológicamente al lector (Santamaría Pérez 2006: 1653-54).

Este cambio de rexistro cara aos usos cotiáns da lingua permite que acceden á linguaxe xornalística recursos que ata ese momento non se admitían neste nivel de comunicación, pois eran considerados contrarios á neutralidade informativa que debía impregnar un texto noticioso. Deste xeito, metáforas, metonimias ou hipérboles comezan a abrirse paso por entre as páxinas dos xornais, e xa non só en textos de opinión ou xéneros (como a crónica ou a reportaxe) nos que as normas de restrición no emprego deste tipo de figuras sempre foron más permisivas:

A pesar de la pretensiό d'objectivitat amb què el discurs periodístic s'autolegitima, la parla dels periodistes i dels comunicadors –oral i escrita– està lluny de ser ex-

clusivament referencial, monosèmica i denotativa. L'«estil informatiu», la parla dels locutors i la redacció dels informadors, està trufada de trop i figures retòrics –metàfores, metonímies, sinestèsies, pleonasmes, hipèrboles, etcètera– que, literalment, carreguen de sentit els enunciats periodístics. No hi ha denotació ni referencialitat «pures», sinó un ús intens i extens de la connotació (Chillón Asensio 1995: 173).

Entre as partes que componen un texto noticioso, foi nos titulares onde este tipo de figuras encontraron mellor acomodo, pois é nese primeiro nivel da información xornalística onde os recursos creativos da lingua poden optimizar as súas vantaxes: máxima expresividáde, capacidade de síntese e poder de atracción. E, entre estes recursos, o xogo de palabras amósase como a ferramenta máis eficaz para exercer as funcións que acabamos de enumerar:

Con finalidad lúdica o simplemente como llamada de atención, la prensa inventa llamativos juegos de palabras que, aunque en su mayoría son efímeros, son un fenómeno característico del periodismo, reflejo, en muchas ocasiones, de la genialidad de la pluma que los crea (Guerrero Salazar 2007: 237).

Por que os xogos de palabras nos titulares funcionan tan ben? Non é só polas súas calidades intrínsecas, que acabamos de ver, senón tamén por unha razón que vai más alá da súa propia función estritamente lingüística. O emprego dun xogo de palabras nun titular é un modo de que os xornalistas se dirixan aos lectores baixo esta premisa: «O que quero dicirche neste titular non é unicamente o que podes interpretar a partir da suma das palabras que o componen. Rétote a que empregues a túa intelixencia para tratar de buscar o sentido agochado no texto».

Ese *desafío* sempre é benvido polos lectores, porque lles permite seren parte activa do proceso comunicativo e porque o interpretan como un voto de confianza por parte dos xornalistas á súa capacidade de entendemento e comprensión. E, volvendo ao lado dos emisores, o emprego deste tipo de estruturas supón outras dúas vantaxes: non ter que pararse en determinadas explicacións que xa van incorporadas no propio xogo lingüístico e poder incorporar unha perspectiva persoal que nun discurso literal talvez non sería admisible:

El empleo de [...] este tipo de unidades constituye una síntesis de conocimientos de carácter enciclopédico, lo que implica que su uso ahorra ciertas explicaciones al emisor (Santamaría Pérez 2006: 1.654-1.655).

Estamos falando de *xogos de palabras*, de *titulares* e de *fraseoloxía*, pero áinda temos pendente ofrecer unha definición ampla e clarificadora do que significa cada un destes tres conceptos, de cuxa fusión vai xurdir o tema central deste traballo.

## 1.1. Xogos de palabras

### 1.1.1. Definición

Existe un baixo grao de consenso á hora de establecer unha terminoloxía común en determinadas áreas da lingüística (ver §1.3), o que non deixa de ser un tanto paradoxal: os expertos no funcionamento do idioma non son quen de acordar definicións precisas e inequívocas para os conceptos con que traballan.

Os xogos de palabras non son unha excepción. Así, podemos encontrar tantas descripcións como desexemos deste fenómeno, desde as que destacan a súa vertente lúdica ou de enxeño ás que se inclinan máis pola compoñente de manipulación lingüística; desde as que o consideran un recurso de estilo ás que non o ven máis que como un simple pasatempo ou mesmo un uso distorsionado (*anormal*) da lingua.

Así e todo, sintetizando elementos de diferentes definicións, podemos tirar as características esenciais do que xeralmente entendemos como *xogo de palabras* neste nivel da lingua escrita (da prensa, especificamente) que imos manexar:

- Trátase dunha técnica literaria, cunha motivación, uns mecanismos e a procura dun determinado resultado ou efecto sobre o destinatario do acto comunicativo.
- O recurso aplícase sobre o propio texto; é dicir, áinda que despois o xogo de palabras vaia referido ao sentido do enunciado sobre o que se traballa, o punto de partida é sempre a parte visible, o significante.
- Como o seu nome indica, ten que haber unha vontade clara de *xogar coas palabras*, de manipular dalgún xeito o seu uso habitual, o que o receptor agarda.
- Froito do labor creativo dos emisores (dos xornalistas, neste caso), os termos ou as expresións manipuladas teñen que estar abertos a múltiples interpretacións e ofrecer, polo tanto, a posibilidade de seren encaixados polos receptores en distintos contextos situacionais, cun sentido diferente en cada caso<sup>3</sup>.

Fronte ás definicións más ou menos teóricas, o ludolingüista catalán Màrius Serra ofrécenos unha visión más gráfica:

---

<sup>3</sup> Agás naqueles casos en que o recurso lúdico estea alicerzado na similitude fónica entre dous ou máis termos, en que o xogo se desenvolve só no plano formal da lingua.

Un juego de palabras es un choque verbal fortuito con pérdida momentánea de los sentidos [...]. Para que el choque se transforme en juego es preciso que las palabras implicadas en él no salgan ileas (Serra i Roig 2000: 20).

Ese «choque verbal» evócanos a idea de *encontro*, pero non apracible e calmoso, como cabería agardar da dialéctica lingüística, senón dunha sorte de impacto «con perda dos sentidos» (obsérvese a diloxía: *sentido* como ‘facultade de percepción’ e como ‘possible interpretación dun texto’). Esa alteración no fluir maino do discurso é o que cativa a atención dos lectores, que suspenden a lectura secuencial, automática do texto para reflexionaren sobre a *anormalidade* que supón encontrarse cunha mensaxe que bifurca as súas opcións de descodificación ou que non respecta as restricións combinatorias do discurso convencional:

Este choque fortuito está muy cerca del *extrañamiento*<sup>4</sup> del que habla el pedagogo Gianni Rodari a la hora de definir la génesis creativa. Como todos los juegos, el juego de palabras proviene de lo irracional, provoca cierto placer, genera una realidad al margen y sigue sus propias reglas (Serra i Roig 2000: 20).

### 1.1.2. Causas da súa desatención por parte da lingüística

Pese a tratarse dun uso elevado do idioma (en canto que implica unha reflexión sobre a propia creación lingüística), podemos aseverar, aproveitando o ámbito no que se inscribe este traballo, que os xogos de palabras *non teñen moi boa prensa*. É dicir, igual que a poesía se percibe de maneira universal como un exemplo de emprego depurado e meritorio da lingua (pensemos en todas as expresións que teñen este termo como base, todas elas meliorativas), cando utilizamos a expresión *xogo de palabras* na lingua coloquial, o seu sentido é case o contrario: aos políticos acusámoslos de que *xogan coas palabras* para enlear a ciudadanía, o mesmo que a un avogado que consegue variar a decisión dun tribunal mediante o recurso a unha dialéctica commovedora, e a alguén que dá moitos circunlo-

4 Para definir as técnicas utilizadas polos escritores para producir efectos específicos, o formalista ruso Viktor Shklovsky cuña o concepto de *estrañamiento* (остранение) (*apud* Sanmartín Ortí 2004: 249), que define do seguinte xeito: «O propósito da arte é o de impartir a sensación das cousas como son percibidas e non como son sabidas (ou concibidas). A técnica da arte de *estrañar* os obxectos, de facer difíciles as formas, de incrementar a dificultade e magnitude da percepción encontra a súa razón en que o proceso de percepción non é estético como un fin en si mesmo e debe ser prolongado». Desta idea xorde logo o concepto de *desautomatización*, da que o estrañamento é considerado en ocasións como termo sinónimo (ver §1.3).

quios para ao final non dicir nada pedímoslle que deixe de *xogar coas palabras* e que sexa máis directo.

No nivel teórico, en ocasións os xogos de palabras son considerados como un xénero menor, propio de xente desocupada e que nada engade ao discurso en que están insertos, de modo que se lles outorga unha finalidade puramente lúdica ou de entretenimento. A consecuencia deste «desprezo» por parte dos investigadores (algo no que coinciden todas as linguas) é a escaseza de traballos sobre este fenómeno, cando menos ata datas ben recentes. As causas son múltiples; imos ver as principais:

- Trátase dun recurso ao que pode acceder calquera usuario da lingua, por escasa (ou mesmo nula) que sexa a súa formación teórica. É dicir, é unha ferramenta ao alcance de todos, e iso quítalle interese a ollos dos teóricos más remirados, que asocian universalidade con simpleza. Pero esta xeneralización no seu emprego non debe confundirse con simplicidade: en ocasións as cousas más sinxelas (ou aparentemente más sinxelas) son as más difíciles de explicar, e isto parece ser o que ocorre cos xogos de palabras. Talvez o esquecemento tradicional por parte dos lingüistas pode derivar do feito de que os xogos de palabras escapan da norma, do uso habitual da lingua, e ese uso habitual, *normal*, era ata hai pouco o único obxecto de análise dos investigadores: as anomalías da linguaxe non eran tema de estudio.
- Non deriva dun proceso lineal, no sentido de que un determinado mecanismo provoca un efecto identificable e inmutable. Os xogos de palabras desenvólvense na esfera da abstracción, na área máis afastada da relación texto-idea, e iso convérteos nunha realidade voluble, difícil de aprehender no plano académico, que moitas veces queda ao criterio do destinatario, pois non é esaxerado dicir que un xogo de palabras é propiedade ao mesmo nivel de quen o crea e de quen o interpreta.
- Hai unha variedade tan ampla de xogos de palabras<sup>5</sup>, e son cada un deles de naturezas tan dispares, que establecer unha clasificación completa, razoada e motivada resulta unha tarefa custosa de máis, e non é posible desprenderse da sensación de que sempre hai outro xeito mellor de organizar unha realidade tan incerta.
- Outro dos grandes problemas á hora de fundamentar o estudo teórico dos xogos de palabras é a intraducibilidade dos casos. O xogo de palabras máis

<sup>5</sup> Para unha clasificación dos xogos de palabras e os mecanismos que os desencadean, ver Serra i Roig (2000: 25 e ss.).

enxeñoso do mundo serao unicamente na lingua para a que se creou, mentres que aqueles que non dominen ese idioma permanecerán indiferentes ante el. E os intentos de tradución non deixan de ser simples aproximacións con máis ou menos éxito segundo o enxeño do responsable de trasladar a idea de partida á lingua de destino.

Os tres primeiros motivos teñen máis que ver cos prexuízos dos teóricos e co seu pouco interese polo fenómeno dos xogos de palabras que cunha dificultade inherente aos propios xogos á hora de analizalos desde unha perspectiva académica ou investigadora. E con respecto á última razón, a da imposibilidade de trasladar os xogos dunha lingua a outra, pese a ser algo innegable, tamén o é o feito de que os mecanismos que os desencadean si son universais, e iso permite alicerzar unha base teórica común a todas as linguas.

A descuberta deste fío común propiciou que nos últimos anos (principalmente desde a década dos oitenta do século pasado) si apareceran un número relativamente alto de traballos que tratan o fenómeno dos xogos lingüísticos, sobre todo se establecemos unha comparación coas épocas anteriores. Estes estudos enmárcanse basicamente no ámbito da fraseoloxía, é dicir, van aparelados ao desenvolvemento das investigacións sobre as unidades fraseolóxicas en xeral.

## 1.2. Os titulares de prensa

O titular de prensa é o elemento principal do encabezamento<sup>6</sup> dunha noticia, e da propia unidade informativa no seu conxunto. Constitúe o primeiro nivel da información e cumple unha dobre función: resumir o contido do que logo se desenvolverá e reclamar a atención dos lectores para convencelos de que esa é unha noticia que pode resultar do seu interese.

Este lugar preeminente na dinámica comunicativa da prensa escrita márcase desde o punto de vista formal mediante varios recursos (ningún deles excluínte):

- Pola súa posición preferente dentro do espazo reservado á noticia que encabeza: polo xeral na parte superior.

<sup>6</sup> Para unha definición polo miúdo das partes que poden conformar o encabezamento dunha información (cintíño, sumario, antetítulo, título, subtítulo, *lead* ou entradiña, ladiño...), ver González Rodríguez (2008: 171) e Gómez Mompart (1982: 107-111).

- Pola ruptura que supón con respecto á disposición do texto: o titular dunha noticia a varias columnas non respecta esta distribución e abrangue toda a extensión da información á que serve de apertura.
- Polo emprego dun corpo de letra de maior tamaño ca o do corpo da noticia. En ocasións, este recurso compleméntase con outros como o uso de maiúsculas en todo o texto, unha letra de diferente familia tipográfica ou mesmo unha cor distinta á do texto corrido:

La elección del título periodístico como objeto de análisis ha tenido que ver en gran medida con el papel que desempeña este elemento en la composición de una noticia. El titular constituye en sí mismo el primer nivel informativo de un relato periodístico, situándose su cometido en ofrecer una visión sucinta y distintiva del asunto noticioso. Ello viene condicionado en buena parte por el hecho de que el título ocupa el último lugar en el proceso de elaboración de la noticia [...]. En este sentido, el título suele resumir el contenido de la noticia en su mínima expresión, definiéndose semánticamente en términos del nivel más alto de la macroestructura temática de la noticia y evocando la información más importante o relevante del relato periodístico (González Rodríguez 2002: 130-131).

A lectura dun xornal é un acto voluntario: podemos elixir se o lemos ou non. E non só iso: temos liberdade para escollermos as noticias que nos interesan e saltar as que non nos suscitan a curiosidade suficiente como para afondar nelas. Pero, como sabemos cales son as que nos vai pagar a pena ler? Guiámonos pola súa situación nunha determinada sección, polo tamaño da noticia, pola súa localización na páxina, polo acompañamento ou non dunha fotografía... Pero sobre todo, polo que o titular nos transmite, polo que esta breve mensaxe (normalmente, non máis dunha ou dúas liñas) suxire, evoca ou propón:

El titular en prensa escrita es sin lugar a dudas el escaparate de la información, un rótulo luminoso cuyo cometido es despertar y atraer la curiosidad del lector a través de la elección de unos cuerpos y tipos de letra, de palabras, de una estructura y de un estilo peculiar. La titulación es, en este sentido, un elemento clave en la decisión que toma el lector de contenidos leyendo la información periodística, de leer solo determinados párrafos del relato o, por el contrario, de obviar su lectura (González Rodríguez 2008: 154).

Como xa quedou dito na primeira parte deste capítulo, todo acto comunicativo está impregnado de subxectividade, desde o momento en que eliximos falar dunha cousa e non doutra, e facelo ademais dun xeito determinado. Polo tanto, a redacción dun titular é a sublimación deste carácter subxectivo da comunicación,

pois temos que seleccionar un pequeno grupo de palabras (polo xeral, non máis dunha ducia) co que resumir todo o contido que logo se desenvolverá:

Un título es ya una información y, a su vez, es también opinión. Y lo es en la medida en que cualquier codificación comunicativa implica la elección [...]. La síntesis a la que obliga cualquier titular, el mensaje (resumen) de lo que quiere transmitir y la estructura y estilo que debe adornar la titulación (para llamar la atención del lector) conforman un hacer –un manipular– (Gómez Mompart 1982: 9).

Dependendo do xénero xornalístico empregado (unha noticia clásica, unha entrevista, unha reportaxe, unha crónica, un editorial, un artigo de opinión...), as posibilidades de titulación son moi distintas. Mentre a información *pura* parece demandar un titular indicativo e denotativo, nunha entrevista o habitual é seleccionar unha frase do propio entrevistado. Unha crónica ou un editorial vannos permitir maior liberdade, pero sempre partindo dunha base informativa. De feito, o tipo de titular é o que de entrada nos vai marcar o xénero xornalístico que se está manexando:

Many linguists underline the heterogeneous character of newspaper and magazine articles. It depends on the variety of press genres. In our view, the rubric plays the main role in the composition of a newspaper or a magazine (Zalyaleeva 2008: 273).

Polo tanto, será nos artigos de opinión e nas reportaxes onde os titulares creativos encontren mellor acomodo. E é así porque, fronte ás noticias convencionais, cujos titulares deben tender ao cumprimento de todas as vertentes que se agarda que posúan («actualidade, concisión, claridade, veracidade e *garra*», segundo a listaxe elaborada por Gómez Mompart 1982: 34), no caso das reportaxes abonda con que exerzan eficazmente a función de *anzois* con que *pescar* a atención dos potenciais lectores, ainda que relativicen a compoñente puramente informativa: é dicir, a *garra* por riba de todo o demais.

Pero logo, na dinámica diaria da prensa (polo menos na variedade da prensa gratuíta coa que traballaremos) encontrámonos con que este recurso á linguaxe figurativa e aos xogos de palabras se emprega tamén en informacóns convencionais, non só nas reportaxes:

The articles in the rubrics *First of all* and *Seven Days* present information on the events of the week. So most of them are supposed to be of the informative type, but our material demonstrates the usage of figurative language on their headlines (Zalyaleeva 2008: 274).

E para conseguir captar o interese dos lectores calquera recurso é válido, nomeadamente o emprego de ítems que resulten familiares ao destinatario, pois a forza do coñecido é un modo de atracción infalible. Por iso, e aínda que todos os libros de estilo reproban o emprego de expresións fixadas (especialmente as derivadas de títulos de películas, libros, cancións...) como base para a confección de titulares<sup>7</sup>, polo risco de caer no abuso, na mala interpretación, na visión parcial, na asociación forzada, na impertinencia, no tópico ou directamente no ridículo<sup>8</sup>, o recurso a este mecanismo é totalmente lícito, máxime se o resultado é un achado lingüístico que sorprende, agrada, seduce e abraia.

### 1.3. Fraseoloxía e manipulación

A fraseoloxía está na orixe de gran parte dos titulares xornalísticos concibidos a partir de xogos de palabras (constitúe a base do traballo nun importante grupo de titulares en todas as categorías que contemplamos para este estudio, como logo veremos) e por iso queremos dedicarlle unha das alíneas desta introdución.

Comecemos por definir o concepto. *Fraseoloxía* é un termo polivalente que pode aplicarse a varias realidades:

- O conxunto de modos de expresión peculiares dunha lingua, dun grupo, dunha época, dunha actividade ou dun individuo.
- O conxunto de frases feitas, locucións figuradas, metáforas e comparacións fixadas, modismos e refráns, existentes nunha lingua, no uso individual ou no dalgún grupo.
- A parte da lingüística que estuda este tipo de construcións.

Ademais destas acepcións, o termo *fraseoloxía* tamén se emprega pexorativamente (na liña do que xa vimos con *xogo de palabras*) como sinónimo de ‘conxunto de palabras pretensiosas ou inútiles’, é dicir, *falar por falar*, *falar de balde* ou *falar para non decir nada*.

<sup>7</sup> O libro de estilo do xornal *El País* indícao así: «Un recurso fácil y reprobable es titular con otros títulos; es decir, aplicar a un reportaje un título de película, de obra literaria o de canción. Esta práctica demuestra escasa imaginación y abundante pereza mental. Tampoco sirve retocar el título original modificando algunas palabras [...]. Es muy difícil ver excepciones ingeniosas y divertidas en esta práctica rechazable».

<sup>8</sup> Sobre os usos inapropiados das unidades fraseolóxicas como titulares, pódese consultar Zalyaleeva (2008: 275 e ss.).

Neste traballo interésanos a fraseoloxía en tanto que área científica, que os teóricos rusos Baranov e Dobrovolskij (2009: 11) definen do seguinte modo: «A fraseoloxía é unha disciplina lingüística relativamente nova que estuda as combinacións fixas de palabras (nun senso amplo), os fraseoloxismos».

Quizais debido ao carácter novedoso desta disciplina, encontrámonos na fraseoloxía cun problema que se nos presentara anteriormente: a falta de consenso á hora de consolidar unha terminoloxía que nos permita unha referencia exacta a cada un dos elementos que a conforman:

El término fraseología, al igual que los fenómenos léxicos individuales a los que denomina en general, no está libre de controversia. Los lingüistas no se ponen de acuerdo sobre cuál deba ser el término general que abarque tales fenómenos, y mucho menos aún, sobre la clasificación que se deba emplear en su análisis. De hecho, la profusión terminológica y las distintas clasificaciones constituyen uno de los problemas fundamentales de esta disciplina (Corpas Pastor 1997: 16).

cabe señalar que sigue abierta la discusión en torno a si la Fraseología es una disciplina independiente o dependiente de (o inserta en) otra más general. En virtud de los vínculos y las semejanzas que contraen las unidades fraseológicas con otras combinaciones estables de palabras y de la imprecisión de los contornos definicionales de los distintos fenómenos que guardan entre sí alguna afinidad, la Fraseología ha sido relacionada con otras disciplinas, como la Paremiología, la Gramática, la Lingüística aplicada, la Lexicografía, la Lexicología... (García Page 2008: 38).

A isto hai que engadir a relativa escaseza de estudios teóricos sobre esta materia, e as lagoas que amosan os traballos de que si dispoñemos:

La mayoría de los estudios sobre fraseología adolecen de un mismo defecto: la falta de una base descriptiva sólida que permita dilucidar aspectos tan importantes como la frecuencia de uso de este tipo de unidades en el discurso, sus funciones textuales y su carga ideológica dentro de una comunidad determinada (Corpas Pastor 1998: 365).

Las clasificaciones existentes sobre las locuciones y fraseologismos no son coincidentes, muchas veces debido a que los presupuestos en que se basan no son los mismos (García Page 2008: 82).

*Meter o zoco, o falar non ten cancelas ou mesmo bos días* son unidades fraseológicas, é dicir, a concreción formal da fraseoloxía na lingua. As *unidades fraseolóxicas* (tamén chamadas *fraseoloxismos*) son o elemento central da fraseoloxía e constitúen

un hiperónimo que designa toda combinación de palabras lexicalizada, almacenada como un todo na memoria<sup>9</sup>.

As características que debe cumplir unha unidade fraseolóxica<sup>10</sup> para ser considerada como tal varían segundo os autores, e só ese trazo da lexicalización ou fixación do que xa falamos parece condición *sine qua nom*. Vexamos algunas das definicións más completas que encontramos para este concepto, centradas cada unha delas en aspectos diferentes:

toda combinación de dúas o máis palabras que posúe as seguintes características:

- Presenta fixación de componentes.
- Non segue un proceso de formación regular e produtivo.
- Posúe unidade conceptual e/ou funcional (gramatical ou pragmática).
- É unha unidade lingüística que se emprega para crear textos e se vincula a unha situación dada (Álvarez de la Granja 2003a: 11).

quedan recogidas las características de las unidades que se agrupan en la clase de las locuciones:

- constituir una combinación de palabras.
- ser una combinación fija.
- desempeñar una función en la oración.
- tener un significado que no corresponde a la suma de los significados de sus componentes; dicho de otro modo, ser idiomáticas. (Penades Martínez 2012: 26).

Hai que indicar que a maioría dos estudos fraseológicos no ámbito da lingua española coinciden en sinalar a fixación estructural dos fraseoloxismos como o trazo fundamental e excluínte; é dicir, a falta dun certo grao de fixación na estrutura impide que un ente lingüístico sexa denominado unidade fraseolóxica. Por outra banda, e como propiedade supletoria, téndese a sinalar a idiomatizade, sabendo que non son poucas as unidades que, consideradas pola inmensa maioría expresións fixas, carecen de dito trazo: *común y corriente, fruncir el ceño* etc (Martínez López / Aarli 2008: 176-177).

9 Existen discrepancias entre os investigadores sobre a pertinencia de incluir títulos (de canciones, películas, libros...), eslógans, frases célebres... no marco da fraseología. Sen entrar nesa polémica, e para os efectos deste traballo, consideramos convencionalmente as unidades indicadas, as unidades fraseológicas prototípicas (locucións, fórmulas e refráns) e os compostos sintagmáticos baixo o termo xeral de expresións fixas.

10 Para unha clasificación pragmático-discursiva das unidades fraseológicas, consultar Vigara Tausste (1998: 97 e ss.); desde o punto de vista semántico gramatical, Álvarez de la Granja (2003b). E desde unha perspectiva pluridisciplinar, Zuluaga (1980: 135 e ss.).

1. adaption to a specific context
2. creation of a humorous effect
3. highlighting of the producer's intelligence
4. creation of increased attention
5. condensation of a complex message
6. economical triggering of complex associative networks (Jaki 2014: 18).

Esa fixación que parece constituírse como a característica principal deste tipo de unidades vaise consolidando na lingua a partir da repetición sincrónica e diacrónica; é, por tanto, unha construcción colectiva na que toman parte os usuarios desa lingua como conxunto que, mediante a elección, bloqueo (das posibilidades combinatorias do discurso libre) e repetición desa expresión por riba de todas as demás que poderían significar o mesmo, fan dela un compoñente recoñecible dentro do discurso, xa sexa en por si ou integrada nunha combinación libre máis extensa:

In papers on phraseology, a considerable inventory of phraseological characteristics have been mentioned: fixedness, idomaticity, polylexicality, lexicalisation, reproduceability, reproducedness, stability, expressivity, connotativity, or figurativeness. As they are not always neatly distinguishable, but often interrelated very closely, only the three main characteristics – polylexicality, fixedness, and idomaticity – will be focused on here (Jaki 2014: 6).

Las combinaciones libres son producidas en cada acto de habla mediante la gramática actual [...]. Las expresiones fijas, en cambio, son reproducidas en bloque, son construcciones anteriores al acto de habla que no las crea sino que las repite (Zuluaga 1980: 16).

O seu carácter recorrente vai resultar de grande utilidade para a confección de titulares na prensa, pois a presenza dunha estrutura coñecida resúltalles agradable aos lectores, ademais doutras vantaxes puramente informativas:

El uso de estos *clichés linguoculturales* en los textos de prensa de cualquier país es un medio bien conocido de concentración de información y creación de imagen y es además un magnífico método de atraer la atención del lector hacia el elemento más relevante de toda la información periodística: el titular (Mironesko 2005: 176).

Nas definicións anteriores vimos que en máis dunha ocasión aparece un concepto que a maioría dos teóricos considera como un dos trazos definitorios deste tipo de estruturas pluriverbais: a *idomaticidade*. Para algúns deles, mesmo se trata da súa característica fundamental:

para a lingüística anglosaxona e gran parte da europea o arranque dos estudos fraseolóxicos fundáméntase en primeira instancia na chamada «*idiomaticidade*» (sentido figurado das estruturas), mentres que a fixación da estrutura se considera como o soporte formal necesario que dá fundamento ao significado non compoñencial (Martínez López / Aarli 2008: 177).

De novo nos encontramos ante un termo ambiguo, pois por *idiomaticidade* enténdese habitualmente o relativo a ‘unha palabra ou xiro idiomático propio dunha determinada lingua’. Pero en fraseoloxía, este termo aplícase a unha realidade ben distinta. Segundo Álvarez de la Granja (2003a: 17), unha expresión idiomática é aquela na que «o seu significado non se obtén pola suma dos significados que posúen os seus componenciais no discurso libre»<sup>11</sup>.

É dicir, as unidades fraseolóxicas idiomáticas posúen un significado figurado resultante dalgún tipo de transposición semántica, de modo que en moitas ocasións só podemos coñecer o significado co que se emprega unha combinación atendendo o contexto textual (*cotexto*) ou o contexto situacional (*contorno*) en que aparece. Por exemplo, a expresión *ver nacer a herba* ten un sentido literal (‘observar como agroman as pequenas plantas sen tecido leñoso que conforman un prado’) na frase *Paula foi cunha lupa á braña para ver nacer a herba*, mentres que en *A Paula non a engana ningúen, é das que ven nacer a herba* estamos empregando a expresión no seu sentido figurado de ‘ser moi intelixente, observadora ou perspicaz’; son os respectivos contextos os que nos dan a chave da correcta interpretación da expresión.

Pero o valor figurado dunha unidade fraseolóxica (é dicir, o seu uso idiomático) non implica que o sentido orixinal se perda, senón que queda agochado a modo de imaxe subxacente:

As unidades fraseolóxicas idiomáticas teñen sobre significado potencial: significado idiomático e significado literal, resultante da suma do valor semántico que os constituyentes teñen fóra da expresión (Álvarez de la Granja 1999: 31).

Créanse deste xeito dous sentidos paralelos que, ao modo das caras dunha mesma moeda, se opoñen pero ao mesmo tempo se complementan para crear unha mesma unidade. Polo xeral, vai ser o sentido idiomático o que prevaleza na interpretación dunha unidade fraseolóxica, pero iso non supón que o sentido literal se perda: estamos vendo unha cara da moeda (o sentido figurado), pero abonda con darlle a volta para que a acepción de orixe se mostre ante nós:

11 Zuluaga (1980: 122) destaca o trazo de «asusencia de contenido semántico de los elementos componentes».

O feito de que o significado literal de moitas unidades fraseolóxicas familiares non se procese habitualmente non quere dicir que non xogue ningún papel na conformación da semántica fraseolólica. Dun xeito ou outro, o ámbito literal continúa presente (Álvarez de la Granja 2003a: 139).

Será sempre labor dos destinatarios (dos lectores, no caso que nos ocupa) regalar a un segundo plano o sentido literal da expresión e darlle prioridade ao sentido idiomático<sup>12</sup>:

se ha de suponer que en los procesos inferenciales que acompañan a las unidades fraseológicas, se optará por la interpretación más relevante, desechando lecturas literales (Ruiz Gurillo 1997: 23).

E precisamente o *rescate* desoutro sentido subxacente (mediante o contexto en que se sitúa a expresión) vai ser un dos modos habituais de construír xogos de palabras nos titulares de prensa.

Unha das técnicas máis empregadas para recuperar o sentido agochado nunha expresión fixada (o que non se infire dunha lectura illada) é a transformación da expresión de partida mediante a manipulación da súa estrutura orixinal:

La ruptura del refrán, como la transgresión de cualquier otra fórmula fija o mensaje literal [...], es otra particular estratagema para producir insospechados efectos lúdicos. Si bien, en algunas ocasiones, la ruptura puede ser casual -como ocurre ocasionalmente, acaso por desconocimiento, en diálogos espontáneos del coloquio-, en la mayoría de los casos tiene carácter intencionado, de modo especial en manos de escritores, publicistas, ensayistas y oradores, conscientes de la fuerte atracción que ejerce sobre el receptor (funciones apelativa y metalingüística); de forma que tal artilugio se llega a convertir en técnica propia (García Page 1993: 56).

Cando falabamos da existencia de dous sentidos (literal e figurado) dentro dunha mesma expresión, empregamos a comparación cunha moeda onde cada unha das caras estaría conformada por un dos sentidos. Pero cando temos unha ruptura da expresión, elimínase a separación entre os dous planos e ambos os sentidos coliden; polo tanto, a metáfora da moeda xa non nos serve. Ou talvez si, pero trataríase dunha moeda fundida, dunha amalgama da materia prima da que estaba constituída e na que a cara e mais a cruz xa non son recoñecibles separadamente:

---

<sup>12</sup> Sobre a diferenza entre a prominencia do significado unitario (literal) e o significado compositivo (figurado), ver Corpas Pastor 1997: 236 e ss.

O significado literal e o idiomático fanse presentes de forma superposta, con predominio dun ou outro (normalmente con predominio do segundo), pero tamén é posible que, no canto de superposición, sexa necesario falar de suma de ambos os sentidos (Álvarez de la Granja 2003a: 95).

Falamos de *manipulación*, pero en realidade deberíamos emplegar este termo en plural, pois a partir da estrutura más ou menos consolidada dunha unidade fraseolóxica, poden establecerse modificacións a múltiples niveis; e ademais, estes cambios non son excluíntes: sobre un mesmo enunciado poden aplicarse (e así acontece habitualmente) varios simultaneamente:

La transgresión del cliché puede basarse en la substitución de una palabra por otra, en la alteración de uno o varios fonemas de alguna de las palabras que lo constituyen, o en la modificación del sentido (Guerrero Salazar 2007: 239).

O resultado é unha nova unidade que, polo seu carácter innovador, vai suscitar o interese dos lectores. Cando máis arriba falamos das características dos titulares, concluímos que todas elas van encamiñadas cara ao mesmo obxectivo: cativar a atención dos destinatarios. Polo tanto, a manipulación dunha unidade fraseolóxica adáptase perfectamente á función que xustifica a existencia dos titulares de prensa, e por iso a súa presenza neles é recorrente, como logo veremos:

Cuando se manipula conscientemente una de estas unidades se está empleando en principio de interés [...]: todo lo impredecible suscita interés (Corpas Pastor 1997: 257).

Pero non é únicamente unha cuestión de interese a que xustifica o emprego da ruptura da expresión fixada nun titular de prensa. Ímonos referir novamente a unha idea xa exposta: o conforto que lles provoca aos lectores saberse recoñecidos na súa intelixencia. Toda manipulación ao nivel dos diferentes sentidos dunha expresión supón un esforzo por parte dos receptores, quen se ven na obriga de despregar os seus dotes interpretativos para que non se lles escape ningún dos matices que os autores do titulares agocharon debaixo da súa apariencia formal. Pero ese labor extra ten a súa recompensa: a de sentírense parte activa dun proceso do que, por regra xeral, só son os beneficiarios finais:

cuando se manipula una unidad fraseológica, el coste de procesamiento es mayor, si bien se ve compensado por los efectos contextuales obtenidos: es estos casos [...] el interlocutor colabora en la construcción del discurso (Ruiz Gurillo 1997: 29).

A forza evocadora dunha expresión manipulada é maior ca a que ten a expresión fixada orixinal, pois ao efecto do recoñecemento do enunciado de partida (que non se pode perder, pois se non xa non estariamos diante dunha manipulación) hai que engadir a reacción positiva dos lectores ante a sorpresa que lles produce a modificación dunha expresión que teñen almacenada na memoria, unha modificación motivada ademais polo enxeño creador dos xornalistas que elaboran os titulares:

La función principal del recurso, como en todos los mensajes literales [...] es la perduración, la fijación en el recuerdo de los hablantes. Pero se persigue algo más; si fuera únicamente la perduración no se rompería siquiera parcialmente la frase hecha. Hay una intención de originalidad, una complicidad con el lector, un conocimiento compartido que se trastoca y que produce en el lector cierta fruición intelectual [...] retengo el titular con más facilidad que si se tratara de un mensaje codificado en lenguaje no literal, pero además percibo la distancia entre la frase hecha y su modificación, capto el cambio de sentido que tornan las palabras en el nuevo contexto y todo ello me produce una agradable sorpresa (Guerra Salas 1997: 303).

Contra o que se podería agardar, esta manipulación non creba a consistencia das unidades sobre as que se efectúa o cambio. Antes ao contrario, valémonos desa consistencia formal no sentido de que somos sabedores de que, pese ao cambio introducido, a inercia da expresión orixinal garante que a súa referencia non se perda:

La modificación en el contexto de las unidades fraseológicas, además de constituir un uso característico de las mismas, no está refiida con la estabilidad [...] de la que gozan estas unidades, es más, precisamente depende de ésta y del conocimiento previo de las unidades originales que les sirven de base (Corpas Pastor 1997: 233).

Pero ademais dos mecanismos internos que toman parte no proceso transformador dunha expresión fixada, non debemos esquecer unha manobra final, derivada da súa pertenza a un segmento lingüístico maior: a súa dependencia con respecto ao contexto en que están insertas, porque o seu sentido só se vai completar na relación que se establece entre a unidade fraseolóxica e o contorno gramatical que a acompaña: «Los enunciados fraseológicos son siempre, informativamente hablando, anafóricos o catafóricos» (Vigara Tauste 1998: 121).

Nunha estrutura comparable á das *matrioskas* (as típicas bonecas rusas que se poden gardar unhas dentro das outras), a expresión manipulada introduzese nun contexto máis amplio, pero ao mesmo tempo segue conservando no seu interior a expresión de partida que lle dá sentido:

al igual que ocurre con las imágenes, el esquema *figura/fondo* en su conjunto, destaca *como figura* sobre el *fondo* de lenguaje no literal donde se inserta. Efectivamente, las frases hechas captan nuestra atención, como las imágenes en primer plano, globalmente, sobre el *fondo* de discurso ordinario en que aparecen; al leer *La caída de la casa Andreotti* selecciono la percepción en su conjunto del resto del texto periodístico. Luego, a su vez, la frase hecha<sup>13</sup> sirve de *fondo* donde *enmarcar* su propia modificación (Guerra Salas 1997: 304-5).

Quédanos por ver un último concepto, ineludible ao falar da manipulación das expresións fixadas: trátase da *desautomatización*, que vén sendo a consecuencia que ten nos receptores ese proceso transformador iniciado polo autor.

A desautomatización<sup>14</sup> é, na teoría lingüística, o recurso polo cal, mediante a manipulación dunha expresión fixada, se consegue a ruptura do proceso automático de lectura. Parte da premisa de que a percepción se realiza dun xeito mecánico, e o modo más eficaz de rachar con esta rutina na descodificación da mensaxe é ofrecer elementos singulares, descontextualizados, que soborden as pautas estandarizadas de comunicación mediante a sorpresa e o incumprimento das convencións, nomeadamente os esquemas prefixados que todo usuario dunha lingua ten almacenados na memoria:

la desautomatización es el proceso que se desencadena en algunas unidades fraseológicas cuando se les ha aplicado de forma intencionada cualquier procedimiento de manipulación o modificación creativa. Las modificaciones son los cambios ocasionales o manipulaciones creativas que los hablantes han llevado a cabo en la unidad fraseológica persiguiendo cierta finalidad (Mena Martínez 2003<sup>15</sup>).

Como se pode tirar da cita anterior, para que haxa desautomatización ten que haber intencionalidade, porque se a ruptura da expresión fixada se produce de xeito involuntario, estaremos diante doutro tipo de fenómenos: unha variante fraseolóxica (Vigara Tauste 1998: 114) ou unha desviación, cos que a desautomatización comparte os mecanismos de creación:

Las unidades fraseológicas desautomatizadas pueden ser confundidas con las desviaciones y con las variantes. Con las desviaciones tienen en común ser producciones no estandarizadas, no inventariadas, pero a diferencia de las desvia-

13 Refírese a *O afundimento da casa Usher*, relato de terror do escritor estadounidense Edgar Allan Poe.

14 Trátase dun concepto procedente, como o de *estrañamiento* (ao que con frecuencia se equipara), das teorías do formalismo ruso xurdidas a mediados do s. xx e que tradicionalmente se consideran as precursoras da fraseoloxía como disciplina propia.

15 Só diponemos da versión dixital (que se pode encontrar no enderezo <http://www.um.es/tonosdigital/znum5/estudios/H-Edesautomatizacion.htm>), de modo que non podemos especificar o número de páxina que corresponde en cada caso.

ciones, las unidades fraseológicas desautomatizadas son realizaciones conscientes y voluntarias [...] La desautomatización también puede ser confundida con las variantes. De hecho, [...] los mecanismos que se emplean para la creación de las variantes son los mismos que los que causan la desautomatización y los que generan desviaciones (Mena Martínez 2003).

Para Vigara Tauste a eficacia da desautomatización consiste en que «la información metalingüística se convierte en lingüística» (1998: 117), fenómeno ao que esta autora denomina *reliteralización*. Pola súa parte, Ruiz Gurillo fala de «liberación da linguaxe» (1997: 21), unha liberación na que de novo o contexto desenvolve un papel fundamental, xa que será a través del como os destinatarios van aprehender os mecanismos postos en marcha para a creación lúdica elaborada a partir dunha desautomatización:

O contexto [...], en consecuencia, evoca a interpretación literal da unidad, e este feito provoca que o lector ou oínte fixe a súa atención sobre a forma e o contido (o dobre contido) da expresión, levándoo a facer unha reflexión meta-lingüística de efectos variados, moitas veces humorísticos, «desautomatizando», xa que logo, a unidade fraseolóxica (Álvarez de la Granja 1999: 32).

Podería interpretarse que o emprego deste recurso crea certo desazo nos receptores, que se encuentran cunha expresión que racha as súas expectativas, perturba a placidez do acto de percepción e trastoca o *statu quo* do proceso comunicativo do que forma parte. Non só non é así, senón que acontece todo o contrario, porque toda desautomatización é unha renovación, un sopro de aire fresco sobre as vetustas estruturas que rexen a combinación das expresións lingüísticas, de modo que o resultado é unha mestura de pracer ante a grata sorpresa dunha manipulación enxeñosa e o sosego que proporciona sabermos que, pese á novedade, por detrás segue viva a expresión coñecida. É dicir, asistimos a unha sorte de *golpe de estado* na república da lingua, pero resulta que desta volta o goberno lexítimo non só o consente, senón que mesmo o ampara:

El aspecto lúdico se consigue con frecuencia modificando la forma o el significado de estas expresiones. Todo proceso de desautomatización y renovación de lo esperado es un procedimiento de ruptura que crea sorpresa, regenerando el desgaste que sufren las palabras. Por un lado, con estas fórmulas, experimentamos la agradable sensación de lo conocido. Por otro, nos divierte la originalidad de la modificación llevada a cabo (Guerrero Salazar 2007: 238-39).



## 2. A prensa gratuíta: *De Luns a Venres*

Como vimos, Galicia non quedou á marxe do fenómeno da prensa gratuíta, e a partir de 2003 comezaron a repartirse nas súas rúas as mesmas cabeceiras ca no resto do Estado, normalmente complementadas cunha pequena sección para as noticias da Comunidade que non adoitaba superar as dúas ou tres páxinas, e redactada sempre en castelán. O que non había neses albores do xornalismo de balde era unha iniciativa galega propia e de frecuencia diaria, nin no ámbito local nin no autonómico, e moito menos en galego.

Pero en decembro de 2006 o Grupo El Progreso de Lugo, a través da súa editora Galicia de Proxectos e Comunicacións S.L., pon en marcha unha iniciativa pioneira en España: a distribución gratuíta en todas as cidades galegas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol) dun diario escrito na lingua propia da comunidade e centrado na información máis proxima ao cidadán (é dicir, a de ámbito local e autonómico).

Nos seus tres primeiros anos de andaina (o período escollido para desenvolver este traballo), *LV* foi consolidando a súa presenza na vida pública galega, cunha tiraxe que roldaba os 40.000 exemplares diarios e unha difusión de 36.000 lectores, o que o situaba como o séptimo xornal galego con maior penetración (incluídos os de pagamento), por detrás de *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Progreso*, *El Correo Gallego*, *La Región* e *Diario de Pontevedra*<sup>16</sup> (ver GRÁFICO 1).


Ademais, *LV* tiña daquela unha activa presenza na rede (<http://www.galiciae.com>), desde onde se podía descargar a diario a versión íntegra en formato .pdf do xornal; e dispoñía así mesmo dunha listaxe de subscriptores que o recibían directamente na súa caixa de correo electrónico (en xuño de 2010 máis de 6.000 persoas estaban rexistradas como receptoras do servizo).

Finalmente o proxecto (como a maioria dos xornais gratuítos) foi esmorecendo e na actualidade só se mantén a versión dixital, integrada ademais no portal *galiciae.com*, antes citado.

---

16 Datos extraídos da primeira onda do EGM para o ano 2010 (mes de abril).

**GRÁFICO 1. RÁNKING DOS XORNAIS MÁIS LIDOS  
 (MILES DE LECTORES)**



FONTE: Elaboración propia, a partir dos datos da primeira ondada do EGM para o ano 2010 (abril).

## 2.1. Estrutura formal e de contidos

*LV* presenta un formato tipo tabloide acurtado, cunhas dimensións de 260x360 mm por páxina<sup>17</sup>. A maqueta estándar do diario distribúese en 20 páxinas, ampliadas a 24 ou reducidas a 16 con relativa frecuencia, e con casos excepcionais de 28 ou 32 páxinas, sobre todo en números especiais como o Día das Letras Galegas, o 25 de Xullo, o aniversario do xornal ou nos días seguintes a unha cita electoral. As seccións en que se distribúen os contidos son as seguintes:

- **PORTADA:** selección das noticias do interior, polo xeral resumidas só mediante título e subtítulo (moi poucas veces se desenvolve un corpo de noticia para as informacións de portada).
- **ABRENTE:** páxina-contedor en que se integran varias seccións: *Gorxa rouca* (un confidencial con noticias non contrastadas), humor gráfico, cuestionario persoal, comunicacións dos lectores e *Flash*, que viría ser unha especie de foto do día cun pequeno texto de acompañamento.

17 O formato tabloide tradicional é de 289x410 mm.

- **GALICIA:** a sección con maior peso no diario, cunha media de 4-5 páxinas cada día, entre as que, ademais da información propiamente dita, se incorporan entrevistas, artigos de opinión ou fotografías comentadas.
- **ESPAÑA / MUNDO:** polo xeral, as áreas de Nacional e Internacional ocupan cadansúa páxina no xornal, excepto contados casos en que unha noticia destes ámbitos require dun tratamento especial.
- **ECONOMÍA:** sección en orixe non diaria, que se foi consolidando como fixa nos últimos tempos, probablemente debido á conxuntura económica.
- **DEPORTES:** outra das áreas con maior presenza no xornal, cunha media de 2-3 páxinas que se amplía os luns para dar conta das informacóns deportivas da fin de semana.
- **UN RESPIRO:** o terceiro pé do periódico (xunto con *Galicia e Deportes*) vén sendo un rebumbio de noticias sobre a actualidade máis desenfadada, desde o cultural ao mundo do corazón, pasando polas novas tecnoloxías ou as informacóns curiosas.
- **TELEVISIÓN:** resumo dos contidos das principais cadeas.
- **SERVIZOS:** outra páxina-contedor coa información climatolóxica, os pasatempos, os sorteos e o horóscopo.
- **O ÚLTIMO:** escolma de noticias chegadas pouco antes do peche de edición. A súa presenza nos últimos tempos é residual.
- **A CONTRAPORTADA:** cando non hai unha inserción publicitaria que ocupe toda a última páxina, o espazo resérvase para tratar en profundidade algunha das novas do día, polo xeral as de carácter máis humano ou desenfadado.
- **CULTURA GALEGA, SAÚDE e MOTOR:** seccións de carácter semanal.

Ademais, son habituais as seccións de duración determinada creadas por un acontecemento concreto (*Eleccións*, por exemplo) ou especiais sobre algú evento en particular, polo xeral por razóns promocionais.

## 2.2. Proposta informativa

A proposta comunicativa que constitúe *LV* sitúase a medio camiño entre os xornais clásicos de venda en quiosco e os de distribución de balde prototípicos. Así, presenta elementos propios da prensa de pagamento:

- Interese por ofrecer unha visión completa da información do día.
- Tratamento en profundidade das noticias principais. É frecuente encontrar informacións que ocupan unha páxina completa, especialmente na sección *Galicia*, mesmo con despezamentos da información e pequenos artigos de opinión anexos.
- Presenza equilibrada de publicidade con respecto ao espazo reservado para a información (arredor dun terzo do total).
- Presentación dos contidos a cinco columnas.
- Escasa ruptura da xeometría das columnas.
- Contención tipográfica.

Fronte a estas características, amosa outras más asociadas ao xornalismo de repartición gratuita:

- Proximidade cos lectores e claridade na exposición de contidos.
- Interese polos temas locais e de interese humano.
- Liberdade á hora de mostrar opinións e no propio tratamento das noticias, lonxe da presenza continua da componxente ideolóxica que case sempre acompaña a prensa de pago. Ausencia de columna editorial ou textos de opinión da propia liña do xornal.
- Inclusión recorrente de xéneros textuais complementarios da información pura (entrevistas curtas, comentarios sobre fotografías, breves artigos de opinión, confidenciais...).
- Eliminación da *entradiña* (introdución previa ao corpo da noticia, polo xeral destacada en negriña e que si se emprega de maneira recorrente na prensa tradicional<sup>18</sup>).
- Importante presenza da componxente gráfica (fotografías, infografías, cadrados de destaque...), aínda que en menor medida que noutros xornais gratuitos.
- Maqueta estándar de 20 páxinas e uso preferente da cor (unha media de 12 páxinas sobre a maqueta estándar de 20<sup>19</sup>), así como emprego de elementos paratextuais (filetes, recadros, sombreados...) para a diferenciación de contidos.

<sup>18</sup> Pola contra, *LV* si emprega de maneira habitual os *ladiños* que separan segmentos do corpo da noticia, e que son más propios da prensa de pagamento.

<sup>19</sup> Cando o xornal se presenta no formato de 16 páxinas, todas elas se imprimen en cuadricromía.

Entre os referidos ao contido hai outro máis, de vital importancia para este traballo: o emprego de recursos lingüísticos creativos nos titulares e, entre eles, os xogos de palabras.

A pesar de que tamén os xornais tradicionais fan un uso crecente destas estratexias de captación da atención dos potenciais lectores (algo impensable hai dúas décadas, fóra das seccións más lixeiras), a súa presenza é máis habitual nos diarios gratuítos. E áinda que a liña de *LV* foxe de excesos que lle poidan quitar credibilidade ou rigor á hora de tratar os temas, neste punto si responde ao que se pode agardar dun tipo de xornalismo moito máis próximo aos lectores.

A razón do uso máis frecuente destes recursos pode deberse ás características dos lectores tipo dun diario gratuíto: persoas que non son consumidoras doutra clase de xornais, que dedican un tempo moi reducido á lectura das informacións e que en moitos casos nin sequera se achegan ao periódico de maneira motivada, senón que o reciben mentres camiñan pola rúa ou o encontran nalgún dos soportes situados nas zonas de confluencia de peóns.

Polo tanto, os emisores (neste caso, os xornalistas) teñen que botar man de mecanismos máis eficaces ca os tradicionais para conseguir que unha noticia non pase por alto e chame a atención dos lectores ata o punto de que desexen afondar no contido da información.

Fotografías rechamantes, un corpo de letra maior e a propia extensión da noticia (ou mesmo a súa situación na páxina) desenvolven esta función de fixación do interese dos destinatarios. Pero hai outro modo, alén de cuestións estéticas ou puramente visuais, talvez máis elegante e imaxinativo e normalmente máis eficaz: a creatividade da lingua, os xogos de palabras.

### 2.3. Perfil dos xornalistas

Durante os tres primeiros anos de vida do diario (o período analizado para este traballo), pasaron pola súa redacción un total de dez xornalistas, cinco homes e cinco mulleres, de entre 22 e 46 anos (a media de idade é de 29 anos<sup>20</sup>) e procedentes tanto do ámbito rural como do urbano e semiurbano de tres das catro provincias galegas (agás Ourense). Deste modo, o grao de representatividade nestes catro aspectos (sexo, idade, zona de procedencia, ámbito rural/urbano) é todo o ampla que se pode esperar partindo dun grupo numericamente reducido coma este, áinda que con dúas tendencias marcadas: xuventude e contexto urbano.

20 Calculada sobre o segundo ano de vida do xornal (2008).

Pese a que cada un dos redactores e redactoras ten asignada unha determinada sección (ou varias), é habitual que haxa certo transvasamento entre xornalistas e áreas, ou polo menos certos apoios puntuais por motivos de tempo. Isto, engadido a que as noticias só van asinadas en casos excepcionais, fai imposible coñecer de maneira sistemática quen escribiu cada un dos titulares que forman parte do corpus deste traballo.

Tamén neste punto *LV* responde a unha das características propias da prensa gratuita: un cadro de persoal reducido e polivalente que traballa moitas veces contra o reloxo e que recibe os textos xa preelaborados nas axencias de información ou nos gabinetes das institucións e outras entidades xeradoras de contidos.

En cuanto a los contenidos de la prensa gratuita, su aspecto fundamental es que están realizados fundamentalmente con teletipos de agencia, sin que el redactor tenga una misión de confirmar, ampliar y analizar la información (Mirón López 2009: 139).

Deste xeito, cun corpo de noticia que xa vén dado de antemán, a marxe de manobra dos xornalistas limitase praticamente a elixir que parte do texto recibido pode ser máis relevante e (xa no ámbito do noso traballo) a buscar un modo de titular atractivo que consiga seducir uns lectores que non van dedicar toda a mañá a ler o xornal, senón só uns minutos nunha cafetería, no autobús ou mesmo andando pola rúa de camiño ao traballo.

### **3. Categorización**

#### **3.1. Categorías de titulares incluídos no traballo**

Son tantos os mecanismos aos que se pode recorrer para converter un titular nun xogo de palabras que non resulta doado sistematizar ou categorizar toda esa variada procedencia, sobre todo se a isto engadimos dous elementos a maiores: a importante cifra de titulares de partida (518) e a posibilidade de que nun mesmo titular convivan dous (ou máis) recursos de maneira simultánea.

Aínda que caberían alternativas más complexas, optamos por unha clasificación a partir de só cinco grupos, ademais dun sexto ao que foi parar outro tipo de recursos empregados con menor frecuencia e que non tiñan cabida nos outros cinco. Como en toda simplificación, talvez algúns matices quedaron disimulados, pero pensamos que unha estrutura manexable coma esta ten más vantaxes que inconvenientes.

Xa o adiantabamos, pero non está de máis lembrar cal foi o nexo de unión entre os titulares elixidos, é dicir, por que se elixiron os titulares que conforman o corpus e se desbotaron outros. Ao noso modo de ver, en todos os casos seleccionados hai unha clara e consciente intención de xogar coas palabras, xa sexa polo seu emprego anómalo (é dicir, rachando as convencións e os clixés habituais), ou traballando sobre a súa apariencia formal, isto é, sobre o seu significante.

Alteración das estruturas que os lectores teñen memorizadas (e que se evocan pese a presentárense manipuladas), creación de construcións novas a partir de elementos inesperados, violación das regras de formación convencionais, emprego de rexistros ou niveis de lingua que non agardamos encontrar nas páxinas dun xornal... Sexa como sexa, o resultado é sempre un titular que, ademais de deitar luz sobre a información que logo se desenvolve, tamén é unha mostra de creatividade lingüística.

Nos seguintes puntos imos ir vendo a clasificación finalmente acordada para os titulares que forman parte do corpus deste traballo, presentada segundo a orde en que os diferentes grupos resultantes serán logo debullados.

### 3.1.1. Recontextualización

Este recurso ten como punto de partida un enunciado relativamente fixo e asociado a un determinado contexto, sobre o que se aplica unha recolocación cara a un novo contorno, sen que os lectores perdan a referencia orixinal (o clásico exemplo da obra de Gabriel García Márquez *Crónica dunha morte anunciada*, aplicado neste caso a unha derrota deportiva, non podería faltar neste traballo).

### 3.1.2. Diloxía

O grupo máis numeroso de titulares segundo o tipo de recurso empregado basea a súa eficacia comunicativa na dupla acepción (normalmente, unha literal e outra figurada) dun mesmo termo ou expresión; ou, excepcionalmente, na homonimia de dúas palabras diferentes que no entanto coinciden na súa grafía. A definición do sumo como *Un deporte de peso* dá idea do tipo de titulares que entran nesta categoría.

### 3.1.3. Ruptura

Neste caso tamén temos como xermolo unha expresión fixa e coñecida, sobre a que se realiza unha modificación (ampliación ou redución, substitución léxica, cambio sintáctico...), sen que esa alteración nos faga perder de vista a expresión de partida; é o mecanismo que dá lugar a titulares como *Á segunda vai a vencida* ou *Non é flúor todo o que reloce*.

### 3.1.4. Proximidade fónica

Tamén se poden establecer xogos de palabras baseados únicamente no significante. Un grupo deles é o que ten como base a proximidade fónica entre dúas (ou máis) palabras. Por exemplo, cando se titula *Bloqueiros blogueiros* (en referencia aos candidatos da formación política BNG que se comunican cos seus seguidores mediante un diario virtual), estase traballando sobre este nivel formal da lingua. Outras veces, o cambio realiza sobre unha expresión fixa (*Un empate por co...nvicción*).


### 3.1.5. Morfoloxía

Neste mesmo ámbito dos xogos realizados a partir dos significantes lingüísticos, temos os titulares elaborados mediante a combinación de elementos pertenecentes á mesma familia léxica: *A patronal busca patrón*, sobre o cambio de presidente na Confederación de Empresarios de Galicia, válenos de exemplo.

### 3.1.6. Outros recursos

Quedan para esta parte final mecanismos de creación como o recurso a termos doutras linguas empregados en informacións situadas xeograficamente nos países onde esas linguas se falan (*Arrivederci, Ronaldo<sup>21</sup>*), niveis de uso da lingua inesperados (*O monte non mola*) e asociacións de palabras que violan as restricións combinatorias (*Árbores con pedigree*).

**GRÁFICO 2. RECUSOS LINGÜÍSTICOS EMPREGADOS NOS TITULARES<sup>(\*)</sup>**



(\*) A suma final é superior á do número de titulares que forman parte do traballo, xa que varios deles presentan o emprego de máis dun recurso (recontextualización + ruptura, por exemplo).

(\*\*) OUTROS: estranjeirismo, rexistro inesperado, vínculo inesperado.

## 3.2. Categorías de titulares que quedan fóra do traballo

Como xa dixemos cando falamos dos casos que van constituir a materia de estudio desta investigación, non é doado acotar o tipo de titulares que entrarán a formar parte dela, porque a creatividade lingüística non é unha característica que ou está

21 Tras a marcha deste xogador do F. C. Barcelona ao fútbol italiano.

presente ou non o está, senón que vai amosándose de maneira gradual e mesmo combinando diferentes mecanismos, o que dificulta a fixación dunha liña a partir da cal considerar ou non un recurso lingüístico como un xogo de palabras *sensu stricto*.

Así e todo, e para centrar o traballo naqueles casos onde hai claramente unha manipulación creativa do idioma, decidimos excluír grupos de titulares que mostran certo grao de creatividade, pero que teñen a súa base noutra caste de recursos.

### *3.2.1. Só coñecemento compartido*

No titular *Lourdes abandonou o Madrid*<sup>22</sup>, o xornalista agarda que os lectores saiban saiban que simboliza Lourdes neste contexto e que aconteceu no pasado inmediatamente anterior (unha serie de vitorias obtidas de xeito case milagroso) para que teña sentido aplicar esta expresión neste contexto.

Se é así, seguramente se consiga a complicidade dos receptores, conscientes do esforzo creativo do xornalista que elabora o titular. Pero non hai manipulación do código, de modo que este tipo de titulares baseados únicamente no coñecemento compartido non van formar parte da base utilizada para elaborar este traballo.

Outros casos similares son os seguintes: *O paraíso de Bugs Bunny*<sup>23</sup>, *De estar vivo daría unha tunda a algúns*<sup>24</sup>, *¡Porque non había cuartos...!*<sup>25</sup> ou *A Coruña adianta o San Martiño*<sup>26</sup>.

---

22 Tras unha derrota do Real Madrid de baloncesto ante o Barcelona logo dunha serie de vitorias conseguidas contra prognóstico polo equipo branco dándolle a volta ao marcador nos últimos segundos (de aí a referencia aos *milagres*, exemplificados nesa referencia a *Lourdes*).

23 Nunha información sobre unha horta de Guitiriz na que proliferan as cenorías xigantes.

24 Titular referido a unha información sobre a publicación das fotografías do cadáver do actor David Carradine (que apareceu morto nun cuarto dun hotel tailandés en xuño de 2009), célebre polo seu papel protagonista na serie televisiva *Kung-Fu*.

25 En referencia á eliminación da selección española de fútbol nas semifinais da Copa Confederacións (tamén en xuño de 2009) fronte aos Estados Unidos. A frase do titular fai alusión á gran cantidade de veces que a selección española foi eliminada de competicións oficiais nos cuartos de finais, fase que nesta ocasión non tivo lugar, xa que se pasaba directamente das liguínas de grupos ás semifinais.

26 En relación cunha noticia do 31 de outubro de 2008 en que se nos conta que un veciño da cidade herculina matara dun disparo a porca dun veciño porque lle comía a verdura. O *San Martiño* (11 de novembro) é a data tradicional en Galicia para celebrar a matanza do porco.

### 3.2.2. Só expresións fixadas

Tampouco expresións más ou menos asentadas na lingua como *Segunda oportunidade* (sobre os programas de rehabilitación de mozos reclusos), *As desgrazas nunca veñen soas* (logo dunha serie de erupcións volcánicas no sur de Chile en maio de 2008) ou *O tempo é ouro* (tras a implantación dun dispositivo que permite navegar por internet nos autobuses da compañía Arriva) van ser contempladas neste traballo, pois neste caso o único recurso empregado é valerse dunha expresión fixada para definir un feito noticioso.

Outro tanto acontece con titulares creados a partir de expresións ata certo punto fixadas, pero que admiten certo grao de substitución nalgún dos seus elementos: son frases como *Mal día para xogar na casa* (logo dunha derrota do Deportivo en Riazor), *As fotos da discordia* (as do entón vicepresidente do Goberno galego, Anxo Quintana, no iate do empresario Jacinto Rey), *Dúas desgrazas polo prezo dunha* (un incendio que remata en inundación), *Datos para a esperanza* (falando da crecente incorporación dos discapacitados ao mundo laboral) ou *A discreción feita home* (sobre Amancio Ortega, o propietario de Inditex). Nelas, a carón da parte fixa (*mal día para (...)*, (...) *da discordia*, *dúas (...)* *polo prezo dunha*, (...) *para a esperanza*, a (...) *feita home*) poderíamos colocar un número indeterminado de elementos que completen a expresión, polo que a creatividade xa vén dada pola propia estrutura aberta do enunciado.

### 3.2.3. Expresividade ou énfase

A expresividade e a énfase que proporciona o emprego de elementos como os signos de admiración e interrogación, os puntos suspensivos ou as comiñas tampouco xustifican *per se* a presenza deste tipo de titulares no traballo. *¡Aquí si que chove...!* (nas inundacións de Malaisia en novembro de 2009) *¿Estúdase esta na autoescola?* (en alusión a un sinal de tráfico colocado polos veciños dun barrio da Coruña no que se podía ler: *Precaución, nenos xitanos na calzada*), *Pacto... no papel* (sobre o acordo antitransfuguismo asinado polos tres partidos con representación no Parlamento galego), *Misses e 'catedráticas'* (unha alusión irónica aos escasos coñecementos de cultura xeral amosados polas candidatas dun concurso de beleza) ou casos similares non serán, xa que logo, motivo de atención deste estudo.

### 3.2.4. Repeticións simples

O mesmo sucede con repeticións dun concepto sen que concorra un uso a distintos niveis do termo repetido; por exemplo, nos titulares *Crispación para acabar coa crispación* (nunha información sobre as tensas relacións entre a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia) ou *Un ídolo coñece o seu ídolo* (en referencia ao soño cumplido do cantante Alejandro Sanz de coñecer o futbolista salvadoreño Mágico González) non hai máis ca unha reiteración da mesma acepción dos termos *crispación* e *ídolo*.

Cousa ben distinta será cando esa dobre presenza obedeza a diferentes acepcións dun mesmo termo, pois entón estaremos ante unha diloxía ou dobre sentido, unha das categorías principais na estruturación deste traballo, como logo veremos.

### 3.2.5. Comparacións, metáforas ou metonimias

Outro grupo a medio camiño entre os titulares tradicionais e os baseados nun xogo de palabras é o que ten como punto de partida unha comparación, unha metáfora ou unha metonimia: *Como mexillóns con Nocilla* (en referencia a mesturas musicais arriscadas pero que finalmente dan bo resultado), *CR9 ou a máquina de facer cartos* (falando dos beneficios xerados polo futbolista Cristiano Ronaldo), *Máis volante que rato* (unha comparación entre o número de coches por habitante e o de conexións a internet) ou *O Dioni'francés entrégase tras dez días de fuxida* (en alusión a un condutor dun furgón blindado que escapara co seu contido). Non se pode negar o traballo creativo destes exemplos, pero esa creatividade non supón ningunha ruptura ou xogo con expresións previamente establecidas nin o emprego dun mesmo termo en múltiples sentidos.

Un grao incluso maior de creatividade encontramos en titulares do tipo *Coas mochilas cargadas e os petos baleiros* (sobre o gasto das familias ao comezo do curso escolar, en que se xoga con conceptos opostos), *Donosti fala lunfardo<sup>27</sup>* (referido á numerosa presenza de actores arxentinos no festival de cine de San Sebastián) ou *A desesperación vale 75.000 euros* (unha muller coruñesa que vende un dos seus riles por esa cantidade). Pero tampouco este tipo de titulares se contempla para o estudo, pois carecen dunha componente de manipulación lingüística que xustifique a súa inclusión.

<sup>27</sup> O *lunfardo* é a xerga falada nos barrios do extrarradio de Buenos Aires, a capital arxentina.

### 3.2.6. Xogos de palabras xa existentes

Finalmente, tamén quedaron fóra desta investigación titulares baseados en xogos de palabras coñecidos con anterioridade ou que recollen as palabras dalgún dos protagonistas da noticia. Cando, nunha das noticias de *Deportes*, o futbolista Joan Capdevilla asegura: *Aínda teño gasolina... e da súper*, non podemos atribuírlle ao xornalista que recolle a frase a titularidade da creación. O mesmo acontece con titulares como *Carlos: o príncipe entremetido* (referido ao príncipe Carlos de Inglaterra, e que xa empregara a cadea británica BBC nun dos seus documentais) ou co *cólico frenético* co que se evoca humoristicamente a modelo e presentadora Sofía Mazagatos, célebre por protagonizar equivocacións deste tipo.


Na mesma liña ca o grupo anterior, as referencias persoais sintetizadas existentes previamente, do tipo *Bradgelina* (termo-maleta para referirse aos actores Brad Pitt e Angelina Jolie, parella na vida real), *D10s* (o ex-futbolista arxentino Diego Armando Maradona) ou o xa visto *CR9*, non entran a formar parte deste traballo.



#### **4. Clasificación dos titulares por anos e seccións**

Os 518 titulares que conforman a base para este traballo non se distribúen de maneira homoxénea ao longo do período analizado. Como se pode observar no GRÁFICO 3, a súa progresión é ascendente, principalmente na comparación entre o primeiro e mais o segundo ano.

**GRÁFICO 3. DISTRIBUCIÓN CRONOLÓXICA DOS TITULARES DE ESTUDO**



Varias poderían ser as razóns polas que se produce este incremento paulatino, pero se cadra unha das principais é a seguinte: *LV* é un xornal novo, no que a maneira de dirixirse aos seus lectores vai consolidándose a medida que o propio proxecto se vai asentando. Por outro lado, os e as xornalistas que componen o equipo humano tamén van buscando acomodo nas seccións das que son responsables, acadando maior soltura segundo pasa o tempo.


Así, conforme o proxecto calla e os seus profesionais van afacéndose á dinámica comunicativa e collendo confianza no seu labor, a creatividade nos titulares xorde de maneira máis recorrente e natural, porque a outros niveis máis elemen-

tais o dominio sobre o discurso xa está conseguido. Hai que ter en conta que a premura coa que se traballa na redacción dun diario non é un contorno que facilite o manexo enxeñoso da linguaxe, xa que este tipo de producción textual require, polo xeral, dun alto grao de abstracción, reflexión e repouso.

Por iso é máis importante a concorrencia dun número tan elevado de casos susceptibles de formar parte desta investigación; queda para outra ocasión a comparación con outros corpus, como os xornais en galego de venda en quiosco ou os de difusión a través da rede.

Igual que na análise por anos encontramos diferenzas, o mesmo acontece se facemos unha clasificación dos titulares a partir da sección da que están tirados.

GRÁFICO 4. PROCEDENCIA POR SECCIONES DOS TITULARES DE ESTUDIO



Como se desprende do GRÁFICO 4, dúas áreas do xornal (*Galicia* e *Un Respiro*) proporcionan más da metade dos casos totais, aínda que por diferentes motivos.

A aparición de *Un Respiro* no primeiro posto (168 casos), débese a que esta é a sección que, polos seus contidos, admite un maior grao de licenzas más alá da obxectividade informativa á hora de titular.

No caso de *Galicia* (129 casos), hai dous elementos que se deben ter en conta: por un lado, é a sección que ocupa máis páxinas no xornal, de modo que é tamén a que máis noticias (e, polo tanto, titulares) xera; e, por outro lado, é tamén a sección na que se fai un maior uso dun formato noticioso que poderíamos deno-

minar *noticia-reportaxe* (a medio camiño entre os dous xéneros), no que se adoita titular de maneira breve, creativa e non necesariamente informativa.

O seguinte grupo de titulares segundo a sección de que proceden é o de *Deportes* (62 casos), área da que talvez se podería agardar maior presenza se temos en conta a súa extensión e o número de noticias que se integran baixo esta cabeceira. Se non é así non é porque haxa menos creatividade nesta sección, senón porque o tipo de recursos empregados de maneira máis recorrente (metáforas, metonimias, estruturas idiomáticas...) quedan fóra do ámbito deste traballo.

O caso contrario é o da microsección *Flash* (61 casos), constituída por unha imaxe curiosa á que polo xeral acompaña un texto no que se mantén a mesma liña de orixinalidade, de modo que os xogos de palabras (sobre todo os referidos a recontextualizacións de frases coñecidas) acaen perfectamente á filosofía da sección.

Cando non hai unha plana de publicidade, a *Contraportada* do xornal adoita incluír unha reportaxe sobre algúns aspectos da actualidade non estritamente noticioso que, como vemos, dá pé a unha importante cantidade de recursos lúdico-lingüísticos nos seus titulares (31 casos).

Pese a que *Cultura Galega* é unha sección de periodicidade semanal, o tratamento dos titulares na súa información principal (unha reportaxe sobre algúns dos aspectos da actualidade cultural galega) proporcionáños tamén abondoso material: 27 casos.

Os titulares da *Portada* (19) rescatados para este traballo van case todos referidos á información principal da primeira plana, e non poucas veces hai unha asociación entre o xogo do titular e a imaxe que acompaña a noticia.

*Economía* (6 casos), *Especiais* (5), *España* (4), *Mundo* (2), *Motor* (2), *O Último* (2) son áreas que, pola súa escasa frecuencia de aparición ou polo seu carácter, achegan unha cifra moi escasa de uso creativo da linguaxe nos seus titulares, polo menos ao nivel que nos interesa para este traballo. A única sección analizada da que non se extraeu ningún xogo de palabras de entre os seus titulares foi a de *Saúde*, quizais pola máxima que afirma que «coa saúde non se xoga».



## 5. Clasificación dos titulares por recursos

### 5.1. Recontextualización

A primeira categoría que imos analizar é a que xa quedou definida en §3.1.1 como a daqueles titulares que empregan como recurso para captaren a nosa atención a recontextualización dun enunciado, asociado agora a outra situación distinta á que lle deu orixe como expresión fixada: «Estos juegos se producen a menudo sobre fórmulas conocidas del mundo de la literatura, la ficción, la publicidad, etc.» (Guerrero Salazar 2007: 240).


Dos 518 titulares que conforman a base deste traballo, 148 (o 28,5%) pertencen a esta categoría, áinda que tamén entre eles podemos establecer unha subclasificación.

Así, a grandes trazos podemos facer unha primeira división entre os titulares que só fan uso da recontextualización e os que ademais desta presentan o recurso da ruptura ou da diloxía. Contra o que puidera pensarse, a recontextualización *pura* dáse en moi poucos casos (só 19 dos 148, é dicir, o 12,8% do total), mentres que a recontextualización se combina coa ruptura da expresión en 118 ocasións (79,7% dos casos) e coa diloxía en 11 (7,4%<sup>28</sup>). O GRÁFICO 5 recolle de xeito comparativo estes mesmos datos:

---

28 Esta escaseza de exemplos demostra a dificultade que resulta do emprego simultáneo da recontextualización coa diloxía, mentres que a recontextualización con ruptura non só é máis recorrente, senón que mesmo supera con gran diferenza os casos de recontextualización simple.

GRÁFICO 5. TIPOS DE RECONTEXTUALIZACIÓN



Na sección §5.1.1 imos tratar os casos de recontextualización sen ruptura asociada (*Suspiros de España; Galicia, sitio distinto*), mentres que a maior parte dos titulares que tamén presentan unha ruptura (*Bicando baixo a chuvia*<sup>29</sup>; *Atracción fatal en Noia*) están comentados na alínea correspondente (§5.3), xa que neste caso centramos a análise no fenómeno da ruptura e os seus correspondentes subrecursos<sup>30</sup>. O mesmo podemos dicir dos titulares que combinan recontextualización e diloxía, que na súa maior parte serán explicados en §5.3. Así e todo, en §5.1.2 ofrecemos un pequeno adianto a modo de resumo destes casos de combinación de recursos.

Do mesmo xeito, faremos un estudo comparativo sobre os ámbitos de procedencia das expresións recontextualizadas (§5.1.3) e deterémonos nun caso especial: aquel que se realiza dentro do mesmo ámbito (por exemplo, o emprego do título dunha película para encabezar unha información referida tamén ao mundo do cine). Os exemplos que explican o mecanismo desta *recontextualización interna* están recollidos en §5.1.4.

Finalmente, a sección §5.1.5 recolle aqueles casos en que un mesmo enunciado de partida é empregado para construír varios titulares diferentes.

29 Titulares creados, respectivamente, sobre *Bailando baixo a chuvia* e *Atracción fatal*. Para respectar a coherencia interna deste traballo, todas as referencias empregadas ao longo das explicacións (títulos de películas, novelas, cancións...) aparecen traducidas ao galego, independentemente de que haxa ou non unha versión nesta lingua.

30 En §5.1.3, §5.1.4 e §5.1.5 tamén se poden encontrar exemplos de expresións recontextualizadas ás que tamén se lles aplica o recurso da ruptura, pero neste caso o comentario vai sempre referido á recontextualización.

### 5.1.1. Recontextualización simple

Son aqueles casos en que a expresión de partida non sofre ningún tipo de manipulación, máis alá da súa recolocación nun contexto distinto. Entran nesta sección titulares como<sup>31</sup>:

- *Mamá, quero ser artista* –#47<sup>32</sup>–: a canción de Concha Velasco (1986), que tamén deu título a un espectáculo teatral, converteuse nunha especie de berro de guerra de todos aqueles que confesan o seu amor polo mundo da farándula, de modo que non estraña o seu uso aquí para titular unha reportaxe sobre tres nenas viguesas que forman o grupo musical *Las Trillizas*.
- *Suspiros de España* –#507–: o nome deste pasodoble serve para describir enxeñosamente a suposta reacción dos lectores (e lectoras, sobre todo) tras a aparición do porteiro do Real Madrid, Íker Casillas, lixeiro de roupa na portada dun semanario.
- *Aterra como poidas III* –#395–: o título dunha das secuelas da célebre serie de películas de humor absurdo é empregado aquí para acompañar unha das informacíóns gráficas da sección *Flash* en que se pode ver un motorista acrobático realizando unha reviravolta a varios metros do chan. A inclusión do número romano que indica que se trata dunha continuación supoñemos que se realiza con finalidade lúdica, evocando o carácter recorrente desta serie cinematográfica.
- *Galicia, sitio distinto* –#165–: velaquí un dos poucos exemplos autóctonos nesta sección das referencias recontextualizadas (a maioría deles é, como estamos vendo, de procedencia foránea, xa sexa da cultura anglosaxoa ou española). O título da canción de *Os Resentidos* (e posteriormente do espazo televisivo presentado polo propio Antón Reixa, aínda que reducido a *Sitio distinto*) é aproveitado para informar de que o único colexio cuxos resultados quedaron pendentes de confirmación a noite dos comicios xerais de 2008 é o dunha mesa electoral de Valdoviño (A Coruña) onde que os votos escrutados non coinciden cos rexistrados.

31 Debido a que un titular pode formar parte de varias categorías (e para evitar reduplicacións) non sempre se ofrecen todos os exemplos recompilados para unha determinada sección. Cando, ao tratarse dun número manexable de casos, si se presentasen todos, estaría sempre indicado.

32 O número acompañado do símbolo # que acompaña cada un dos titulares indica a súa colocación na listaxe dos titulares que forman parte deste traballo, para facilitar a súa busca no índice xeral (que figura como anexo ao final do estudo) ou nas táboas por categorías, que figurán ao final de cada sección e que están sempre ordenadas correlativamente.

- *Todo pola pasta* –#84–: o título desta película, dirixida en 1991 polo cineasta vasco Enrique Urbizu, é o pé de foto elixido para acompañar unha imaxe na que se ve un xogador de póquer que gañou unha inxente suma económica nun campionato deste xogo de cartas disputado nun casino do estado de California. O feito de que a película trate sobre o atraco a un bingo reforza o carácter lúdico do titular.
- *Pánico no túnel* –#168–: o título deste filme de 1996, protagonizado por Sylvester Stallone, resulta ser a escolla para abrir a información sobre o descarrilamento dun tren nun túnel da liña Madrid-A Coruña con 189 pasaxeiros a bordo preto da localidade ourensá de Vilariño de Conso.
- *¡Vaya par de xemelgos!* –#34–: unha noticia sobre dous irmáns costarriqueños que con 11 anos pesan 127 quilos cada un é referida mediante este encabezamento, que rescata o título dunha película española do ano 1977, protagonizada (por partida dobre) por Paco Martínez Soria. O título orixinal non leva os signos de admiración, que son incorporados no titular con valor enfático.
- *A casa das leas* –#464– é un titular referido á vivenda do ex-conselleiro de Medio Ambiente e ex-secretario xeral do PSdG, Manuel *Pachi* Vázquez, no concello ourensán de San Amaro. Responsables do Partido Popular acusárono de non facer frente aos impostos que se derivan desta propiedade, e mesmo convocaron concentracións á porta da casa para esixir o pagamento da suposta débeda. A base de partida pode estar na tradución literal de *La casa de los líos*, unha serie televisiva emitida por Antena3 entre os anos 1996 e 2000, con Arturo Fernández como protagonista.
- *¡Ai, Señor, Señor...!* –#334– era outra serie da mesma cadea, protagonizada por un sacerdote encarnado polo actor Andrés Pajares. E antes diso, unha fórmula coloquial para expresar queixa ou resignación. O titular acompaña unha información sobre a retirada dunha campaña publicitaria da revista *Retranca* na que se poñía en dúbida a existencia de Deus. Imaxinamos que o autor do titular amosa así a súa sorpresa por que se prohibise a campaña, e faino recorrendo a unha expresión en certo modo relacionada co ámbito relixioso, orixe tamén da polémica que centra a información.
- *O que pasa na rúa* –#290– é un pé dunha foto da sección *Flash* na que se pode observar dous nenos xaponeses xogando na rúa. Trátase dunha referencia literaria a unha das obras en prosa do escritor Antonio Machado, *Juan de Mairena*; nela, o protagonista dá por boa a translación á linguaxe poética que un neno fai da frase *Os eventos consuetudinarios que acontecen na rúa*, convertida nese *O que pasa na rúa* do titular, o que dá a entender que ás veces o lirismo está máis preto da sinxeleza que do requintamento.

### 5.1.2. Recontextualización con outros recursos asociados

Aínda que será esencialmente nas categorías de *Ruptura* e de *Diloxía* onde serán comentados máis polo miúdo os titulares que combinan a recontextualización con outros recursos, imos facer nesta alínea un breve antícpo, coa única intención de amosar o tipo de titulares ao que nos estamos a referir, e sen ánimo de afondar en cuestións que atinxen aqueloutras categorías, que ocupan respectivamente as seccións §5.2 e §5.3.

Titulares do tipo ‘Os intocables’ do Ribeiro –#1– (a partir do título do filme *Os intocables de Elliott Ness*), *Cae antes un tramposo...* –#333– (sobre a base do refrán *Cóllese antes un mentiroso ca un coxo*) ou *Ano novo, ¿vida nova en Riazor?* –#119– (con orixe en *Ano novo, vida nova*) son exemplos desta combinación entre unha expresión fixa recontextualizada e a ruptura desa expresión mediante diferentes mecanismos (substitución de termos, alongamentos, acurtamentos, cambios na modalidade oracional...); ás veces, máis dun de maneira simultánea.

Por outra banda, a combinación entre recontextualización e diloxía (e ás veces ao tempo con ruptura, pois esta tripla concorrenza non é excepcional), aínda que menos frecuente, resulta moito más complexa, pois pode estar sustentada en dous procedementos distintos:

- En titulares como *Actores con ‘Agallas’* –#250– ou *Unha ‘benzón’ no día das Letras* –#389–, a recontextualización vén dada pola inserción do título dunha película e dun álbum musical, respectivamente *Agallas* e *Benzón*, nun contexto pouco apropiado á súa consideración como tales títulos (o que implica tamén a súa ruptura, véxase §5.3.3). Tal contexto saca á luz inicialmente o sentido dos correspondentes nomes comúns (‘valentía, afouteza’ e ‘bendición’). O subtítulo ou o corpo do artigo aclaran o segundo valor do termo, respectivamente a película ou o álbum, que son precisamente o foco informativo da noticia. Frente á maior parte dos casos de recontextualización (*Atracción fatal en Noia* –#145, *Galicia, sitio distinto* –#165–...), que non consideramos dilóxicos, os titulares aquí comentados teñen a particularidade de que implican moito más ca unha simple evocación da película, álbum... denotados polo título. Como indicamos, tal película ou álbum constitúen o elemento fundamental da información, de maneira que se produce unha diloxía en que participan o significado do termo como nome común e o significado como creación artística. Nos casos de recontextualización non dilóxica, está presente o título (o slogan...) antes ca a creación artística (o produto anunciado...) como tal.

- En titulares como *A bolsa... ou a vida* –#40– ou *Arde California* –#31–, a recontextualización (con ruptura asociada no segundo caso a partir de *Arde Misisipi*) xorde, coma sempre, polo emprego do enunciado fóra do contexto que o popularizou. E a diloxía xérase no emprego dun dos termos da expresión fixada (desta volta *bolsa* e *arde*) cun sentido diferente ao que posuían na expresión orixinal (*bolsa* como metonimia de ‘cartos’ en *A bolsa ou a vida* vs. ‘saco de plástico ou outro material’ en *A bolsa... ou a vida* –#40–; *arde* como termo figurado en *Arde Misisipi* e como termo literal en *Arde California* –#31–).

Débense considerar casos diferentes aqueles en que se produce a combinación dos distintos recursos en diferentes puntos do titular. Así, por exemplo, en *Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa* –#42–, titular comentado en §5.2.1.2, encontramos unha diloxía no dobre emprego de *ovos* como ‘testículos’ e como ‘protección do embrión que emprega a maioría das especies animais para a súa reprodución’ e unha recontextualización en *O tamaño si importa*. Nestes casos non se pode falar propiamente de combinación dos dous recursos.

### 5.1.3. Procedencia dos enunciados recontextualizados

Os ámbitos de orixe das expresións recontextualizadas son tamén susceptibles de seren clasificados, igual que as propias expresións.

Nunha revisión en detalle comprobamos o que xa era evidente á vista dos exemplos: o cine<sup>33</sup> é o contorno de que proceden maioritariamente este tipo de enunciados, ata o punto de que praticamente a metade (71 dos 148) teñen a súa motivación no título dunha película, ben sen modificar (*Un cuarto con vistas* –#193<sup>34</sup>–), ben engadindo unha ruptura sobre o título de partida: *Salvando a galina piñeira* –#321<sup>35</sup>– (tributaria de *Salvando o soldado Ryan*, fita de Steven Spielberg do ano 1998) ou *Tres cachorriños e un biberón* –#191<sup>36</sup>–, cuxa motivación

33 Traballos similares, como o realizado por Elena Mironesko (Mironesko 2008: 177) sobre a prensa rusa dan como resultado un uso maioritario de referencias literarias sobre outras procedencias como o cine ou a televisión.

34 É o pé do foto dunha imaxe da sección *Flash* na que vemos un ciudadán afgán anicado nunha das ventás da súa casa mentres observa o paso dun grupo de soldados estadounidenses despregados no país asiático.

35 Nunha información sobre os actos levados a cabo para reivindicar a especial protección desta ave endémica de Galicia.

36 Este titular é o pé de foto dunha das imaxes da sección *Flash* na que se pode ver un adestrador de feras dun circo alemán alimentando mediante un biberón tres crías de león.

está no filme *Tres solteiros e un biberón* (película francesa de 1985 da que se fixo un remake norteamericano dous anos despois<sup>37</sup>).

A moita distancia, pero en segundo lugar neste ránking da procedencia, sitúase outra fonte de titulares certamente interesante, a literatura, con 20 casos que beben das súas augas. Así, por exemplo, baixo o titular *O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina* –#408<sup>38</sup>– percíbese claramente (a pesar da dupla substitución) o título do segundo dos volumes da trilogía *Millenium* de Stieg Larsson, *A moza que soñaba cun misto e un bidón de gasolina*. Outro exemplo podería ser *Barcelona é unha festa* –#398– (tras a vitoria do equipo de fútbol da cidade na *Champions League*), que rememora o título da novela de Ernest Hemingway *París era unha festa*.

Veñen despois, en canto ao número, os titulares extraídos do mundo da música (18 casos); polo xeral trátase de títulos de cancións (*E niso marchou Fidel* –#153<sup>39</sup>–, dándolle a volta ao sentido da canción revolucionaria *E niso chegou Fidel*), pero tamén de expresións relacionadas con este mundiño: *Unha historia de sexo, drogas e malos tratos* –#474<sup>40</sup>– inspírase no lema *Sexo, drogas e rock&roll* (título tamén dunha canción de Ian Dury) co que adoita identificarse este xénero musical.

A televisión, como era de agardar, tamén dá o seu xogo á hora de establecer referencias entre enunciados fixados nun determinado contexto e o seu uso creativo nos titulares xornalísticos, cun total de 15 casos. *90210: San Caetano* –#387– evoca o ambiente de luxo e riqueza da serie televisiva *Beverly Hills, 90210*, para falar das polémicas salas da sede da Xunta de Galicia cuxo mobiliario renovou o goberno bipartito (2005-2009). Idéntica estrutura teñen os titulares *Costa da*

37 A influencia do mundo cinematográfico tamén se observa na creación de expresións fixas procedentes deste ámbito. Así, por exemplo, en relación ao castelán, Guerrero Salazar (2007: 238) afirma que «muchas expresiones provenientes del mundo de la pantalla se han insertado en nuestra lengua con usos concretos que todos reconocemos. Por ejemplo: *expediente X*, ‘asunto cuyas causas u origen se desconocen’; *camarote de los hermanos Marx*, ‘lugar donde hay muchas personas sin un cometido específico’, etc».

38 Titular referido á información segundo a cal un fan obesionado coa actriz Sara Casasnovas pretendía agredila (no momento da súa detención levaba enriba unha béstia, grillóns, cordas e unha lata de gasolina).

39 Sobre a decisión de Fidel Castro de non volver ocupar a presidencia de Cuba.

40 Titular que abre unha revirada nova en que un *narco* encarcerado na prisión de Teixeiro pide protección tras recibir as ameazas doutros reclusos (tamén narcotraficantes), un dos cales é o pai dun mozo agredido polo protagonista da información tras encontralo na cama coa súa filla.

*Morte Vice* –#326<sup>41</sup>– ou *CSI Galicia* –#70<sup>42</sup>–, arremedos dos orixinais *Miami Vice* ou *CSI Miami / CSI Las Vegas / CSI New York* (todas elas series de televisión tamén).

Deste mesmo eido provén *A ruleta da miseria* –#192– pé de foto para unha imaxe da sección *Flash* na que podemos ver un grupo de traballadores do peirao de Porto Príncipe (a capital de Haití, o país máis pobre do hemisferio norte) xogando á ruleta na rúa. A referencia neste caso é *A ruleta da sorte*, concurso televisivo (anteriormente chamado *A ruleta da fortuna*).

Aínda que non se trata dun exemplo ao mesmo nivel, no mundo da televisión está tamén a orixe do titular *A Alonso non o confunde a noite* –#257–, na información sobre a vitoria do piloto español Fernando Alonso no gran premio de F-1 de Singapur de 2008, disputado en horario nocturno. Aquí a referencia está nunha frase dun personaxe habitual da prensa do corazón, o cubano Díñio Rodríguez quen, para explicar as súas correrías nocturnas, cuñou unha expresión que callou: «A noite confúndeme».

Moi relacionado co ámbito televisivo está o da publicidade, do que proceden outros sete titulares desta categoría de *Recontextualización*<sup>43</sup>. Entre eles, o de *¡Bebamos como galegos!* –#113– titular dunha noticia en que se dá conta dun estudio que conclúe que Galicia é a comunidade con más bares por habitante. A orixe está no slogan *¡Vivamos como galegos!* do recoñecido comercial da cadea de supermercados *Gadis* (obsérvese tamén o recurso á proximidade fónica entre *bebamos* e *vivamos*, xogo fonético de antigüidade milenaria, por certo<sup>44</sup>).

Outras orixes completan este percorrido polos ámbitos de procedencia dos enunciados logo recontextualizados nos titulares:

- Vida cotiá (8 casos): Expresións recorrentes en determinadas circunstancias da vida diaria son o punto de partida de senllos titulares, empregados aquí de maneira recontextualizada. Recollemos algunas delas:

41 Titular alusivo ao requisamento de cinco planadoras en Muxía, no marco da operación *Tabaiba* contra o narcotráfico, en xaneiro de 2009.

42 Titular que encabeza a noticia sobre a distribución en xullo de 2007 de maletín con material de investigación para coñecer a orixe dos incendios forestais.

43 «Lo mismo ocurre con muchos eslóganes y frases publicitarias: *prueba del algodón*, ‘prueba irrefutable de algo’. Este conocimiento compartido por todos facilita el que, frecuentemente, expresiones del mundo publicitario aparezcan en textos periodísticos» (Guerrero Salazar 2007: 238).

44 *Beati hispani quibus vivere est bibere* ('Felices os hispanos, para os que vivir é beber'), disque dicían os romanos para chancearse da nula diferenza entre as grafías *b* e *v* na pronuncia dos habitantes da Hispania.

- ‘Come, neníño...’ –#368–: a clásica frase empregada polas nais galegas para que os nenos coman vale aquí para titular unha noticia referida á campaña do grupo de alimentación *Gadis* entre os universitarios galegos.
- ‘¿De quen vés sendo?’ –#472–: outro clásico da fraseoloxía galega vai servir de marco sobre o que construír unha reportaxe sobre as tribos urbanas dos adolescentes, a raíz das fotografías tomadas ás fillas do presidente español, Rodríguez Zapatero, na súa visita á Casa Branca, caracterizadas como gólicas ou vampíricas.
- *Tres tristes tigres* –#286–: o emprego do inicio do coñecido trabalin-guas para acompañar unha fotografía da sección *Flash* na que se poden ver os tres tigres que recentemente adquirira o zoolóxico de Perth (Australia) é un novo caso de recontextualización dunha frase de uso cotián.
- Os carteis policiais en que aparecen as fotografías dos delincuentes más perigosos adoitan ir encabezados pola frase *Os más buscados* –#298–, de modo que o emprego deste enunciado noutro contexto vai supoñer unha ruptura con respecto ás expectativas do lector, que o ten asociado a ese uso concreto. Desta vinculación válese o periodista para titular creativamente unha información que nada ten que ver co mundo delituoso: a dos personaxes más demandados nas procuras do buscador *Google*.


Vexamos finalmente dous exemplos doutras procedencias menos recorrentes:

- Relixión: En *E ao cuarto día, a bolsa resucitou* –#137– é evidente a referencia bíblica (*ao terceiro día, resucitou*), que aparece tamén no Credo que se reza ao comezo da eucaristía na tradición cristiá.
- Teatro: o arquetipo das frases teatrais (o *ser ou non ser* hamletiano) serve para construír sobre el un titular da sección de *Deportes: O ser ou non ser do Real Madrid* –#350–, en alusión á transcendencia dun partido da *Champions League* contra o Liverpool. O feito de que o partido sexa contra un equipo das Illas Británicas, berce de Shakespeare, reforza o vínculo, aínda que sexa de xeito tanxencial.
- Prensa: aínda que non é exactamente unha frase xornalística, senón un esquema propio dos anuncios por palabras (*Home solteiro busca...* –#124<sup>45</sup>–), encadramos este titular no mundo da prensa escrita.

45 Titular referido a unha páxina web en que se admiten apostas sobre o posible casamento dos edís solteiros no concello de Ribeira. Na base deste titular está tamén o título da película *Muller branca solteira busca...* (Barbet Schroeder, 1992).

Esta distribución segundo a orixe das frases que logo serán recontextualizadas ofrece unha dificultade engadida: gran cantidade delas poderían asociarse a máis dun ámbito. Así, moitos dos enunciados asociados ao ámbito cinematográfico son orixinariamente creacións literarias ou obras de teatro, o que incrementaría o número de referencias destes dous grupos. Porén, para non dispersar os resultados, tomamos a licenza de adscribir cada un dos títulos a un só ámbito, seleccionando en cada caso aquel que consideramos que tivo unha maior difusión ou grao de coñecemento por parte do público: *As bicicletas son para o verán* é unha obra de teatro (1978) antes que unha película (1984), pero é evidente que a súa sona entre o gran público produciuse a partir da versión cinematográfica.

GRÁFICO 6. PROCEDENCIA DOS ENUNCIADOS RECONTEXTUALIZADOS



#### 5.1.4. Recontextualización dentro do mesmo ámbito

Ás veces, a recontextualización prodúcese dentro do mesmo ámbito en que se emprega a expresión fixada, o que reforza a asociación entre a frase de partida e o titular creativo. Por exemplo, cando empregamos unha frase do cine (por referirnos á orixe máis recorrente) para titular unha información pertencente tamén ao mundo da séptima arte, ou cando botamos man dunha expresión asociada a unha

persoa nunha noticia na que ese mesmo individuo é protagonista. Así acontece en titulares como:

- *Bond contra o top manta* –#11–: os míticos filmes do axente 007 van permitir recrear esta inexistente película da saga, aproveitando a estrutura típica dos títulos da serie: *Bond contra...* Neste caso, para titular unha noticia en que se relata como ao actual intérprete do personaxe, o actor británico Daniel Craig, intentaron venderlle unha copia pirata da súa propia película nunha viaxe a China antes mesmo de que se estrease nos cines do país.
- *¿Unha verdade incómoda?* –#26–: o ex-vicepresidente dos EE.UU., Al Gore, é o condutor e valedor dun documental sobre o cambio climático titulado *Unha verdade incómoda*, gañador dun premio Oscar en 2007. O título da peza é rescatado para encabezar unha información sobre o excesivo consumo de enerxía na casa do propio Al Gore realizando, iso si, un cambio na modalidade: de afirmación a interrogación.
- *'Pe', ao bordo dun ataque de nervios* –#76–: *Mulleres ao bordo dun ataque de nervios* (1988), a película con que Almodóvar se fixo coñecido no ámbito internacional, é o motivo de arranque deste titular en que se substitúen as *mulleres* por unha en concreto, a actriz Penélope Cruz (*Pe*), quen na información desmente que por culpa dela houbese que abortar a engalaxe do avión en que ía de pasaxeira tras suffrir unha crise de ansiedade. O esquema lúdico refórzase debido a que Penélope Cruz é unha das actrices habituais nos últimos filmes do cineasta manchego.
- *'Los lunes... a la sombra'* –#72<sup>46</sup>–: a película de Fernando León de Aranoa *Os luns ao sol* (2002) está baseada na experiencia dun grupo de traballadores do sector naval en Vigo na época da reconversión industrial dos anos 80. Precisamente dous dos sindicalistas que inspiran os personaxes do filme foron condenados a tres anos de prisión polos disturbios provocados durante unha manifestación; deste modo, o autor do titular aproveita o título da película para darrle a volta: de pasar os luns *ao sol*, a pasalos *á sombra*, un xeito eufemístico de referirse á estancia en prisión dunha persoa. É interesante tamén o emprego dos puntos suspensivos para indicar a parte do enunciado de partida que se mantén e a parte que se modifica.

46 Neste caso o xogo de palabras constrúese sobre un título en castelán que se mantén no seu idíoma orixinal. Na maioría das ocasións, os autores dos titulares optan pola tradución ao galego da referencia orixinal, aínda que non puidemos establecer un criterio que marcase unha pauta de por que unhas veces se fai esta conversión e outras non. En calquera caso, esta *contaminación* da lingua vehicular do xornal, o galego, a partir do castelán non é exclusiva deste titular.

- *Unha ‘misión imposible’ para Nicole* –#211–: a protagonista desta información é a actriz australiana Nicole Kidman, casada durante anos co tamén actor Tom Cruise, de quen se divorciou en 2001 e ao que en varias ocasións acusou de manipular na súa contra os dous fillos que adoptaran en común durante o seu matrimonio. Precisamente, *Misión imposible* é unha das películas máis coñecidas de Tom Cruise, o que aproveita o autor do titular para establecer esta recontextualización cara a dentro do mesmo ámbito.

Ata certo punto tamén responden a esta premisa de manter a recontextualización dentro do mesmo ámbito outros titulares desta categoría, pero a outro nivel, xa que o vínculo é sensiblemente menor (xa non comparten protagonista, só a súa pertenza ao mundo do cine). Vexamos algúns:

- *As belas e a besta do cinema* –#225–: *A bela e a besta* (1991), un dos clásicos de debuxos animados de Walt Disney (antes tamén un conto popular), serve nesta ocasión para designar unha nova realidade dentro do mesmo mundo do cine: a estrea a mesma fin de semana das versións cinematográficas de *Sexo en Nova York (as belas)* e de *O increíble Hulk (a besta)*. Ademais do cambio no número (*a bela – as belas*) dun dos elementos coordinados, encontramos esa extensión final que axuda a situar o titular no seu contexto.
- *Semana de sorrisos e bágoas* –#412–. Na liña do anterior, pois tamén se refire ás estreas cinematográficas desa fin de semana, na que coinciden comedias e dramas a partes iguais. *Sorrisos e bágoas* é o título dun clásico do cine musical, dirixido por Robert Wise e protagonizado por Julie Andrews en 1965.
- *Sei o que pirateaches no 2007* –#120–, que encabeza unha información sobre as películas e series de televisión más descargadas da Rede, e que procede da película *Sei o que fixestes o último verán* (dirixida por Jim Gillespie en 1997, e que á súa vez deu nome ao programa de televisión *Sé lo que hicisteis...*).
- *Luces, cámaras... ‘Play-Doc’* –#167–, sobre a celebración dunha nova edición do festival de documentais de Tui chamado *Play Doc*. O autor do titular colle aquí unha frase recoñecible do mundo do cine (*Luces, cámaras, acción*, empregada polos directores para indicar o comezo da rodaxe dunha secuencia) para efectuar sobre ela esa substitución na parte final, que vén marcada polo emprego dos puntos suspensivos.

Esta variante de recontextualización sen saírmos do ámbito de partida tamén se produce noutras áreas (as de maior presenza nesta parte do estudo):

- Na literatura. Por exemplo, *O peregrino de Compostela* –#226– é un novela do escritor brasileiro Paulo Coelho, quen en xuño de 2008 acudió a Santiago para recibir unha homenaxe por parte do Concello da cidade. Emprégase, polo tanto, o título dunha das súas obras para referirse ao propio autor, xe-rando deste modo un dos titulares que constitúen esta sección da recontextualización cara ao mesmo ámbito.
- Na música. Cando, para glosar os problemas coa Facenda da ex-cantante de *Mecano*, Ana Torroja, se emprega o título dunha das pezas más célebres do trío (*Pensará: 'Hoy no me puedo levantar'* –#415–); cando, para exemplificar as dificultades con que se encontran os seguidores do músico estadounidense Bruce Springsteen para conseguir entradas para o seu concerto en Santiago de Compostela se elabora un titular a partir do nome do seu último disco: *'Working on a dream': conseguir un ticket* –#352–; ou cando, para informar de que o cantante Julio Iglesias acadou a idade en que se debería xubilar, se recorre a un dos seus primeiros éxitos (*A pesar dos 65... a vida segue igual* –#255–)... estamos asistindo novamente a un uso recontextualizado de enunciados procedentes e dirixidos ao mesmo eido e, máis en concreto, aos seus protagonistas.
- Na publicidade. *Os dez días de ouro...* –#338– é unha variación (mediante o cambio no numeral) do slogan publicitario da cadea de hipermercados El Corte Inglés, que anuncia unha das súas tempadas de rebaixas co nome *Os oito días de ouro*. Esta noticia céntrase nunha campaña de promoción de dez días de duración que vai facer o Concello de Ames no centro comercial que a cadea ten en Santiago de Compostela.
- Na televisión. O titular *Non sempre a vida pode ser marabillosa* –#481–, aparecido ao día seguinte de que se encontrase o corpo sen vida do comentarista deportivo Andrés Montes, célebre polas frases que de maneira reiterativa empregaba nas súas retransmisións, entre elas *A vida pode ser marabillosa*, á que aquí se lle dá a volta para encabezar a noticia do seu falecemento.

A actriz Amaia Salamanca, unha das protagonistas da serie televisiva *Sen tetas non hai paraíso*, parece buscar recorrentemente os seus noivos no mundo do fútbol; de aí que o titular que encabeza a noticia da súa nova conquista, o madrileño Sergio Ramos, sexa *Amaia: sen pelotas non hai paraíso* –#354– referíndose á ferramenta de traballo das súas parellas.

Por último, para pechar os titulares televisivos, temos o seguinte: *Quén dixo que xa non había máis tomate...* –#166–, referido á relación sentimental de Jorge Javier Vázquez, presentador de *Aquí hai tomate*, un programa que nesas datas (marzo de 2008) acababa de ser retirado da programación, e que tiña como principal liña de contidos a difusión da vida privada dos personaxes do mundo do corazón.

### *5.1.5. Exemplos de reutilización*

A análise de titulares ao longo de tres anos permite extraer algunas pautas de emprego recorrente dalgunhas das frases recontextualizadas. Tanto nesta sección coma nas de *Diloxía e Ruptura* (os tres grandes grupos de clasificación deste traballo) imos facer un repaso por aquelas expresións que son empregadas en máis dunha ocasión, algunas delas mesmo de xeito reiterativo, como veremos.

Así, o xa coñecido *Un cuarto con vistas* –#193–, baseado na película homónima de James Ivory, dá pé (mediante a substitución do elemento principal do enunciado) a outros titulares do estilo, como *Un salto con vistas* –#212– ou *Un tellado con vistas* –#317–. Os tres titulares aparecen na mesma sección (*Flash*), acompañando fotografías moi similares. Algo similar acontece con *Rebelión nas aulas* –#198<sup>47</sup>–, convertido en *Alarma nas aulas* –#6<sup>48</sup>– mediante o mesmo procedemento.

Na mesma liña (tamén chegado desde o cine) vai o titular *Con el chegou o escándalo* –#49<sup>49</sup>–, da *Contraportada*, transformado só uns días antes na sección *Un respiro* en *Con elas chegou o escándalo* –#44<sup>50</sup>– (áinda que agora a modificación actúa sobre o xénero e o número do complemento causal, non é unha substitución léxica).

Falabamos ao comezo da *Crónica dunha morte anunciada* –#375<sup>51</sup>–, que ademais desa aparición sen alteración ningunha, presenta outras dúas variantes: *Crónica dunha separación anunciada* –#108<sup>52</sup>–, *Crónica de doux adeuses anunciados*

47 Nunha noticia sobre varias protestas estudiantís e do profesorado para pediren melloras nos ensinos medio e universitario. A referencia de base é o filme homónimo de 1967, dirixido por James Clavell e protagonizado por Sidney Poitier.

48 Sobre o analfabetismo funcional en galego dos estudiantes de secundaria.

49 A información refírese ao presidente do Banco Mundial, Paul Wolfowitz, acusado de favorecer a súa noiva aproveitándose do cargo. *Con el chegou o escándalo* é unha película de 1960 dirixida por Vincente Minnelli e protagonizada por Robert Mitchum.

50 Este titular encabeza unha reportaxe sobre as estreas cinematográficas da fin de semana, entre elas a fita *Diario dun escándalo*, protagonizada por Cate Blanchett e Judi Dench. Deste modo, estariamos aquí tamén diante dunha recontextualización dentro do mesmo ámbito, o cine.

51 O título da novela de García Márquez, tantas veces reutilizada como titular xornalístico, serve aquí para resumir unha vitoria a domicilio do Barcelona ante o Real Madrid.

52 A da infanta Elena e Jaime de Marichalar, sobre a que xa se viña falando nos meses anteriores.

–#251<sup>53</sup>–, mediante senllas substitucións do núcleo do complemento da frase nominal (neste último caso, tamén do xénero e do número do complemento).

Vexamos agora un caso de aproveitamento levado ao extremo: o titular *As bicicletas son para o verán* –#246–, que acompaña unha bucólica imaxe estival na sección *Flash*, pasa a *As bicicletas tamén son para o inverno* –#94–, como pé de foto doutra imaxe desa mesma sección referida a un descenso ciclista pola ladeira nevada dunha montaña. Ese mesmo titular (*As bicicletas tamén son para o inverno* –#188–) repítese de novo para outra información praticamente idéntica, tamén na sección *Flash*, sobre un descenso ciclista pola neve. *Nin as bicis nin os monociclos son para esta... ¿primavera?* –#209– é a complexa solución que encontramos en portada para falar asemade dun mozo que está a facer o Camiño de Santiago en monociclo e do mal tempo predominante a esas alturas do ano (finais de maio de 2008). Como vemos, non só hai unha extensión (no medio do enunciado) da referencia de partida, senón tamén un cambio na modalidade oracional, con ese *¿primavera?* entre interrogantes que nos indica que o tempo climatolóxico non se corresponde co que habería que agardar. Finalmente, para pechar este percorrido polas diferentes posibilidades de manipulación dun mesmo enunciado, temos *A la non é para o verán* –#63– (mudando o suxeito), que nos serve para acompañar unha imaxe sobre o traballo dos tosquidores, de novo na sección *Flash*.

En todos os exemplos anteriores, a frase de partida convive con alteracións que en maior ou menor grao se realizan sobre ela, pero tamén hai casos de reutilización en que a expresión de base xa non aparece máis que manipulada.

A telenovela mexicana *Os ricos tamén choran* vai dar lugar a dous titulares: *Os cables tamén choran* –#132– (nunha información sobre a posibilidade de que os robots transmitan *sentimentos* entre eles mediante a aprendizaxe previa) e *Os pobres tamén xogan* –#57– (acompañando unha imaxe sobre as formas de divertirse dos nenos no campamento de refuxiados de Darfur, en Sudán). Estamos diante de dous niveis de substitución distintos: mentres no primeiro titular só substituímos o suxeito (*ricos* por *cables*), no segundo cambian os dous elementos esenciais da cláusula. Así é todo, a referencia non se perde, por dúas razóns: o cambio de suxeito realiza recorrendo á antonimia (*ricos* por *pobres*), co que nos movemos dentro do mesmo campo léxico; e pola proximidade fónica entre o verbo orixinal e o incorporado (*choran* por *xogan*).

---

53 A separación profesional do dúo musical Azúcar Moreno e a sentimental do motociclista Alfonso Fonsi Nieto e mais a modelo Ariadne Artiles.

*A soidade do corredor de fondo* é unha novela do escritor británico Alan Sillitoe (1958), levada ao cine (co mesmo título) por Tony Richardson en 1962. Desta referencia parten os titulares *A soidade do seareiro* –#494– (como pé dunha imaxe na que se ve un só afeccionado nas bancadas de Riazor) e *A soidade do porteiro de fútbol* –#292– (tamén como pé de foto, neste caso de Íker Casillas durante un adestramento). As dúas informacións teñen o valor engadido (en canto ao seu grao de cohesión) de referirse ao ámbito deportivo, igual que a novela de cuxo título proceden os seus titulares. No segundo caso –#292– o corpo da noticia fai unha referencia explícita a esta ascendencia: *A soidade do gardamenta de fútbol, moi parecida por certo á do corredor de fondo (...).*

Da publicidade chéganos unha referencia por partida tripla: *Alonso volve á casa polo Nadal* –#114<sup>54</sup>–, *'El Jueves' volve á carga polo Nadal* –#117<sup>55</sup>– e *A neve volve a Galicia polo Nadal* –#118<sup>56</sup>–. Todas elas teñen como xénese o popular anuncio da fábrica de turróns *El Almendro*, que utiliza todos os anos o mesmo slogan: *El Almendro. Volve á casa polo Nadal.* Como se pode observar, o grao de substitución tampouco é o mesmo nesta ocasión; mentres que no primeiro exemplo só se modifica o suxeito, nas outras dúas muda, ademais do suxeito, o complemento. Como exemplo de probable falta de comunicación entre as diferentes seccións do xornal, estes tres titulares apareceron no xornal nun período de só nove días, durante o mes de decembro de 2007, nas áreas de *Galicia, Deportes* e *Un respiro*.

Volvendo ao cine, a película *Só ante o perigo* (o western de Fred Zinnemann do ano 1952, con Gary Cooper como protagonista) é o motivo sobre o que se apoian os seguintes titulares: *Soas ante o perigo* –#21<sup>57</sup>–, *Menor: só ante o perigo* –#184<sup>58</sup>– e *Os nenos, sos<sup>59</sup> ante o perigo* –#195<sup>60</sup>–. Como vemos, as modificacións tamén se producen aquí a distinto nivel: fronte ao cambio no número (e no xénero) do primeiro titular e a ampliación do segundo, o terceiro incorpora ambos os procedementos.

54 No anuncio do regreso de Alonso á escudería Renault, logo do seu paso por McLaren.

55 Referido á publicación dunha nova viñeta sobre os Príncipes de Asturias neste semanario humorístico.

56 Titular sobre a caída das primeiras folerpas do inverno na montaña de Lugo e Ourense.

57 Nunha información sobre nais solteiras.

58 Nunha noticia que dá conta da denuncia do Valedor do Pobo sobre a carencia de medios para a protección infantil en Galicia.

59 O correcto sería *sós*, con acento ortográfico.

60 O titular encabeza unha información sobre o incumprimento das normas de seguridade nalgúns parques infantís.

*Arde California* –#31– e *¡Arde California!*<sup>61</sup> –#265– (falando de senllas vagas de incendios) sustentan o xogo lingüístico na existencia dunha película titulada *Arde Misisipí* (1985, dirixida por Alan Parker). Se ardese, por exemplo, un palleiro, non se mantería de xeito ningún o paralelismo co título da película, pero ao apoiar a substitución sobre o mesmo campo léxico (*Misisipí* e *California* son dous estados norteamericanos) a referencia non se perde. É importante subliñar que, mentres no título da película se fai un uso figurado do verbo *arder* ('estar moi alborotado un lugar'), nos dous titulares de *LV* recuperamos o seu sentido literal.

*O home que lle*<sup>62</sup> *murmuraba aos cabalos* (filme de Robert Redford do ano 1998) é o punto de partida para os titulares *A muller que bailaba cos cabalos* –#499– (sobre un espectáculo ecuestre na praza de touros de Lima, en Perú) e *A muller á que lle falaban os cabalos* –#303– (pé dunha imaxe na que se ve a Camilla Parker<sup>63</sup>, esposa do príncipe Carlos de Inglaterra, cun cabalo rinchando ao seu carón). Á parte do cambio de *home* por *muller*, que en nada modifica a estrutura do enunciado, é destacable o segundo caso, no que se lle dá a volta á idea de partida (agora son os cabalos os que lle falan a ela).

Outra novela levada ao cine, como no caso da *Solidade do corredor de fondo*, vai proporcionarnos de novo dous titulares do ámbito deportivo, trátase de *A paixón turca*, saída da pluma de Antonio Gala e convertida en película por Vicente Aranda, que está na base dos titulares: *En Turquía, pero sen paixón* –#406<sup>64</sup>– e *Riera apaga a paixón turca* –#362<sup>65</sup>–. Este último titular funciona a xeito de metáfora encadeada, onde *apagar* reforza o sentido figurado da *paixón turca* (na parte dedicada ás diloxías veremos máis exemplos deste mecanismo de adición metafórica).

A película *Catro vodas e un funeral* (dirixida en 1993 por Michael Newell e protagonizada por Hugh Grant) é outro dos clásicos neste aproveitamento dos títulos cinematográficos para os titulares de prensa, mediante a súa recontextualización. Imos ver aquí tres usos diferentes, a cal más afastado do enunciado de partida: *Catro vitorias e... ¿algún funeral?* –#23<sup>66</sup>–, *Tres penaltis e un funeral*

61 É destacable o emprego de exclamacións (con valor enfático) neste segundo exemplo.

62 O correcto sería *lles*.

63 Como elemento engadido en favor da cohesión do titular, cómpre dicir que Camilla Parker foi comparada en numerosas ocasións cun cabalo, debido ao seu aspecto físico.

64 Titular referido ao Gran Premio de Turquía de Fórmula Un, onde o piloto español Fernando Alonso quedou décimo (de aí, supoñemos, a falta de *paixón*).

65 A información refírese á primeira vitoria da selección española de fútbol en territorio turco, cun gol de Riera nos minutos de desconto.

66 Titular que encabeza unha noticia en que catro parellas tailandesas deciden contraer matrimonio perigosamente colgadas dun acantilado.

–#353<sup>67</sup>– e *Sete vitorias e unha dúbida* –#336<sup>68</sup>–, este último sometido a unha transformación tal que praticamente impide a recuperación da referencia evocada: só a concorrencia dun elemento no mesmo campo léxico na apertura (*sete* fronte a *catro*) e o mantemento da estrutura sintáctica permiten a inferencia, además do valor contrastivo entre os dous membros da coordinación.

A estrutura coordinada bimembre do caso anterior repítese nos titulares *Seis homes e un destino* –#102<sup>69</sup>–, *Tres cidades e un destino* –#17<sup>70</sup>– e *Trece homes e un dedal* –#276<sup>71</sup>–, tributarias todas elas do título do filme *Dous homes e un destino* (o célebre *western* de 1969 dirixido por George Roy Hill e protagonizado por Robert Redford e Paul Newman). En todos os casos o numeral esta substituído (sempre por outro numeral), pero mentres o primeiro caso non presenta máis cambios, nos outros dous substitúese cadanxeu elemento principal da estrutura coordinada (*homes* por *cidades* e *destino* por *dedal*).

Deixando de novo o mundo do cine, que tantos froitos produce nesta sección da *Recontextualización*, imos facer unha pequena mención doutros dous exemplos de reutilización procedentes da música e da televisión, respectivamente.

... *E niso marchou Fidel* –#153–, xa vista, tórnase *E niso volvete don Manuel* –#61<sup>72</sup>–, no que supón un xogo de opositos, non só en canto á idea do titular (*charar-volver*), senón tamén á orixe ideolóxica dos seus protagonistas (pese á súa pregoada amizade). A proximidade fónica na súa parte final dos nomes *Fidel* e *Manuel* axuda a reforzar o xogo.

Para rematar con esta parte, analizamos dous titulares que parten do nome do espazo televisivo *¡Mira quien baila!*<sup>73</sup> En *¡Mira quen e canto cobra por bailar!* –#263– recórrese a unha manipulación sobre o nome do programa para informar sobre as cantidades que cobran os participantes neste concurso de baile. Na mesma liña, *¡Mira con quen baila a boa de Anne!* –#237– fai alusión (apoiada neste caso tamén na metonimia) a unha suposta relación sentimental de Anne Igarti-

67 Información sobre unha derrota do Deportivo que supuxo o final do soño de disputar competicións europeas, nun partido contra o Sporting de Xixón no que houbo, efectivamente, tres penaltis.

68 Tamén na sección de *Deportes*, fala da xeira de sete vitorias consecutivas do Real Madrid de fútbol, ao que pese a todo se lle pon en dúbida a calidade do seu xogo.

69 Un ránking sobre a imaxe dos seis presidentes que ata ese momento tivera a Xunta de Galicia (incluídos os da preautonomía) entre os lectores de *Xornal de Galicia*.

70 Titular referido ao proxecto das tres cidades santas da cristiandade (Xerusalén, Roma e Santiago de Compostela) de facer unha oferta turística conxunta.

71 Sobre un curso de labores do fogar dirixido só a homes.

72 A visita de Fraga a Galicia co gallo das eleccións municipais de maio de 2007 supuxo o regreso a Galicia do ex-presidente da Xunta, instalado en Madrid desde o seu nomeamento como senador.

73 Con orixe no título do filme *Mira quen fala* (Amy Heckerling, 1989).

buru, a presentadora do programa. Como vemos (e como xa viramos, no caso de #166: *Quén dixo que xa non había máis tomate...*), é relativamente frecuente recorrer ao nome dun programa para elaborar o titular que abre unha información relacionada con algúns aspectos do propio espazo.

Á vista destas recorrenzas, xorde a dúbida de se a súa presenza reiterada no xornal se debe á súa popularidade, ás posibilidades creativas que ofrece ou simplemente á teima dalgún dos periodistas do cadro de persoal de *LV*, que as emprega con asiduidade. Xa comentamos anteriormente a dificultade para coñecer a autoría de cada un dos titulares, pois este xornal emprega a sinatura das informacións en casos moi puntuais (reportaxes amplas, entrevistas...).

Si podemos situar cada unha das noticias na sección en que se encadra, e iso ofrécenos unha ampla variedade de procedencias na análise dunha mesma frase de partida. Por exemplo, e como xa quedou dito, todas as que teñen como base o slogan televisivo *El Almendro volve á casa polo Nadal*—#114, #117 e #118— pertençen a distintas seccións (*Deportes*, *Un Respiro* e *Galicia*, respectivamente), o que practicamente garante a súa creación por parte de tres persoas distintas, se temos en conta a distribución de áreas entre os membros da redacción de *LV*.

Non faltan tampouco as recorrenzas nunha mesma sección (os tres titulares construídos a partir de *Dous homes e un destino*—#17, #102, #276— encabezan informacións da sección *Galicia*), pero o habitual é que os exemplos de reutilización procedan de diferentes áreas, o que avala a súa creación por parte de máis dun individuo.

TÁBOA 1. TITULARES DA CATEGORÍA RECONTEXTUALIZACIÓN

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	ÁMBITO
1	'Os Intocables' do Ribeiro	Galicia	29/12/06	Cine
3	Un galego na corte de Piterman	Deportes	09/01/07	Cine
6	Alarma nas aulas	Galicia	19/01/07	Cine
9	Todo o que non querías saber de Paris	Un Respiro	29/01/07	Cine
10	Armas de muller	Galicia	29/01/07	Cine
11	Bond contra o 'top manta'	Un Respiro	30/01/07	Cine
17	Tres cidades e un destino	Galicia	02/02/07	Cine
19	'Bradgelina' e as memorias de África	Un Respiro	05/02/07	Cine
21	Soas ante o perigo	Galicia	12/02/07	Cine
23	Catro vodas e.... ¿algún funeral?	Flash	15/02/07	Cine
26	¿Unha verdade incómoda?	Un Respiro	28/02/07	Cine

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	ÁMBITO
31	Arde California	Flash	13/03/07	Cine
34	¡Vaia par de xemelgos!	Contraportada	15/03/07	Cine
39	¡E eu con estes pelos!	Flash	23/03/07	Vida cotiá
40	A bolsa... ou a vida	Galicia	27/03/07	Vida cotiá
42	Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa	Flash	28/03/07	Vida cotiá
44	Con elas chegou o escándalo	Un Respiro	30/03/07	Cine
47	Mamá, quero ser artista	Galicia	13/04/07	Cine
49	Con el chegou o escándalo	Contraportada	17/04/07	Cine
57	Os pobres tamén xogan	Flash	27/04/07	Televisión
61	E niso volvveu don Manuel	Contraportada	21/05/07	Música
63	A la non é para o verán	Flash	04/06/07	Cine
68	Vivir na Coruña, que... caro é	Economía	08/06/07	Música
69	Lúas de mel... e lúas de fel na Jet Set	Un Respiro	08/06/07	Cine
70	CSI Galicia	Galicia	13/06/07	Televisión
72	'Los lunes... a la sombra'	Un Respiro	18/06/07	Cine
76	'Pe', ao bordo dun ataque de nervios	Un Respiro	04/07/07	Cine
77	Nena rica, nena pobre	Galicia	05/07/07	Televisión
81	Galicia, o país das marabillas	Cultura	11/07/07	Literatura
84	Todo pola pasta	Flash	20/07/07	Cine
89	Hai un galegofalante na lúa	Galicia	27/07/07	Música
94	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	20/09/07	Cine
102	Seis homes e un destino	Galicia	31/10/07	Cine
104	Manobras na escuridade	Flash	07/11/07	Música
108	Crónica dunha separación anunciada	Un Respiro	15/11/07	Literatura
109	¿Frío nós? ¡Nunca!	Flash	28/11/07	Publicidade
112	O discreto encanto do outono	Flash	10/12/07	Cine
113	¡Bébamos como galegos!	Galicia	10/12/07	Publicidade
114	Alonso volve á casa polo Nadal	Deportes	11/12/07	Publicidade
117	'El Jueves' volve á carga polo Nadal	Un Respiro	14/12/07	Publicidade
118	A neve volve a Galicia polo Nadal	Galicia	20/12/07	Publicidade
120	Sei o que pirateaches no 2007	Un Respiro	04/01/08	Cine
124	Home solteiro busca...	Galicia	10/01/08	Prensa
132	Os cables tamén choran	Galicia	23/01/08	Televisión
137	E ao cuarto día... a Bolsa resucitou	Economía	25/01/08	Relixión
138	Historia de dous bandos	Galicia	28/01/08	Literatura
145	Atracción fatal en Noia	Un Respiro	06/02/08	Cine
153	... E niso marchou Fidel	Contraportada	20/02/08	Música
154	A volta a España en 15 días	Eleccións	21/02/08	Literatura
165	Galicia, sitio distinto	Eleccións	11/03/08	Música

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	ÁMBITO
166	Quén dixo que xa non había máis tomate...	Un Respiro	11/03/08	Televisión
168	Pánico no túnel	Un Respiro	17/03/08	Cine
182	O comezo dunha bonita amizade	Un Respiro	04/04/08	Cine
184	Menor: só ante o perigo	Galicia	08/04/08	Cine
188	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	14/04/08	Cine
191	Tres cachorriños e un biberón	Flash	16/04/08	Cine
193	Un cuarto con vistas	Flash	18/04/08	Cine
194	Xa é primavera... en Alemaña	Flash	21/04/08	Publicidade
195	Os nenos, sos ante o perigo	Galicia	23/04/08	Cine
197	Ela confesa que segue namorada	Un Respiro	24/04/08	Música
198	Rebelión nas aulas	Portada	30/04/08	Cine
209	Nin as bicis nin os monociclos son para esta... ¿primavera?	Portada	30/05/08	Cine
211	Unha 'misión imposible' para Nicole	Un Respiro	03/06/08	Cine
212	Un salto con vistas	Flash	05/06/08	Cine
215	Unha oportunidade para a paz	Flash	09/06/08	Música
225	As belas e a besta van ao cinema	Un Respiro	20/06/08	Cine
226	'O peregrino de Compostela'	Un Respiro	24/06/08	Literatura
237	¡Mira con quen baila a boa de Anne!	Un Respiro	11/07/08	Televisión
243	O actor de 'Ghost' di que é un milagre	Un Respiro	22/07/08	Cine
244	Bale ten máis de escuro que de cabaleiro	Un Respiro	23/07/08	Cine
246	As bicicletas son para o verán	Flash	02/09/08	Cine
250	Actores con 'Agallas'	Un Respiro	10/09/08	Cine
251	Crónica de dous adeus anunciados	Un Respiro	11/09/08	Literatura
255	A pesar dos 65... a vida segue igual	Un Respiro	24/09/08	Música
257	A Alonso non o confunde a noite	Portada	29/09/08	Vida cotiá
258	'Os irmáns golpean dúas veces'	Un Respiro	30/09/08	Cine
260	No outono da matriarca é primavera	Un Respiro	02/10/08	Literatura
263	¡Mira quen e canto cobra por bailar!	Un Respiro	10/10/08	Televisión
265	¡Arde California!	Flash	15/10/08	Cine
266	Volven os tempos de sementar	Cultura	15/10/08	Música
269	¡Aquí hai tomate!	Flash	21/10/08	Vida cotiá
273	Malos tempos para a bondade	Cultura	22/10/08	Música
276	Trece homes e un dedal	Galicia	04/11/08	Cine
278	¿Durmirá coa inimiga?	O Último	05/11/08	Cine
281	Gonsar foise 'lonxe de nós'	Un Respiro	10/11/08	Literatura
282	Traxedia na granxa	Galicia	11/11/08	Literatura
286	Tres tristes tigres	Flash	18/11/08	Vida cotiá
290	O que pasa na rúa	Flash	28/11/08	Literatura

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	ÁMBITO
292	A soidade do porteiro de fútbol	Flash	04/12/08	Literatura
296	E obrou o milagre en Catabois	Galicia	10/12/08	Relixión
298	Os máis buscados	Un Respiro	11/12/08	Vidá cotiá
301	Subindo 'El andamio' 50 anos despois	Un Respiro	16/12/08	Teatro
302	¡Volva vostede mañá... ou en 2010!	Galicia	17/12/08	Vida cotiá
303	A muller á que lle falaban os cabalos	Flash	19/12/08	Cine
307	Pesadelos despois do Nadal	Un Respiro	07/01/09	Cine
313	As amistades perigosas do guapo vigués	Deportes	09/01/09	Cine
317	Un tellado con vistas	Flash	16/01/09	Cine
321	Salvando á galiña piñeira	Un Respiro	20/01/09	Cine
325	Na busca das herdanças perdidas	Galicia	26/01/09	Cine
326	'Costa da Morte Vice'	Galicia	28/01/09	Televisión
328	Eu a Milán, ti a California e Jolie a Xapón	Un Respiro	28/01/09	Cine
334	¡Ai, Señor, Señor...!	Galicia	05/02/09	Televisión
336	Sete vitorias e unha dúbida	Galicia	09/02/09	Cine
338	Os dez días de ouro...	Galicia	12/02/09	Publicidade
342	Sempre quedará o 'Luar'	Eleccións	18/02/09	Cine
350	O ser ou non ser do Real Madrid	Deportes	10/03/09	Teatro
351	Habemus casamento e separación	Un Respiro	13/03/09	Relixión
352	'Working on a dream': conseguir ticket	Un Respiro	13/03/09	Música
353	Tres penaltis e un funeral	Deportes	16/03/09	Cine
354	Amaia: sen pelotas non hai paraíso	Un Respiro	16/03/09	Televisión
357	¿Outra longa noite de pedra?	Cultura	18/03/09	Literatura
362	Riera apaga a paixón turca	Deportes	02/04/09	Cine
364	O xinete solitario en estado ebrio	Galicia	13/04/09	Cine
368	«Come, neníño...»	Galicia	22/04/09	Vida cotiá
374	A vaca da bosta de ouro	Galicia	04/05/09	Literatura
375	Crónica dunha morte anunciada	Deportes	04/05/09	Literatura
376	Pep: o home tranquilo de (ou á) moda	Un Respiro	05/05/09	Cine
382	O Deportivo ten licenza para soñar	Deportes	11/05/09	Cine
384	Puro circo	Flash	14/05/09	Música
387	90210: San Caetano	Galicia	19/05/09	Televisión
389	Unha 'benzón' no día das letras	Cultura	20/05/09	Música
392	O conto dos mil cabritos	Galicia	25/05/09	Literatura
395	Aterra como poidas III	Flash	26/05/09	Cine
398	Barcelona é unha festa	Deportes	29/05/09	Literatura
399	E Larsson fixose celuloide	Un Respiro	29/05/09	Relixión
406	En Turquía, pero sen paixón	Deportes	08/06/09	Cine

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	ÁMBITO
408	O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina	Un Respiro	09/06/09	Literatura
412	Semana de sorrisos e bágoas	Un Respiro	12/06/09	Cine
415	Pensará: 'Hoy no me puedo levantar'	Un Respiro	18/06/09	Música
418	Unha última tentación	Galicia	26/06/09	Cine
441	A importancia de chamarse Ronaldo	Un Respiro	31/07/09	Literatura
451	A Esteban pon o circo e Jordi, a 'noría'	Un Respiro	14/09/09	Televisión
464	A casa das leas	Galicia	28/09/09	Cine
472	¿De quen vés sendo?	Un Respiro	06/10/09	Vida cotiá
474	Unha historia de sexo, drogas e malos tratos	Galicia	08/10/09	Música
476	¿Algo más que 'Friends'?	Un Respiro	09/10/09	Televisión
481	Non sempre a vida pode ser marabillosa	Un Respiro	19/10/09	Televisión
493	De divorcios, demandas e cintas de vídeo	Un Respiro	11/11/09	Cine
494	A soildade do seareiro	Flash	12/12/09	Literatura
496	Bicando baixo a chuvia	Flash	13/11/09	Cine
499	A muller que bailaba cos cabalos	Flash	17/11/09	Cine
500	Pero Imanol: 'Cuéntame cómo pasó'	Un Respiro	18/11/09	Televisión
502	Cómo amarga o 'azúcar moreno'	Un Respiro	20/11/09	Música
503	Sting ten un sexto sentido: ve mortos	Un Respiro	23/11/09	Cine
504	Misteriosa desaparición en Cee	Galicia	25/11/09	Cine
507	Suspiros de España	Un Respiro	26/11/09	Música
517	O maior espectáculo do 3D	Un Respiro	18/12/09	Cine

## 5.2. Diloxía

A diloxía consiste no emprego dunha palabra ou expresión<sup>74</sup> con dous significados distintos nun mesmo enunciado, polo xeral cun sentido literal e outro figurado (ánda que tamén pode darse o caso de que coaparezan dous sentidos figurados).

La eficacia del procedimiento radica en el hecho de que, a partir del recuerdo de la unidad original, se provoca una doble lectura simultánea: se actualizan tanto los elementos distorsionados (la unidad original) como las modificaciones presentes. De esta manera [...] se produce la *adaptación* de la unidad original a las nuevas circunstancias comunicativas, lo que genera toda una serie de sentidos inesperados y evocadores (Corpas Pastor 1997: 258).

74 Excepcionalmente, faremos referencia a casos de homonimia, sobre todo nomes comúns que coinciden con nomes propios. Cando así sexa, marcarase debidamente.

Como vimos no GRÁFICO 2, este é o recurso máis empregado para conseguir o xogo verbal entre os titulares seleccionados para este estudio<sup>75</sup>: «La mayoría de los juegos periodísticos están basados en la dilogía, es decir, en el doble sentido de los términos» (Guerrero Salazar 2007: 241).

Pero dentro desta categoría podemos establecer, á súa vez, novos grupos de titulares, atendendo diferentes aspectos. Así, este dobre sentido pode presentarse baixo diversas formas, dependendo de se traballamos sobre:

- Unha expresión pluriverbal: con dous sentidos, polo xeral o seu sentido figurado (o fixado) e o literal. Como exemplo, válenos de novo o de *Un deporte de peso* –#196–, referido a un combate de sumo xaponés, onde se xoga co dobre sentido (real e figurado) da expresión *de peso*: ‘pesado’ e ‘de importancia’; ou *Veñen cun pan debaixo do brazo* –#177–, sobre unha promoción dunha pánificadora coruñesa que regalaba unha barra de pan durante un ano a todos os nenos nacidos na cidade en 2008. Exemplos deste tipo son os que recollemos en §5.2.1.
- Unha expresión monoverbal: neste caso, é unha soa palabra a que soporta os dous sentidos. Ingrid Betancourt é unha política colombiana que permaneceu secuestrada pola guerrilla das FARC durante seis anos, ata a súa liberación en xullo de 2008. Polo tanto, ante o titular *Íngrid quiere liberarse por completo* –#355–, referido á súa separación matrimonial, recuperamos esa información acerca do seu cativerio para completar a diloxía de *liberarse*, ainda que cun dobre significado relativamente próximo: ‘recuperar a liberdade’ e ‘eliminar determinadas restriccions que impiden un desenvolvemento pleno da nosa autonomía persoal’. Os casos deste tipo están recompilados en §5.2.2. Unha variante dentro desta categoría de diloxía aplicada a unha expresión monovebal é o emprego simultáneo de dous significantes, outorgándolle a cada un deles un dos sentidos que van constituir o recurso sobre o que se sustenta o xogo creativo do titular. Por exemplo, *A pequena más pequena* –#414–, nunha información sobre a ‘nena’ (primeiro sentido de *pequena*) de ‘menor talle’ (segundo sentido de *pequena*) do mundo.

En cada un destes dous grupos (expresión pluriverbal ou monoverbal), e segundo atendamos o punto en que a noticia nos achega a chave para entender o dobre sentido (xa no propio titular, no subtítulo, no corpo da noticia ou mediante

<sup>75</sup> 270 casos; é dicir, máis da metade dos titulares seleccionados para este traballo presentan este recurso, ben en solitario, ben acompañado dalgún outro tipo de mecanismo creativo.

unha imaxe) ou nos centremos nos mecanismos que motivan o xogo lingüístico (a coaparición de termos do mesmo campo léxico, o coñecemento compartido entre autor e lector, unha relación de sinonimia ou antonimia, a similitude sintáctica, a presenza simultánea de dúas expresións fixas que comparten algúns dos seus compoñentes...) irán xurdindo novas categorías, que son as que desenvolvemos nas seguintes páxinas.

Analizaremos despois un caso especial de diloxía, consistente na extensión do sentido figurado da expresión de partida mediante o que imos denominar *figura encadeada*. Por exemplo, no titular *A voz de África enmudeceu* –#284–, relativo á morte da cantante africana Miriam Makeba, esténdese o sentido figurado do seu alcume (*A voz de África*) mediante a engádega de *enmudeceu*, que aquí funciona como eufemismo de *morrer*. Polo tanto, o falecemento da cantante convértese nunha figura a dous niveis, derivados un do outro: 1) *unha voz* 2) *que enmudece*. Titulares coma este serán analizados en §5.2.3.

E como tamén mencionamos no caso da recontextualización, nesta nova sección imos encontrar expresións de partida que se empregan de maneira recorrente (unha escolma destes casos ofrécese na alínea §5.2.4).

### *5.2.1. Diloxía sobre unha expresión pluriverbal*

As expresións fixas (refráns, locucións, clixés, compostos...) son unidades pluriverbais gardadas como un todo na memoria. O feito de que estean almacenadas na mente, lexicalizadas, fai que cando encontramos nun texto todos os seus compoñentes tendamos a recoñecer a expresión fixa (e a actualizar o significado memorizado canda ela) antes que a realizar unha lectura individual dos distintos elementos. Agora ben, é posible que por distintas razóns se produza tamén o procesamento individual dos compoñentes da expresión (ou cando menos, dalgún deles). Nese momento xorde unha diloxía, un xogo cos distintos sentidos dos termos.

#### *5.2.1.1. Punto de recuperación da diloxía*

Por veces, non hai máis que ler o titular para acceder ao xogo lingüístico, porque nel, ademais da expresión sobre a que se realiza a diloxía, aparece algúns outro elemento que nos vai dar a chave para chegar á comprensión completa do dobre sentido, ou abonda cun mínimo coñecemento compartido entre xornalista e receptor para desfacer a diloxía. Vexamos unha serie de exemplos en que sucede isto:

- *Botar balóns fóra* é unha expresión procedente do ámbito deportivo que substitúe a ‘non asumir as responsabilidades’ ou ‘desviar a atención’. Iso é precisamente o que fai o presidente do Real Madrid, Ramón Calderón, na noticia *Calderón bota balóns fóra* –#316–, que nos informa de como o máximo dirixente do club madrileño despede varios dos seus subordinados imputándolle a eles as irregularidades cometidas nunha asemblea e librándose así de asumir a culpa que como presidente lle correspondería. O feito de que a noticia se integre no mundo futbolístico (coa aparición de *Calderón* no titular) saca á luz o sentido literal de *botar balóns fóra*.
- Un caso similar a este é o titular *O fútbol dá xogo fóra dos campos* –#206–, onde pivotamos entre os dous sentidos de *dar xogo* (‘facilitar o desenvolvimento dunha competición deportiva’ e ‘ofrecer rendemento ou posibilidades’) nunha reportaxe múltiple sobre noticias extradeporativas de varios futbolistas.
- Tamén do mundo do fútbol procede *O ‘plan B’ era Benzema* –#426–, onde o xornalista lle dá a unha expresión fixada (*plan B*, ‘estratexia alternativa’) un novo sentido: un plan que se denomina así porque fai alusión a alguén cuxo nome comeza por esa consoante (neste caso, o futbolista *Benzema*, que era a alternativa dos dirixentes do Real Madrid na fichaxe de novos xogadores).
- Sen abandonar o deporte, temos o titular *O xefe da FIA pónse como unha moto* –#180–, sobre un vídeo de carácter sadomasoquista en que aparece o presidente da Federación Internacional de Automobilismo (FIA), Max Mosley. Baixo o sentido figurado de *poñerse como unha moto* (‘excitarse sexualmente’) subxace o literal de *moto* (‘vehículo automóbil de dúas rodas’) grazas á coaparición dun termo (*FIA*) tamén relacionado co mundo do motor. Non abandonamos a Fórmula Un: *Botar fume* é unha expresión equivalente a ‘ir a toda velocidade<sup>76</sup>’. Pero se o que *bota fume* é un vehículo de motor, como no titular *O novo R28 bota fume* –#133– (o monopraza do piloto Fernando Alonso), a dobre interpretación indícanos que estamos ante un uso dilóxico da expresión.
- Continuando co deporte, *A vela galega colle aire* –#85– é o titular dunha información sobre a excelente clasificación do buque *Caixa Galicia* (único participante galego) nunha regata disputada nas Illas Baleares. O xogo creativo parte aquí da expresión *coller aire* (‘recuperarse tras un período de complicacións’) ao que se asocia o termo *vela* para facer emerxer o sentido literal.
- Xa noutro ámbito, desde hai anos un fotógrafo romano publica un almanaque con fotografías de curas, ao xeito dos calendarios de modelos ou

76 Para esta expresión recólleñense outros sentidos, como ‘estar anoxado’.

dos que con fins solidarios ou reivindicativos realizan auxiliares de voo, bombeiros, policías ou deportistas. Polo xeral, os sacerdotes que posan para as fotografías de cada un dos meses son fisicamente moi atractivos: *están coma Deus*<sup>77</sup>, na expresión popular. Pero no titular *Cregos que están coma Deus* –#116–, sen perder este sentido figurado, a presenza de *cregos* rescata o sentido orixinal de *Deus* como ‘ser supremo na relixión católica’.

- Ás veces (as menos) o xornalista desvela a diloxía de forma directa, como en *Hollywood está que arde, literalmente* –#100–, relativo a unha vaga de incendios que afecta Los Ángeles. O engadido desde *literalmente* final fai que a interpretación figurada (‘nunha situación tensa, difícil ou a piques de estoupar’) quede invalidada, porque xa se nos indica que a que prevalece é a literal, pese a que, como dixemos, a tendencia de entrada é a interpretar a expresión no seu conxunto (con iso se xoga, precisamente).
- Outros titulares desta categoría son *Os capóns saíron voando de Vilalba* –#518<sup>78</sup>– baseado na expresión *saír voando*, ‘acabarxe axiña un produto posto á venda’; e *A caza recibe outro tiro* –#25– (tras a suspensión dunha batida de xabarín en Ceredo polas protestas dos ecoloxistas), onde a expresión *recibir un tiro* (‘verse afectado negativamente’) amosa a súa face literal mediante a coaparición dun termo do campo semántico de *tiro*: *caza*.

Cando a expresión fixa é o único elemento que conforma o titular (cos complementos gramaticais que sexan precisos), ou cando o contexto que acompaña a expresión é neutro ou propicio, procesamos directamente o significado fixado, ou actualizamos o contexto no que se emprega a expresión fixada. Deste modo, para que aflore o sentido latente dos componentes (case sempre o literal) debemos acudir a outros elementos da información, como o subtítulo, o corpo da noticia ou, nos menos dos casos, a imaxe que acompaña o texto noticioso.

Vexamos primeiro os titulares que completan a diloxía apoiándose no subtítulo ou no corpo da noticia:

- *O derradeiro tren de Jan* –#64– é o titular dunha información referida a un ferroviario polaco que espertou tras 19 anos en coma. Ese *derradeiro tren* (‘última oportunidade’) cobra un sentido especial ao tratarse dunha persoa que traballa nos ferrocarrís, dato que nos achega o subtítulo.

77 A expresión ten tamén os sentidos de ‘encontrarse moi cómodo’ ou ‘gozar dunha situación económica desafogada’.

78 Titular sobre o excelente resultado en canto a vendas da Feira do Capón desta localidade lucense.

- En *Valdés despexa de puños* –#304–, a información de base é a agresión do porteiro do F. C. Barcelona a un home nunha sala de cine da cidade condal. O xornalista aproveita un clixé deportivo (*despexar de puños*, ‘acción do gardameta utilizada para afastar o balón da portería golpeándoo coa man ou mans pechadas’) para darlle outro sentido: o de ‘propinarlle a alguén unha puñada’.
- Tamén sobre porteiros trata a noticia titulada *Íker cólleas ao voo... E os balóns, tamén* –#433–. De entrada, entendemos *cólleas ao voo* no sentido de ‘ser rápido e eficaz á hora de entender o que se di mediante insinuacións’. Porén, o feito de que Iker Casillas (porteiro do equipo de fútbol do Real Madrid) sexa o protagonista da noticia (así como a referencia aos balóns no propio titular) devólvenos o sentido literal da expresión: ‘deter algo polo aire’ (os balóns, neste caso). Pero no subtítulo aclárase que a expresión ten aquí unha terceira acepción, figurada como a primeira: ‘ter éxito entre as mulleres’, xa que informa da incipiente relación entre o gardameta e a xornalista Sara Carbonero.
- *Quitar un gran peso de enriba* equivale a ‘liberarse de algo que nos incomoda ou inquieta’, e así o entendemos a primeira vista no titular *Amaia quitou un gran peso de enriba* –#274–, onde *Amaia* é Amaia Montero, ex-compañeira do grupo musical *La Oreja de Van Gogh*. Pero no subtítulo evidénciase que *peso* é literal, xa que a noticia trata de que a cantante perdeu 15 quilos nos últimos tempos.
- En *Páxinas da historia, á carta* –#65–, *á carta* é unha expresión que se emprega para dar a entender que podemos ‘elixir unha opción de entre unha abano de posibilidades que se nos presentan, segundo as nosas preferencias ou intereses’. Pero neste caso as cartas son reais, xa que a noticia informa da poxa de varias misivas escritas por grandes personaxes históricos. Neste caso coaparece no titular outra expresión, *páxinas da historia*, ‘acontecementos cruciais que marcaron o devir dunha comunidade, dun estado ou de toda a humanidade’, que desenvolve un papel complementario de *á carta*.
- Nunha liña similar encontramos *Unha volta de folla más* –#86–, que parte da expresión *volta de folla*, vinculada (dentro do mesmo campo léxico) con *pasar páxina*, é dicir, ‘comezar unha nova etapa que rache coa época anterior<sup>79</sup>. No subtítulo da noticia lemos que o propietario da librería *Couceiro* de Santiago trasladou a súa sede desde a zona nova de Santiago á zona vella, no que se podería considerar unha *volta de folla* na súa traxectoria profesional.

79 Temos tamén as expresións *non haber volta de folla*, *non ter volta de folla* ou *sen volta de folla*, empregadas cando algo é inapelable ou incontestable, ou cando o que se di se cumpre necesariamente.

Pero o seu material de traballo, os libros, teñen *follas*, de modo que queda ao descuberto o significado literal dun dos termos da expresión.

- A ruptura do dúo cómico Os Tonechos a comezos de 2009 rematou cuña traxectoria de case unha década en que fixeron que os seus seguidores *escachasen coa risa* ('rir ás gargalladas') en innumerables ocasións. Pero polo subtítulo saberemos que desta volta os que *escacharon* (no sentido, quizais inventado polo redactor do titular, pero facilmente comprensible, de 'separarse') foron os propios integrantes da parella humorística. Neste dobre sentido estéase o titular *Escacharon de tanto rir* –#310–, que a abre a información sobre esta separación artística.
- Cando dicimos que algo *non é máis que aire* referímonos a que se trata dun elemento 'superficial, vacuo, que se queda só na apariencia'. *Arte que non é máis que aire* –#417– é un titular acaído a esta acepción da expresión, pois a arte (sobre todo a moderna) recibe habitualmente esta crítica que quedarse só no figurativo, sen mensaxe que transmitir. Neste caso, o sentido do xogo dánolo o feito de que a noticia está centrada na inauguración dunha exposición de montaxes artísticas realizadas a partir de figuras inchables, como podemos ler no corpo da información.
- Dicimos que algo *custa un ril* cando 'supón unha gran dificultade. Así, xa nunha primeira lectura illada do titular *Cando a vida custa un ril* –#134– detectamos que o titular trata sobre o esforzo que supón sobrepoñerse a determinadas circunstancias. O subtítulo dános a chave para entender a diloxía, xa que nos informa da volta á práctica deportiva dun mozo que perdera un ril durante un partido de fútbol. De modo que *custar un ril* é literal, pois ao mozo tiveron que extirparlle o órgano.
- *A droga é un negocio sucio* –#158–, iso ninguén o dubida, na acepción figurada de *sucio*: 'contrario á decencia, á xustiza, á legalidade ou á honra'. Pero tamén pode ser *sucio* no sentido literal, é dicir, 'que se caracteriza pola súa falta de limpeza'. Así se pode entender tras ler o corpo da noticia, que se pode resumir deste modo: un grupo de reclusos de Teixeiro introduciulle a outro un pau polo ano co fin de recuperar un alixo de droga que a vítima coara no cárcere dentro do seu corpo. A asociación entre *ano* e *sucio* é evidente.
- Segundo coa droga, o pazo Baión foi un dos emblemas da actividade dos narcotraficantes na comarca do Salnés, ata que finalmente foi expropriado ao seu dono, Laureano Oubiña e vendido nunha poxa. A compradora foi unha cooperativa vitivinícola da zona, que decidiu destinalo a produción de viño

e a centro de interpretación deste produto. O titular *De viños por pazo Baión* –#235– parte da expresión (*ir*) de *viños* ('saír un grupo de persoas a facer cada-súa consumición nunha serie de establecementos situados preto uns dos outros'), pero neste caso ten tamén o sentido de 'ir coñecer *in situ* como se producen os diferentes caldos dunha adega', como se desprende do subtítulo.

- *Amores de alugueiro* é un eufemismo para referírmonos á prostitución, onde os usuarios deste tipo de servizos pagan unha cantidade a cambio de manter relacions sexuais: *alugan o amor* da prostituta, nunha asociación case literaria. *Os amores de 'aluguer'*<sup>80</sup> das estrelas –#461– é o titular dunha noticia sobre o *rolling stone* Ronnie Wood, quen lle regalou un castelo á súa noiva logo dunha discusión. A aparición dun lugar de residencia (o castelo) no corpo da noticia recupera o sentido literal de *alugueiro*, 'acción ou efecto de alugar' e 'cantidade que se paga polo arrendamento dun ben ou servizo', nomeadamente a vivenda.
- Das cousas ou persoas das que gardamos unha lembranza agradable dicimos que nos deixaron *bo sabor de boca*. Seguindo este fío, un *Adeus con bo sabor de boca* –#232– sería unha despedida de algo ou alguén de quen temos un recordo grato. Pero se ademais ese *adeus* é un eufemismo para referirnos á morte de Simone Ortega, autora dun dos libros de cociña máis vendidos da historia de España, o *bo sabor de boca* non é só unha expresión metafórica, senón que sitúa ao mesmo nivel os dous sentidos da diloxía.
- As *malas lingua*s son 'aqueñas persoas que teñen como divertimento a murmuración e a maledicencia'. Cando en agosto de 2008 o teórico da literatura George Steiner dedicou unhas palabras pouco favorecedoras ao idíoma galego nunha entrevista xornalística, as reaccións non se fixeron agardar e desde múltiples ámbitos se pediu a súa retractación. *;Coidado coas 'malas lingua'!* –#247– é o titular da noticia que glosa aquela polémica, e que xoga co dobre significado de *lingua* como 'órgano do corpo' (sentido que, metonimicamente, está na base da expresión fixa comentada) e 'sistema de comunicación' (a diloxía xa se anuncia no propio titular mediante o emprego de comiñas arredor da expresión).
- A expresión *marcar o ritmo* ten o sentido de 'dirixir un grupo humano para a realización dunha determinada actividade'. Baixo esta premisa, *A Coruña vai marcar o ritmo* –#315– parece referirse ao feito de que A Coruña vai coordinar as actividades dun grupo de cidades nalgún proxecto conxunto.

80 O termo estándar é *alugueiro*.

Pero neste caso, *marcar o ritmo* ten un sentido puramente literal, xa que a noticia informa da celebración do festival de jazz *Iberojazz* na cidade herculina.

- *Revisión histórica* é o sintagma que se emprega para facer referencia ás investigacións (ou actuacións) sobre a ‘reinterpretación’ ou ‘reconsideración’ de momentos do pasado de especial transcendencia na historia dun país, como a Guerra Civil no caso de España. De feito, *Unha revisión histórica* –#79– ten este sentido na noticia que leva este titular, xa que trata da petición do sindicato CIG de que se lle cambie o nome ao hospital coruñés Juan Canalejo (como así se fixo, en 2008), pola vinculación deste personaxe coa ditadura franquista. Pero no ámbito sanitario en que nos sitúa esta nova, *revisión* ten outra acepción, a de ‘chequeo médico’ que completa a diloxía<sup>81</sup>.
- E sen saímos do mesmo sector, temos un segundo titular: *Unha doazón con historia* –#327–, onde *con historia* parece indicar que a *doazón* en cuestión protagonizou unha azarosa andanza, pois ese é o sentido da expresión fixada. Porén, a noticia está referida a unha entrega de material historiográfico á biblioteca da Cidade da Cultura por parte dun xeógrafo ourensán, de modo que *con historia* ten aquí o sentido máisdereito de ‘de contido histórico’. Na mesma liña encontramos *Uns debuxos con moita historia* –#173–, titular nunha reportaxe sobre a exposición *Historieta Galega. 1973-2008*, que facía un percorrido pola historia da banda deseñada en Galicia.
- *Nicho de emprego* –#348– é un clixé procedente do ámbito económico, onde se usa co sentido de ‘área ou parcela na que hai maiores posibilidades laborais nun determinado momento’. Aquí aproveítase o dobre sentido da expresión para exhumar o seu sentido de ‘tumba’ ou ‘sepultura’, pois a noticia informa da convocatoria dunha praza de sepultureiro no concello de Pontevedra.
- *Os peores fillos da Gran Bretaña* –#427– é o titular dunha noticia múltiple sobre os escándalos de varios membros da familia real inglesa. A referencia de partida é *fillos da Gran Bretaña*, xeito despectivo de referirse a alguén (pola súa similitude con *fillos da gran puta*). Pero neste caso, os destinatarios deste calificativo son precisamente británicos, co que aflora o sentido literal da expresión e, con ela, a diloxía.
- *Vigo quiere dar zapatilla* –#204–. *Dar zapatilla* é unha expresión fixada, para a que encontramos múltiples acepcións: ‘apurar’, ‘conducir un vehículo a gran velocidade’ ou ‘premer, castigar ou baterlle a alguén’. Pero a noticia trata da recollida de zapatillas deportivas doadas polos veciños da cidade

81 Tamén o adjetivo *histórica* funciona a un dobre nivel: ‘relativo á historia’ e ‘de grande importancia’.

olívica para realizar unha *performance* dentro da campaña para a candidatura á Universiada 2013; é dicir, *dar zapatilla* no seu sentido literal.

Rematamos este grupo de titulares en que a diloxía sobre unha expresión se completa coa información do subtítulo ou o corpo da noticia con tres exemplos procedentes do mundo do motor:

- Se dúas ou máis persoas discuten irada e ostensivamente, estamos diante de *Unha rifa de campionato* –#87–, é dicir, unha ‘disputa moi vigorosa’. Pero, que sucede se os que se confrontan son dous dos participantes no campionato do mundo de Fórmula Un? Que a expresión *de campionato* recupera o seu sentido literal (sen perder o figurado), como acontece nesta nova sobre unha lea entre os pilotos Fernando Alonso e Felipe Massa.
- *O último gran premio de Gibernau* –#43– (sobre o anuncio da voda entre o piloto de motociclismo Sete Gibernau e a modelo Esther Cañadas), xoga co dobre sentido de *gran premio*: ‘proba do campionato mundial’ e ‘recompensa cuantiosa’.
- Finalmente, cando alguén trata de convencernos de algo que é esaxerado ou falso, dicimos que nos intenta *vender a moto*. Polo tanto, un engano deste tipo é unha *vendida de moto*. E unha fraude ou calote en que un vehículo deste tipo é o elemento protagonista será unha *vendida de moto* por partida dobre, como sucede na información que leva por título *¡Isto si que é unha vendida de moto!* –#356–, onde se nos conta como un delincuente ourensán intentou venderlle unha motocicleta ao mesmo home ao que lla subtraera días antes.

A continuación presentamos un grupo de titulares en que a forza da diloxía se descobre á vista da imaxe que acompaña a información:

- *Mirada de lince* –#324– é a que ten unha persoa cunha agudeza visual excepcional (na súa forma fixada de *visa de lince*, sobre a que se aplica unha substitución inicial mediante un termo moi próximo), evocando a proverbial capacidade de observación deste felino. Pero nesta información o que aparece é precisamente un lince mirando de esguello a persoa que o fotografa.



- *Cos pés por diante* –#82–. *Saír, ir ou marchar cos pés por diante* é un eufemismo que se emprega coloquialmente por ‘morrer’, pero a imaxe móstranos cousa ben distinta: ao fondo, un grupo de candidatos a soldados do Exército da India que está realizando as probas físicas de acceso, e en primeiro plano, sobre o instrutor das probas físicas, un deles saltando e ao que só se lle ven os pés.




• *Coa casa ao lombo* –#91–. A expresión úsase nun dobre sentido: como sinónimo de ‘asumir as responsabilidades domésticas’ e para facer referencia ás persoas sen fogar, que levan consigo as súas escasas pertenzas<sup>82</sup>. A fotografía que acompaña este titular amosa, porén, un grupo de habitantes dunha localidade bengalí afectada polas inundacións transportando literalmente ao lombo unha das vivendas do lugar cara a unha zona non anegada.

- Tamén a fotografía vai desenvolver un papel fundamental para entender a diloxía do titular *O Celta recorre ao xenio*<sup>83</sup> de Stoichkov para levantar o voo –#46–. O equipo de fútbol vigués encontrábase nunha delicada situación cando decidiu a contratación como adestrador do ex-xogador búlgaro, polo que necesitaba *levantar o voo*, é dicir, ‘superar un transo complicado’. Como dicíamos, será a imaxe a que complete a diloxía, ao presentarnos a un Hristo Stoichkov que corre cos brazos despregados, como se pretendese *levantar o voo* literalmente.



82 Tamén se emprega coa *casa ao lombo* para referirse a animais como as tartarugas ou os caracois, que viven dentro da súa cuncha.

83 É posible que *xenio* estea empregado nun dobre sentido: ‘mal carácter’ e ‘capacidade extraordinaria’; o ex-xogador búlgaro era coñecido por ambas as dúas características.

**flash**

• *Coa cabeza cadrada* –#413–. Así se denomina (*cabeza cadrada*) ás persoas teimudas, testanas ou que son reacias a cambiar a súa maneira de pensar. A fotografía ofrécenos outra perspectiva da expresión, xa que nela vemos o cantante do grupo musical *Pet Shop Boys* cunha caixa transparente cubrindo a cabeza.

• *Se aínda non tes camiseta, toma o sol* –227–, é o consello que lle dan ao xogador Cristiano Ronaldo desde as páxinas de *LV*. O fut-

bolista portugués marchou de vacaciones (foi *tomar o sol*) sen que quedase pechada a súa fichaxe para a próxima temporada (é dicir, sen *ter camiseta*). O dobre sentido está no uso de *non ter camiseta*, que por un lado é unha metonimia de *estar sen equipo* e por outro ten o sentido literal de *estar co torso espiado*, o xeito habitual en que se *toma o sol* e en que se pode ver o futbolista na fotografía que acompaña a reportaxe.

**flash**

• *¡Aquí hai tomate!* –#269<sup>84</sup>–. Empregamos esta expresión fixada cando unha situación agocha datos ou matices que non se perciben a simple vista e que poden ser comprometedores ou mesmo perigosos. Ou tamén, como acontece neste caso, cando realmente hai unha abundancia desta hortaliza (a información refírese a unha festa chinesa en que os participantes se lanzan tomates entre si, nunha imitación da *tomatina* de Buñol, en Valencia).

84 Durante anos houbo un espazo televisivo do mesmo nome, pero temos localizada unha referencia anterior (procedente do ámbito publicitario) e probablemente a expresión sexa mesmo anterior ao *slogan*.



• *¡E eu con estes pelos!* –#39– é unha expresión (que se fixo célebre nun anuncio televisivo, pero que probablemente é anterior) que se utiliza cando a alguén se lle bota o tempo enriba. Aquí, porén, fai alusión ao cabelo da moza que aparece na imaxe, unha saltadora de trampolín chinesa despeitada pola inercia da reviravolta.

• *A ovella negra* –#253–. Unha *ovella negra* é unha persoa que nunha familia ou noutra colectividade se diferencia negativamente do resto de integrantes. Pero nesta información o que temos é un grupo de auténticas ovellas negras, retratado na fotografía que dá pé ao titular.

Rematamos con este grupo de titulares en que a imaxe nos actualiza o sentido da expresión do titular cunha tripla referencia á política galega:

- *Feijóo abre a porta a crear 20.000 empregos* –#430–, quere dicir que o presidente da Xunta ‘non desbota a posibilidade’ ou ‘porá o seu empeño’ en acadar esa cifra de postos de traballo. De novo a diloxía vén da man da fotografía que acompaña a información, na que podemos ver o presidente autonómico abrindo a porta do seu despacho en San Caetano, o que rescata o sentido literal da expresión.
- En *Quintana ve un horizonte claro: 'Imos gañar a batalla do lume'* –#52–, o daquela vicepresidente do Goberno galego *vía un horizonte claro* (‘era optimista’) en canto ás posibilidades de impedir que no verán de 2007 se volvera producir a pavorosa vaga de incendios



do ano anterior. Na imaxe, Anxo Quintana aparecía mirando por uns prismáticos durante a visita a unha das brigadas encargadas da vixilancia dos montes, no

outro sentido de *ver claro o horizonte*.

- Por último, o titular *Danlle cabazas á conselleira de Educación polo horario de verán* –#55– abre unha noticia en que representantes sindicais do ensino lle levan cabazas á conselleira Laura Sánchez Piñón para simbolizar así o seu desacordo coas medidas adoptadas polo seu departamento. *Dar cabazas* equivale a ‘suspender’ na xerga estudiantil<sup>85</sup>, de modo que a imaxe aclara unha diloxía que, por outra parte, xa vén implícita no propio contido da información.



#### 5.2.1.2. Recursos para a actualización do segundo sentido

Deixando á parte o mecanismo de creación de xogos a partir da recuperación dun dos sentidos mediante a imaxe, que excede o puramente lingüístico, nos outros dous grupos que levamos visto (o da recuperación mediante o propio titular e a través do subtítulo/corpo da noticia) son varios os recursos de que dispoñemos para que a actualización do sentido que completa o xogo se mostre ante os nosos ollos.

Un dos máis habituais (fómolo vendo na alínea anterior) é empregar unha expresión fixa para titular unha información dun ámbito relacionado co sentido literal dalgún dos seus componentes. Esta é a motivación deste grupo de titulares:

- Cando unha persoa goza dunha condición física envexable dicimos que ten *Unha saúde de carballo* –#220–, titular que encontramos nunha reportaxe sobre un estudo para avaliar o estado en que se encontran un grupo de olmos centenarios na cidade da Coruña. A coaparición doutra especie vexetal (*olmos*) xunto a *carballo*, recupera o sentido literal deste.
- *Mala pata* equivale a ‘desgraza, infortunio’. Así o interpretamos na lectura illada do titular *A mala pata de Valerón* –#38–. Pero o subtítulo vainos axu-

<sup>85</sup> *Dar cabazas* tamén ten o sentido de ‘rexeitar a alguén’, sobre todo nas relacións sentimentais.

dar a completar o segundo sentido da diloxía, xa que alí podemos ler que o futbolista canario do Deportivo vai ser operado por terceira vez dun xeonlllo, tras unha lesión que leva arrastrando longo tempo. É dicir, a *mala pata* de Valerón é debida á súa lesión na *perna*.

- O titular *Armas de muller* –#10– abre unha noticia sobre a crecente presenza feminina no exército español imitando o título da película (protagonizada por Harrison Ford e Sigourney Weaver en 1988). Xógase, ademais, co dobre sentido da expresión: o literal ('medios de defensa utilizados por mulleres') e o figurado ('habilidades femininas, sobre todo no terreo da sedución').
- Tamén *A frota de Ribeira tensa a corda* –#214–, onde se parte da expresión *tensar a corda*, co sentido de 'radicalizar a súa postura no medio dunha negociación', xa que a noticia trata sobre as protestas dos mariñeiros desta localidade coruñesa, que demandan axudas ante a incesante suba dos carburantes. Pero a frota, que permanece parada á espera dunha solución ao conflito, está amarrada a porto precisamente mediante *cabos* (denominación das *cordas* na linguaxe do mar) co que, por asociación, a presenza de *frota* no titular tira polo significado literal de *corda*, pola súa pertenza ao mesmo campo semántico.

Cando falamos dos titulares en que non hai que seguir lendo para desfacer a diloxía que agochan, xa aludimos á importancia que ten un mínimo coñecemento compartido entre periodistas e receptores. Hai ocasións en que os xornalistas se apoian expresamente neste coñecemento enciclopédico dos lectores para que sexan estes quen completen a diloxía empregando a información da que xa disponían previamente. De todos os xeitos, e para evitar o fracaso do recurso, xeralmente os autores das noticias achegan nalgunha parte destas os datos extralingüísticos en que se sustenta o sentido agochado da diloxía.

- En *Patricia está volvendo tolo a Dani* –#54–, *Patricia* é a presentadora de televisión Patricia Conde, e *Dani* o cantante Daniel Martín, quen eran parella no momento da publicación da información que leva este título. *Volver tolo a alguén* é unha expresión equivalente a 'gustarlle moito', e máis ainda se ese alguén é o cantante dun grupo chamado El Canto del Loco. Este último dato é o que precisan coñecer os lectores para interpretar o xogo.
- *Non andar con contos* é unha expresión que equivale a 'dicir ou facer as cousas sen rodeos'. Por iso, o titular *Os de Lepe non andan con contos* –#48– ten de entrada esa lectura. E non é unha interpretación errónea, pois a noticia fala da resolución dunha concelleira desta localidade onubense que xa posou

espida en dúas ocasións para unha revista. Pero precisamente Lepe (e os seus habitantes) é un lugar común nos chistes (ou *contos*, como se lle chama en gran parte de Galicia), de modo que á expresión feita *non andar con contos* superpone estoutra referencia.

- A portavoz do PP no Congreso, Soraya Sáinz de Santamaría, apareceu posando nunha revista en postura suxestiva, o que causou grande balbordo no seu propio partido. O periodista aproveita o segundo apelido da política (*Santamaría*) para transformalo nunha exclamación que se emprega tradicionalmente para mostrar sorpresa, estraneza ou espanto: *¡Santa María!, Soraya..., ¡Santa María!* –#319–. Un recurso praticamente idéntico é o empregado no titular *A 'bona parte' de Napoleón* –#78–, sobre a poxa dunha carta de amor do emperador francés Napoleón *Bonaparte* dirixida á súa amada, Xosefina.
- *Borrajo baixa o pano* –#293– é o titular dunha información sobre a retirada dos escenarios do humorista galego Moncho Borrajo. *Baixar o pano* é unha frase tirada do mundo do teatro que, por extensión, pasou a significar ‘rematar’ en calquera outro ámbito, mesmo ‘morrer’, eufemisticamente. Aquí o xogo consiste en reutilizar esta expresión con alguén pertencente ao mundo do teatro, de modo que *baixar o pano* neste caso é para el unha acción tan figurada como literal.
- Pecha este grupo *A historia cambia de cor coa elección de Barack Obama* –#279–, onde *cambiar de cor* (‘mudar as condicións dunha determinada situación’) se converte nunha expresión literal ao ser Obama o primeiro presidente de raza negra (*de cor*) na historia dos Estados Unidos.

Ás veces a chave para interpretar correctamente a diloxía reside nun elemento textual (o emprego de maiúsculas ou minúsculas, o uso das ‘comiñas’, os puntos suspensivos...) ou na propia singularidade da estrutura oracional do titular, que nos indica que estamos diante dun enunciado que talvez non quere dicir o que parece a primeira vista:

- *Entre un Polo e o outro* –#96– refírese á decisión que ten que tomar a alpinista Chus Lago (concelleira en Vigo) de facer unha expedición á Antártida ou quedar na cidade olívica para votar a aprobación do PXOM. A expresión de partida é *estar entre dous polos*, ‘encontrarse ante un dilema’, que aquí se modifica para permitir a diloxía de *polo* como ‘concepto ou cuestión oposta a outra’ ou como ‘cada un dos extremos Norte e Sur no eixe de rotación terrestre’. Neste caso, o emprego da maiúscula en *Polo* facilita a comprensión do xogo.

- *A bolsa... ou a vida* –#40– é a lendaria expresión que empregaban os saltadeiros de camiños para esixir a entrega dos cartos que a vítima levase enriba. Pero nesta ocasión a frase fai as veces de titular para información sobre a necesidade de substituir os envases de plástico por outros de materiais menos resistentes, pois aqueles poñen en perigo os animais mariños que quedan enredados neles. É dicir, *bolsa* e *vida* no seu sentido literal, cun uso dos puntos suspensivos que ten a función de advertir do sentido non habitual no que a expresión se emprega.
- O actor Daniel Radcliffe é coñecido pola súa participación nos filmes da saga *Harry Potter*, onde interpreta o protagonista principal: un neno mago. Nun intento de ampliar a súa experiencia profesional, aceptou un papel na obra teatral *Equus*, na que saía á escena totalmente espido, o que ocasionou o rebumbio mediático que centra a información titulada *Cando Harry Potter saca a ‘variña máxica’* –#18–. No titular, Daniel Radcliffe segue sendo denominado *Harry Potter* (pese a que agora representa outro papel), para manter así a referencia do composto *variña máxica*, que nesta saga era a súa ferramenta de traballo e que aquí é un creativo eufemismo para designar o pene, un uso especial que xa nos adiantan as comiñas.

Un recurso máis complexo é o que resulta da copresenza de varias expresións fixas que comparten compoñentes ou que se empregan en contextos similares:

- *Primeira dama negra na Casa Branca* –#280– xoga coa antítese entre os adjectivos *negra-branca* que coaparecen no titular para abrir unha información sobre a vitoria electoral de Barack Obama, converténdose, coa súa muller Michelle, no primeiro matrimonio de raza negra en ocupar a residencia presidencial dos Estados Unidos, a Casa Branca. Pero tamén hai un recurso á fusión de dous compostos: *primeira dama* ('muller do presidente') e *dama negra* ('raiña das pezas de cor negra no xadrez'; con esta mestura desactualízase o elemento común *dama*, o cal nos obriga á lectura individual de cada un dos compoñentes das expresións. A referencia ao xadrez refórzase na parte final do titular, con esa alusión á Casa Branca ('residencia do presidente dos Estados Unidos', pero tamén 'cada unha das celas brancas do xadrez').
- *Botar a rede* é unha expresión que se emprega para referirse ao intento de enganar alguén, do mesmo modo que *caer na rede* equivale a 'ser vítima dun

engano'. O titular *Que non te<sup>86</sup> boten a rede (social)* –#329– abre unha información sobre unha asociación de cibernautas creada para advertir dos perigos que se lles poden presentar aos usuarios das *redes sociais*, composto que se emprega para definir a ‘aplicación informática que permite a comunicación entre grupos de persoas que comparten intereses, afeccións ou calquera outra característica común’. Precisamente a fusión de *rede social* e *botar a rede* é a que desencadea a actualización do sentido de ambas as dúas expresións.

- *Dobres parellas de grandes* –#178– é unha mestura de varias expresións procedentes do ámbito dos divertimentos baseados no azar, concretamente dos naipes<sup>87</sup>. A pesar do seu carácter híbrido, a asociación co mundo dos xogos de cartas é inmediata. Pero a noticia trata das estreas cinematográficas, entre as que destacan senllas películas protagonizadas por cadanxeu dúa de actores consagrados: é dicir, *dobres parellas* (dous ‘grupos de dúas persoas’) de *grandes* (actores ‘consagrados, de calidade acreditada’).
- *Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa* –#42– é un titular que toma como base dúas expresións que teñen ambas as dúas certa inspiración no ámbito sexual: *unha cuestión de ovos* vén sendo ‘unha disputa na que os contendentes tratan de demostrar cal deles é máis viril’ (con *ovos* no sentido de ‘testículos’), mentres que *o tamaño si importa* é a contrarréplica popular para quen asegura que nas relacións sexuais as medidas non son un elemento relevante. O autor do titular xoga con esta dupla referencia para titular unha información en que os *ovos* son realmente ovos, no seu sentido derecho de ‘protección do embrión que emprega a maioría das especies animais para a súa reprodución’ e a referencia ao *tamaño* vén dada por unha imaxe en que se presentan convxuntamente un ovo de avestruz e outro de colibrí, o maior e o menor no mundo das aves.

É preciso destacar que a actualización do segundo sentido pode ter lugar mesmo en caso de que no titular non poidamos reconecer estritamente o segundo elemento que permite o xogo. Por exemplo, en *A memoria histórica de Carmencita* –#294–, *memoria histórica* é un concepto historiográfico que se pode definir como o ‘esforzo dos grupos humanos por entroncar co seu pasado para analizalo en profundidade e darlle o tratamiento de respecto que en xustiza lle corresponde’. E o elemento elidido é o plural lexicalizado *memorias*, que non se recolle na frase

86 O correcto sería *che* no canto de *te*.

87 Pode tratarse dun cruzamento entre *dobres parellas* (baza do póquer) e *duples de grandes* (baza do mus).

de partida. Por iso, cando a neta do ditador Francisco Franco, Carmen Martínez Bordiú (coñecida popularmente como *Carmencita*), publica un libro de *memorias*, a diloxía xorde, áinda que *memorias* non se faga explícito.

O mesmo acontece en *Un roubo de impresión* –#148–, título dunha información sobre a subtracción nun museo suízo de varios cadros de pintores como Monet, Cézanne, Van Gogh e Degas. É, sen dúbida, un roubo de *impresión*, isto é, ‘que causa un efecto sensible ou que sorprende fondamente’. A diloxía temos que buscalo noutro termo non presente, *impresionismo*, a corrente á que pertenecen todos estes artistas<sup>88</sup>.

Por outra banda, áinda que en relación co que acabamos de indicar, se na maior parte dos casos a segunda lectura se corresponde coa lectura individual dun dos compoñentes da expresión ou ben coa suma das lecturas individuais dos compoñentes, en certos casos o que se produce é a evocación dunha expresión fixa próxima formalmente á que figura no titular, e coa que comparte algúns compoñentes. Esta segunda expresión pode actualizarse se o contexto e a semántica son propicios. Así sucede nos seguintes casos:

- O *mans libres* é un dispositivo que permite atender as chamadas no teléfono móvil sen necesidade de premer as teclas do terminal, de maneira que, tal e como indica o seu nome, nos deixa as mans libres para poder realizar calquera outra actividade mentres falamos. Por outra banda, temos a expresión *ter as mans libres* ('autonomía para realizar unha actividade ou tomar unha decisión'). Debido a esta semellanza, o desenvolvemento da noticia titulada *Un edil sen mans libres* –#7– (sobre un concelleiro de Ribadeo ao que o alcalde lle restrinxiu as chamadas telefónicas) acaba evocándonos a expresión *ter as mans libres*, que non se explicita en ningún momento.
- *Estar na onda* é unha expresión fixada que se emprega co sentido de ‘mantenerse informado’ ou ‘estar ao tanto das últimas tendencias’. Este é o punto de partida do titular *Setenta e cinco anos na onda* –#123–, nunha información sobre o aniversario da radio en Galicia. Nesta ocasión a expresión que non se fai patente é *nas ondas*, medio de propagación da radio polo espazo; así que a radio galega leva 75 anos *nas ondas* mantendo os seus receptores *na onda*.
- *Un home do seu tempo* –#205– é aquel que está interesado en canto sucede ao seu redor e que evoluciona a medida que o progreso vai mudando a forma de vivir, que se adapta á actualidade e á modernidade. Nesta época, iso inclúe

<sup>88</sup> A similitude entre *impresión* e *impresionismo* non é casual: *impresionismo* deriva do título do que se considera como o primeiro cadro desta corrente, *Impresión: sol naciente*, de Monet.

estar ao tanto das posibilidades que achegan as novas tecnoloxías, e así acontece co protagonista desta información, Santiago Pemán, quen creou a súa propia páxina web. Pero Pemán non só é un *home do seu tempo*, senón tamén meteorólogo, é dicir, *un home do tempo*, clixé mediático de fasquía practicamente idéntica á expresión que serve de título a esta noticia. Trataríase, polo tanto e de entrada, dunha fusión entre dúas expresións que comparten formantes (*home* e *tempo*), e nas que temos dous *tempos* distintos: o cronolóxico e o meteorolóxico.

Nestes tres casos, o desenvolvemento da información saca á luz a segunda expresión, que non se mostra formalmente de maneira completa en ningún momento, senón que xorde grazas ás particularidades semántico-contextuais da noticia. A posta en relación de dúas expresións tan próximas formalmente provoca a desautomatización.

Analizamos agora un grupo de casos en que encontramos unha expresión polisémica en que se xoga cos seus dous sentidos memorizados. O recurso consiste aquí en rachar as expectativas dos lectores, que agardan un sentido da expresión asociado, ben ao contexto habitual en que aparecen os protagonistas da noticia, ben ao propio cotexto do titular, mentres que a información vai por outro lado. Vexámolo máis claramente nos exemplos:

- *Obama e McCain, en caída libre* –#272–. A imaxe desta información recolle o lanzamento desde un avión de dous paracaidistas disfrazados dos daquela candidatos á presidencia estadounidense, Barack Obama e John McCain. Trátase dunha *caída libre* na acepción literal da expresión, aínda que o titular xoga coa figurada, empregada frecuentemente no ámbito político (tamén no económico e no deportivo), e que se corresponde con ‘sumido nunha xeira especialmente negativa’.
- *Gloria Lago: no punto de mira* –#407–. A presidenta de Galicia Bilingüe adoita estar no *punto de mira* (‘no centro de atención’) debido ás súas polémicas declaracións sobre o galego. Pero neste caso Lago é protagonista por unha pintada en que se pode ler o seu nome dentro do bosquexo dun punto de mira, o xeito en que diversos grupos terroristas ameazan as súas potenciais vítimas.
- *O campión da barra libre* –#471– parece referirse ao gañador dalgúnha competición ximnástica, xa que *campión* é un termo que asociamos inicialmente co mundo do deporte. Cando sabemos que o protagonista desta in-

formación é o futbolista Ronaldinho, algo deixa de cadrar, pois xa non falamos de ximnasia, senón doutro deporte. A diloxía queda aclarada axiña, ao ler que o brasileiro foi multado polo seu equipo logo de ser *pillado* varias veces na discoteca, onde o termo *barra libre* ten un significado moi afastado do deportivo e *campión* adquire tamén connotacións diferentes.

- Os *Xogadores a tres bandas* –#508– son tradicionalmente os de billar, xa que *tres bandas* é unha das variedades deste xogo. Pero *xogar a tres bandas* tamén se emprega eufemisticamente como sinónimo de ‘infidelidade’, que é o sentido que ten nesta información, referida a varios deportistas aos que se lles descubriu a existencia dunha ou varias amantes. Polo tanto, sen saímos do ámbito deportivo (de onde procede a expresión), sae á luz estoutro sentido figurado, no que as *tres bandas* son as partes implicadas na relación.
- *Problema en aumento* –#405– é outro clixé xornalístico para facer mención a unha situación que vai complicándose progresivamente e que aquí recupera o seu sentido orixinal ao empregarse como titular nunha noticia sobre un neno colombiano de 11 anos que pesa xa 170 quilos e segue engordando de maneira continuada.

Nos dous titulares que presentamos a continuación, xógase tamén cunha expresión polisémica. Desta volta, existe no titular un elemento que se vincula tematicamente cunha das lecturas da expresión fixa e que puxa pola súa actualización, a pesar de que esta implique en realidade un contrasentido.

- *Non está frío e xa queren deixalo teso* –#421– combina as expresións fixadas *non estar (aínda) frío* (disfemismo por ‘acabar de morrer’) e *deixar teso (a alguén)* ‘matar’, expresións encadrables ambas no semántico da morte. Evidentemente, non ten moito sentido querer matar a alguén que acaba de morrer. Se continuamos lendo aclaramos este contrasentido: a noticia trata sobre a polémica repartición da heranza do cantante Michael Jackson aos poucos días do seu falecemento, o cal saca á luz un segundo sentido de *deixar teso* ‘arruinar’.
- O titular *Mar de fondo en terra* –#29– trata sobre a dimisión sen aclarar os motivos dun dos directores xerais da Consellería de Pesca. A aparente incongruencia do titular (o *mar de fondo*, ‘forte movemento do mar producido pola chegada de ondas xeradas nun punto afastado’, non pode darse fóra do propio mar) débese ao uso figurado que ten neste caso a expresión, como ‘situación pouco clara’ ou ‘perigo latente’. É xustamente a imposibilidade de que o mar de fondo se produza en terra o que tira polo sentido figurado.

O sentido literal de *mar de fondo* actualízase, no entanto, pola presenza do termo *terra* co que *mar* establece unha relación de antonimia/complementariedade.

Nos casos que estivemos comentando, como xa indicamos, a actualización do sentido individual dos componentes da expresión (ou do sentido literal fixado) prodúcese en segundo lugar, despois de acceder á información que acompaña o titular (ou, cando menos, á imaxe que complementa a noticia). Agora ben, o papel que desempeña este segundo sentido é moi variable de titular a titular. Nalgúns casos, este sentido impone como o único informativo (e/ou real), descartando o significado memorizado. É o que sucede, por exemplo, no seguinte grupo de titulares:

- *A Rajoy tórraselle o arroz* –#470–. Ás mulleres que chegan a certa idade sen casar (ou sen ter fillos), díselles que *se lles torrou/pasou o arroz*. Polo tanto, a coaparición desta expresión con Rajoy non encaixa nas regras lóxicas de combinación. A explicación témola na fotografía, onde o líder da oposición asiste á preparación dunha paella xigante en Zaragoza.
- Cando o daquela (abril de 2009) recentemente elixido presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, fixo público o seu equipo de conselleiros, *LV* titulou *Aterriza<sup>89</sup>* ou ‘*Goberno dez*’ de Feijóo –#366–. O esquema<sup>90</sup> *substantivo + dez* (*corpo dez*, *muller dez*, *equipo dez*...) outórgalle ao termo que coaparece co numeral o sentido de ‘perfección’. Quere dicir o periodista que así titula que o equipo de goberno elixido por Feijóo é o ideal para o cometido para o que foi designado? As comiñas entre as que se sitúa o concepto xa nos indican que quizais non sexa así. E o corpo da noticia confírmalo: *dez* é o número de conselleiros nomeado polo presidente da Xunta, de modo que a xustificación de *Goberno dez* é simplemente a cantidade de componentes.
- A primeira viaxe do propio Núñez Feijóo a América como presidente da Xunta levouno a visitar tres países nunha semana, de aí que o xornalista titule *Facer as Américas... en tan só sete días* –#510–, valéndose da expresión *facer as Américas* (‘emigrar na procura de riqueza<sup>91</sup>’), nacida na época da masiva emigración cara ao outro lado do Atlántico. Neste caso, evidentemente o presidente

<sup>89</sup> O termo estándar en galego é *aterrar*. Talvez o xornalista decidiu empregar o castelanismo *aterrizar* para evitar a nova diloxía que xurdiría do titular *Aterra o ‘Goberno dez’ de Feijóo*, polo dobre sentido de *aterrar* como ‘acabar de chegar’ e como ‘dar medo’.

<sup>90</sup> Para completar a información sobre este tipo de estruturas abertas, pódese consultar o concepto de *folklorismo sintáctico* ou *fraseoesquema* en Baranov / Dobrovolskij (2009: 17-19).

<sup>91</sup> Sobre expresións fixadas de orixe galega, pódese consultar Ferro Ruibal (2005).

da Xunta non vai a América na busca de fortuna, senón de visita institucional, e *facer as Américas* ten aquí o sentido de ‘percorrer o continente americano’.

- Moi similar ao anterior é o titular *Un asunto de narices* –#444–. A expresión *de narices* emprégase con valor intensificador, para indicar importancia ou transcendencia. Só que neste caso o asunto é a rinoplastia da princesa Letizia, tema de comentario nos medios de comunicación pola operación en si e polo feito de que esta se realizase fóra de España.
- Un último exemplo é *Ledger, unha estrela fugaz* –#136–, titular referido á morte aos 28 anos do actor Heath Ledger, un dos protagonistas do filme *Brokeback Mountain*, onde se xoga co composto do ámbito da astronomía *estrela fugaz*, sentido que queda desbotado ao ir referido a unha persoa, contexto en que *estrela* ten o sentido de ‘personaxe célebre’.

Outras veces sucede todo o contrario: prodúcese simplemente unha evocación do sentido individual dos componentes da expresión, ou dalgún deles (pola relación semántica ou contextual existente entre tales componentes e a información que se achega), pero esta lectura non se impón sobre a da expresión fixa nin convive con ela (é dicir, non constitúe unha dobre información). Son exemplos deste tipo:

- O titular *Tomando moi a peito as súas obrigas* –#93– aparece nunha reportaxe sobre Pamela Anderson, quen decidiu aceptar a proposición dun home de deitarse con el a cambio de que este se fixese cargo da millonaria débeda da actriz nun casino. Anderson demostrou *tomar moi a peito* (‘poñer excesivo empeño en algo’<sup>92</sup>) a súa obriga de saldar a débeda contraída, ata o punto de meterse na cama con quen a pagase. O dobre sentido de *tomar a peito* deriva do voluminoso busto da protagonista da serie televisiva *Os vixilantes da praia*.
- *Entoar a nota + (adxectivo)* é un esquema aberto en que *entoar a nota* equivale a ‘facer algo’ ao xeito que indique o adxectivo que completa o enunciado. Así, temos *entoar a nota discordante* (‘levar a contraria’), *entoar a nota axeitada* (‘acertar’) ou *entoar a nota negativa* (‘amosar pesimismo con respecto a algo’). *Entoan a nota solidaria* –#314– será, segundo o visto, ‘realizar algunha acción encamiñada a axudar o próximo’; xusto o que se nos conta na noticia que leva este título: a gala musical benéfica contra o cancro organizada pola orquestra *Panorama*. Os termos *musical* e *orquestra* deseguida nos amosan o sentido literal de *entoar a nota*.

92 *Tomar a peito* tamén ten o sentido de ‘ofenderse’.

- Facer algo *con moito ollo* equivale a ‘prestar unha grande atención’, así que *Xogar con moito ollo* –#13– parece ir nesa liña de concentración ou especial coidado. Pero cando lemos no subtítulo que o Colexio de Ópticos advirte dos danos que poden causar na saúde visual dos nenos os xoguetes con lentes ou espellos, queda tamén á vista dos lectores o sentido literal de *ollo* ‘como órgano do corpo humano’.
- *Canadá e os indios fuman a pipa da paz* –#219–. *Fumar a pipa da paz* é unha expresión empregada para simbolizar o ‘cesamento das hostilidades’; a súa orixe esta no costume dos nativos norteamericanos de asinar a fin dos seus conflitos mediante esta acción. E precisamente os *indios* coaparecen neste titular, pero non para recuperar o sentido literal da frase, senón para integrarse no figurado, xa que a noticia se refire á aceptación por parte das comunidades aborixes canadenses das desculpas do Goberno deste país polo trato dispensado no pasado.

En varios destes casos é só un dos componentes da expresión fixada o que se actualiza cun novo sentido. Outras veces, no entanto, parecen poder coexistir os dous sentidos, aínda que con frecuencia un deles pode identificarse como máis relevante ca o outro. É o que acontece en:

- *Ao mal tempo... boa cara* –#152–. Así exemplificamos habitualmente a necesidade de ter unha actitude positiva mesmo nos momentos de maior dificultade. No caso da información que leva este titular, non estamos só ante unha frase feita: na fotografía podemos ver un grupo de nenos ecuatorianos xogando divertidos nas rúas asolagadas da súa aldea logo das incessantes chuvias que caeron na zona durante varios días.
- Ver a *Luz ao final do túnel* –#110– indica que se comeza a albiscar unha certa tranquilidade logo dunha época de fatigas. A fotografía que acompaña este titular devólvenos o seu sentido orixinal, pois nela vemos un home camiñando polo túnel que conecta as partes israelí e palestina nos arredores de Xerusalén, coa claridade do día iluminando a última parte da galería subterránea.
- *Makelele non dá a cara no xuízo para evitar a presión mediática* –#201–. *Dar a cara* é unha expresión sinónima de ‘facer fronte’, de ‘non acovardarse’, todo o contrario do protagonista desta información, acusado dun atropelo mortal en Vigo. Na fotografía vemos como o mozo acode ao xuízo coa cabeza cuberta por un pasamontañas, é dicir, sen *dar a cara* tampouco no sentido literal.

Nos casos anteriores os lectores procesan en primeiro lugar o sentido memorizado da expresión fixa, e só en segundo lugar xorde o sentido literal que completa a diloxía. Moito menos frecuente é que o proceso se inverta. Cando é así, o titular presenta unha serie de elementos léxicos combinados en estrutura libre que coinciden cos componentes léxicos dunha expresión fixa. No entanto, o sentido que se procesa inicialmente non é o memorizado, por un motivo: algunha particularidade gramatical ou contextual leva a non poder identificar a expresión fixa como tal no titular, o cal non impide a súa evocación.

- *Co lume non se xoga* –#126– é o titular que abre unha noticia sobre a posta en marcha dun programa de sensibilización entre os escolares galegos para falar da necesidade de previr os incendios forestais. Neste caso a expresión evocada é *xogar con lume* ('expoñerse a un perigo'), cuxo contido se superpón ao contido literal do titular. Este contido literal, na nosa opinión, é o primeiro que se procesa debido á presenza do artigo *o* diante do substantivo *lume*, feito que desbota nunha primeira lectura a locución verbal. O feito de que os destinatarios da campaña sexan nenos reforza o vínculo entre o titular e a lectura literal, por medio da asociación *neno – xogar*. Sobre a mesma base (e co mesmo artigo) constrúese *Lugo xoga co lume* –#278–. A razón da presenza desta expresión no titular é a celebración en Lugo dun encontro de magos e ilusionistas, un dos cales aparece na fotografía da información realizando un espectáculo con fachos ardentes, *xogando con lume*, polo tanto.
- O presidente Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, é o protagonista da seguinte información, que leva por titular *Feijoo fai oír o galego en Bruxelas* –#473–. A expresión *facerse oír* ten o sentido de ‘impoñer unha opinión de maneira contundente’, pero neste caso o emprego do galego na capital comunitaria non tiña esa connotación reivindicativa, trátase simplemente dun *facer oír* literal (e sen pronome reflexivo).
- Algo similar sucede en *Seis empresas con malos fumes* –#457–, pero desta vez son os criterios racionais de coaparición os que impiden o sentido figurado ('de carácter complicado, que se anoxa con facilidade'), a menos que entendamos que hai unha metonimia en que as empresas representan aos seus propietarios. Pero o máis sinxelo é actualizar nunha primeira lectura a acepción literal de ‘moi contaminantes’.

### 5.2.2. Diloxía sobre unha expresión monoverbal

Da mesma maneira que nas diloxías en que participan expresións fixas, nas diloxías que afectan elementos illados dos titulares podemos detectar normalmente unha primeira lectura que se impón sobre outras posibles. Só de segundas xorde un novo sentido, novo sentido que, no entanto, pode imponerse sobre o primeiro desde o punto de vista informativo, arroupado polo contexto lingüístico en que aparece ou polo propio tema da noticia.

Se no caso das expresións complexas a primeira lectura se corresponde case sempre co significado fixado, nas unidades monoverbais existen necesariamente outros factores (en ocasións concorrentes) que determinan a selección do primeiro sentido que se procesa. Así, por exemplo, o primeiro significado actualizado pode vir dado polos elementos léxicos que coaparecen co termo que sostén a diloxía, como en *Porro e Caballero prepáranse para ‘pescar’ os votos de maio*<sup>93</sup> –#28, ou en *Un furacán de solidariedade* –#50–. Nestes dous casos, a presenza respectivamente de *votos* e de *solidariedade* determina a actualización dos significados figurados de *pescar* e *furacán*, fronte aos seus significados literais, que só serán actualizados a posteriori, tal e como comentaremos máis adiante. Outras veces é a propia estrutura en que se insire o termo a que determina a lectura inicial. Así, por exemplo, o feito de que a palabra *divino* aparezca inserida no esquema «do más + adjetivo» parece conducir á lectura do adjetivo como ‘magnífico, marabilloso, moi bo ou moi bonito’ no titular *Un aluguer<sup>94</sup> do más divino* –#360–.

Tamén marcas tipográficas de distinto tipo condicionan a primeira lectura: así, por exemplo, a maiúscula inicial (apoiada polas comiñas) do termo Bigotes en *De ‘Bigotes’, peitos e moito morro* xa nos pon sobre aviso de que a lectura da palabra non debe ser a habitual e desde logo, determina claramente o valor do termo para aqueles lectores que coñezan o alcume do personaxe ao que se alude.

Pero, como xa indicamos, en todos estes titulares non abonda coa primeira lectura. Imos analizar a seguir o punto en que xorde un novo sentido do termo para logo deternos nos factores que precisamente desencadean o proceso dilóxico.

#### 5.2.2.1. Punto de recuperación da diloxía

Como nas expresións fixas, por distintas razóns é posible que se produza o procedemento dun segundo significado dunha palabra illada, co que estariamos diante

93 A diloxía presente nestes enunciados será explicada nas seguintes seccións.

94 Como xa vismo noutro titular anterior, o normativo sería *alugueiro*.

dunha diloxía. E como tamén vimos na categoría das expresións pluriverbais, a chave para interpretar o dobre sentido pode estar no propio titular, no subtítulo, no corpo da información ou nunha imaxe que acompaña o texto.

Vexamos primeiramente aqueles titulares en que a diloxía se presenta sen necesidade de seguir lendo o resto da información (co apoio, como xa viramos anteriormente, dun certo coñecemento compartido entre emisores e receptores):

- O titular *Cristiano regateou a Paris Hilton* –#240– xorde logo de que o futbolista Cristiano Ronaldo non quixese intimar coa *celebrity* estadounidense Paris Hilton. *Regatear*<sup>95</sup> ten aquí a acepción metafórica de ‘evitar, ignorar ou librarse de alguéén’, pero conservamos o sentido do contexto deportivo orixinal grazas á presenza de *Cristiano* no titular.
- O tamén futbolista Diego Armando Maradona xogou durante varios anos no equipo italiano do Nápoles, e durante esa época foi acusado de ter tratos coa *camorra* napolitana. Maradona era neste 2008 o adestrador da selección arxentina, e daquela foi acusado de colocar familiares e achegados en diversos postos, tal e como se recolle na información titulada *O ‘padriño’ Maradona ‘enchufa’ a familia* –#361–. Polo tanto, *padriño* ten aquí un dobre sentido figurado: ‘persoa que favorece a outra e a axuda a conseguir determinados beneficios<sup>96</sup> e ‘xefe mafioso<sup>97</sup>
- Tamén en *A zarina Isinbayeva* –#443– a sección (*Deportes*) en que aparece o titular vai ser unha pista importante para sabermos que detrás del se agocha un novo recurso á diloxía. Obviamente, non é unha reportaxe histórica sobre a realeza rusa, pois Yelena Isinbayeba é unha perteguista rusa que nos últimos anos bateu en máis de vinte ocasións o récord mundial deste tipo de salto, o que a converte na *raiña* (no sentido figurado de ‘máxima representante, dominadora’) desta especialidade deportiva. O periodista xoga neste caso coa asociación *raiña* – *zarina*, valéndose da orixe rusa da protagonista da información.
- A redución na asignación económica que percibe anualmente a Familia Real en setembro de 2009 coincidiu cunha época na que tanto o rei Xoán Carlos como o príncipe Felipe decidiron deixar medrar a barba, o que aproveitou o xornalista para elaborar o titular *Recúrtanlle<sup>98</sup> todo menos as barbas*

<sup>95</sup> As formas estándares galegas son *canear* ou *driblar*.

<sup>96</sup> A acepción de *padriño* como ‘persoa que favorece a outra’ desvíase pola presenza de *enchufar* co sentido tamén figurado de ‘dar un emprego por recomendación ou influencias’.

<sup>97</sup> Esta acepción de ‘xefe mafioso’ tamén queda á vista grazas á coaparición do termo *familia*, asociado a *mafia*.

<sup>98</sup> O termo estándar é *recórtanlle*.

–#467–, para unha información en que se dá conta das dúas novas. A diloxía descansa sobre o verbo *recortar*, que alterna o seu significado entre ‘cortar o que sobra’ (no caso da barba) e ‘reducir’ (no caso do orzamento).

- ‘*Patri*’ *Conde*: *amargor* e *Mermelada* –#492– pon en relación dous conceptos opostos: os que acompañan no titular a protagonista da noticia, a presentadora de televisión Patricia (‘*Patri*’) Conde. O *amargor* vén dado porque anteriormente transcendera a noticia de que acababa de finalizar a relación co seu noivo; e a ‘*Mermelada*’ xustifícase por uns comentarios sobre ela publicados nun artigo do tamén presentador Jorge Javier Vázquez, ao que no programa que presenta Patricia Conde se refiren sarcasticamente por este alcume. Cabe destacar que os que se enfrentan son dous sentidos figurados dos termos en xogo: *amargor* como ‘sentimento de pena’ e *Mermelada* (exemplo de *dozura*) como ‘persoa de trato amable’, de onde provén o alcume<sup>99</sup> do citado presentador. Os dous termos retroaliméntanse mutuamente para recuperar o sentido literal de cada un deles.
- A veterana actriz Terele Pávez foi fotografada durmindo entre uns cartóns nunha rúa de Madrid, nunha noticia que *LV* titulou *O peor papel de Terele* –#187–. A diloxía consiste neste caso en xogar coa dobre acepción de *papel*: ‘personaxe representado por un actor nunha obra dramática’ e, estendendo este sentido, ‘comportamento ou actitude nunha circunstancia determinada’, que é a que prevalece neste caso, pese a que a coaparición con *Terele* (unha actriz) chame polo outro sentido.
- *A política descarrila o AVE* –#234– é o titular co que *LV* informou da falta de acordo institucional á hora de fixar os prazos para o remate das obras do tren de alta velocidade en Galicia. *Descarrilar* está aquí empregado no seu sentido figurado de ‘facer que algo abandone a dirección correcta’, aínda que a presenza de *AVE* ao seu carón garante o mantemento do sentido literal na mente do lector, dando lugar así á diloxía.
- En decembro de 2008 o Deportivo da Coruña perdeu 3-0 contra o Valladolid logo dunha xeira de bos resultados na Liga, nunha información que a sección de *Deportes* de *LV* titulou *Pucela conxela o Deportivo* –#300–. *Conxelar* ten aquí o sentido de ‘deter unha actividade ou proceso’, o das vitorias acadas ata ese momento. Pero *Pucela* (nome coloquial para referirse á cidade cas-

<sup>99</sup> O termo cuñouno unha colaboradora dos programas de corazón, *Cuca* García de Vinuesa, quen se referiu a Jorge Javier Vázquez como alguén ‘non tan malo como parece, más ben é doce como un tarro de marmelada’ (obsérvese que o titular mantén a forma castelá, fronte á galega *marmelada*).

telá de Valladolid) é un lugar coñecido polas súas baixas temperaturas (e máis en pleno mes de decembro), de modo que *conxelar* recupera outro dos seus sentidos figurados, aínda que este máis próximo ao literal: ‘pasar moito frío’.

- *Libros debaixo das follas* –#67– é o titular para a inauguración da feira do libro de Santiago de Compostela, que se celebra todos os anos na alameda da cidade (*debaixo das follas* das árbores, polo tanto). *Folla* ten, entón, o sentido de ‘órgano que medra nas pólas dos vexetais’, pero a súa coaparición a carón de *libros* permítenos unha segunda lectura: a de ‘rectángulo de papel empregado para recoller un texto escrito’.
- *Engalar* emprégase co sentido figurado de ‘comezar un novo proxecto, polo xeral logo de resolver unha serie de preparativos ou vicisitudes<sup>100</sup>’, a semellanza dun avión que inicia o seu voo. Por este motivo, en *Os aeroportos galegos van ‘engalar’ con novas rutas* –#456– fúndense os dous sentidos, xa que as *novas rutas* de que se fala no titular van permitir que os aeroportos ‘amplíen as súas posibilidades comerciais’ (*engalar*, figuradamente), pero nun contexto no que *engalar* segue mantendo o seu significado orixinal.
- Ao porteiro de fútbol Iker Casillas atribúenselle periodicamente distintas relacións sentimentais, o que dá pé ao periodista a titular *O gardameta imparable* –#475–, nunha recompilación dos seus romances más soados. *Imparable*, polo tanto, ten aquí o sentido figurado de ‘capaz de conseguir todo aquilo que se propoña’. Pero estamos a falar dun porteiro de fútbol, cuxo labor é precisamente parar os balóns lanzados polos xogadores do equipo contrario, de modo que *imparable* recupera o seu sentido orixinal pola coaparición con *gardameta*.

A continuación incluímos un grupo de titulares en que precisamos doutros componentes textuais da información (o subtítulo, case sempre, ou excepcionalmente o corpo da información) para decodificar o dobre sentido:

- En *Galicia móllase* –#434– (de idéntica estrutura ca o anterior), por razóns de pertinencia temática probablemente pensemos primeiramente no sentido figurado de *mollarse*, ‘comprometerse’ (pese á coloquialidade deste emprego), cando en realidade a información avisa dun temporal de chuvia no noroeste da Península, é dicir, que Galicia vai *mollarse* no sentido literal.
- O titular *As Illas afunden* –#99–, nada nos indica que ao sentido de partida (‘varias porciones de terra rodeadas de mar que se somerxen’) se sume

<sup>100</sup> Este sentido figurado de *engalar* procede do dobre sentido do castelán *despegar*, do que o galego calca a diloxía para aplicala ao seu termo equivalente.

outra opción interpretativa. Será o subtítulo o que nos proporcione o segundo sentido, ao termos que o Reino Unido (*as Illas*) non logrou clasificar ningunha das súas seleccións para o campionato mundial de fútbol de 2008, o que fai emerxer un novo sentido de *afundir*: ‘arruinarse un proxecto’.

- *A universidade da nosa terra* –#448– parece referirse a algunha caste de *alma mater* de noso, pois a combinatoria de *da nosa terra* ten tradicionalmente o sentido de ‘propiedade’. E así é, pois a reportaxe céntrase nas funcións da Universidade Rural Galega, dedicada a espallar os coñecementos tradicionais do mundo agrario. Pero este apelo á ruralidade exhuma o significado literal de *terra* ‘solo, superficie empregada para o cultivo’, producíndose así a diloxía.
- *Volven os tempos de sementar*<sup>101</sup> –#266– podería ser unha información dirixida tamén ao mundo agrario, pero a súa presenza na sección *Cultura* xa nos pon sobre aviso de que o titular orefece algo máis do que se colleita nunha primeira lectura. No subtítulo comeza a aclararse a diloxía: trátase da volta aos escenarios do grupo musical Fuxan os Ventos. A partir de aquí, xa entra en xogo o coñecemento enciclopédico do lector, que probablemente saiba que a canción máis célebre desta formación é «*Sementeira*», cuxo retrouso é o *Sementar, sementarei...* ao que se fai mención no titular. Porén, o propio corpo da noticia inclúe esta referencia, co que a comprensión da diloxía é posible mesmo para quen careza desta información.
- Sobre a mesma base, pero cunha motivación diferente, no titular *Sementando futuro* –#92– percibimos inicialmente o sentido figurado de *sementar*: ‘sentar as bases’. Isto débese a que o termo que o acompaña, *futuro*, non admite combinación lóxica co sentido literal, ‘plantar algo na terra para que se reproduza’. Pero o subtítulo da noticia (*Un campesiño boliviano está visitando explotaciones agrarias galegas para trasladar os coñecementos á súa rexión de orixe*) devólvenos o sentido literal, porque nos sitúa no ámbito agrario, onde *sementar* mantén a súa acepción orixinal.
- ‘*O pai dos paraguaios*’ –#369– é o título que, polo seu cargo de presidente do país sudamericano, lle corresponde ao ex-sacerdote Fernando Lugo. Pero logo de que lle fose atribuída a paternidade de polo menos catro fillos concibidos durante o seu período como arcebispo da capital, Asunción, o apelativo honorífico *pai dos paraguaios* converteuse en literal (polo menos de

101 Neste caso o termo *sementar* destácase mediante o emprego dunha cor distinta ca a do resto do titular, nun recurso que xa citamos, pero que non temos en conta neste traballo pola inexistencia dun criterio que marque unha pauta no seu uso.

parte deles). *Pai* desenvolve aquí, polo tanto, a dobre función de ‘proxenitor’ e ‘guía, referente, persoa destacada dunha colectividade’.

- O titular *Fox e Ronaldo pónense íntimos* –#480– fainos pensar de entrada nunha posible relación sentimental entre a actriz Megan Fox e o futbolista Cristiano Ronaldo, pois por *poñerse íntimos* entendemos *intimar*, un eufemismo para ‘manter relacións sexuais’. Pero xa no subtítulo comprobamos que a nosa suposición é errónea, pois a noticia trata da elección destes dous personaxes como imaxe dunha marca de lencería. *Poñerse íntimos*, polo tanto, ten neste caso un sentido máis ou menos forzado polo autor do titular, que o asocia con ‘posar con prendas íntimas’.
- A *transparencia* (‘sinceridade’) é unha virtude desexable para quen se dedique á política. Estamos diante dun sentido figurado do termo, que en orixe fai alusión á ‘calidade daquilo que permite o paso da luz e que se vexta o que hai no seu interior’. A metáfora é moi clara (*transparente*, poderíase dicir), pois insírese nunha das asociacións más asentadas á hora de crear sentidos figurados: a oposición *luz-bo / escuridade-malo*. Unha persoa que non agocha nada no seu interior, que non ten un fondo escuro ou que deixa ver todo o que pensa é, por tanto, unha persoa *transparente*. Na información *Demasiado transparente* –#24– cíntase o caso dunha concelleira que tivo que deixar o seu cargo logo de saír espida nunha revista. Deste xeito, a *transparente* devólveselle en certo modo o sentido literal, pois sitúanos de novo no plano físico: unha política que mostra o seu corpo.
- *Desembarco no mar* –#241– semella unha redundancia, pois é no mar onde de xeito habitual se producen os desembarcos; pero un titular xornalístico non adoita botar man dun recurso tan pobre, de modo que ten que haber algo máis, que seguramente o corpo da noticia nos aclarará. Así é: a información refírese á apertura da sede náutica de Caixa Galicia na localidade pontevedresa de Sanxenxo, a primeira deste tipo da entidade bancaria herculina. *Desembarco* ten, neste caso, o sentido figurado de ‘entrada dunha empresa nun sector da vida pública ou económica coa intención de influír nel ou de facer negocio’.
- *A forza de Hércules* –#423– non é, como podería desprenderse da lectura illada deste titular, unha referencia ao ser mitolóxico, célebre pola súa fortaleza: trátase, por contra, da cabeceira para unha información sobre os novos reclamos turísticos dos que se vai dotar a contorna da Torre de Hércules da Coruña logo da súa declaración como Patrimonio da Humanidade. *Hércules*,

polo tanto, é unha forma reducida para *Torre de Hércules*, mentres que *forza* sería neste caso sinónimo de ‘potencialidade’.

- Disque as películas que obteñen un galardón nos *Globos de Ouro* son as que logo adoitan resultar premiadas tamén cun dos *Oscar* da Academia, os premios máis prestixiosos do mundo do cine. Por iso, cando se anuncian os aspirantes aos *Golden Globe*, moitos vén nesa listaxe os candidatos aos *Oscar*. Nesta tradición apóiase o titular *En globo cara ao ‘Oscar’* –#515–, onde os *globos* pasan de ‘premios’ a ‘medios de transporte’ en que os candidatos son levados ata a cerimonia de entrega dos *Oscar*<sup>102</sup>.
- *O buscador abre as ventás* –#252– parece referirse a unha persoa que abre fiestras na procura daquilo que busca, pero en realidade é o titular dunha información sobre a aparición de *Chrome*, o navegador de internet creado pola empresa *Google*, coñecida por ser a propietaria do *buscador* (‘aplicación empregada para a localización de datos mediante palabras clave’) máis utilizado polos usuarios da Rede. A leve diloxía que se aprecia no emprego de *buscador* é máis evidente en *ventás*, xa que as que se abren neste caso non son ‘ocos na parede para deixar pasar a luz e o aire’, senón ‘áreas visuais que se presentan no monitor da computadora para permitir a interacción do usuario con cada unha das aplicacións abertas’, como as que xerar no emprego dos buscadores web.
- Na mesma liña, *O monte, máis ‘verde’* –#107– parece indicarnos que se puxo en marcha unha campaña de reforestación, áinda que as comiñas sobre *verde* xa nos poñen sobre aviso de que talvez non sexa así. No subtítulo lemos que realmente a noticia está centrada nun dispositivo especial da Garda Civil nos montes galegos para previr posibles incendios. De modo que o monte non está máis *verde* (como oposto a seco) porque haxa máis vexetación, senón pola presenza excepcional destes axentes, que empregan a cor verde nos uniformes.
- En *Un furacán de solidariedade* –#50–, *furacán* incrementa cuantitativa ou cualitativamente o substantivo que completa a expresión, neste caso *solidariedade*. *Un furacán de solidariedade* é, xa que logo, unha axuda urxente, comprometida e abondosa. Así o confirma o contido da información, referida á doazón de obxectos para unha poxa por parte de estrelas da música co fin de recadar fondos para axudar os artistas afectados polo *Katrina* e mais o *Rita*, os *furacáns* que dan orixe á diloxía.

102 Cómpre aclarar que no nome orixinal destes premios, *Golden Globe*, *globe* non é un termo equivalente ao galego *globo* (‘medio de transporte’), senón a ‘esfera’ ou ‘globo terráqueo’. Os outros *globos* serían, en todo caso, *balloons*.

- *Un membro<sup>103</sup> con moita arte* –#155– podería referirse ao ‘integrante dunha sociedade ou outro tipo de colectivo’ cunha ‘graza ou simpatía especiais’, xa que estes son posibles acepción dos termos *membro* e *arte*. Pero o subtítulo tennos reservada unha sorpresa: a noticia vai referida a un pintor que emprega o seu membro viril a xeito de pincel. *Membro* móstrase, entón, como un eufemismo para *pene*, un pene con moita *arte*, no sentido de ‘capacidade artística’<sup>104</sup>. Cunha motivación semellante temos o titular *Traseiros con arte* –#335–, só que neste caso o *traseiro* é o soporte da pintura, non o elemento executor.
- En *Un aluguer do más divino* –#360– a diloxía recae sobre outro termo: *divino*, que no seu sentido figurado equivale a ‘magnífico, marabilloso, moi bo ou moi bonito’. Pero o que se aluga nesta ocasión non é unha vivenda, senón o mesmísimo *Botafumeiro* da catedral de Santiago, onde o adjetivo *divino* recupera o sentido orixinal de ‘relativo ou pertencente a Deus ou a divindade’.
- De alguén a quen se lle dá ben a noite podemos pensar o peor, porque *noite* ten o sentido figurado de ‘diversión, marcha, excesos’ asociados normalmente ao ocio nocturno. A aparición do titular *A Alonso dáselle ben a noite* –#465– na sección *Deportes* ponos sobre aviso de que aquí o sentido é outro, quizais o literal de *noite*, ‘tempo comprendido entre a posta e a saída do sol’. Así é, porque a noticia céntrase no bo resultado conseguido polo piloto Fernando Alonso no gran premio de Fórmula Un de Singapur, disputado de madrugada<sup>105</sup>.
- Sen deixarmos a noite, *Unha noite negra* –#469– é un pleonasmo (a escuridez é unha característica inherente ao concepto *noite*), a menos que *negra* se empregue no sentido de ‘aciaga, funesta, desventurada, desafortunada’, que é o que acontece nesta información da sección de *Deportes* sobre a coincidencia de tres derrotas de equipos españoles nunha xornada de competición europea.
- *Fóisenos un monstro* –#509– non fai alusión, evidentemente, á fuxida dun ‘ser deforme e aterrador’, senón ao falecemento<sup>106</sup> do actor Paul Naschy. Onde está a diloxía, entón? Por un lado, no sentido figurado de *monstro*, ‘persoa que posúe en grao sumo as características necesarias para o desenvolvemento dunha actividade’, neste caso, a interpretación. Para encontrar o segundo dos

103 *Membro* aparece en distinta cor no titular, indicando que pode tratarse dun termo empregado en dobre sentido (xa comentamos a imposibilidade de establecer un criterio no uso deste recurso).

104 O nome artístico deste peculiar pintor (*Picasso*) tamén é un xogo de palabras en inglés, concretamente un cruzamento entre *Picasso* e *prick* (xeito coloquial de referirse ao pene).

105 O titular *A Alonso non o confunde a noite* –#257–, que se comenta na sección §5.1.2 fai uso dun recurso moi similar a este, falando precisamente deste mesmo Gran Premio de Fórmula Un (Singapur), pero un ano antes.

106 Obsérvese o uso eufémistico de *fóisenos* no lugar de *morrer*.

sentidos, debemos chegar ata o subtítulo, onde se nos informa de que este actor era especialista en encarnar personaxes como lobishomes ou vampiros: xa temos pechado o dobre sentido de *monstro*.

- *Unha durísima competición* –#396– é un tópico da prensa deportiva que se aplica a aquelas probas ou campionatos nos que a igualdade entre os rivais fai especialmente complicado obter un posto destacado ou a vitoria. *Duro*, polo tanto, ten nesta expresión o sentido figurado de ‘algo que obriga a realizar un importante esforzo físico’. Pero a información vai referida a un concurso de masturbación do que saíu vencedor un xaponés que estivo practicando o onanismo durante máis de dez horas, de modo que (sen perder o sentido de ‘esforzo físico’) abrolla tamén o sentido literal de *duro* como ‘sólido, ríxido’, en referencia á erección dos participantes.
- En *Afición chega á prensa* –#458–, pensamos primeiramente na incorporación de relatos fantásticos ás páginas dun periódico, onde en principio só se inclúen textos informativos ou de opinión, non puramente literarios. Pero a noticia vai por outro lado: a estrea dunha serie televisiva ambientada na redacción dun xornal. Polo tanto, a *prensa* non é aquí o medio, senón só o contexto para desenvolver unha trama de *ficción*, que nesta ocasión é un xénero audiovisual, non unha ‘farsa’. Este dobre uso de *prensa* e *ficción* xera a diloxía.

Finalmente, un terceiro grupo integra os titulares en que se produce unha diloxía sobre unha expresión monoverbal cuxa resolución depende da imaxe que acompaña a noticia:

- Nas eleccións municipais de 2007, os principais candidatos á alcaldía de Vigo eran o socialista Abel Caballero e a popular Corina Porro, de modo que non sorprende, en plena campaña, o titular *Porro e Caballero prepáranse para ‘pescar’ os votos de maio* –#28–, con *pescar* empregado no sentido de ‘acadar’. Pero as comiñas que acompañan o termo indican un uso que vai alén

deste emprego figurado, e de novo é a imaxe a que nos vai completar a diloxía, xa que nela aparecen os dous protagonistas da información na inauguración dunha feira internacional de náutica e, para dar sentido ao xogo, Corina Porro esta fotografada cunha cana de pescar na man.



- *O mércores de cinza destrona hoxe un Entroido moi animado* –#143– parece referirse unicamente ao sentido figurado de *destronar*, é dicir, ‘privar a algo ou alguén da súa situación privilexiada’. Pero non é só iso, e nesta ocasión vai ser a imaxe a que nos proporcione a segunda lectura: na fotografía que acompaña o titular vemos un home disfrazado de rei (e que representa o Entroido na celebración que se realiza o mércores de cinza no concello ourensán de Melón), ao que o resto de veciños lle arrebata a coroa que luciu durante os días de festa.



toutro sentido de *explosivo*. Obsérvese que nesta ocasión o sentido literal (‘que produce ou pode producir explosión’) non forma parte da diloxía.

- *O Xacobeo Blu:sens xa asusta* –#498– é de novo un titular que repousa a súa diloxía na imaxe que acompaña a información. Pola lóxica combinatoria, un equipo de baloncesto non pode *asustar* no sentido de ‘amedrentar’, pero si no figurado de ‘intimidar os adversarios’, de modo que a nosa primeira lectura vai por ese lado. Pero a fotografía que completa a noticia mostra un dos xogadores do Xacobeo Blu:sens cun xesto atemorizante, o que fai aboiar o sentido literal deste verbo.





- *Unha excursión moi familiar* –#270– ben podería ser un percorrido que se realiza habitualmente, pois *familiar* ten, entre outras, a acepción de ‘algo que se coñece en profundidade ou que se fai con frecuencia’. Pero a imaxe que acompaña este titular móstranos unha parella acompañada da súa numerosa prole paseando polas rúas de Compostela,

o que nos dá a pista sobre o sentido que o termo *familiar* ten neste contexto: ‘parente, unido por relación de consanguinidade’, pese a que o cuantificador *moi* que coaparece no titular non é admisible nestoutro sentido.

#### 5.2.2.2. Recursos para a actualización do segundo sentido

Un recurso que merece especial atención dentro desta sección da diloxía aplicada sobre un elemento monoverbal é a opción de repetir no titular o termo polisémico sobre o que se aplica o xogo creativo (ou o de empregar dous termos homónimos). Vexamos algúns exemplos:

- *De varrer na pasarela a varrer o chan* –#30– encabeza unha información sobre a modelo británica Naomi Campbell, condenada a realizar traballos de limpeza nun edificio público logo de agredir unha das súas asistentas persoais. Campbell é unha das manequíns máis célebres do mundo (é dicir, *varre* na pasarela, no sentido de ‘dominar unha actividade’), pero desta volta terá que realizar un labor máis ingrato e peor remunerado, o de *varrer* na súa acepción literal: ‘limpar o chan cunha vasoira’ (nun sentido que se amplía a ‘tarefas de limpeza en xeral’).
- Deste mesmo mundo da moda procede *O top das ‘top’ adiñeiradas* –#401–, nunha noticia sobre os salarios que perciben as modelos más cotizadas, cuxo titular pivota entre dous dos sentidos do anglicismo *top*: acurtamento de *top model* (‘modelo internacional’) e ‘lista ordenada dos elementos más destacados nunha determinada categoría’.
- O primeiro ministro italiano, Silvio Berlusconi, viuse envolto a mediados de 2009 nunha polémica en que se aseguraba que el persoalmente pagáballes a diferentes mulleres por asistiren ás festas que organizaba. Unha delas mesmo afirmou que se deitara co político a cambio de obter unha licenza empresarial. A raíz deste episodio xorde o titular *Os favores a cambio dos ‘favores’*

–#419–, onde se superpoñen dúas acepcións de *favores*: ‘beneficio ou trato que se lle outorga a unha persoa en detrimento doutras’ e un eufemismo de ‘relacións sexuais’ (este uso figurado márcase con comiñas no titular).

- *Alarde de alardes* –#424– é o pé dunha foto da sección *Flash* en que se mostra un momento do desfile polas rúas de Irún (Guipúscoa) no que ata hai pouco só os homes podían vestirse de soldados. A aparición dunha agrupación que defende a presenza de mulleres no desfile creou unha división na celebración ata o punto de que nos últimos anos se realizan dous desfiles: un só con homes e outro de carácter mixto. Estamos diante dunha dupla utilización do termo *alarde*: ‘ostentación, mostra de vaidade’ (neste caso, probablemente referido á organización de dous eventos no lugar dun) e ‘desfile’<sup>107</sup>.
- Algo similar acontece no titular *A avoa paga a crise; Harry e Will, as copas* –#268–, nunha información conxunta sobre as perdas económicas da raíña Isabel II de Inglaterra e os excesos nocturnos dos seus netos, os príncipes Harry e Will. Este é un caso especial, pois non hai unha coaparición explícita de *pagar*: a segunda vez está elidido, pero *pagar* presenta de todos os xeitos unha dobre acepción: ‘sufrir as consecuencias’ e ‘aboar a cantidade que se adebeda’.
- *Zara loita contra Zara* –#130– título a unha información sobre a intención da sociedade téxtil galega de impedir que os empresarios dunha pequena vila turca que tamén se chama Zara poidan empregar o nome da localidade nas súas promocións. O xornalista válese neste caso da homonimia entre a marca más coñecida da multinacional *Inditex* e o nome da cidade turca (que ademais é o que xera a propia noticia) para crear un titular ambiguo; traballa, xa que logo, sobre dous nomes propios que coinciden no seu significante.
- *Vivenda axuda a ter vivenda* –#135– é un exemplo similar ao anterior, áinda que neste caso a diloxía non parte de dous nomes propios, senón dun nome propio, *Vivenda* (acurtamento de Consellería de Vivenda); e dun nome común: *vivenda*, ‘casa, domicilio, residencia’. Este organismo autonómico anunciou en xaneiro de 2008 unha liña de axudas para a construcción de pisos de protección oficial para persoas con baixos ingresos, o que deu pé ao xornalista a plasmar estes dous sentidos do termo *vivenda* no titular.
- Outra variante na diloxía nesta sección de titulares creados a partir da coaparición é a presenza de diferentes formas flexivas dun termo empregado con dous sentidos. É o que sucede en *Descansa Jacko, descansamos todos*

<sup>107</sup> Parte da acepción de *alarde* como ‘desfile militar’, que foi perdendo a componente bélica e adquirindo un cariz festivo.

–#428–, sarcástico titular sobre o funeral do cantante falecido, que non se celebrou ata case un mes despois da súa morte. Cohabitan, polo tanto, un uso eufemístico de *descansar* ('estar morto') e o seu sentido literal ('repousar').

- Queda para o final un caso tamén especial, xa que non parte dunha diloxía de dobre sentido, senón triplo: *De ‘paus’, Pau e más paus* –#512– é novamente unha noticia múltiple da sección *Un Respiro*, que aglutina varias informacóns, entre elas a separación dos pais do xogador de baloncesto Pau Gasol e as infidelidades do golfista Tiger Woods, que supuxeron a súa retirada da competición. Os primeiros *paus* fan alusión, xa que logo, a unha 'mala noticia' ou 'golpe moral' do que son vítimas ambos os dous deportistas (nun sentido figurado que se marca entre comiñas). Pola súa banda, *Pau* é o nome do baloncestista, homónimo do substantivo común. E o último *paus* fai referencia aos 'instrumentos longos cos que se golpean as bolas' nalgúns deportes, neste caso na actividade golfística.

Cando non se produce esta repetición do termo, son outros os recursos despregados polo autor do titular. Entre eles, e como xa sucedía nos casos formados a partir de expresións fixas, a presenza de elementos do mesmo campo léxico ca o termo da diloxía ou cunha evidente relación de significado con este:

- *De látego a espada* de 'Telecirco'<sup>108</sup> –#497– é un titular referido á presentadora Pilar Rubio, quen logo de varios anos na cadea *La Sexta* (onde participaba nun programa de crítica a espazos doutras cadeas, principalmente Tele5) foi contratada por estoutra canle. Pasa, polo tanto, de *látego* ('azoute, castigo, persoa especialmente crítica con alguén ou con algo') a *espada*<sup>109</sup> ('máximo representante'), xogando así con dous sentidos figurados de termos procedentes do mesmo ámbito, as armas, que tiran mutuamente polos seus sentidos literais.
- Belén Esteban, personaxe habitual dos programas do corazón (tamén en Tele5), adoita manifestarse de maneira que as súas declaracóns causan gran rebumbio e balbordo: é dicir, montando *un circo* cada vez que fala, na acepción de *circo* como 'situación confusa e desordenada'; así acontece nesta ocasión, tras ser acusada de desleixo no coidado da súa filla. Pero en *A Esteban pon o circo, e Jordi, a ‘noría’* –#451–, *circo* recupera o seu sentido orixinal de 'conxunto de actuacións espectaculares nun recinto pechado ao que se accede

108 *Telecirco* é un xeito despectivo de referirse á canle televisiva Tele5, pero a súa creación é anterior á aparición en *LV*, polo que non o consideramos para este traballo.

109 Procedente do acurtamento de *primeiro espada*, expresión do mundo da tauromaquia.

previo pagamento dunha entrada', debido á coaparición de *noria*<sup>110</sup>, unha palabra do mesmo campo léxico que *circo*: atraccións de feira. Esta *noria* é o nome dun programa televisivo que tamén se viu envolto na polémica logo da irada reacción do seu presentador ante a ausencia dun convidado.

- De '*Bigotes*', *peitos e moito morro* –#380– é un titular a varios niveis, pois a partir do alcume do protagonista da noticia (*O Bigotes*, un dos involucrados na trama *Gürtel* de financiamento ilegal do PP) vanse acumulando varios dobles sentidos procedentes de diferentes ámbitos e unidos por pertencer a un campo léxico común: as partes do corpo. *O Bigotes* puxo os cartos para un espectáculo musical protagonizado polas *vedettes* Malena Gracia e Marlene Morreau, ambas as dúas coñecidas polo seu abondoso busto (de aí a referencia a *peitos*). A referencia a *morro*<sup>111</sup> explícase polo seu sentido figurado de 'descaro' (a obra durou tres días en cartel e custou medio millón de euros) aínda que o sentido de 'beizos', aos que equivale na linguaxe coloquial, queda evocado no entanto pola presenza dos outros termos do seu mesmo campo léxico.
- Unha *dama ardente* é 'unha muller que mostra paixón, ou que a provoca', como acontece coa actriz Halle Berry, elixida por unha revista como a muller más *sexy* do mundo. Porén, no titular *Unha dama ardente, unha casa queimada* –#262– recupéranse o sentido literal de *ardente* ('que arde, incandescente'), ao facelo coaparecer con *queimada*, non só pertencente ao mesmo campo léxico, senón case sinónimos. A información titulada mediante esta coordinación é unha noticia múltiple que recolle a un tempo a elección da actriz Halle Berry e un incendio na mansión do actor Nick Nolte (a *casa queimada*).
- Finalmente, *Un ril capaz de conmover algúns corazóns* –#484– abre unha noticia en que se recollen diversas reaccións logo de que se soubera que unha muller coruñesa estaba disposta a vender un dos seus riles para facer fronte ás débedas. Ese *ril* inicial permite verlle as dúas caras ao termo *corazón*: 'órgano' e 'sentimento'.

Outras veces é o campo semántico o que nos presenta a chave para entender a diloxía, xa que a noticia aborda un ámbito temático que se relaciona co segundo sentido da palabra sobre a que se efectúa a manipulación:

110 En galego, o termo normativo é *nora*. O xornalista mantén o castelanismo *noria* para que non se perda a referencia ao programa televisivo.

111 É posible que haxa un xogo de proximidade fónica entre o termo *morro* e o apelido dunha das protagonistas da información, a francesa Marlene *Morreau*.

- *O ‘corpo’ non vai á moda* –#5– emprega de novo o recurso das comiñas para avisar da diloxía que logo se desenvolverá. Porque aínda que o corpo que se asocia habitualmente á moda é o ‘organismo humano’, o corpo da noticia (outra mostra da vizosidade de sentidos deste termo) vai referido á industria da Garda Civil, un dos *corpos* (‘conxunto de persoas que desenvolve unha mesma actividade’) de seguridade do Estado.
- Valentino Rossi é un dos mellores pilotos da historia do motociclismo. Por iso, cando lemos o titular *Rossi colle ben as curvas españolas* –#283–, vén-nos á cabeza a mestría da súa pilotaxe nos circuitos españois, onde celebran varias das probas do campionato mundial. Pero neste caso as *curvas* que colle ben o piloto italiano son as das mozas cuxos romances se lle atribúen, entre elas a española Mireia Vila, nun uso diferente deste termo: ‘formas acentuadas das cadeiras e o peito no corpo das mulleres’.
- Cando lemos o titular *Piccinini ‘destapa’ o voleibol nunha entrevista* –#484–, decatámonos de que *destapar* non se emprega neste caso no seu sentido literal, ‘quitar a tapa dun recipiente’ ou ‘descubrir algo que estaba tapado’. Así nolo indica tamén o emprego de comiñas, que nos sitúa nun ámbito metafórico, onde *destapar* vai máis na liña de ‘dar a coñecer’. Ao ler o corpo da noticia vemos que así é, porque se refire a unha entrevista na que se revelan segredos deste deporte. Pero ao mesmo tempo, dado que a entrevista ía acompañada de fotografías nas que a xogadora aparecía espida, o verbo *destapar* recupera un sentido próximo ao inicial.
- *Un ‘real plantón’ de Teresa Casal* –#432– xoga co dobre sentido de *real* (‘efectivo, verdadeiro’ e ‘relativo á realeza’), pois o titular abre unha información sobre o abandono dun acto militar presidido polos Reis de España por parte da alcaldesa en funcións de Pontevedra, Teresa Casal.
- *A ‘jota’... para Aragón* –#37– lévanos a un contexto en que todo parece indicar que *jota* é baile tradicional aragonés, pois precisamente se produce a coaparición de *Aragón* no titular. Pero a noticia refírese á persistencia no uso de topónimos galegos deturpados por parte do Instituto Xeográfico Nacional, do tipo *Rianjo* ou *Arteijo*. A *jota* é, por tanto, a letra que o alfabeto castelán posúe e o galego non, de maneira que simboliza a interferencia lingüística que denuncia a información.
- A inclusión de *escena* no mesmo titular que *representación* (como acontece en *A representación fóra da escena* –#455–) fai que pensemos neste último termo na súa acepción de ‘realización dun espectáculo teatral’. Pero o adverbio *fóra*

racha coas nosas expectativas, xa que ese tipo de representación ten lugar dentro da *escena*, é dicir, ‘do lugar do teatro onde se leva a cabo a representación’. Pode que esteamos falando doutro tipo de *representación*, e así nolo confirma o subtítulo: *O auxe do audiovisual galego dá lugar á emerxencia de novas profesións como a representación de actores (...)*. É dicir, *representación* no sentido inesperado neste contexto teatral de ‘actividade propia do axente que vela polos intereses económicos dun profesional, habitualmente nos ámbitos artístico e deportivo’.

- *Quente*, alén doutras interpretacións á beira do sexual, ten a acepción figurada de ‘estar moi anoxado’. Pero nunha coaparición con *fogóns* (como no titular *Os fogóns andan quentes* –#207–), interpretamos que a expresión se presenta no seu sentido literal, xa que a lóxica non nos permite pensar en *fogóns anoxados*. Pero neste caso, *fogóns* representa metonimicamente o mundo da cociña, onde varios dos seus máximos representantes están encerellados nunha lea sobre a súa concepción da arte gastronómica. Polo tanto, e contra todo prognóstico, o sentido figurado prevalece, o que xustifica o xogo.

Como acontecía nos titulares cuxa diloxía se estea sobre unha expresión fixada, nesta categoría dos termos illados tamén é necesario ás veces que os lectores colaboren achegando os seus coñecementos previos:

- Unha *faena* é ‘unha: acción que prexudica’, como na información que leva por título *A maxistral faena contra Fran Rivera* –#349–, sobre as críticas que recibiu este matador por parte dos seus compañeiros de profesión logo de que fora condecorado coa medalla de ouro das Belas Artes por parte do Ministerio de Cultura. Pero no mundo da tauromaquia (ao que pertencen tanto un coma os outros), a *faena* é a ‘actuación dun toureiro durante unha corrida’, de modo que o termo se bifurca para completar os dous sentidos da diloxía.
- A actriz Farrah Fawcett faleceu en xuño de 2009 aos 62 anos, logo dunha dura batalla contra o cancro. O papel estelar da súa carreira foi o dunha das tres protagonistas femininas da serie televisiva dos anos setenta *Os anxos de Charlie*. Por tanto, o titular *Fawcett, anxo de novo* –#420– obedece a partes iguais a esta referencia ao seu personaxe máis recordado (ela era o *anxo louro*) e á crencia cristiá de que as persoas falecidas se converten en *anxos celestiais*.
- Pau Gasol é un baloncestista que desde hai anos triunfa na NBA, onde foi o primeiro xogador español en gañar o título desta competición, como integrante da franquía de *Los Angeles Lakers*. Polo tanto, Gasol é unha verdadeira *estrela* (‘persoa que sobresae nunha actividade’) do baloncesto profesional

estadounidense, pero no titular *Gasol, unha estrela en Hollywood* –#146– xógase ao equívoco co mundo do cinema ao denominalo *estrela en Hollywood*, sede das máis importantes produtoras cinematográficas e capital mundial da séptima arte. A vinculación vén pola man da proximidade xeográfica entre Los Angeles e Hollywood, ata o punto de que a chamada *meca do cine* pode considerarse un distrito da metrópole californiana. O xogo confórmase, polo tanto, a partir dun dobre uso de *estrela* como ‘ídolo’ ou ‘icona’, sen que o seu significado orixinal de ‘astro con luz propia’ participe da diloxía.

- *Ghost*<sup>112</sup> é unha película do ano 1990 protagonizada por Demi Moore e Patrick Swayze, en que se mostra a posibilidade da vida despois da morte. No titular *O actor de ‘Ghost’ di que é un milagre* –#243– lémbrese a participación neste filme de Swayze quen, logo de que se lle diagnosticase un cancro de páncreas, amosou unha inesperada melloría e mesmo regresou á rodaxe da serie de televisión en que estaba traballando. Esta recuperación *milagrosa* é asociada polo xornalista autor do titular con aqueloutro *milagre* que o actor protagonizara na ficción. Dous usos de *milagre*, polo tanto. Patrick Swayze morreu finalmente en setembro de 2009, o que motivou un novo titular: *A última peza de Swayze* –#454–. Neste caso evócase outra das películas do actor, *Dirty dancing* (1987), onde Swayze interpreta o papel dun profesor de baile (na acepción de *peza* como ‘obra solta de música ou danza’). Polo tanto, a *última peza* da que se fala no titular é un eufemismo por ‘morrer’.

Un recurso peculiar é o establecemento dunha antítese a partir da segunda lectura (a literal) dun termo dilóxico con respecto ás características dos elementos cos que este coaparece no titular. É precisamente esta antítese a que saca á luz o sentido literal do termo polisémico:

- En *O lácteo, cada día más negro* –#397–, aínda que non se explicitan os dous antónimos (*branco – negro*), *lácteo* funciona aquí como prototipo da brancura. Temos, polo tanto, unha aparente contradición entre un elemento paradigma da brancura e o adjetivo *negro* que se lle atribúe. A explicación vén da man da diloxía, xa que a noticia se refire ao futuro deste sector (*lácteo* = *sector lácteo*), ao que se lle augura unha época de dificultades (un futuro *negro*, no sentido de ‘desgraciado, funesto’).

112 En galego, *fantasma*. Mantense o título orixinal, porque foi así como se denominou este filme mesmo en países de fala non inglesa.

- Un recurso case idéntico encontramos no titular *O lado escuro da neve* –#291–, sobre os problemas que ocasiona a neve acumulada na montaña de Lugo, en concreto no acceso dos vehículo funerarios ás vivendas das persoas falecidas na época invernal<sup>113</sup>.
- Outro caso relativamente similar atópase en *Cómo amarga o ‘azúcar moreno’* –#502–. Nesta ocasión, combínase o termo *azucré* co verbo *amargar*, establecendo unha evidente contradición entre os trazos semánticos de ambos os termos. A diferenza cos casos anteriores radica en que o termo *azucré* forma parte do nome do dúo musical *Azúcar moreno*<sup>114</sup>, cuxos problemas persoais son abordados na noticia.

Unha variante da diloxía, empregada con bastante frecuencia, é a combinación dun nome propio (a designación dun individuo, un programa de televisión, o título dunha canción...) e un nome común. Dependendo dos casos, ás veces o primeiro sentido que se actualiza é o do nome propio, e outras o común. Como xa indicamos, o emprego de maiúsculas ou minúsculas vai ser o que marque cal deses dous sentidos se decodifica primeiramente por parte do lector:

- Fernando Torres é un futbolista español que xoga no club británico do Liverpool, e que ten como alcume *O Neno* (*El Niño*, en España, e *The Kid*, no Reino Unido), debido ao seu aspecto infantil. Nunha entrevista aos avós do deportista (galegos do concello de Boqueixón), o xornalista titula '*Fernandiño, O Neno*' –#238–, de modo que o alcume se converte nunha denominación literal, pois para os seus avós Fernando Torres (*Fernandiño*) é *o neno* da familia, alén de sobrenomes mediáticos.
- A separación de Helena de Borbón e Jaime de Marichalar, duques de Lugo, fixo que o ex-xenro dos Reis quedase sen este título, ao que só tiña de reito por ser consorte da infanta. Polo tanto, Lugo quedou sen o seu duque, tal e como se recolle en *Lugo, como ‘Sin tetas...’, queda sen duque* –#491–. A outra referencia do titular parte dunha serie televisiva titulada *Sen tetas non hai paraíso*, onde un dos seus protagonistas (o actor Miguel Ángel Silvestre, que interpretaba o papel dun narcotraficante coñecido coma *O Duque*) decidiu abandonar a rodaxe para dedicarse ao cine. A diloxía parte do dobre uso do termo *duque*: título nobiliario e alcume.

113 Ademais da contraposición entre *escuro* e *neve*, temos aquí tamén un uso dilóxico de *lado escuro* como ‘parte negativa’.

114 Cabe destacar o mantemento do nome do grupo no castelán orixinal.

- *Un torrente de creatividade* –#330– é alguén que destaca pola súa desbordante capacidade para a producción de obras no eido das artes ou as letras, nunha estrutura aberta (*torrente de + substantivo*) similar á que xa vimos creada a partir de *furacán*. Pero se a persoa á que lle aplicamos esta definición é o escritor Gonzalo Torrente Ballester (prolífico escritor de quen no momento de publicarse esta reportaxe se cumpría o décimo aniversario do seu pasamento), a diloxía é evidente.
- José Monge, *Camarón de la Isla*, foi un cantaor de flamenco ao que a súa prematura morte aos 42 anos en 1992 converteu en lenda deste estilo musical. Desde entón, son numerosos os discos recompilatorios que seguen aparecendo no mercado, como o que centra a noticia titulada *Regreso á 'illa' sen Camarón* –#171–, onde a *illa* do alcume do cantaor recupera o sentido literal de ‘porción de terra rodeada de auga’, de lugar físico ao que se pode regresar.
- *Sálvame* é o nome dun dos *magazines* televisivos centrados na información *rosa*. Polo tanto, o titular ‘*Sálvame*: o nome ideal para o espazo –#438– semella unicamente unha gabanza pola elección desta denominación. Pero cando lemos no subtítulo que un dos colaboradores do programa agrediu a outro durante unha pausa para a publicidade, aflora o sentido de *sálvame* como petición de auxilio.
- *Unha 'benzón'<sup>115</sup> no día das Letras* –#389– soa a ‘acontecemento ou situación beneficiosa’ (nun dos sentidos figurados de *beizón*), talvez a propia celebración do Día das Letras Galegas. Pero axiña descubrimos (así se indica no subtítulo) que a noticia está centrada na estrea dun novo disco da cantante Guadi Galego, quen aproveita a data do 17 de maio para facer a presentación. Xa o supoñemos, pero o corpo da noticia así o confirma: o título do disco é, precisamente, *Benzón*.
- *Novo 'choque' de 'Siniestro'* –#181– encabeza a información sobre a reunión dos componentes do grupo musical vigués *Siniestro total* para gravar un disco de conmemoración do seu 25 aniversario. Xógase entón co dobre sentido de *siniestro* (nome do grupo e ‘accidente’) e de *choque* (‘encontro, polo xeral violento’ e, de novo, ‘accidente’). Se temos en conta que a banda adoptou este nome tras un accidente automobilístico e que o título do novo disco é *Que pareza un accidente*, aparecen xa todos os ingredientes desta acumulación de sentidos que dá orixe ao xogo de palabras do titular.

115 *Benzón* é unha variante dialectal de *beizón/bendición*.

Como tamén sucedía na categoría das expresións fixas, comiñas, puntos suspensivos ou unha secuencia inusual van condicionar novamente o proceso dilóxico. Vexamos un exemplo de cada:

- *Actores con Agallas*’ –#250– parece referirse a un grupo de profesionais da interpretación dotado de especial afouteza, pois iso é o que figuradamente significa *con agallas*<sup>116</sup>. As comiñas (e o *A* maiúsculo inicial de *Agallas*) van ser a pista para estar sobre aviso de que quizais haxa outro sentido máis agochado; e o corpo da información así o vai confirmar: *Agallas* é o título da película en que participan os actores protagonistas desta noticia.
- *Máis paus... imposible* –#511– parece facer alusión a alguén que está sendo vítima dun intenso ataque físico ou moral. Precisamente esta é a situación na que se encontra o deportista Tiger Woods, obxecto de todo tipo de críticas e chanzas desde que se coñeceron as súas múltiples infidelidades. Onde radica aquí a diloxía, anunciada mediante puntos suspensivos? Na propia actividade profesional do protagonista da información, golfista, na que os *paus* son a ferramenta principal.
- En *Un matrimonio ameazado polas pelotas* –#190–, a lectura illada do titular anuncia un posible xogo creativo, áinda que este non se acaba de concretar. Axiña recoñecemos que o termo *pelotas* non se emprega aquí no sentido literal, e a primeira asociación que emerxe pivota arredor do sexual (*pelotas* como ‘testículos’, evocando quizais unha infidelidade). Será de novo o subtítulo o que nos ofrece a pista final: *O Racing ten absorbido a José Campos e fai perigar a súa relación con Carmen Martínez Bordiú (...)*. Polo tanto, as *pelotas* teñen aquí un sentido metonímico, como representación do mundo do fútbol.

Da mesma maneira que sucedía coas expresións fixas, a diloxía pode xurdir mesmo naqueles casos en que a palabra con que se xoga non contén directamente os dous sentidos. É o que ocorre nestes tres exemplos:

- ‘*Pavonearse*’ –#45–. Este sintético titular (un dos poucos de carácter monoverbal) aparece como pé de foto baixo unha imaxe da sección *Flash*, na que se pode ver un pavón coas súas plumas despregadas. Crear *pavonearse* a partir de *pavón* non é novidade ningunha<sup>117</sup>, pero si o é aplicalo ao propio animal do que parte a derivación que metaforicamente dá pé ao verbo que

<sup>116</sup> Castelanismo por *galada* ou *branquia*, áinda que a expresión fixada non ten unha tradución directa ao galego.

<sup>117</sup> Trátase dunha incorporación a partir do castelán, onde *pavonearse* significa ‘fachendar, presumir’.

constitúe este titular, verbo que, en tal contexto, pode pasar a adquirir o sentido de ‘mostrar as plumas con fachenda’.

- Manuel Torreiglesias presentou en TVE o programa *Saber vivir* durante máis dunha década, ata que en maio de 2009 foi despedido fulminantemente por incumprir as normas de publicidade da cadea, unha información que o diario *LV* recolleu baixo o título *Torreiglesias rebentou o tensiómetro da TVE* –#381–. O xornalista dálle á expresión *rebentar o tensiómetro* unha nova interpretación: ‘acabar coa paciencia de alguén’, aproveitando a polisemia de *tensión* (física e psicolóxica), compoñente morfolóxico de *tensiómetro*, así como o contenido do programa: a saúde.
- *Galicia ‘mobilízase’* –#245– fainos pensar inicialmente nunha manifestación ou nunha protesta da poboación galega contra algún prexuízo propio ou alleo, facendo uso do sentido de *mobilizar* como ‘tomar determinadas medidas reivindicativas’. Pero a noticia que encontramos baixo este titular vai referida ao aumento no número de teléfonos celulares nesta comunidade. Xorde así un novo sentido, creado polo xornalista, que converte *mobilizar* en ‘dotarse de teléfonos móbiles’ aproveitando novamente a polisemia da raíz morfolólica: *móbil* (‘coa capacidade para desprazarse’ e ‘tipo de teléfono’).

### 5.2.3. Figuras encadeadas

Ao comezo do traballo dicimos que quedaban desbotados como titulares susceptibles de formar parte do noso corpus aqueles que só apoian a súa creatividade nunha comparación, unha metáfora ou unha metonimia. Pero cando se emprega unha destas figuras a máis dun nivel e dentro do mesmo ámbito, o resultado é unha figura encadeada, e deste xeito si reúne condicións suficientes como para resultar de interese para o noso traballo. Por exemplo, unha metáfora dacabalo doutra, pero coa segunda delas derivada da primeira.

Podemos áinda facer unha clasificación entre estas figuras encadeadas, atendendo á fixación de cada un dos seus dous compoñentes. Así, teríamos un primeiro grupo en que os dous elementos figurados están establecidos previamente. Por exemplo, *Catro arietes contra un muro* –#36– que resume de maneira gráfica o que se agarda do enfrentamento futbolístico entre o Deportivo e o Getafe: un ramallete de dianteiros deportivistas (*catro arietes*) tratando de marcarlle un gol á defensa do Getafe (*un muro*), a menos batida de Liga nesa temporda. Xógase, polo tanto, cos sentidos literal e figurado de *ariete* (‘arma de asedio medieval’ e ‘dianteiro dun

equipo de fútbol') e *muro* ('parede' e 'defensa especialmente eficaz dun equipo de fútbol'), os catro existentes previamente e que se mesturan para crear unha imaxe entre o deportivo e o bélico, dous mundos tantas veces equiparados.

Outros exemplos deste grupo son:

- *K.O. no primeiro asalto aos postos de ascenso* –#323– abre unha nova deportiva sobre a derrota do Celta de Vigo, que a estas alturas da competición (Liga 2008-09 de 2ª División) aspiraba a situarse entre os equipos de cabeza, que dan dereito a xogar a liguiña de ascenso á 1ª División. Neste caso o encadeamento parte da comparación entre a liga de fútbol e un combate de boxeo, onde o *Celta-púxil* sae *derrotado-KO* no primeiro *partido-asalto*.
- *Texano vs 'pistoleiro'* –#439– é un titular da sección de *Deportes* que nos informa do enfrentamento extradeporativo entre os ciclistas Lance Armstrong e Alberto Contador. O primeiro deles é natural do estado norteamericano de Texas (polo tanto, *texano*), mentres que o segundo é coñecido como *O pistoleiro* por celebrar as súas vitorias deportivas simulando que dispara ao aire. A creatividade do titular baséase en que ambos os alcumes (*texano* e *pistoleiro*) se corresponden con personaxes habituais das películas do Oeste. O emprego da abreviatura latina *vs* (*versus*, 'contra'<sup>118</sup>) redunda nesa idea de enfrentamento, xa que é a que se usa habitualmente nas competicións deportivas, sobre todo no mundo anglosaxón.
- *Alta sociedade, baixas paixóns* –#431<sup>119</sup>– non se diferencia moito doutros titulares que foron desbotados como parte do corpus deste estudio (por exemplo, *Coas mochilas cargadas e os petos baleiros*, do que xa falamos anteriormente). Pero neste caso optamos pola súa inclusión debido a que o titular está elaborado a partir de dúas expresións fixadas, unidas polo carácter antonímico (*alta-baixas*) dun dous seus componentes. É dicir, non se trata únicamente de vincular dous elementos contrarios, senón de facelo a partir do sentido figurado de *alta* e *baixas*, o que lle outorga un carácter de maior creatividade.
- Tamén se xoga coa antonimia en *Os prezos polas nubes e os produtos... ¡polo chan!* –#261–, creando unha estrutura coordinada con senllas expresións, opostas entre si: *polas nubes* ('inasequible economicamente') e *polo chan* ('moi asequible'). Neste caso o xogo creativo susténtase en que unha delas (*polas nubes*) está empregada en sentido figurado, mentres que a outra (*polo chan*) man-

<sup>118</sup> Aínda que *versus* en latín tiña o sentido de 'cara á', foi derivando a 'contra' por influencia anglosaxoa.

<sup>119</sup> Sobre a organización por parte de membros da alta sociedade europea dunha orxía multitudinaria na campiña inglesa na que participaron máis de 350 convidados.

tén o sentido literal: a imaxe móstranos un repartidor dun supermercado que apoia na beirarrúa os produtos dunha compra para a súa entrega a domicilio.

- En *O León roxe máis forte* –#267– temos unha pista de entrada sobre a posible diloxía, o *L* maiúsculo de *León*: se estivésemos falando do animal, non sería necesario. Outra pista, áinda maior evidente, é a súa aparición dentro das páxinas de *Motor*. Para os entendidos deste mundo, non fai falta saber máis para desvelar a diloxía: trátase da presentación dunha nova versión máis potente do León, un dos modelos máis deportivos da marca Seat. Por tanto, o *León* que *roxe* máis forte é unha dobre diloxía: *León* ('animal salvaxe' e 'modelo de coche') e *ruxir/ruxido* ('voz do león' ou 'ruído forte, especialmente o motor dun vehículo').

- O outro titular da sección *Motor* incluído no corpus deste traballo é *O automóbil vístese de verde* –#404–, que de entrada racha as regras da lóxica combinatoria, pois non podemos aceptar racionalmente a imaxe que xorde tras a lectura deste titular: un vehículo a motor poñendo unha prensa de roupa de cor verde. Por algúن lado ten que haber un uso figurado dalgún dos termos que forman parte do enunciado, e o subtítulo así o desvela, pois a información vai referida á crecente oferta de vehículos ecológicos por parte das principais marcas. Advírtese aquí a presenza doutra dobre diloxía: a de *vestir* ('cubrirse con roupa' e 'adoptar un estilo') e a de *verde* ('cor' e 'ecolóxico').

- '*Ciclón*' arrasa co fútbol –#346–. Un *ciclón* é un 'fenómeno natural caracterizado polo forte vento acompañado de tormenta' e que habitualmente causa danos ou mesmo a destrución completa da zona afectada, é dicir, *arrasa* co que se vai encontrando ao seu paso. Pero o *ciclón* do titular non é, por suposto, un fenómeno destas características: trátase dun can con este nome, responsable do descubrimento dunha rede de narcotráfico na que presuntamente están involucrados futbolistas e representantes de xogadores. O achado supón un duro golpe para o mundo do fútbol (*arrasa* con el, no sentido figurado e un tanto hiperbólico que o xornalista que elabora o titular le dá a este termo).

- *Unha grella ben quentiña* –#452– parece referirse a un asador que xa está preparado para poñerlle enriba o prato que imos cocinar, ou á saída nunha carreira de Fórmula Un especialmente igualada. Pero a noticia é a presentación da nova programación da TVG, de modo que hai que buscar outra interpretación: a que xorde dun novo sentido para *grella* ('oferta televisiva dunha cadea') e *quentiña* ('lista para acadar o seu obxectivo'), noutro caso de dobre diloxía encadeada.

- E a oposición entre os seus termos principais é tamén o recurso deste último titular: *Cando o doce fogar se volve amargo* –#460<sup>120</sup>–, que se vale dun clixé (*doce fogar*, a partir do *sweet home* inglés) ao que o autor do titular obriga a recuperar o sentido orixinal dos seus compoñentes mediante a inclusión no mesmo enunciado do adjetivo *amargo*, antónimo de *doce*.

Outro grupo dentro das figuras encadeadas está constituído por aqueles titulares en que o dobre sentido dun dos elementos está establecido previamente, pero o outro non. Por exemplo, en *Ollo e orella ao que chega* –#308– (sobre as estreas cinematográficas e musicais da semana), *ollo* é unha expresión monoverbal que se emprega para solicitar a ‘atención’ do receptor con respecto ao que se vai dicir ou ao que vai suceder, pero a súa coaparición con *orella* (que inicialmente só ten valor literal) deixa á vista tamén a acepción orixinal de *ollo* como ‘órgano da visión’, ao tempo que carga a *orella* de sentido figurado. Outros casos son:

- En *Travesía nun océano literario* –#141–, a derivación metafórica está clara: se o mundo da literatura é un *océano*, un percorrido a través das obras literarias sería unha *travesía* (no sentido de ‘viaxe, especialmente se se realiza polo mar’). E iso é o que nos propoñen os organizadores do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, protagonista desta información e que ademais nesa edición (ano 2008) tiña como temática central o mundo do mar.
- O grupo empresarial Rumasa, expropriado nos anos oitenta ao seu propietario, José María Ruiz Mateos, tiña como logotipo unha abella, igual que Nueva Rumasa, *holding* a partir do cal este emprendedor trata de reconstruír o seu imperio empresarial. Polo tanto, cando en *LV* aparece o titular *A abella ten nova colmea* –#162– temos unha extensión metonímica: se a abella é o símbolo deste empresario (*empresa da abella*, se lle chama popularmente a Rumasa), as súas sociedades serán as celas dunha colmea.
- *A música morde da Gran Mazá* –#479– é un titular da sección de *Cultura* para informar o esforzo de varios músicos galegos por darse a coñecer en Nova York, coñecida popularmente como a *Gran Mazá*. Por que non representar o éxito na metrópole cunha trabada a esa mazá que a simboliza?

Unha última subcategoría nas figuras encadeadas constitúena aqueles casos en que ningún dosdobres sentidos que se encadean está fixado. Unha moza caeu

120 Titular nunha información sobre os problemas do líder do PSdG, Manuel Vázquez, para demostrar o pagamento dos impostos por unha reforma do seu domicilio no concello ourensán de San Amaro.

ao chan desde certa altura cando trataba de introducirse nun piso agatuñando pola fachada dun edificio de Santiago de Compostela. Ao xornalista, esta maneira de acceder á vivenda pareceulle unha imitación da súper-heroína de banda deseñada *Spidergirl*, versión feminina de *Spiderman* (o *home araña*), coñecidos ambos por desprazarse entre os edificios (da *Gran Mazá*, precisamente) valéndose dunha arañeira que disparan polos seus pulsos. Polo tanto, no titular *A 'spidergirl' falloulle a tea de araña* –#487– é evidente o alongamento da metáfora, pero sobre dous conceptos (*spidergirl* e *tea de araña*) que non teñen un dobre sentido asentado.

Vexamos dous exemplos máis:

- *Anduriña* foi o gran éxito do dúo *Juan y Júnior*, dúo musical dos anos sesenta do que formaba parte o galego Juan Pardo, quen a mediados de 2009 sufría unha situación económica delicada, o que o obrigou a desfacerse de varias das súas propiedades para facer fronte ás débedas contraídas. No titular *A anduriña voa baixo e solta lastre* –#394–, Juan Pardo convértese, por un recurso metonímico, na *anduriña* da canción (*andoriña*, ‘ave mariña’), que *voa baixo* (‘atravesa dificultades’) e *solta lastre* (‘desfaise das cargas que lle impiden desenvolverse con folgura’).
- Moi similar na súa estrutura a este titular é *Don Giovanni perde cabelo e gaña peso* –#462–, referido ao director deportivo do equipo *Renault de Fórmula Un*, o italiano Flavio Briatore. Briatore ten fama de conquistador e de estar sempre acompañado de belas mozas, de modo que o apelativo escollido polo xornalista para referirse a el (*Don Giovanni*<sup>121</sup>) vai perfectamente acaído, na súa versión italiana, ademais. Porén, a noticia infórmanos do mal momento persoal que está a atravesar o empresario, o que no titular se exemplifica con *perder cabelo e gañar peso*, estragos de fatais consecuencias para quen ten no seu aspecto físico unha das principais armas de sedución.

#### 5.2.4. Reutilización

Como vimos en *Recontextualización* (§5.1.4), tamén nesta alínea da diloxía encontramos exemplos de uso reiterado dun mesmo elemento de partida. De feito, o emprego deste recurso alcanza aquí o seu maior nivel, ata o punto de que algunha das expresións recorrentes é utilizada ata en dez ocasións, como veremos. É o que acontece co grupo de titulares baseado na identificación *dimensión vertical* =

121 A referencia máis directa é a da ópera de Mozart homónima, baseada na figura lendaria do *Don Xoán*, prototipo do sedutor.

*calidade*, onde *alto* se asocia con *bo* e o *baixo* con *malo*, unha constante compartida praticamente por todas as culturas.

*Un sedutor de altura* –#22–, *Unha protesta de altura* –#159–, *Un agasallo de altura* –#176–, *Unha protesta de altura* –#213–, *Protesta de altura na Coruña* –#340–, *Xogo de altura en Galicia* –#367–, *Unha viaxe literaria de altura* –#372–, *Un artista de altura* –#373–, *Un roubo de grande altura* –#400– e *Unha protesta de altura* –#514– son titulares todos eles baseados no dobre sentido da expresión *de altura*: ‘dimensión vertical’ e ‘de calidad’. A reiteración é especialmente visible nos casos que fan alusión a protestas laborais en guindastres ou similares –#159, #213, #340 e #514–, onde temos mesmo repeticións exactas do mesmo titular.

No seu contorno poderíamos situar *Jazz de altura á beira do mar* –#73–, titular para unha información da sección *Cultura* sobre a celebración dun festival de jazz na cidade de Vigo. *De altura*, que de entrada ten o sentido de ‘calidade’, recupera o sentido literal de ‘dimensión vertical’ pola coaparición doutra expresión do seu campo lexical: *á beira do mar*. A exclusión combinatoria das dúas referencias (*de altura* oponse a *á beira do mar*) non só non impide o xogo creativo, senón que o reforza pola contradición que se establece entre ambos os elementos.

Na mesma liña ca os anteriores temos un grupo de tres titulares, todos eles chegados do mundo do baloncesto: *Unha galega sen teito* –#331<sup>122</sup>–, *Marc Gasol non ten teito* –#489<sup>123</sup>– e *Pau Gasol voa máis alto* –#142<sup>124</sup>–.

E aínda podemos incluír tamén os casos de *Publicidade de alto risco* –#66– (pola colocación dun anuncio luminoso no edificio máis alto de Ourense que tapona a saída de emergencia) e *Limpeza de alto risco* –#183– (unha imaxe na que se poden ver os traballadores encargados de limpar o tellado do Gran Teatro Nacional de China). *De alto risco*, expresión empregada para referirse a un ‘perigo considerable’, remítenos aquí a unha ‘ameaza en altura’.

Finalmente, o titular *Unha estafa de alta voltaxe* –#318– parte da expresión *de alta voltaxe*, ‘de fortes emocións’<sup>125</sup>, que aquí recupera o seu sentido literal ao

122 Titular nunha información sobre a baloncestista de orixe galega Tamara Abalde, quen está desenvolvendo unha meritaria traxectoria deportiva nos Estados Unidos. Xógase aquí co dobre sentido de *sen teito*: ‘de gran altura’ e ‘sen límite na súa progresión’. *Sen teito* tamén é a tradución do termo anglosaxón *homeless*, ‘persoa sen fogar’, que aquí non forma parte da diloxía.

123 Nunha actuación especialmente brillante do xogador da NBA Marc Gasol. Ver nota anterior.

124 Cabeceira dunha noticia sobre a presentación do baloncestista español Pau Gasol como xogador do equipo da NBA Los Angeles Lakers. A expresión *voar alto* empégase nesta ocasión en dous sentidos figurados: ‘desenvolver o seu xogo a grande altura’ e ‘ampliar a súas expectativas ou aspiracións’.

125 Tamén se recolle o uso da expresión *de alta voltaxe* para referirse ao *rock&roll* de son máis potente, nunha acepción máis próxima á literal, xa que para xerar este tipo de música precisase unha tensión eléctrica maior, é dicir, unha voltaxe máis alta.

estar referida a un calote consistente en asinarles (a cambio de 10.000 euros) falsos contratos de electricistas a cidadáns marroquís.

Outro tanto sucede cos titulares construídos a partir do dobre sentido dos termos *de película / de cine*: ‘pertencente ao ámbito cinematográfico’ ou ‘de calidad excepcional’. En todos os casos recompilados (dez, cinco con cada unha das dúas expresións) o esquema é o mesmo: unha persoa, lugar ou evento relacionado co mundo da séptima arte ao que se lle anexa a expresión para que, logo dunha primeira lectura na que percibimos o sentido figurado (o que se emprega con maior frecuencia), saia á luz o literal. Por exemplo, en *Embaixador de película* –#12–, pensamos primeiro en alguén que realiza o seu labor diplomático con excepcional competencia, ainda que no subtítulo aclárarse a diloxía: o cineasta José Luis Cuerda, instalado desde hai anos no Ribeiro (onde dedica á viticultura), será o encargado de dar a coñecer os viños desta comarca ourensá nunha feira internacional de turismo. Polo tanto, *de película* recupera aquí o seu sentido derecho de ‘relacionado co mundo do celuloide’ (ademas do emprego de *embaixador* nunha acepción figurada).

O resto de casos son estes: *Unha vida de película* –#58–, *Unha cidade de película* –#88–, *Un Camiño de película* –#233–, *Unha académica de película* –#337–, *Cómo pasar uns días de cine* –#363–, *Un San Sebastián de cine* –#459–, *28 días de cine en Santiago* –#490–, *Trío español de cinema* –#501– e *Uns emigrantes de cine* –#506–.

*Dar o cante ou ser un cantante* son expresións que, chegadas do mundo da música, serven para designar accións nas que alguén chama a atención por algo negativo. Polo tanto, se quen dá o cante é unha persoa que ten a música como profesión, o xogo de palabras vénnos feito, como sucede en titulares como *Melendi deu o cante* –#106– (sobre un incidente a bordo dun avión protagonizado por este músico asturiano), *O ‘cantante’ de moda* –#174– (*Rodolfo Chikilicuatre*, personaxe humorístico que acabou sendo o representante de España no festival de Eurovisión) ou *Cantantes enriba e debaixo do escenario* –#199 (informacións extramusicais das cantantes Amy Winehouse e Paulina Rubio). *De cantar, dar o cante e a saúde* –#259– é un caso diferente aos anteriores, xa que explicita a diloxía mediante dous significantes: *cantar* (pola faceta musical do actor Kevin Costner) e *dar o cante* (polo intento frustrado do artista Leonardo Dantés de coarse de incógnito nun concurso musical televisivo).

A asociación metafórica entre a vida e un camiño é un elemento recorrente na lingua coloquial e mesmo tamén na literaria. Segundo esta identificación, cada decisión que tomamos na vida é un novo camiño que se abre, e isto dá pé a numerosas expresións, como *abrir camiño* (‘ir a mellor, progresar’), que está na base do

titular *O conselleiro abre Camiño* –#488–, nunha información sobre a supervisión *in situ* que realizou o conselleiro de Cultura para comprobar o estado en que se encontraba o Camiño de Santiago días antes do comezo do Ano Santo 2010. Mesturado con ese uso figurado de *abrir camiño* está o seu sentido literal: ‘permitir o uso dun espazo de terreo empregado para unir dous puntos’.

Nesta mesma diloxía (o dobre sentido figurado de *camiño* como ‘vía para conseguir algo’ ou, por antonomasia, como ‘Ruta Xacobeira’) estéase o xogo creativo dos titulares *Un camiño ao éxito editorial* –#377<sup>126</sup>– e *Peregrinos doutro ‘camiño’* –#422<sup>127</sup>–. No caso do titular *Reverdecendo o Camiño* –#358– (sobre a reforestación de varios tramos do Camiño de Santiago), e áinda que o contexto da información é o mesmo, a diloxía non afecta ao termo *camiño*, senón a *reverdecer* que significa, simultaneamente, ‘renovar’ e ‘poñerse verde’.

Cando alguén complica unha situación xa de por si difícil, a imaxe preséntase baixo unha metáfora encadeada de gran forza visual: unha persoa botando gasolina para apagar o lume. Esta asociación é o punto de partida dos titulares *Gasolina para apagar o lume* –#144– (no recrumento da polémica sobre os supostos insultos racistas dos que foi vítima o piloto británico de Fórmula Un Lewis Hamilton no gran premio de España), *Más gasolina para apagar o lume* –#248– (sobre un informe que recolle os supostos efectos negativos que ten o uso do galego na economía do país, aparecido en pleno debate sobre o futuro da lingua) e *Blanco prende o lume e Aznar bota gasolina* –#403– (na irada resposta do ex-presidente español José María Aznar ao ministro de Fomento, José Blanco, logo de que este revelase que o político popular dispón dunha escolta de 51 gardacostas).

*Montar / armar un belén* (ou *montar / armar o belén*) son expresións empregadas como sinónimo de ‘crear confusión’. Neste caso, a diloxía pode chegar por múltiples vías:

- O emprego da expresión figurada nun contexto relacionado co Nadal, época en que se montan os verdadeiros *beléns*, ‘representacións do nacemento de Cristo mediante pequenas figuras’. Así acontece en *Os mil xeitos de montar un bo Belén* –#297–, titular que encabeza unha información sobre os cambios que houbo que realizar na programación das actividades de Nadal no coleixio ao que asiste a princesa Leonor para garantir a súa seguridade.

126 Un titular sobre un presentador da televisión alemá que leva vendidos máis de tres millóns de exemplares dun libro que recompila as súas experiencias no Camiño de Santiago.

127 Unha protesta levada a cabo por máis de 2.000 traballadores do metal da comarca de Vigo que fixeron unha etapa do Camiño Portugués a Compostela como forma de protestar durante as conversas para a sinatura dun novo convenio colectivo.

- A inclusión da expresión nun titular sobre unha información do ámbito relixioso, onde a asociación non é tan directa como no caso anterior, pero o vínculo é suficiente como para non perder a referencia. Un exemplo é o encabezamento *Armouse o belén... #332*— nunha noticia sobre a denuncia a un párroco pontevedrés acusado de oficiar un funeral en estado de embriaguez.
- Por homonimia co nome feminino Belén, como en *¡E armouse o belén! #516*—, cuxa protagonista é Belén Esteban, personaxe habitual na prensa rosa, quen causou un soado barullo ao someterse a unha operación cirúrxica que mudou sensiblemente o seu rostro.

Tamén se xoga coa palabra *belén*, no titular *Belén vivente no Milladoiro #160*—, aquí inserida no composto *belén vivente*. Neste caso temos que chegar ao nivel do subtítulo (*Unha muller deu a luz onte no portal da súa casa ao terceiro dos seus fillos*) para entender o sentido do titular: o feito de que o nacemento se producise nun *portal*, palabra que, con outro sentido coaparece habitualmente con *Belén* na expresión *portal de Belén*, explica á referencia a *belén vivente* no titular.

A expresión *en branco* emprégase para referirse a varias situacions, todas elas asociadas á idea de baleiro: unha páxina por escribir, unha persoa á que non se lle ocorre nada nun momento determinado, unha noite en que non conseguimos conciliar o sono, unha acción da que non obtemos o resultado agardado... A combinación de calquera destas posibilidades cun contorno en que a cor branca predomine dará pé a un titular creativo. En *LV* encontramos tres exemplos, baseados en dúas realidades distintas:

- A neve: *Unha fazaña en branco #311*— (a que acadou a alpinista viguesa Chus Lago, primeira muller en alcanzar o Polo Sur en solitario) e *Galicia revive o caos en branco #322*— (sobre os problemas que ocasionou un temporal de neve en varios puntos da comunidade).
- O Real Madrid: *Volta en branco do Madrid #359*—, titular de *Deportes* tras unha dobre derrota deste equipo de baloncesto (que adoita vestir integralmente de branco) ante un equipo grego nos *play-off* da Euroliga 2008-09.

Nas proximidades deste último titular podería estar *O regreso da esperanza branca #386*—. A *esperanza branca*<sup>128</sup> era, na linguaxe do antigo boxeo, un púxil

128 Existe unha película do ano 1970 dirixida por Howard Sackler e titulada *A gran esperanza branca*, pero a expresión é anterior e o filme non acadou excesiva relevancia, polo que non consideramos este un caso de recontextualización.

promesa de raza branca que podía enfrentarse aos boxeadores de raza negra que dominaban case todas as categorías deste deporte. Pero aquí emprégase esta expresión para comentar a posibilidade de que o construtor Florentino Pérez volva ocupar a presidencia do Real Madrid, como xa fixera nunha etapa anterior pragada de éxitos deportivos. É, polo tanto, a *esperanza branca*, en canto a que nel depositan a súa ilusión os seareiros deste club, que ten no branco a súa cor identificativa.

A peiteadora galega Ana María Ríos foi detida en México logo de que se lle encontrase unha arma e munición dentro dunha maleta durante a súa lúa de mel. A moza aproveitou a fama que lle deu esta noticia para posar espida na portada dunha revista. De aí que no titular *Lixeira de equipaxe* –#4– esta expresión, polo xeral vinculada ao sentido figurado de ‘liberdade’ ou ‘independencia’, adquira un novo sentido, próximo ao literal. O mesmo recurso é o que motiva o titular *Lixeiro de equipaxe* –#477–, nunha imaxe dun rapaz que agarda totalmente espido a chegada dun taxi nunha parada de Lugo durante as festas do San Froilán.

Dúas informacións referidas ás protestas efectuadas polos traballadores dos servizos autonómicos de extinción do lume aproveitan para o seu titular senllas expresións relacionadas co aumento de temperatura (unha das consecuencias dun incendio): *A situación bota lume* –#20– e *Traballadores contraincendios volven ‘quentar’ Compostela* –#71–. Nelas, *botar lume* (‘estar moi alporizado’) e *quentar* (‘exaltar os ánimos’) recuperan o seu sentido literal sen perder o figurado que acabamos de citar (no caso de *quentar*, o dobre uso márcase mediante o emprego de comiñas).

Cando algo funciona á perfección dise que *vai sobre rodas*. Esta é a expresión de partida dos titulares *Bolivia vai sobre rodas* –#75– e *O éxito vén sobre rodas* –#445–. O primeiro deles é o pé dunha imaxe da sección *Flash* en que aparecen o presidente e o vicepresidente de Bolivia montados en senllas bicicletas; e o segundo deles abre unha información sobre a chegada a Santiago dun exitoso espectáculo de motor. Polo tanto, a asociación da expresión *sobre rodas* con noticias en que bicicletas e motocicletas teñen un papel protagonista saca á luz o sentido literal e completa a diloxía. No segundo dos casos (*vén sobre rodas*) o verbo *ir* substitúese por *vir*, con significado oposto pero que apenas racha a idea fixada na expresión orixinal.

Para definir unha persoa (especialmente unha muller) moi ousada, destemida ou con moito carácter emprégase a expresión *de armas tomar*. Os titulares *O español, un exército de armas tomar* –#101– (sobre a primeira muller militar que posa espida para unha revista) e *Unha muller de armas tomar* –#121– (unha muller detida por secuestrar e torturar o seu ex-noivo) válense desta expresión para aplicárllela a senllas mulleres merecentes dela por partida dobre.

O baloncestista Carlos Navarro é coñecido nos medios xornalísticos como *A Bomba* pola súa maneira de efectuar os lanzamentos á canastra. A sección de *Deportes* de *LV* aproveitou este alcume para elaborar dous titulares en noticias que tiñan este xogador como protagonista:

- *Navarro é a 'Bomba'* –#140–, tras a espectacular temporada do deportista no seu primeiro (e único, finalmente) ano na NBA. Neste caso, o xornalista recorre á expresión *ser a bomba*, co sentido de ‘ser algo ou alguén excepcional’.
- *A 'Bomba' estoupa* –#175– abre unha información sobre unhas declaracíons do xogador nas que confesa que lle gustaría cambiar de equipo para a seguinte temporada. Aquí o recurso consiste nunha extensión da metáfora mediante a inclusión do verbo *estoupar*, que tamén se emprega en sentido figurado: ‘non poder aguantar un sentimento’.

Como se pode observar, en ambos os casos o uso dilóxico do termo que sustenta o xogo de palabras márcase mediante o emprego de comiñas.

O *rei de copas* é unha carta da baralla española, pero no ámbito deportivo esta mesma expresión pode empregarse para designar un equipo, xogador ou adestrador que gañou varios títulos de maneira consecutiva, mediante un uso figurado de *rei* (‘persoa ou cousa que destaca entre os da súa especie’) e un uso metonímico de *copa* (como ‘título’). Polo tanto, neste caso o xogo funciona porque unha frase asociada a un ámbito moi concreto (os naipes) é empregada noutra situación (o fútbol). É o que sucede nos titulares *Juande, o rei de copas* –#156– e *O Inter é o rei de 'copas'* –#347–. Só neste segundo caso o uso creativo se marca mediante comiñas, e únicamente sobre o termo *copas*.

O *concurso eólico* (a repartición das licenzas para a colocación de aeroxeradores) foi fonte de titulares en Galicia durante os anos 2008 e 2009, debido aos criterios empregados para a distribución de permisos e por coincidir a súa aprobación co cambio de goberno autonómico. A polémica foi recollida polo diario *LV* valéndose para a elaboración dos correspondentes titulares dun recurso que xa vimos: o emprego dun termo que recupera o sentido literal doutro usado en sentido figurado. Nos titulares *Fortes vendavais no concurso eólico* –#305– e *O eólico xera novos refachos* –#320–, tanto *vendavais* como *refachos* empréganse na acepción metafórica de ‘dificultades imprevistas’. E nos dous casos o *termo-chave* que nos devolve o sentido de ‘corrente de aire’ vai ser, precisamente, *eólico*.

Algo *vital* é, por extensión hiperbólica, algo ‘importante, transcendente ou decisivo’. Pero se realmente o aplicamos a algo que nos dá a vida ou do que de-

pende a nosa vida, estamos diante dun uso creativo, xa que o habitual empregalo cun sentido non literal, sobre todo cando vai inserido en expresións como *Unha decisión vital* –#370– (sobre as alternativas para un parto natural) ou *5.000 préstamos vitais* –#402– (nunha noticia sobre o número de galegos que recibiron un transplante de órganos).

*Coa auga ao pescozo* –#95 e #164– é un titular que *LV* emprega en dúas ocasións no período analizado, ambas as dúas como pé de foto nunha imaxe da sección *Flash* onde se pode ver un grupo de vacas fuxindo dunha inundación e un home mergullado ao que só se lle ve a cabeza, respectivamente. Xa que logo, tanto un titular coma o outro xogan co sentido literal dunha frase que case sempre se emprega en sentido figurado: (*estar*) *coa auga ao pescozo*, ‘encontrarse nunha situación moi apurada, perigosa ou delicada’.

Cando se forma un rebumbio estupendo dicimos que se montou ou que se armou un *cristo*. *¡Un Cristo de cuidado!* –#27– e *Un cristo en Estremadura* –#33– son titulares que teñen como base esta expresión. A diloxía preséntase porque en ambos os casos o protagonista da información é a figura histórica de Cristo, que se ve envolta en senllas polémicas (o suposto descubrimento da súa tumba e unha irreverente exposición fotográfica, respectivamente). O uso ou non da maiúscula inicial (*Cristo/cristo*) amosa o lado da diloxía cara ao que se decantou o redactor.

O ex-futbolista arxentino Diego Armando Maradona (daquela seleccionador nacional) é coñecido como *Deus* polos seus seareiros más fieis, ata o punto de que existe unha relixión que o venera como ser supremo. Sobre esta base ciméntase o xogo creativo dos seguintes titulares:

- *O discípulo de Deus* –#51–. Extensión metafórica empregada para referirse ao xogador arxentino Lionel Messi, ao que moitos consideran herdeiro de Maradona como mellor futbolista do mundo.
- *Maradona: non o salva nin Deus* –#449–. Aparecido logo dunha serie de malos resultados da selección arxentina desde a chegada de Maradona. A coaparición de *Maradona* e *Deus* no mesmo titular revela a diloxía.

Tamén con base no ámbito relixioso temos estoutro caso de reutilización: *Domingo de Resurrección celeste* –#170, do 24 de marzo de 2007– convértese dous anos despois en *Domingo de Resurrección en Vigo* –#365, do 13 de marzo de 2009–. En ambos os casos refírese unha vitoria do Celta de Vigo tras varias xornadas de resultados negativos, coincidindo ademais coa celebración relixiosa.

**TÁBOA 2. TITULARES DA CATEGORÍA DILOXÍA**

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
4	Lixeira de equipaxe	Contraportada	<i>Lixeiro de equipaxe</i>	11/01/07
5	O 'corpo' non vai á moda	Galicia	<i>Corpo</i>	16/01/07
7	Un edil sen mans libres	Galicia	<i>Mans libres</i>	19/01/07
10	Armas de muller	Contraportada	<i>Armas de muller</i>	29/01/07
12	Embaixador de película	Contraportada	<i>De película</i>	30/01/07
13	Xogar con moito ollo	Galicia	<i>Ollo</i>	31/01/07
18	Cando Harry Potter saca a 'variña máxica'	Un Respiro	<i>Variña máxica</i>	02/02/07
20	A situación bota lume	Galicia	<i>Botar lume</i>	07/02/07
22	Un sedutor de altura	Contraportada	<i>De altura</i>	12/02/07
24	Demasiado transparente	Contraportada	<i>Transparente</i>	22/02/07
25	A caza recibe outro tiro	Galicia	<i>Tiro</i>	26/02/07
27	¡Un Cristo de coidado!	Contraportada	<i>Cristo</i>	28/02/07
28	Porro e Caballero prepáranse para 'pescar' os votos de maio	Portada	<i>Pescar</i>	02/03/07
29	Mar de fondo en terra	Galicia	<i>Mar de fondo</i>	02/03/07
30	De varrer na pasarela a varrer o chan	Un Respiro	<i>Varrer</i>	08/03/07
33	Un cristo en Estremadura	Un Respiro	<i>Cristo</i>	15/03/07
36	Catro arietes contra un muro	Deportes	<i>Ariete – Muro</i>	16/03/07
37	A 'jota'... para Aragón	Galicia	<i>Jota'</i>	21/03/07
38	A mala pata de Valerón	Contraportada	<i>Mala pata</i>	21/03/07
39	«¡E eu con estes pelos!»	Flash	<i>¡E eu con estes pelos!</i>	23/03/07
40	A bolsa... ou a vida	Galicia	<i>Bolsa</i>	27/03/07
42	Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa	Flash	<i>Ovo</i>	28/03/07
43	O último gran premio de Gibernau	Un Respiro	<i>Gran premio</i>	28/03/07
45	Pavonearse	Flash	<i>Pavonearse</i>	10/04/07
46	O Celta recorre ao xenio de Stoichkov para levantar o voo	Portada	<i>Xenio – Levantar o voo</i>	11/04/07
48	Os de Lepe non andan con contos	Un Respiro	<i>Contos</i>	17/04/07
50	Un furacán de solidariedade	Un Respiro	<i>Furacán</i>	19/04/07
51	O discípulo de 'Deus'	Deportes	<i>Discípulo – Deus</i>	20/04/07
52	Quintana ve un horizonte claro: «Imos gañar a batalla do lume»	Portada	<i>Ver un horizonte claro</i>	23/04/07
54	Patricia está volvendo tolo a Dani	Un Respiro	<i>(volver) tolo</i>	24/04/07

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
55	Danlle cabazas á conselleira de Educación polo horario de verán	Portada	<i>Dar cabazas</i>	25/04/07
58	Unha vida de película	Galicia	<i>De película</i>	02/05/07
64	O derradeiro tren de Jan	Contraportada	<i>(Coller) o derradeiro tren</i>	04/06/07
65	Páxinas da historia, á carta	Un Respiro	<i>Páxina – Á carta</i>	05/06/07
66	Publicidade de alto risco	Galicia	<i>De alto risco</i>	06/06/07
67	Libros debaixo das follas	Cultura	<i>Folla</i>	06/06/07
71	Traballadores contraincendios volven ‘quentar’ Compostela	Portada	<i>Quentar</i>	15/06/07
73	Jazz de altura á beira do mar	Cultura	<i>De altura</i>	20/06/07
75	Bolivia vai sobre rodas...	Flash	<i>Sobre rodas</i>	03/07/07
78	A ‘bona parte’ de Napoleón	Un Respiro	<i>Bona parte</i>	05/07/07
79	Unha revisión histórica	Galicia	<i>Revisión histórica</i>	06/07/07
82	Cos pés por diante	Flash	<i>(Satr) cos pés por diante</i>	13/07/07
83	¡Entre pitos e gaitas!	Galicia	<i>Entre pitos e frautas</i>	13/07/07
85	A vela galega colle aire	Deportes	<i>Vela – Coller aire</i>	23/07/07
86	Unha volta de folla máis	Galicia	<i>Volta de folla</i>	24/07/07
87	Unha rifa de campionato	Deportes	<i>De campionato</i>	24/07/07
88	Unha cidade de película	Galicia	<i>De película</i>	27/07/07
91	Coa casa ao lombo	Flash	<i>(Ir) coa casa ao lombo</i>	31/07/07
92	Sementando futuro	Galicia	<i>Sementar</i>	14/09/07
93	Tomando moi a peito as súas obrigas	Un Respiro	<i>Tomar a peito</i>	18/09/07
95	Coa auga ao pescozo	Flash	<i>(Estar) coa auga ao pescozo</i>	21/09/07
96	Entre un Polo e o outro	Contraportada	<i>Estar entre doulos polos</i>	04/10/07
99	As Illas afunden	Deportes	<i>Afundir</i>	19/10/07
100	Hollywood está que arde, literalmente	Un Respiro	<i>Estar que arde</i>	24/10/07
101	O español, un exército de armas tomar	Un Respiro	<i>De armas tomar</i>	29/10/07
106	Melendi deu o cante	Contraportada	<i>Dar o cante</i>	14/11/07
107	O monte, máis ‘verde’	Galicia	<i>Verde</i>	15/11/07
110	Luz ao final do túnel	Flash	<i>(Ver) luz ao final do túnel</i>	30/11/07
116	Cregos que están como Deus	Un Respiro	<i>Estar como Deus</i>	13/12/07
121	Unha muller de armas tomar	Un Respiro	<i>De armas tomar</i>	07/01/08
123	Setenta e cinco anos na onda	Cultura	<i>(Estar) na onda</i>	09/01/08
126	Co lume non se xoga	Galicia	<i>Xogar con lume</i>	14/01/08
127	‘Boccato di cardinale’ con grelos	Galicia	<i>Boccato di cardinale</i>	15/01/08
130	Zara loita contra Zara	Contraportada	<i>Zara</i>	16/01/08

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
133	O novo R28 bota fume	Deportes	<i>Botar fume</i>	23/01/08
134	Cando a vida custa un ril	Contraportada	<i>Custar un ril</i>	23/01/08
135	Vivenda axuda a ter vivenda	Economía	<i>Vivenda</i>	24/01/08
136	Ledger, unha estrela fugaz	Un Respiro	<i>Estrela fugaz</i>	24/01/08
140	Navarro é a 'Bomba'	Deportes	<i>Bomba</i>	30/01/08
141	Travesía nun océano literario	Cultura	<i>Travesía – Océano</i>	30/01/08
142	Pau Gasol voa máis alto	Contraportada	<i>Voar alto</i>	04/02/08
143	O mércores de cinza destrona hoxe un Entroido moi animado	Portada	<i>Destronar</i>	06/02/08
144	Gasolina para apagar o lume	Deportes	<i>Gasolina – Apagar lume</i>	06/02/08
146	Gasol, unha estrela en Hollywood	Deportes	<i>Estrela</i>	07/02/08
148	Un roubo de impresión	Contraportada	<i>De impresión</i>	12/02/08
152	Ao mal tempo... boa cara	Flash	<i>Ao mal tempo, boa cara</i>	20/02/08
155	Un membro con moita arte	Un Respiro	<i>Membro – Arte</i>	21/02/08
156	Juande, o rei de copas	Contraportada	<i>Rei de copas</i>	26/02/08
158	A droga é un negocio sucio	Galicia	<i>Negocio sucio</i>	27/02/08
159	Unha protesta de altura	Flash	<i>De altura</i>	04/03/08
160	Belén vivente no Milladoiro	Galicia	<i>Belén vivente</i>	04/03/08
162	A abella ten nova colmea	Contraportada	<i>Abella – Colmea</i>	06/03/08
164	Coa auga ao pescozo	Flash	<i>(Estar) coa auga ao pescozo</i>	11/03/08
170	Domingo de resurrección celeste	Deportes	<i>Domingo de resurrección</i>	24/03/08
171	Regreso á 'illa' sen Camarón	Un Respiro	<i>Illa</i>	24/03/08
173	Uns debuxos con moita historia	Cultura	<i>Con historia</i>	26/03/08
174	O 'cantante' de moda	Contraportada	<i>Cantante</i>	26/03/08
175	A 'Bomba' estoupa	Deportes	<i>Bomba</i>	27/03/08
176	Un agasallo de altura	Contraportada	<i>De altura</i>	27/03/08
177	Veñen cun pan debaixo do brazo	Galicia	<i>Vir cun pan debaixo do brazo</i>	28/03/08
178	Dobres parellas de grandes	Un Respiro	<i>Dobres parellas – Grandes</i>	28/03/08
180	O xefe da FIA ponse como unha moto	Un Respiro	<i>Poñerse como unha moto</i>	01/04/08
181	Novo 'choque' de 'Siniestro'	Cultura	<i>Choque – Siniestro</i>	02/04/08
183	Limpeza de alto risco	Flash	<i>De alto risco</i>	08/04/08
187	O peor papel de Terele	Contraportada	<i>Papel</i>	10/04/08
190	Un matrimonio ameazado polas pelotas	Un Respiro	<i>Pelotas</i>	15/04/08
196	Un deporte de peso	Flash	<i>De peso</i>	24/04/08
199	Cantantes enriba e debaixo do escenario	Un Respiro	<i>Cantante</i>	09/05/08

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
201	Makelele non dá a cara no xuízo para evitar a 'presión mediática'	Portada	<i>Dar a cara</i>	16/05/08
204	Vigo quere dar zapatilla	Deportes	<i>Dar zapatilla</i>	22/05/08
205	Un home do seu tempo	Galicia	<i>Home do (seu) tempo</i>	27/05/08
206	O fútbol dá xogo fóra dos campos	Un Respiro	<i>Dar xogo</i>	28/05/08
207	Os fogóns andan quentes	Contraportada	<i>Quente</i>	28/05/08
213	Unha protesta de altura	Flash	<i>De altura</i>	06/06/08
214	A frota de Ribeira tensa a corda	Galicia	<i>Tensar a corda</i>	06/06/08
219	Canadá e os indios fuman a pipa da paz	Flash	<i>Fumar a pipa da paz</i>	13/06/08
220	Unha saúde de carballo	Galicia	<i>(Ter) unha saúde de carballo</i>	18/06/08
227	Se aínda non tes camiseta, toma o sol	Un Respiro	<i>Ter camiseta</i>	27/06/08
231	As 'estrelas' dos camiños	Cultura	<i>Estrela</i>	02/07/08
232	Adeus con bo sabor de boca	Un Respiro	<i>(Deixar) bo sabor de boca</i>	03/07/08
233	Un Camiño de película	Contraportada	<i>De película</i>	03/07/08
234	A política descarrila o AVE	Galicia	<i>Descarrilar</i>	04/07/08
235	De viños por pazo Baión	Galicia	<i>(Ir – Satir) de viños</i>	09/07/08
238	'Fernandiño, O Neno'	Contraportada	<i>O Neno</i>	14/07/08
240	Cristiano regateou a Paris Hilton	Un Respiro	<i>Regatear</i>	18/07/08
241	Desembarco no mar	Galicia	<i>Desembarco</i>	21/07/08
243	O actor de 'Ghost' di que é un milagre	Un Respiro	<i>Milagre</i>	22/07/08
245	Galicia 'mobilízase'	Galicia	<i>Mobilizarse</i>	01/09/08
247	¡Coidado coas 'malas linguas'!	Cultura	<i>Mala lingua</i>	03/09/08
248	Máis gasolina para apagar lume	Galicia	<i>Gasolina – Apagar lume</i>	04/09/08
250	Actores con 'Agallas'	Contraportada	<i>Agallas</i>	10/09/08
252	O buscador abre as ventás	Un Respiro	<i>Buscador– Ventás</i>	16/09/08
253	A ovella negra	Flash	<i>Ovella negra</i>	19/09/08
259	De cantar, dar o cante e a saúde	Un Respiro	<i>Cantar – Dar o cante</i>	01/10/08
261	Os prezos polas nubes e os produtos... ¡polo chan!	Galicia	<i>(Estar) polas nubes / polo chan</i>	08/10/08
262	Unha dama ardente, unha casa queimada	Un Respiro	<i>Ardente</i>	09/10/08
266	Volven os tempos de sementar	Cultura	<i>Sementar</i>	15/10/08
267	O León roxe máis forte	Motor	<i>León – Ruxir</i>	16/10/08
268	A avoa paga a crise; Harry e Will, as copas	Un Respiro	<i>Pagar</i>	20/10/08
269	¡Aquí hai tomate!	Flash	<i>Aquí hai tomate</i>	21/10/08

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
270	Unha excursión moi familiar	Galicia	<i>Familiar</i>	21/10/08
271	O falsete de Falete canta en comisaría	Un Respiro	<i>Falsete – Cantar</i>	21/10/08
272	Obama e McCain, en caída libre	Flash	<i>(Estar – Ir) en caída libre</i>	22/10/08
274	Amaia quitou un gran peso de enriba	Un Respiro	<i>Quitar un peso de enriba</i>	29/10/08
277	Lugo xoga co lume	Portada	<i>Xogar con lume</i>	05/11/08
279	A historia cambia de cor coa elección de Barack Obama	Portada	<i>Cor</i>	06/11/08
280	Primeira dama negra na Casa Branca	Un Respiro	<i>Primeira dama – Dama negra– Casa Branca</i>	07/11/08
283	Rossi colle ben as curvas españolas	Un Respiro	<i>Curvas</i>	11/11/08
284	A voz de África enmudeceu	Un Respiro	<i>Voz – Enmudecer</i>	11/11/08
291	O lado escuro da neve	Galicia	<i>Lado escuro</i>	02/12/08
293	Borrajo baixa o pano	Un Respiro	<i>Baixar o pano</i>	04/12/08
294	A memoria histórica de Carmencita	Un Respiro	<i>Memoria histórica</i>	05/12/08
297	Os mil xeitos de montar un bo belén	Un Respiro	<i>Armar – Montar o/un belén</i>	10/12/08
300	Pucela conxela o Deportivo	Deportes	<i>Conxelar</i>	15/12/08
304	Valdés despexa de puños	Deportes	<i>Despexar de puños</i>	19/12/08
305	Fortes vendavais no concurso eólico	Economía	<i>Vendaval</i>	23/12/08
308	Ollo e orella ao que chega	Un Respiro	<i>Ollo – Orella</i>	07/01/09
310	Escacharon de tanto rir	Un Respiro	<i>Eschachar coa risa</i>	08/01/09
311	Unha fazaña en branco	Galicia	<i>En branco</i>	09/01/09
314	Entoan a nota solidaria	Galicia	<i>Entoar a nota</i>	13/01/09
315	A Coruña vai marcar o ritmo	Cultura	<i>Marcar o ritmo</i>	14/01/09
316	Calderón bota balóns fóra	Deportes	<i>Botar balóns fóra</i>	15/01/09
318	Unha estafa de alta voltaxe	Galicia	<i>De alta voltaxe</i>	16/01/09
319	¡Santa María!, Soraya..., ¡Santa María!	Un Respiro	<i>Santa María</i>	19/01/09
320	O eólico xera novos refachos	Economía	<i>Refacho</i>	20/01/09
322	Galicia revive o caos en branco	Galicia	<i>En branco</i>	21/01/09
323	K.O. no primeiro asalto aos postos de ascenso	Deportes	<i>K.O. – Asalto</i>	22/01/09
324	Mirada de lince	Flash	<i>Vista de lince</i>	23/01/09
327	Unha doazón con historia	Galicia	<i>Con historia</i>	28/01/09
329	Que non te boten a rede (social)	Un Respiro	<i>Botar a rede – Rede social</i>	29/01/09
330	Un torrente de creatividade	Cultura	<i>Torrente</i>	30/01/09

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
331	Unha galega sen teito	Deportes	<i>(Non ter) teito</i>	01/02/09
332	Armouse o belén...	Galicia	<i>Armar – Montar o belén</i>	02/02/09
335	Traseiros con arte	Flash	<i>Arte</i>	07/02/09
337	Unha académica de película	Cultura	<i>De película</i>	11/02/09
340	Protesta de altura na Coruña	Galicia	<i>De altura</i>	13/02/09
341	O Oeste, máis salvaxe ca nunca	Deportes	<i>Oeste</i>	17/02/09
345	Explosivo Carnaval en Rio	Flash	<i>Explosivo</i>	25/02/09
346	‘Ciclón’ arrasa co fútbol	Deportes	<i>Ciclón –Arrasar</i>	27/02/09
347	O Inter é o rei de ‘copas’	Deportes	<i>Rei de copas</i>	02/03/09
348	Nicho de emprego	Galicia	<i>Nicho de emprego</i>	04/03/09
349	A maxistral faena contra Fran Rivera	Un Respiro	<i>Faena</i>	09/03/09
355	Íngrid quere liberarse por completo	Un Respiro	<i>Liberarse</i>	17/03/09
356	¡Isto si que é unha vendida de moto!	Galicia	<i>Vender a moto</i>	18/03/09
358	Reverdecendo o Camiño	Galicia	<i>Reverdecer</i>	24/03/09
359	Volta en branco do Madrid	Deportes	<i>En branco</i>	27/03/09
360	Un aluguer do máis divino	Galicia	<i>Divino</i>	30/03/09
361	O ‘padriño’ Maradona ‘enchufa’ a familia	Deportes	<i>Padriño</i>	31/03/09
363	Cómo pasar uns días de cine	Cultura	<i>De cine</i>	09/04/09
365	Domingo de Resurrección en Vigo	Deportes	<i>Domingo de resurrección</i>	13/04/09
366	Aterriza o «Goberno dez» de Feijóo	Galicia	<i>Dez</i>	21/04/09
367	Xogo de altura en Galicia	Deportes	<i>De altura</i>	21/04/09
369	«O pai dos paraguaios»	Mundo	<i>Pai</i>	22/04/09
370	Unha decisión vital	Galicia	<i>Vital</i>	27/04/09
372	Unha viaxe literaria de altura	Cultura	<i>De altura</i>	29/04/09
373	Un artista de altura	Flash	<i>De altura</i>	30/04/09
377	Un camiño ao éxito editorial	Un Respiro	<i>Camiño</i>	06/05/09
380	De ‘Bigotes’, peitos e moito morro	Un Respiro	<i>Bigote – Morro</i>	07/05/09
381	Torreiglesias rebentou o tensiómetro da TVE	Un Respiro	<i>Rebentar o tensiómetro</i>	08/05/09
383	Habemus voda de cine	Un Respiro	<i>De cine</i>	12/05/09
386	O regreso da esperanza branca	Deportes	<i>Esperanza branca</i>	15/05/09
389	Unha ‘benzón’ no Día das Letras	Cultura	<i>Benzón</i>	20/05/09
394	A anduriña voa baixo e solta lastre	Un Respiro	<i>Anduriña – Voar baixo – Soltar lastre</i>	25/05/09

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
396	Unha durísima competición	Un Respiro	<i>Duro</i>	26/05/09
397	O lácteo, cada día máis negro	Economía	<i>Negro</i>	28/05/09
400	Un roubo de grande altura	Galicia	<i>De altura</i>	02/06/09
401	O top das 'top' adíñeiradas	Un Respiro	<i>Top</i>	02/06/09
402	5.000 préstamos vitais	Galicia	<i>Vital</i>	03/06/09
403	Blanco prende o lume e Aznar bota gasolina	España	<i>Prender lume – Botar gasolina</i>	04/06/09
404	O automóbil vístese de verde	Motor	<i>Vestir – Verde</i>	04/06/09
405	Problema en aumento	Un Respiro	<i>En aumento</i>	04/06/09
407	Gloria Lago: no punto de mira	Galicia	<i>No punto de mira</i>	09/06/09
413	Coa cabeza cadrada	Flash	<i>Cabeza cadrada</i>	16/06/09
414	A pequena más pequena	Un Respiro	<i>Pequeno</i>	16/06/09
416	De cantantes, 'cantantes' e os que 'cantan'	Un Respiro	<i>Cantante – Cantar</i>	23/06/09
417	Arte que non é máis que aire	Flash	<i>Aire</i>	25/06/09
419	Os favores a cambio dos 'favores'	Un Respiro	<i>Favor</i>	26/06/09
420	Fawcett, anxo de novo	Un Respiro	<i>Anxo</i>	26/06/09
421	Non está frío e xa queren deixalo teso	Un Respiro	<i>Deixar teso</i>	29/06/09
422	Peregrinos doutro 'camiño'	Galicia	<i>Camiño</i>	30/06/09
423	A forza de Hércules	Galicia	<i>Hércules</i>	30/06/09
424	Alarde de alardes	Flash	<i>Alarde</i>	01/07/09
426	O 'plan B' era Benzema	Deportes	<i>Plan B</i>	02/07/09
427	Os peores fillos da Gran Bretaña	Un Respiro	<i>Fillo da Gran Bretaña</i>	07/07/09
428	Descansa Jacko, descansamos todos	Un Respiro	<i>Descansar</i>	08/07/09
430	Feijóo abre a porta a crear 20.000 empregos	Portada	<i>Abrir a porta</i>	10/07/09
431	Alta sociedade, baixas paixóns	Un Respiro	<i>Alta sociedade – Baixas paixóns</i>	16/07/09
432	Un 'real plantón' de Teresa Casal	Galicia	<i>Real</i>	17/07/09
433	Iker cólleas ao voo... E os balóns, tamén	Un Respiro	<i>Collellas ao voo</i>	17/07/09
434	Galicia móllase	Galicia	<i>Mollarse</i>	22/07/09
438	'Sálvame': o nome ideal para o espazo	Un Respiro	<i>Sálvame</i>	28/07/09
439	Texano vs. pistoleiro	Deportes	<i>Texano – Pistoleiro</i>	29/07/09
443	A zarina Isinbayeva	Deportes	<i>Zarina</i>	03/09/09
444	Un asunto de narices	Contraportada	<i>De narices</i>	03/09/09
445	O éxito vén sobre rodas	Galicia	<i>Sobre rodas</i>	07/09/09

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
448	A universidade da nosa terra	Cultura	<i>Terra</i>	09/09/09
449	Maradona: non o salva nin Deus	Deportes	<i>Deus</i>	11/09/09
451	A Esteban pon o circo e Jordi, a 'noría'	Un Respiro	<i>Circo – Noria</i>	14/09/09
452	Unha grella ben quentíña	Un Respiro	<i>Grella – Quente</i>	14/09/09
454	A última peza de Swayze	Un Respiro	<i>Última peza</i>	16/09/09
455	A representación fóra da escena	Cultura	<i>Representación</i>	16/09/09
456	Os aeroportos galegos van 'engalar' con novas rutas	Portada	<i>Engalar</i>	17/09/09
457	Seis empresas con malos fumes	Galicia	<i>Malos fumes</i>	17/09/09
458	A ficción chega á prensa	Un Respiro	<i>Ficción</i>	17/09/09
459	Un San Sebastián de cine	Un Respiro	<i>De cine</i>	18/09/09
460	Cando o doce fogar se volve amargo	Galicia	<i>Doce – Amargo</i>	22/09/09
461	Os amores de 'aluguer' das estrelas	Un Respiro	<i>De aluguer</i>	22/09/09
462	Don Giovanni perde cabelo e gaña peso	Un Respiro	<i>Don Giovanni</i>	23/09/09
465	A Alonso dáselle ben a noite	Deportes	<i>Noite</i>	28/09/09
467	Recúrtanlle todo menos as barbas	Un Respiro	<i>Recurtar</i>	30/09/09
469	Unha noite negra	Deportes	<i>Negro</i>	02/10/09
470	A Rajoy tórraselle o arroz	Flash	<i>Torráselle o arroz (a alguén)</i>	05/10/09
471	O campión da barra libre	Deportes	<i>Barra libre</i>	05/10/09
473	Feijóo fai oír o galego en Bruxelas	Portada	<i>Facer(se) oír</i>	08/10/09
475	O gardameta imparable	Un Respiro	<i>Imparable</i>	08/10/09
477	Lixeiro de equipaxe	Flash	<i>Lixeiro de equipaxe</i>	13/10/09
478	Fauna ibérica e histérica	Un Respiro	<i>Fauna</i>	15/10/09
479	A música morde da Gran Mazá	Cultura	<i>Morder – Gran Mazá</i>	15/10/09
480	Fox e Ronaldo pónense íntimos	Un Respiro	<i>Poñerse íntimo</i>	16/10/09
482	Piccinini 'destapa' o voleibol nunha entrevista	Un Respiro	<i>Destapar</i>	21/10/09
484	Un ril capaz de conmover algúns corazóns	Galicia	<i>Corazón</i>	28/10/09
487	Á 'spidergirl' falloulle a tea de araña	Galicia	<i>Spidergirl – Tea de araña</i>	02/11/09
488	O conselleiro abre Camiño	Portada	<i>Abrir camiño</i>	03/11/09
489	Marc Gasol non ten teito	Deportes	<i>(Non ter) teito</i>	04/11/09
490	28 días de cine en Santiago	Cultura	<i>De cine</i>	04/11/09

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DILOXÍA	DATA
491	Lugo, como 'Sin tetas...', queda sen duque	Un Respiro	<i>Duque</i>	05/11/09
492	'Patri' Conde: amargor e 'Mermelada'	Un Respiro	<i>Amargar</i>	10/11/09
495	Medio(s) revoltos	Un Respiro	<i>Medio</i>	12/12/09
497	De látego a espada de 'Telecirco'	Un Respiro	<i>Látego – Espada</i>	13/11/09
498	O Xacobeo Blusens xa asusta	Deportes	<i>Asustar</i>	16/11/09
501	Trío español de cinema	Un Respiro	<i>De cinema</i>	19/11/09
502	Cómo amarga o 'azúcar moreno'	Un Respiro	<i>Amargar</i>	20/11/09
506	Uns emigrantes de cine	Galicia	<i>De cine</i>	26/11/09
508	Xogadores a tres bandas	Un Respiro	<i>A tres bandas</i>	02/12/09
509	Fóisenos un monstro	Un Respiro	<i>Monstro</i>	02/12/09
510	Facer as Américas... en tan só sete días	Galicia	<i>Facer as Américas</i>	09/12/09
511	Máis paus... imposible	Un Respiro	<i>Pau</i>	10/12/09
512	De 'paus', Pau e más paus	Un Respiro	<i>Pau</i>	11/12/09
514	Unha protesta de altura	Flash	<i>De altura</i>	16/12/09
515	En globo cara ao 'Oscar'	Un Respiro	<i>Globo</i>	16/12/09
516	¡E armouse o belén!	Un Respiro	<i>Armar – Montar o belén</i>	17/12/09
518	Os capóns saíron voando de Vilalba	Galicia	<i>Saír voando</i>	19/12/09

### 5.3. Ruptura

Outra modalidade empregada para chamar a atención do lector mediante un uso manipulado da linguaxe é a que neste traballo denominaremos *Ruptura*, a introdución dalgún tipo de cambio nunha expresión fixada, o que nos vai permitir obter un enorme rendemento dun mecanismo sínxelo pero de grande eficacia: converter a linguaxe *petrificada* ou *fosilizada* das expresións fixas nun discurso renovado e produtivo mediante unha transformación más ou menos complexa.

Cando manipulamos unha unidade fraseolóxica facemos un uso «especial» dela, un uso imprevisible por non habitual e, xa que logo, interesante para quen le ou escribe [...]. E a través dese uso especial podemos, ademais, establecer unha serie de asociacións semánticas e conseguir atraentes efectos lúdicos que contribúen a explica-la frecuencia e a vitalidade do procedemento (Álvarez de la Granja 1999: 40).

Dentro desta categoría inclúense 185 casos, é dicir, un 35,7% dos 518 titulares que componen o corpus deste traballo. Entre elas, a maioría (as 118 das que

falabamos en §5.1, é dicir, case dous de cada tres casos) combina este recurso da ruptura coa recontextualización dunha expresión fixada, un dos mecanismos máis habituais para conseguir atraer a atención do lector.

The phraseologic units are more often used in their modified forms than in their standard forms, because nowadays the public tastes are so elaborated that only few forms attract attention, that is why the effect of novelty that modified phraseologic units in the headlines create is so important for modern newspapers and magazines (Zalyaleeva 2008: 281).

Existen tamén uns poucos casos en que a ruptura se combina coa diloxía. Algúns exemplos son *¡Entre pitos e gaitas!* –#83–, ou *As ‘estrelas’ dos camiños* –#231, que se comentarán a seguir ou a xa explicada *Entre un Polo e o outro* –#96.

Son moitos os subrecursos que podemos encontrar na categoría de *Ruptura*, e non resulta extraño rexistrar titulares nos que se empregan a un tempo dous ou máis (ver §5.3.11). Estes son os mecanismos de ruptura detectados, cuxos exemplos ocupan as seccións §5.3.1 – §5.3.10:


- **SUSTITUCIÓN:** consiste nun cambio léxico que atinxe a un dos termos (ou máis dun, como logo veremos) da expresión de partida.
- **EXTENSIÓN:** neste caso a ruptura prodúcese polo alongamento da expresión fixada (por diante, por detrás ou polo seu interior).
- **ACURTAMENTO:** é o fenómeno contrario ao anterior, xa que aquí o que se fai é elidir unha parte do enunciado de base.
- **CAMBIO DE POLARIDADE:** conséguese mediante a transformación dun enunciado positivo en negativo, ou viceversa.
- **CAMBIO DE MODALIDADE:** neste subrecurso partimos da existencia dun grupo fixado de modalidades oracionais (enunciativas, imperativas, interrogativas...), de modo que o cambio de modalidade se producirá cando un enunciado se traslade dun destes grupos a outro.
- **CAMBIO DE ORDE:** é o desprazamento dos elementos léxicos que componen unha expresión fixa, sen que iso supoña modificacións a nivel sintáctico.
- **CAMBIO SINTÁCTICO:** é o reordenamento dos elementos léxicos con repercusións na función que cada un deles desenvolve.
- **CAMBIO NO TEMPO / MODO VERBAL:** conversión de enunciados fixados a este nivel cara a outra categoría verbal.
- **CAMBIO NO XÉNERO E / OU NO NÚMERO:** modificación de feminino a masculino e / ou de singular a plural (ou viceversa) con respecto á expresión de partida.

- **CAMBIO NA SUFIXACIÓN APRECIATIVA:** encontramos un único caso, consistente na eliminación do diminutivo.

O GRÁFICO 7 amosa de modo comparativo o grao de emprego de cada un destes subrecursos da categoría *Ruptura*.

Como sucedía nas categorías anteriores (*Recontextualización* e *Diloxía*), tamén aquí imos encontrar enunciados recorrentes (é dicir, aqueles sobre os que se realiza a ruptura en máis dun titular), aínda que en menor medida ca nesoutras categorías (ver §5.3.12).

**GRÁFICO 7. SUBLRECURSOS EMPREGADOS NA CATEGORÍA RUPTURA(\*)**



(\*) A suma final no número de casos é superior á do número de titulares que forman parte desta categoría, xa que varios deles presentan o emprego de máis dun recurso (substitución + extensión, por exemplo).

### 5.3.1. Substitución

Entre os cambios realizados sobre unha expresión coñecida para convertela en titular creativo, o recurso á substitución é o más frecuente<sup>129</sup>. De aí que nos titulares que aparecen nas seguintes seccións da categoría *Ruptura* seguiremos vendo máis casos, xa que a substitución é un recurso que se mestura frecuentemente con calquera outro dos mecanismos de ruptura que adiantamos máis arriba e que contabilizamos no GRÁFICO 7. Pero tamén de cara a dentro a substitución amosa

129 Así o confirma tamén o traballo de Zalyaleeva (2006: 281): «The most common modification of phraseological units in the headlines and subheadings is substitution».

certa complexidade na súa motivación, e podemos establecer diversas subcategorías no emprego deste mecanismo.

### 5.3.1.1. Substitución simple

Neste grupo de titulares só se advirte o cambio dun termo por outro, sen relación especial entre as dúas palabras que forman parte do proceso de substitución.

*O maior espectáculo do 3D* –#517–, é un titular utilizado para abrir un comentario cinematográfico sobre a estrea de *Avatar*, unha película de James Cameron do ano 2009 realizada integralmente en formato tridimensional. Neste caso, a modificación parte do clásico de Cecil B. De Mille *O maior espectáculo do mundo* (1952), ambientada no mundo do circo, unha actividade na que esta frase (*o maior espectáculo do mundo*) se emprega como reclamo, aínda que non poidamos identificar se foi antes a obra ou a frase-slogan.

*Sempre quedará o 'Luar'* –#342– é a solución pola que se optou en *LV* para titular a noticia sobre a decisión final da CRTVG de non emitir o debate entre os candidatos ás eleccións autonómicas galegas o venres anterior aos comicios de 2009, logo de que o cabeza de cartel do PP non confirmase a súa presenza no programa. De modo que a cadea pública galega recuperou a súa programación habitual para ese día, é dicir, o espazo de variedades *Luar*. O titular é debedor dunha das frases más famosas da historia do cine, a de Humphrey Bogart a Ingrid Bergman en *Casablanca*, rememorando tempos mellores: *Sempre nos<sup>130</sup> quedará París*.

Ribadavia tivo a primeira policía local dun Concello galego, tras a creación do seu corpo de axentes municipais en 1856. Estes son, para o xornal, '*Os intocables*' do Ribeiro –#1– (situando xeograficamente a localidade ourensá referida), remedio de *Os intocables de Elliott Ness* (1987), un filme do director Brian de Palma sobre o grupo de policías que perseguía ao gánster Al Capone no Chicago dos anos 20 do século pasado. Neste caso, a temática compartida entre a película e a información (o ámbito policial) reforza o xogo. Destacamos a inclusión das comiñas para marcar a parte do titular que se corresponde co enunciado de partida.

Un caso máis complexo é *1-M: cita coas filloas* –#343–, xa que non só estea o seu carácter inesperado na ruptura dun clixé xornalístico (*cita coas urnas*, 'eleccións'), senón que tamén precisa do coñecemento partillado do lector: o día 1 de marzo de 2009 celebráronse a un tempo as eleccións autonómicas galegas e a Festa da Filloa de Lestedo (Boqueixón). Polo tanto, cando se fai referencia á data

130 A eliminación do pronome átono no titular débese con case total certeza a cuestiós de espazo.

(1-M) no formato *día-guion-inicial do mes* que se emprega para identificar (entre outros eventos) os comicios electorais, todo indica que a cita da que se nos vai falar é a que temos ese día coas urnas, non coa festa gastronómica.

*O bo se é breve, consolídase* –#339– é un titular referido á convocatoria da cuarta edición do concurso de curtametraxes *Curtas na Rede*. Para o xornalista encargado de titular esta información, a celebración desta cuarta edición demostra a consolidación do certame e, tomando como base a expresión fixada *O bo, se breve, dúas veces bo*<sup>131</sup>, substitúe a parte final (*dúas veces bo*) por *consolídase*, é dicir, un atributo por un proceso (o que implica un cambio en diferentes categorías sintácticas).

Outros casos deste grupo da substitución simple son:

- *Malos tempos para a bondade* –#273–, sobre a estrea da obra teatral *A boa persoa de Sezuán*, que recorre ao tema do grupo galego Golpes Bajos *Malos tempos para a lírica*.
  - A fotografía dunha parella de noivos sentada nun banco do parque do Retiro de Madrid a mediados de decembro leva o xornalista a encabezar o comentario sobre a imaxe co título *O discreto encanto do outono* –#112–, recuprando un dos clásicos do cine de Buñuel, *O discreto encanto da burguesía* (1972).
  - A noticia do confrontamento entre un grupo de ecoloxistas e os cazadores que participaban nunha batida en Portomarín (Lugo) preséntase baixo o titular *Historia de dous bandos* –#138–, evocando o título da novela de Charles Dickens *Historia de dúas cidades*.
  - *Traxedia na granxa* –#282<sup>132</sup>–, sobre unha muller que faleceu en Carral esmagada por un destes animais; neste caso, a referencia hai que buscalo en *Rebelión na granxa*, a novela de George Orwell do ano 1945.

#### *5.3.1.2. Final inesperado*

Case todos os titulares da alínea anterior son exemplos en que a substitución que se leva a cabo na parte final da expresión de partida provoca o estrañamento do lector, que se encontra cun elemento que non agarda como remate dunha secuencia que el ten memorizada doutro xeito. Pero temos un grupo de titulares en que este efecto sorpresa constitúe a verdadeira esencia do xogo lingüístico; neles,

131 Hai outros dous pequenos cambios na adaptación da expresión ao titular: desaparece a coma que hai entre *O bo e se breve*, e recupérase a forma do verbo ser (*é*) ausente no refrán.

132 Estraña o uso dun titular creativo nunha información luctuosa; serán moi poucos os casos que encontremos de manipulación a este nivel en noticias trágicas.

a ruptura da expresión márcase mediante o emprego de puntos suspensivos que nos indican o punto a partir do cal o que imos ler é creación do xornalista, quen parece querer avisar deste xeito o lector de que se encontra ante unha expresión desautomatizada.

A inxestión de bebidas alcohólicas leva un veciño de Pontevedra a roubarlle un vehículo á Policia Local en presenza de varios axentes. A *valentía* do home sintetízase no titular *Cun par... de vasos de máis* –#172– que encabeza a noticia, e que é unha evolución da expresión *Cun par de collóns*<sup>133</sup> ('demostrando unha afouteza inusual').

*O mellor amigo do... cocho* –#60–. Este titular sorprende pola inclusión na parte final dun elemento (*cocho*) que racha a estrutura fixada da expresión *o mellor amigo do home*, para referirse ao can (protagonista tamén nesta información, na que unha cadela aleita un grupo de cochos abandonado pola súa nai).

*Xa é primavera... en Alemaña* –#194–. O bo tempo do que goza Alemaña a finais do mes de abril de 2008 motiva este titular (acompañando a bucólica fotografía dun neno xogando nun campo florido). Nesta ocasión, a procedencia do enunciado de base é o mundo da publicidade: *Xa é primavera en El Corte Inglés*.

*Vivir na Coruña, que... caro é* –#68– titulou o xornal cando se soubo que as vivendas das rúas do centro da cidade herculina eran as más caras de Galicia; evocaba deste xeito o retrouso da cantiga popular *Vivir na Coruña, que bonito é*.

### 5.3.1.3. Substitución entre termos do mesmo campo léxico

Un xeito eficaz de manter a referencia con respecto á expresión de partida e de reforzar o xogo creativo é realizar unha substitución entre termos pertencentes ao mesmo campo léxico.

O derrubamento ao segundo intento dun monólito erixido nas Illas Cíes durante a ditadura franquista dá pé ao titular *Á segunda foi a vencida* –#230–, variante da expresión *Á terceira vai a vencida*, sobre a que se realiza unha mínima alteración, consistente na substitución dun ordinal por outro.

*'Os irmáns golpean dúas veces'* –#258– é o titular dunha noticia múltiple sobre a nova relación sentimental do toureiro *Fran Rivera* e os proxectos profesionais de *Kiko Rivera* (o fillo de Isabel Pantoja), irmáns por parte de pai. Este titular lévanos ata o nome dunha película de 1988, *Os xemelgos golpean dúas veces*,

133 Con esta finalidade eufémistica tamén se emprega a forma reducida *cun par*; se tomamos esta como punto de partida do titular, estariamos diante dunha extensión sobre a expresión orixinal.

protagonizada por Arnold Schwarzenegger e Danny DeVito. A substitución prodúcese desde o hiperónimo *irmáns* ao hipónimo *xemelgos*, palabras que, por outro lado, adoitan coaparecer na lingua cotiá.

O titular *A importancia de chamarse Ronaldo* –#441–, inspirase na obra literaria de 1895 do británico Oscar Wilde (convertida en película en 2002, con Rupert Everett como protagonista) *A importancia de chamarse Ernesto*<sup>134</sup>: ambos os termos (*Ronaldo* – *Ernesto*) son nomes propios. A motivación está en que o futbolista brasileiro adquiría por esas datas (xullo de 2009) unha mansión na urbanización máis exclusiva do mundo.

A colocación nas paradas de autobús coruñesas dun dispositivo audiovisual para avisar da chegada das diferentes liñas sérvelle ao xornalista para tomar a expresión *perder o tren* ('deixar fuxir unha oportunidade') e transformala creativamente en *perder o bus* (con *bus* como elemento procedente do mesmo campo léxico que *tren*), para asociala co contido da información e inserila no titular de portada *A Coruña non quere perder o bus das modernas tecnoloxías* –#14–.

No caso de *¡Entre pitos e gaitas!* –#83– pártese da expresión fixa *entre pitos e frautas* ('sen se decatar' ou 'entre unhas cousas e outras'), sobre a que se realiza a modificación de *frautas* por *gaitas*, é dicir, dentro do mesmo campo léxico. O sentido figurado da frase-titular mestúrase co sentido literal (estamos ante unha diloxía, por tanto) cando lemos no subtítulo que a Secretaría Xeral de Emigración gastou 60.000 euros en instrumentos musicais tradicionais. O uso de signos de exclamación obedece a unha cuestión de énfase.

A época de Entroido non é o mellor momento para a venda de peixe, xa que os pratos elaborados a partir da carne de porco son case obligados nas mesas galegas. Por iso o xornalista titula *Omega 3 de cortello* –#147– unha información sobre o descenso no consumo de peixe nestas datas. A referencia de partida é a expresión festiva *marisco de cortello*, empregada para denominar o porco. Porén, precisamos dun coñecemento compartido co autor do titular para comprendelo sen necesidade de maiores explicacións: o *omega 3* é un ácido esencial para o organismo humano que se encontra concentrado principalmente no peixe, ao que aquí representa por metonimia.

Outros exemplos desta categoría de substitución dentro do mesmo campo léxico son:

134 O título orixinal desta obra (*The importance of being Earnest*) é tamén un xogo de palabras, pois aproveítase a proximidade fónica entre o nome *Ernest* ('Ernesto') e *earnest* ('serio'); sobre sentido que, evidentemente, non é posible conservar na tradución.

- *Fumata blaugrana* –#436– trasládanos desde a elección papal (contexto ao que asociamos tradicionalmente o termo *fumata*) ata outra elección, a do destino do xogador barcelonista Samuel Eto'o. Aquí o campo léxico común son as cores (*branca / negra – blaugrana*).
- *Puro circo* –#384–, pé de foto dunha das imaxes da sección *Flash* en que aparece un grupo de acróbatas ensaiando o seu número; neste caso, a referencia de partida é *Puro teatro*, un dos temas musicais máis coñecidos da cantante cubana Lupe Victoria Yolí, *La Lupe*.

Pero este forte vínculo entre termo substituto e substituído que xorde da súa pertenza a un mesmo ámbito da realidade común permite que mesmo se poidan producirdobres substitucións sen que a referencia de partida se extravíe.

Cando o adestrador lugués Fabricio Gómez, *Fabri* aceptou adestrar o Alavés, a noticia apareceu en *LV* baixo o titular *Un galego na corte de Piterman* –#3–, en alusión ao propietario do club vasco, o ruso Dimitry Piterman, quen dirixía este equipo con man autoritaria. O titular remítenos á obra de Mark Twain *Un ianqui na corte do rei Artur*, que soporta ben o dobre cambio (*ianqui* por *galego* e *rei Artur* por *Piterman*) ao facerse sobre elementos similares: un xentilicio e un apelativo, respectivamente.

En novembro de 2009 un veciño de Cee asegurou ser fillo dun home que morrera dous anos antes e reclamou a realización das probas de paternidade ao cadáver. Cando se abriu a sepultura na que o falecido (posuidor dunha importante facenda) fora enterrado, a sorpresa foi maiúscula, pois no nicho apareceron só unhas flores secas. De aí que o xornal escollese para a noticia sobre este caso o titular *Misteriosa desaparición en Cee* –#504–, procedente do título do filme de Woody Allen *Misterioso asasinato en Manhattan* (1993). Pese á dupla substitución (*desaparición* por *asasinato* e *Manhattan* por *Cee*), o feito de que se traten de cambios dentro do mesmo campo léxico (casos policiais e lugares, respectivamente) permite manter a referencia de partida.

*A volta a España en 15 días* –#154–, é a gráfica definición que presenta o xornal para explicar o que é unha campaña electoral, neste caso a das eleccións xerais de 2008. O titular é unha derivación de *A volta ao mundo en 80 días*, a novela de Xulio Verne levada logo ao cine (1956), con David Niven como protagonista.

Segundo coas dobres substitucións dentro do mesmo campo léxico, o nome do conto popular *A galiña dos ovos de ouro* convértese en *A vaca da bosta de ouro* –#374– na información sobre un concurso organizado por un equipo de fútbol ourensán en que o gañador será quen acerte a parte dun campo en que

unha vaca deposita os seus excrementos. Entre *galiña* e *vaca*, o conxunto que os abrangue é evidente (ambos os dous son animais); e entre *ovos* e *bosta*, o nexo de unión neste caso será que que se trata de deposicións realizadas polo orificio anal.

Se o dobre cambio se efectúa sobre un mesmo termo, a asociación é moito máis sinxela. É o que acontece co titular *Nena rica, nena pobre* –#77–, con que o xornal resume de forma gráfica a inxustiza que se produce entre dúas nenas acabadas de nacer, unha xusto antes do prazo para recibir a axuda de 2.500 euros do Goberno (co cal non a recibirá) e outra xusto despois. A substitución prodúcese a partir do nome dunha serie de televisión dos anos setenta, *Home rico, home pobre*, inspirada á súa vez na novela homónima de Irwin Shaw (1970), é dicir dous termos (*home – nena*) procedentes do campo léxico ‘etapas na vida das persoas’.

Non sempre son nomes ou adjetivos os elementos que se intercambian no recurso á substitución: *Pesadelos despois do Nadal* –#307 é un titular que integra un grupo de noticias sobre situacións tráxicas vividas por personaxes famosos nos primeiros días do ano 2009 (a morte do fillo de John Travolta, a situación de ruína económica do ex-futbolista Paul Gascoigne, a cancelación da voda da actriz Jennifer Love Hewitt...). A súa orixe está no título do filme *Pesadelo antes do Nadal* (1993, sobre un guión de Tim Burton), ao que se lle dá a volta mediante o emprego de adverbios antónimos (ademas do cambio de singular a plural).

O mesmo sucede con *Poucas de cal... / ...e moitas de area* –#249<sup>135</sup>–, titular para un grupo de informacións sobre os resultados dos equipos galegos de fútbol, a maior parte dos cales obtiveron resultados negativos nesa xornada. A dobre substitución realiza-se partindo da expresión *unha(s) de cal e outra(s) de area* (“situacións boas e malas, que polo xeral se presentan xuntas”), modificando a gradación mediante o cambio dos adverbios de cantidade de ambas as partes da coordinación.

#### 5.3.1.4. Substitución entre termos fonicamente próximos

Ás veces a proximidade entre os termos que toman parte na substitución non está no seu significado, senón na súa parte formal; deste modo, se o cambio se produce entre palabras semellantes grafica ou foneticamente, tanto maior é a forza do xogo creativo<sup>136</sup>.

135 O emprego dos puntos suspensivos (e da barra oblicua) indica neste caso que o titular se presenta en dúas partes distribuídas ao longo da páxina.

136 En realidade o recurso aquí comentado implica unha paronomasia (entre o termo presente e o evocado), recurso que comentamos en §5.5.1. No entanto, reservamos para esta sección só aqueles titulares que non implican a ruptura dunha expresión fixa.

A chegada do socialista Abel Caballero á alcaldía de Vigo nas eleccións locais de 2007 grazas á súa avinza co BNG motiva o titular *Pacto de Caballero* –#62–, tributario do termo composto *pacto de cabaleiros* ('acordo que non precisa de plasmación por escrito') e que aproveita a coincidencia entre o apelido do político que protagoniza a información e o termo substituído.

*Arte campestre* –#74– é o pé de foto para unha das imaxes da sección *Flash*, que amosa un enorme debuxo realizado sobre unha superficie agraria. O titular é debedor doutro composto, *arte rupestre* ('representacións artísticas primitivas, normalmente realizadas sobre rocha'), co que conservamos o vínculo grazas ao parecido formal entre os dous termos que forman parte da substitución: *campestre* –*rupestre*.

*Bicando baixo a chuvia* –#496– é un titular que serve como pé a unha imaxe en que dous noivos se dan un bico cubertos cun paraugas no medio dunha praza do Obradoiro, e que apenas agocha a súa procedencia: *Bailando baixo a chuvia*, o clásico de 1952 dirixido por Stanley Donen e protagonizado por Gene Kelly.

*Establecen normas que dan Ascot* –#222– é o titular elixido para acompañar unha noticia en que se nos informa da decisión dos responsables das carreiras hípicas que se celebran en Ascot de prohibirlles ás damas asistentes ensinar as bragas (áinda que teñen a obriga de levalas), lucir minisaias ou poñer vestidos de tirante fino. Aquí o elemento explícito é *Ascot*, o nome de lugar destas famosas carreiras británicas. E o elemento substituído é *asco*, castelanismo ao que chegamos por unha dobre vía: a súa proximidade fónica con *Ascot* (de feito, en galego pronunciáranse igual) e a súa pertenza á colocación *dar asco*<sup>137</sup>, que tamén se evoca no titular.

*A salvación está a un Xisco* –#179– para o Deportivo, logo de vencer o Murcia con tres goles do canteirán Francisco Jiménez, *Xisco*. Aquí xógase, evidentemente, co parecido fónico entre o nome do xogador e *chisco*, 'porción moi pequena' (neste caso, a escasa distancia que separa o equipo de fútbol coruñés da súa permanencia na Primeira División), elemento que se recupera grazas á existencia de expresións como *a un chisco, por un chisco, nun chisco...*

*Traballar é un pacer* –#35– toma como punto de partida a estrutura aberta (*verbo*) *é un pracer*, á que se lle poden incorporar múltiples elementos de apertura<sup>138</sup>. Pero, como xa quedou de manifesto, máis alá da frase feita, xógase coa proximidade

137 As *colocacións* son «fraseoloxismos de baixa idiomatizade coa estrutura dunha frase, nas que o compoñente semántico principal é utilizado no seu significado directo» (Baranov / Dobrovolskij 2009: 69). O termo foi introducido polo lingüista británico J.R. Firth (1890-1960). Para unha información máis ampla sobre o concepto *colocación*, ver Martínez López / Aarli (2008).

138 Vallan como exemplos os seguintes: *Amarte é un pracer* (disco do cantante mexicano Luis Miguel), *Fumar é un pracer* (canción de Sara Montiel) ou *Comer é un pracer*, título de varios libros de cociña.

entre *pracer* e *pacer*, xa que a información vai referida á proposta de empregar o gando vacún para eliminar a maleza dos montes mediante a súa inxestión e previr así posibles incendios.

*Un empate por co...nvicción* –#163<sup>139</sup>– parte da expresión fixa *por collóns* ('de calquera modo, como sexa'). O recurso lúdico estéase nese comezo partillado entre os dous termos (*co/llóns – co/nvicción*), que se marca mediante o emprego dos puntos suspensivos que van despois do *co* inicial, recurso comentado xa en §5.3.1.2.

#### 5.3.1.5. Substitución entre estranxeirismos

O titular *Buckingham tour* –#393– abre unha información sobre un dos choferes da raíña Isabel de Inglaterra, acusado de introducir uns descoñecidos no palacio de Buckingham (a residencia real) para ensinarlle as instalacións a cambio de cartos. O titular aproveita o esquema *Buckingham palace* (denominación deste palacio no inglés orixinal, pero que tamén se emprega habitualmente como préstamo en calquera outra lingua) e realiza sobre el un cambio en certo modo equivalente, no sentido de que se introduce outro de orixe foránea: *tour* ('visita turística').

#### 5.3.1.6. Equivalencia sintáctica

Outro grupo de titulares desta categoría da substitución é o que asenta a asociación entre a expresión orixinal e a manipulada na peculiar estrutura sintáctica que lle dá forma.

*Ir ao cine e saír trabado* –#295– é un titular sobre as estreas cinematográficas da semana, na que destacan dous filmes: *Crepúsculo* (sobre vampiros) e *Bolt* (pe-lícula de debuxos animados protagonizada por un can). O de *saír trabado* alude, polo tanto, a este dobre motivo. A expresión de partida témola en *Ir por la e saír tosquiado* ('saír as cousas ao revés do que tiñamos planeado'), sobre a que se realizan dous cambios, que non alteran a secuencia sintáctica: *Ir ao cine* no lugar de *Ir por la*, e a que xa comentamos de *saír trabado* no canto de *saír tosquiado*.

*De divorcios, demandas e cintas de vídeo* –#493, toma como punto de arranque a película de Steven Soderbergh *Sexo, mentiras e cintas de vídeo* para titular unha información sobre a denuncia da actriz e cantante Jennifer Lopez ao seu ex-marido por difundir unha gravación en que aparecen mantendo relacóns sexuais.

139 Nunha información sobre o empate a domicilio (2-2) acadado polo Deportivo da Coruña ante o Valencia C.F. logo de empezar perdendo 2-0.

*E Larsson fixose celuloide* –#399– (sobre a adaptación ao cine das novelas deste escritor sueco) parte dunha frase bíblica: *E o Verbo fixose carne (e habitou entre nós)*, á cal tamén se lle efectúa un dobre cambio, pese a tratarse dun enunciado relativamente curto. A referencia mantense de novo pola peculiar estrutura da expresión, neste caso cun *e* inicial e o reflexivo posterior, que se mantén inalterado.

#### 5.3.1.7. Fusión léxica

Un tipo especial de substitución é a do titular *Hai un galegofalante na lúa* –#89–, sobre a variada procedencia dos participantes nun curso de galego para estranxeiros organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. A modificación realizaase sobre o título dunha canción do grupo Zapato Veloz titulada *Hai un galego na lúa* mediante a inclusión do composto *galegofalante*, creado a partir do *galego* que xa tiñamos na expresión orixinal.

#### 5.3.1.8. Fusión de expresións

Un caso máis requintado é o que se deriva da mestura de elementos entre dúas expresións fixas, o que obriga ao lector a recuperar máis dunha referencia de maneira simultánea. É o que sucede en *Bos, breves e en internet* –#485–, un comentario sobre os gañadores do concurso *Curtas na Rede*. Aquí temos dous enunciados de partida, que se mesturan: por un lado, *Bo, bonito e barato*, que se emprega para identificar un produto que reúne todas as características que o fan de interese para un potencial comprador; e por outro, *O bo, se breve, dúas veces bo*<sup>140</sup>.

#### 5.3.2. Acurtamento

Realizar un acurtamento sobre unha expresión fixada é unha tarefa delicada, pois pode darse o caso de que a eliminación dunha parte provoque a perda da referen-

140 A mestura de dúas ou máis unidades fraseolóxicas para dar lugar a outra nova recibe diferentes nomes segundo se trate dun cruzamento erróneo ou consciente: se se trata dunha mestura non buscada, emprégase o termo *infelicity* (Vigara Tauste 1998: 103). Polo xeral, este tipo de cruzamentos erróneos (\**pagar os patos*: *pagar o pato* + *pagar os pratos rotos*) non son percibidos como tales polo destinatario, quen os asume como correctos dándolle prioridade á intencionalidade da nova expresión; cando é propiciado, estamos diante dun acrónimo fraseolóxico: (Gacía-Page 2006: 111), un recurso creativo que non pode ser considerado unha unidade fraseolólica nin unha variante das expresións das que parte, senón unha categoría dos xogos de palabras.

cia orixinal. Polo xeral, só expresións moi asentadas na lingua admiten este recurso, o que implica a complicidade dos lectores, que deben suplir a parte omitida mediante o seu coñecemento enciclopédico. Este é un recurso moi empregado nas conversas cotiás, onde a miúdo se comunica mediante sobreentendidos. É o caso destes exemplos que veñen a continuación:

- *De tal pau... #200– (tal estela)*, sobre o parecido físico entre o futbolista Diego Armando Maradona e o seu fillo, tamén futbolista.
- *Mirade que as segundas partes... #513– (nunca foron boas)*, nun titular para unha noticia múltiple sobre as reconciliacións de varias parellas do mundo rosa.
- *Dime con quen andas... #202– (e direiche quen es)*, aplicada a unha información sobre a importancia de ser un bo xefe para conseguir que os empregados con máis talento non abandonen a empresa na busca dun emprego mellor.
- *Cae antes un tramposo... #333– (ca un coxo)*, referida ao secuestro finxi-do do fillo dun empresario compostelán, que pretendía así ocultar a perda dunha cantidade económica propiedade do pai. Temos aquí, ademais dun acurtamento, unha dobre substitución, pois o enunciado orixinal é *Cóllese antes un mentiroso ca un coxo*, aínda que os dous cambios prodúcense sobre termos ata certo punto sinónimos (*cóllese* por *cae* e *mentiroso* por *tramposo*). Neste caso, coma nos tres anteriores, a elisión da parte final do refrán de partida márcase mediante o emprego de puntos suspensivos.
- *Unha última tentación #418–*, acerca dun restaurante erótico de Santiago que ofrece servizos especiais para despedidas de solteiro e solteira, é unha derivación reducida de *A última tentación de Cristo*, unha película de 1998 dirixida por Martin Scorsese e baseada nunha novela do grego Nikos Kazantzakis. Neste caso tamén se xoga coa proximidade temática (o sexo), o que reforza o xogo lingüístico.

Os titulares anteriores parten da eliminación da sección final das correspondentes expresións; vexamos agora o caso contrario, é dicir, a supresión do inicio:

- O centro comercial As Termas de Lugo organizou un concurso para premiar a mellor fotografía relacionada co Día da Nai, e o autor da información aproveita para o título a expresión más coñecida relacionada coas nais, tan coñecida que é posible omitir esa referencia e deixala en *Non hai más que unha #371–* (tamén razóns de espazo poden estar detrás desta redución).
- *Unha oportunidade para a paz #215–* é o pé de foto empregado para ilustrar unha imaxe na que se ve un grupo de persoas formando a palabra *paz* no

campo de fútbol que logo serviu de recinto ao festival *Rock in Rio – Madrid 2008*, na localidade madrileña de Arganda del Rey. A orixe deste titular hai que buscalo no acurtamento de *O único que pedimos é unha oportunidade para a paz*, tradución do retrouso da canción do *ex-beatle* John Lennon «Give peace a chance»: *All we are saying is give peace a chance.*’ A lixeira correspondencia entre os dous contextos (o mundo da música) fortalece o vínculo.

- *Na busca das herdanças perdidas* –#325–, sobre un grupo de descendentes de galegos que vén a Galicia buscar as súas orixes e, de paso, algo de facenda, ten a súa orixe na película *Indiana Jones: na busca da arca perdida* (Steven Spielberg, 1980)
- *O comezo dunha bonita amizade* –#182–, extraído de *Este pode ser o comezo dunha fermosa amizade*, frase final da película *Casablanca* (filme dirixido por Michael Curtiz en 1942) e que aparece nunha noticia referida á visita que a cantante Marta Sánchez lle fixo a unha fan hospitalizada en estado de coma.
- *Das palabras aos feitos* –#216–, tras a ameaza por parte dos sindicatos dunha posible folga no transporte por estrada, partindo de *pasar das palabras aos feitos*.

Menos frecuentes son os casos de acurtamento no interior do enunciado de partida, como ocorre en *Manobras na escuridade* –#104–, que encontramos como pé de foto dunha imaxe da sección *Flash* na que aparece un grupo de soldados chineses realizando adestramentos militares ao amencer, e que conserva os dous extremos de *Manobras orquestrais na escuridade* (*OMD: Orchestral Manoeuvres in the Dark*), un grupo de música electrónica dos anos oitenta.

### 5.3.3. Extensión

A extensión dun enunciado fixado pode producirse, igual que o acurtamento, pola parte inicial, pola final ou mediante unha adición na súa parte central. O máis habitual vai ser a ampliación posterior:

- *As amistades<sup>141</sup> perigosas do guapo vigués* –#313–, que trata dos problemas xudiciais do galego Borja Alonso (míster España no ano 2005), e que procede de *As amizades perigosas*, película do ano 1988 protagonizada por Glenn Close e John Malkovich.

---

141 O termo estándar en galego é *amizadas*. Probablemente, a aparición de *amistades* se deba ao cruzamento co título do filme en castelán.

Mientras, a extensión polo comezo dáse nun número de casos menor:

- *Bradgelina e as memorias de África* –#19–. Ademais da *palabra-maleta* (*Bradgelina*) que xa sinalamos, hai unha ampliación sobre o título da película *Memorias de África* (dirixida en 1985 por Sydney Pollack e protagonizada por Robert Redford e Meryl Streep). A motivación atópase en que a parella de actores formada por Brad Pitt e Angelina Jolie adoptou varios nenos africanos.

O alongamento polo interior do enunciado é ainda menos frecuente:

- *A sorte está case botada* –#468–, referido ao remate do prazo para a presentación de candidaturas aos Xogos Olímpicos de 2016, entre cuxos aspirantes se encontraba a cidade de Madrid. Neste caso o enunciado de orixe é *A sorte está botada* (tradución da *palabra alada*<sup>142</sup> *Alea iacta est* latino), que se atenua mediante a incorporación do adverbio *case*, situado en posición interior.
- *E ao cuarto día, a bolsa resucitou* –#137–. Temos unha incorporación do suxeito (*a bolsa*) como engadido con respecto á frase de partida, ademais da substitución do *terceiro* da frase bíblica por *cuarto*, é dicir, un cambio dentro do mesmo campo léxico (os números ordinais). A maiores, advírtse un recurso á diloxía: o verbo *resucitar*, que aquí ten tamén o sentido figurado de ‘recuperarse logo dun período de dificultades’.

E finalmente, mesmo temos casos nos que a extensión se detecta a un tempo en posición anterior e posterior:

- *Lúas de mel... e lúas de fel na Jet Set*<sup>143</sup> –#69– é unha noticia múltiple na que se poñen en contraste as relacións da cantante mexicana Paulina Rubio e o seu marido, o español Nicolás Vallejo-Nájera, por un lado, e do aristócrata Cayetano de Alba, coa tamén mexicana Genoveva Casanova, por outro: mentres os primeiros gozan da súa lúa de mel, os segundos tratan de salvar o seu matrimonio. A base sobre a que se produce esta dobre extensión é *Lúas de fel*, título dunha película do director franco-polaco Roman Polanski

142 As *palabras aladas* veñen definidas por Baranov / Dobrovolskij (2009: 72) como «frases de diferente estrutura, na maioría dos casos de carácter aforístico, cuxa fonte ou orixe (literaria, folclórica, xornalística, etc.) se entende como universalmente coñecida». A orixe do termo procede dunha referencia homérica.

143 *Jet Set* é tamén unha construción en que se xoga coa proximidade fónica entre os seus constituyentes, de cuxa asociación nace o termo co que se designa popularmente o grupo social que goza dunha vida de luxo e lecer vedados ao resto das persoas. A súa orixe parece estar na concatenación de (*to*) *jet* ('voar nun avión privado') e *set* (termo empregado no tenis), dúas actividades asociadas coa alta sociedade.

(1992). Este titular presenta dous elementos a maiores: a proximidade fónica (*lúas de mel = lúas de fel*) e a relación de antonimia entre estas dúas expresións.

Pero podemos empregar un criterio clasificador diferente ao da posición do recurso no titular, atendendo principalmente o modo en que se resitúa desde o punto de vista sintáctico o enunciado de partida.

Nun primeiro grupo, a referencia de base é sempre un enunciado que se insire noutro, como suxeito (excepcionalmente) ou complemento (case sempre). Polo tanto, o enunciado orixinal deixa de ser para subordinarse e converterse en parte doutro maior:

- *O Deportivo ten licenza para soñar* –#382– (tras unha vitoria do Deportivo da Coruña que situaba o equipo preto da UEFA), herdeiro do título dunha das películas de James Bond: *Licenza para matar*.
- *Subindo ‘El andamio’<sup>144</sup> 50 anos depois* –#301–: *El andamio* é o título dunha curtametraxe do ano 1958 recuperada polo Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) en 2008. Aquí xógase co significado literal do título (*andamio*, que non se traduce do castelán, é unha estrutura de ferro ou madeira que se emprega para os traballos de construcción en altura), mediante a incorporación do verbo *subir*. En varios destes exemplos veremos, coma neste, o emprego de comiñas para marcar a parte do enunciado orixinal que se insire na nova secuencia.
- No titular *Aprender do más puro teatro* –#425–, de novo se toma (igual que en –#384–, comentado máis arriba) como punto de partida a canción *Puro Teatro*, de *La Lupe*, que se insire nun titular máis amplio que serve para abrir unha información sobre a posta en marcha dun proxecto formativo por parte da compañía luguesa Palimoco Teatro.
- *Gonsar foise ‘lonxe de nós’* –#281–: a morte do escritor Camilo Gonsar é glosada na sección de *Cultura Galega* nunha información con este título, que fai alusión a unha das súas obras de relatos, *Lonxe de nós e dentro*. Xógase, polo tanto, co título da obra e un dos sentidos da expresión ‘irse lonxe’, un eufemismo para ‘morrer’ (vemos que tamén se produce a ruptura pola supresión da parte final).
- *Pau gaña o duelo de ‘gasoles’* –#306–: glosa o primeiro enfrentamento entre os dous irmáns Gasol (Pau e Marc) nun encontro da NBA; trátase dunha

144 Como acontecía en casos anteriores, aquí tamén se mantén o castelán orixinal.

extensión sobre o título do filme *Duelo de titáns* (*western* do ano 1957 protagonizado por Burt Lancaster e Kirk Douglas), ao que se lle fai tamén ese cambio final de *titáns* por *gasoles* (marcado mediante o emprego de comiñas).

- *LV* titula con *Sting ten un sexto sentido: ve mortos* –#503– unha información en que se asegura que o cantante británico viu fantasmas e obxectos voando ao seu arredor. Aquí o elemento sobre o que se constrúe o alongamento é *O sexto sentido*, filme do ano 1999 do director M. Night Shyamalan, no que o neno protagonista ten a capacidade de comunicarse con persoas xa falecidas<sup>145</sup>.
- *¿Algo más que 'Friends'?* –#476– encabeza a información sobre a posible relación entre os actores Brad Pitt e Jennifer Aniston (que xa foran parella no pasado). E *Friends* ('amigos' en inglés, ainda que foi coñecida no ámbito internacional baixo o seu nome orixinal) é a serie en que a actriz se deu a coñecer.
- Un maior nivel de elaboración encontramos no titular *No outono da matriarca é primavera* –#260, que encabeza unha información sobre a posible voda da duquesa de Alba. Partindo do título da obra literaria de Gabriel García Márquez *O outono do patriarca* (1975) encontramos unha substitución dentro do mesmo campo léxico (en realidade, asociada a un cambio de sexo: *patriarca* por *matriarca*) e unha extensión final en que o termo *primavera* funciona como concepto oposto ao *outono* da primeira parte do enunciado. Ademais, toda a parte inicial pasa a ser un complemento de lugar mediante a incorporación da preposición *en* ao comezo da frase.

No segundo caso, sobre a expresión de partida (con frecuencia un enunciado) engádense novos complementos, pero conservando tal expresión como centro da nova secuencia.

- *O xinete solitario en estado ebrio* –#364– é o titular que encabeza a noticia dun mozo que foi interceptado pola Garda Civil en Valga (Pontevedra) cando volvía bêbedo dunha festa montado no seu cabalo en abril de 2009. O titular pode tomar como punto de partida o do filme *O xinete solitario*, un *western* do ano 2008; ainda que, tendo en conta a escasa difusión deste título, quizais poida proceder de *O xinete pálido*, dirixida e protagonizada por Clint Eastwood en 1985, e pertencente ao mesmo xénero. Ou mesmo dun cruceamento entre a anterior e *O chairego solitario*, lendario personaxe da radio, a televisión, o cómic e o cine.

145 A frase máis recoñecible deste filme é a que pronuncia o propio neno protagonista nun dos momentos climáticos da trama: *As veces vexo mortos*.

- *Atracción fatal en Noia* –#145–. A ampliación neste caso é só a localización, pois a referencia de partida é *Atracción fatal*, película do ano 1987 protagonizada por Michael Douglas e Glenn Close. A información recolle o caso dunha parella de mozos que acabou rachando a piletá dun local de copas da localidade coruñesa de Noia «en pleno apoxeo amoroso», tal e como se pode ler no subtítulo da noticia.
- *E obrou o milagre en Cataboís* –#296– ten a súa base nunha frase bíblica: *E obrouse o milagre*, que aparece en varias pasaxes do *Novo Testamento* acompañando os prodixios de Xesús. Neste caso, o *milagre* é o achado dunha anciá no barrio ferrolán de Cataboís logo de varios días perdida no monte; precisamente a referencia á localización xeográfica da noticia é o motivo da ampliación do enunciado de partida.
- *Subir e baixar como espuma de cervexa* –#378– é un caso especial, xa que responde a unha dobre ampliación sobre a frase *subir como a espuma*, ‘destacar ou mellorar a situación de maneira moi rápida’. Por un lado engádese outro verbo (*baixar*), antónimo do xa existente, creando unha estrutura coordinada más propia do grupo de titulares que veremos a continuación<sup>146</sup>; e, por outro, ao outro núcleo do segundo termo da comparación (*espuma*) engádesele o complemento *de cervexa*. A información refírese a un ránking dos personaxes famosos aos que os cidadáns escollerían para tomar unhas *cañas* (de *cervexa*, o que xustifica o titular creativo).

No terceiro grupo, a expresión de partida amplíase cun novo elemento, ben mediante coordinación, ben a través da adición dun vocativo:

- *Eu a Milán, ti a California e Jolie a Xapón* –#328–. Este titular aparece nunha noticia múltiple, con dúas informacións superpostas: as leas no matrimonio Beckham sobre a fixación do seu lugar de residencia (Milán ou Los Angeles) e a viaxe de Angelina Jolie a Xapón para asistir á estrea do último filme do seu marido, Brad Pitt. *Eu a Boston e ti a California* é o título dunha película infantil do ano 1961. Neste caso, o mantemento dun dos núcleos do enunciado de partida (*California*) é o que nos permite non perder a referencia que motiva o xogo do titular.

---

146 Decidimos manter este titular neste grupo de alongamento mediante unha complementación sobre a expresión de partida, porque áinda que hai unha ampliación por coordinación (o que o situaría noutro grupo), esta non abrangue a totalidade do enunciado, senón só unha parte.

- Logo de coñecerse a separación do actor Imanol Arias e a súa compañeira, a tamén actriz Pastora Vega, logo de vinte e cinco anos de convivencia, o xornalista encargado da sección *Un respiro* titula: *Pero Imanol: ‘Cuéntame cómo pasó’* –#500–, remitíndonos ao éxito televisivo dos últimos anos da carreira deste intérprete (*Cuéntame cómo pasó*).
- En *Cousa de dous... ou tres* –#169– faise unha ampliación, mediante coordinación sobre a expresión *cousa de dous*, nun titular que encabeza unha noticia sobre os resultados das Eleccións Xerais de 2008 en Galicia onde, contra os prognósticos máis pesimistas, o BNG afianza o seu terceiro posto, cuns resultados moi similares aos do ano 2004.
- O titular *Habemus casamento e separación* –#351–, alicérzase na locución latina *habemus papam*, coa que se comunica a elección dun novo papa logo do conclave que se convoca á morte do pontífice precedente. A noticia á que acompaña este titular é unha información múltiple sobre a posibilidade de que o príncipe Guillerme de Inglaterra case coa súa noiva e a ruptura da relación entre a filla da gobernadora do estado de Alasca, Sarah Palin (a que fora candidata á vicepresidencia dos Estados Unidos) e o pai do seu fillo. Polo tanto, hai unha substitución (*papam* por *casamento*) que se completa co engadido do termo *separación*, que ademais é o seu contrario, de modo que temos unha estrutura bimembre e oposta en canto ao sentido das súas partes.
- *Volva vostede mañá* era a tradicional frase atribuída aos funcionarios pouco diligentes á hora de dirixirse aos cidadáns aos que non lles resolveran o correspondente trámite<sup>147</sup>. Por iso o autor da información sobre un ancián ao que o Hospital Universitario de Santiago lle deu unha cita para quince meses despois de pedila, aproveita a expresión para titular, *Volva vostede mañá... ou en 2010!* –#302– (a nova é de decembro de 2008). Neste caso, ao contrario dos anteriores, estamos diante dunha coordinación disxuntiva, coma no exemplo que vén a continuación.
- *Do amor ao odio nun paso ou nun preito* –#149– é unha extensión por coordinación disxuntiva a partir o aforismo *Do amor ao odio só hai un paso*<sup>148</sup>, que acompaña unha información múltiple sobre os problemas sentimentais de varias parellas de famosos, que solventan as súas diferenzas no xulgado (de aí a parte engadida: *ou nun preito*).

<sup>147</sup> É tamén o título dun artigo do xornalista Mariano José de Larra (1808-1837), de modo que estamos así mesmo diante dunha recontextualización.

<sup>148</sup> A substitución no titular de *só hai un paso* por *nun paso* débese probablemente a razóns de espazo.

### 5.3.4. Cambio de polaridade

O abandono das drogas e da vida disoluta pola que eran coñecidos os compoñentes do grupo de rock *The Rolling Stones* leva o xornalista a propoñer a conversión de *As súas satánicas maxestades* (histórico alcume da banda británica) en *Maxestades xa non tan satánicas* –#150–. Temos aquí un cambio de polaridade atenuado, xa que non é un paso da afirmación á negación, senón unha gradación intermedia, mediante a inclusión da partícula comparativa *tan*.

Aínda que o cambio de polaridade se produce habitualmente desde á afirmación á negación (*Don't pay per view* –#98–), tamén encontramos algúns exemplo do caso contrario: *Na misa e repicando* –#217–, que parte do acurtamento do refrán *Non se pode estar na misa e repicando*, ao que se lle dá a volta para informar da adquisición por parte dunha parroquia do concello coruñés de Dodro dun dispositivo electrónico que permite tocar as campás da igrexa cun mando a distancia.

### 5.3.5. Cambio de modalidade

Vimos ao comezo desta sección que o cambio de modalidade se produce cando unha frase cambia, por exemplo, de enunciativa a interrogativa, xa que muda a intencionalidade comunicativa do emisor (informar de algo, no primeiro caso, e recabar información, no segundo). En todos os exemplos localizados se produce este tipo de cambio, da modalidade declarativa á interrogativa:

- *Ano novo... ¿vida nova en Riazor?* –#119–, antes do primeiro partido do Deportivo da Coruña do ano 2008, logo dun final de 2007 pragado de malos resultados na casa. Neste caso temos unha ampliación final para indicar a localización.
- *Un turismo... ¿ecológico?* –#131–, nunha información referida á detención dun mozo que percorría as rúas de Ourense montado nun coleitor de lixo nunha trasnada nocturna.
- *Habelas... ¿hainas?* –#210–, sobre o intento de extorsión dunha muller do concello lugués de Muras aos seus veciños, aos que ameazaba cos seus supostos poderes de bruxa.
- *De tal pau... ¿tal estela?* –#218–, titular dunha noticia en que se informa de que un mozo venezolano asegura ser o fillo secreto do presidente do país, Hugo Chávez.

- *¿Durmirá coa inimiga?* –#278<sup>149</sup>–, tributario de *Durmindo co seu inimigo* (filme do ano 1991 protagonizado por Julia Roberts).
- *¿Outra longa noite de pedra?* –#357<sup>150</sup>–, remedando (cunha ampliación pola parte inicial) o título da obra poética de C. E. Ferreiro *Longa noite de pedra*.

### 5.3.6. Cambio na orde

*Bale ten más de escuro que de cabaleiro* –#244– vai referido a unha información sobre os presuntos malos tratos do actor Christian Bale (protagonista do filme *O cabaleiro escuro*) á súa nai e mais á súa irmá. Partindo do título da película, o autor do titular efectúa unha alteración na orde e unha extensión en varios segmentos.

Casos similares a este que acabamos de ver (en canto que implican tamén un cambio de orde e de polaridade) son *Maxestades xa non tan satánicas* –#150– (comentado máis arriba) ou *En Turquía, pero sen paixón* –#406–, que xa apareceu anteriormente na categoría *Recontextualización*.

### 5.3.7. Cambio de relación sintáctica

Ás veces un cambio na orde dos elementos da expresión provoca tamén un cambio a nivel sintáctico, xa que mudan as relacións que eses elementos manteñen entre si con respecto á expresión de partida.

*A feira estaba no polbo* –#122– é o titular empregado para abrir unha información sobre o descubrimento en Lisboa dun cargamento de cocaína agochado entre o polbo conxelado dun pesqueiro. A expresión de partida é *polbo á feira*, a modalidade de preparación máis coñecida deste cefalópodo. Sobre ela efectúase unha alteración que converte *feira*, complemento da expresión nominal inicial, no suxeito dunha oración, mentres que *polbo* (núcleo anterior) pasa a ser o complemento de lugar, acompañado da correspondente forma do verbo *estar*. O sentido do titular apóiese tamén noutras dúas motivacións: a asociación entre *cocaína* ('droga excitante') e *feira* ('celebración'); e o xogo fonético entre *polbo* e *polvo* (castelanismo habitual no canto de *po*, forma de presentación da cocaína e ás veces, mesmo sinónimo en argot desta substancia).

149 A noticia trata dun millonario irlandés que non ten reparo en volver vivir coa súa ex-muller, que o intentara asasinhar anteriormente.

150 Referido a un estudo da Mesa pola Normalización Lingüística en que se conclúe que medra cada vez máis o número de persoas que non usan o galego nunca.

*As civilizacions alíanse* –#129– é a modificación da locución *Alianza das civilizacions*, un foro de debate internacional propiciado polo presidente español, José Luis Rodríguez Zapatero, e que é precisamente o tema central desta información. O cambio sintáctico converte o complemento da frase nominal orixinal (*civilizacions*) en suxeito do titular, mentres o núcleo do enunciado de partida (*alianza*) é agora unha forma verbal (*alíanse*) que marca a acción de *civilizacions*.

Unha reviravolta similar é a que acontece en *Dependentes da lei* –#450–, referida á *Lei de Dependencia* posta en marcha polo governo español para atender as persoas que precisan coidados especiais. De novo o complemento da frase nominal (*Dependencia*) convértese en núcleo do titular e, como no caso anterior (*alianse / alianza*), o cambio trae aparellada unha modificación morfolóxica que converte o substantivo *Dependencia* en *Dependentes*; pola súa banda, o núcleo da expresión de partida (*Lei*) pasa a ser complemento no titular.

*As ‘estrelas’ dos camiños* –#231– dálle á volta á expresión de partida, *O camiño das estrelas*, como tradicionalmente se coñece a nosa galaxia, a vía Láctea, e tamén o Camiño de Santiago (a propia vía Láctea é denominada popularmente Camiño de Santiago). O titular emprégase para abrir unha información sobre as actuacións do festival *Via Stellae* (*Camiño das estrelas*, en latín), que se desenvolve en Santiago de Compostela e noutras vilas vinculadas ás diferentes rutas xacobias. Ademais do cambio sintáctico (o núcleo pasa a complemento e viceversa), xógase co consabido dobre sentido de *estrela*: ‘astro’ e ‘persoa que sobresaí nalgúnha actividade artística’. Este dobre uso do termo márcase mediante a colocación de comiñas.

Finalmente, *Aniversario sen festa* –#391– (sobre os cinco anos de casados dos Príncipes de Asturias, e que se constrúe a partir do composto *festa de aniversario*) engade un elemento máis á modificación sintáctica: o cambio de polaridade, mediante a incorporación da preposición *sen*. Polo demais, a manipulación é similar á vista nos tres casos anteriores: a conversión do complemento en núcleo, e do núcleo en complemento.

### 5.3.8. Cambio no tempo, modo ou persoa verbal

Cando na portada de *LV* lemos o sintético titular *¡¡¡Puidemos!!!* –#228– para celebrar o triunfo da selección española de fútbol na final da *Eurocopa 2008*, estase aplicando un cambio no tempo verbal sobre o que constituíu o berro de guerra desta selección durante o campionato: *¡Podemos!* A incorporación de varios signos de admiración de apertura e peche ten unha finalidade meramente enfática.

*A curiosidade custa unha vida* –#388<sup>151</sup>– é un titular elaborado probablemente a partir do refrán *A curiosidade matou o gato* ('ser curioso de máis pode ter consecuencias negativas'), sobre o que se aplica unha substitución a un nivel semántico equivalente (*custa unha vida por matou o gato*), ademais da modificación do tempo verbal desde o pretérito ao presente de indicativo (lembremos o costume de redactar os titulares xornalísticos en presente pese a tratarse habitualmente de feitos consumados).

O caso contrario é *Tras un grande home estaba Anisia* –#486– (logo da morte de Anisia Miranda, esposa do escritor Xosé Neira Vilas). Aquí é o refrán de partida o que está en presente (*Detrás dun gran home sempre está unha gran muller*), mentres que o titular aparece en copretérito, xa que precisamente se está informando do falecemento da súa protagonista. Evidentemente, tamén nesta ocasión temos unha substitución, a modo de concreción: *unha gran muller* por *Anisia*.

*Todos os camiños ían ao triplete* –#208– realiza unha modificación sobre a frase *Todos os camiños levan a Roma*<sup>152</sup>, para glosar a xesta do F.C. Barcelona, que conquistou tres títulos nunha mesma temporaña. Ademais da substitución, temos un traslado desde o presente ao copretérito do enunciado inicial (*van* por *ían*).

Cando se asegura que a tonadilleira Isabel Pantoja continúa a súa relación sentimental co ex-alcalde de Marbella Julián Muñoz mediante a manipulación do título dun dos seus himnos-bandeira<sup>153</sup> (*Ela confesa que segue namorada* –#197–), ademais doutras manipulacións a diferentes niveis, hai tamén un cambio na persoa: da primeira, á terceira.

### 5.3.9. *Cambio no xénero e/ou no número*

Esta alínea agrupa aqueles titulares nos que a ruptura consiste na modificación do xénero ou o número do núcleo da expresión. Por exemplo, en *A 'Nena Torres' é galega* –#429– xógase co cambio de masculino a feminino da construcción *O Neno Torres* (alcume polo que é coñecido o futbolista Fernando Torres) para referirse á súa moza. Algo similar sucede en *;Toureira, toureira!* –#446–, pasando a feminino o tradicional berro das prazas de touros (*toureiro, toureiro*) nunha información referida aos éxitos profesionais dunha matadora mexicana.

151 Titular nunha noticia sobre un mozo de Vigo que faleceu dunha caída logo de subir ao tellado dunha fábrica abandonada.

152 Tamén se rexistran as variantes *Todos os camiños levan a Roma* e *Todos os camiños conducen a Roma*.

153 Referímonos á canción «Hoy quiero confesar (que sigo enamorada)».

*Todos contra todo* –#59– xoga (mediante o cambio a singular do seu elemento final) coa expresión fixada *todos contra todos*, empregada para glosar unha información en que colectivos de diversa índole se manifestan polas rúas de Santiago para protestar polas diferentes agresións que está sufrindo o litoral galego. Na mesma liña encontramos o titular *Medio(s) revoltos* –#495<sup>154</sup>– que, mediante a colocación entre parénteses da partícula indicativa do plural (*s*) permite unha dobre lectura: *medio revoltos e medios revoltos* (neste último caso, *medios* como redución de ‘medios de comunicación’, o que implica un recurso á diloxía).

O célebre slogan publicitario *¿Frío eu? ¡Nunca!*, dunha marca de roupa especializada en illamento térmico, cambia de singular a plural no titular *¿Frío nós? ¡Nunca!* –#109–, empregado para titular unha noticia sobre un grupo de persoas que protestan espidas contra o recurtamento de axudas sociais.

Un caso de modificación do xénero e número a un tempo é *Soas ante o perigo* –#21<sup>155</sup>–, nunha información sobre familias monoparentais galegas, nas que a muller é a responsable da crianza dos fillos nunha porcentaxe moi superior á dos homes.

### 5.3.10. Cambio da sufixación apreciativa

É o caso (único) de *O conto dos mil cabritos* –#392<sup>156</sup>– onde, fóra da substitución no numeral, se elimina o sufixo de diminutivo do enunciado orixinal: *O conto dos sete cabritiños*.

### 5.3.11. Coincidencia de recursos

Nesta alínea imos comentar polo miúdo algúns dos casos en que se dan cita a un tempo varios subrecursos de xeito simultáneo, como exemplo das posibilidades que ofrece esta categoría de *Ruptura* mediante a xustaposición de diferentes mecanismos.

Así, temos o titular *A cirurxía non é estética na tele* –#41–, que ten como punto de partida o composto *cirurxía estética* e que acompaña unha noticia sobre a decisión do Defensor do Paciente de pedir a retirada do programa de televisión *Cambio radical*, no que os participantes son sometidos a diferentes operacións

<sup>154</sup> Trátase dunha información múltiple sobre diversas polémicas xeradas en relación con ou entre varios medios de comunicación.

<sup>155</sup> Construído a partir do título do filme *Só ante o perigo*, que xa aparecerá anteriormente.

<sup>156</sup> Sobre unha cooperativa ourensá dedicada á cría de gando ovino e cabrún.

para mellorar o seu aspecto físico. Sobre *cirurxía estética* aplícase un cambio sintáctico mediante a incorporación do verbo *ser*, o que converte *estética* en atributo de *cirurxía*, e provoca o seu cambio de sentido: de ‘relativa á beleza’ a ‘fisicamente atractiva’. Ademais, engádese un cambio na polaridade, pasado de afirmativa a negativa: *A cirurxía non é estética*.

*O Oeste, máis salvaxe ca nunca* –#341<sup>157</sup>– toma tamén como base un clixé, neste caso *salvaxe oeste*, ao que se lle aplica unha extensión (de *salvaxe* a *máis salvaxe ca nunca*) e un cambio na orde dos seus elementos constituíntes. O subtítulo da noticia descóbrelos que o *Oeste* non é neste caso o territorio en que se sitúan as películas do xénero do *western*, senón unha mera indicación xeográfica, redución de *Conferencia Oeste*.

*¿Habemus voda de cine?* –#383– parte de novo dunha expresión fixada: o *habemus papam* que xa vimos máis arriba. De todos os xeitos, *habemus papam* ampliou o seu contexto de uso, e coloquialmente ten un significado equivalente a ‘por fin’ ou ‘xa era hora’. Temos, por tanto, unha substitución de *papam* por *voda de cine* (o titular vai nunha noticia sobre o posible casamento dos actores Penélope Cruz e Javier Bardem), onde tamén se podería agochar unha diloxía: *de cine* como ‘do ámbito cinematográfico’ ou ‘fantástica, marabillosa, de luxo extremo’).

*¿Coida o raposo do galíñeiro?* –#463–, titular dunha noticia sobre a subtracción dunha cantidade económica dentro das dependencias da comisaría da Policía Local de Lugo, é un acurtamento sobre a expresión *poner o raposo a coidar do galíñeiro*, no sentido de ‘deixar a responsabilidade de vixiar un perigo nas mans do propio axente que o orixina’. Ademais desa redución, hai unha alteración da orde (e sintáctica: agora *raposo* xa non é complemento de *poner* –que desaparece–, senón suxeito de *coidar*, que pasa a ser o verbo principal) e un cambio na modalidade oracional: de enunciativa a interrogativa.

*Todo o que non querías saber de Paris* –#9– é o titular referido a unha páxina web na que se mostran obxectos da vida cotiá da famosa herdeira estadounidense Paris Hilton. A orixe está na recontextualización do título da obra *Todo o que sempre quixo saber sobre o sexo pero non se atreveu a preguntar* (1972), acurtado na súa parte final e cun cambio de polaridade (de afirmación a negación) e coa subsitución do elemento principal: *sexo* por *Paris*.

*'Galiña vella' fai seu o mundial* –#483– é un titular cunha motivación algo máis complexa, que intentaremos explicar de maneira sintética: o piloto italiano

157 O titular aplícase a unha información sobre a vitoria da Conferencia Oeste sobre a Conferencia Leste no ‘partido das estrelas’ (*All Star Game*) da NBA, a liga profesional de baloncesto dos Estados Unidos.

de motociclismo Valentino Rossi fora acusado anteriormente de ser vello de máis para seguir competindo ao máximo nivel; por esa razón, cando logo volveu gañar o campionato mundial de MotoGP (outubro de 2009), presentouse no podio cunha camiseta na que se podía ler *Gallina vecchia fa buon brodo* (*Galiña vella fai bo caldo*), lembrando que a experiencia é ás veces unha vantaxe. A partir desta paremia constrúe o xornalista o titular, ao que lle aplica un cambio radical na súa segunda parte: o verbo *facer* deriva á locución verbal *facer seu* ('apropiarse'), e o *bo caldo* pasa a ser o mundial acadado polo piloto.

No caso de *Pep: o home tranquilo e de (ou á) moda* –#376– (unha semblanza do adestrador do equipo de fútbol F.C. Barcelona, Josep Guardiola), a acumulación de recursos vén da man da presentación de tres enunciados fixados que se empregan para definir algunas das características do protagonista da noticia: *home tranquilo*<sup>158</sup>, *de moda* e *á moda*. Resulta curiosa a colocación da variante *de (ou á) moda*<sup>159</sup>, que permite a fusión destas dúas locucións.

Un caso curioso de aproveitamento dunha secuencia fixada é *Galicia, o país das marabillas* –#81–, non tanto pola súa orixinalidade (a proximidade fónica *Alicia-Galicia* dá moito xogo, e titulares como *Galicia no país das marabillas* son un tema recorrente en artigos de opinión, por exemplo<sup>160</sup>) senón pola conversión da secuencia orixinal nunha aposición mediante a eliminación da preposición *en* logo do núcleo e a súa substitución por unha coma. O motivo do titular é a elección das *sete marabillas galegas* por parte do xornal *LV*, a imitación das *novas sete marabillas do mundo* cuxa elección se realizaba nese mesmo momento (xullo de 2007).

### 5.3.12. Reutilización

Fronte á vizosidade das anteriores categorías, son relativamente escasos os exemplos de reutilización de enunciados de partida para a confección de titulares desta categoría de *Ruptura*, sobre todo en comparación coas categorías anteriores, nomeadamente a de *Diloxía*, onde este recurso acada a súa máxima expresión.

158 *O home tranquilo* é o título dunha película do ano 1952 dirixida por John Ford e protagonizada por John Wayne.

159 Hai un uso do termo *moda* nun dobre sentido: *á moda*, 'conforme aos gustos estéticos vixentes' e *de moda*, 'de actualidade'

160 Ademais dun disco do grupo musical Milladoiro do ano 1986 (*Galicia no país das maravillas*).

O primeiro deles é o par *Non é flúor todo o que reloce* –#53<sup>161</sup>– e *Non é fútbol todo o que reloce* –#440<sup>162</sup>–, ambas as dúas creadas mediante unha substitución simple no refrán *Non é ouro todo o que reloce* ('o que a primeira vista parece bo, pode non selo tanto').

E o segundo e último exemplo é o que está conformado polos titulares *A familia que gaña unida* –#435<sup>163</sup>– e *A familia que anda unida...* –#437<sup>164</sup>–, que aproveitan a estrutura aberta do esquema *A familia que (verbo) unida, permanece unida*, sobre a que nos dous casos se realiza o mesmo acurtamento mediante a elisión da parte final.

TÁBOA 3. TITULARES DA CATEGORÍA RUPTURA

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
1	'Os Intocables' do Ribeiro	Galicia	29/12/06	SUB
3	Un galego na corte de Piterman	Deportes	09/01/07	SUB
6	Alarma nas aulas	Galicia	19/01/07	SUB
9	Todo o que non querías saber de Paris	Un Respiro	29/01/07	POL – VER – SUB – ACU
11	Bond contra o 'top manta'	Un Respiro	30/01/07	SUB
14	A Coruña non quere perder o bus das modernas tecnoloxías	Portada	01/02/07	SUB
17	Tres cidades e un destino	Galicia	02/02/07	SUB
19	'Bradgelina' e as memorias de África	Un Respiro	05/02/07	EXT
21	Soas ante o perigo	Galicia	12/02/07	XÉN – NÚM
23	Catro vodas e... ¿algún funeral?	Flash	15/02/07	MOD – SUB
26	¿Unha verdade incómoda?	Un Respiro	28/02/07	MOD
31	Arde California	Flash	13/03/07	SUB
35	Traballar é un pacer	Galicia	16/03/07	SUB
41	A cirurxía non é estética na tele	Un Respiro	27/03/07	POL – SIN – EXT
44	Con elas chegou o escándalo	Un Respiro	30/03/07	XÉN – NÚM
53	Non é flúor todo o que reloce	Galicia	23/04/07	SUB
57	Os pobres tamén xogan	Flash	27/04/07	SUB

161 Sobre un accidente de tráfico a partir do cal se descubriu que un camión que transportaba pasta de dentes levaba un depósito oculto con gasóleo agrícola.

162 Titular nunha información na que se relaciona o atractivo físico dalgúns futbolistas co crecente interese do público feminino por este deporte.

163 Noticia da sección de *Deportes* en que se dá conta da vitoria na etapa raíña do Tour de Francia de 2009 do ciclista luxemburgués Fränk Schleck, mentres que o seu irmán Andy chegaba terceiro.

164 Pé de foto dunha das imaxes da sección *Flash*, en que se pode ver un grupo de parrulos camiñando detrás da súa nai polas rúas de Washington.

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
59	Todos contra todo	Galicia	07/05/07	NÚM
60	O mellor amigo do... cocho	Flash	10/05/07	SUB
61	E niso volveu don Manuel	Contraportada	21/05/07	SUB
62	Pacto de Caballero	Eleccións	28/05/07	SUB
63	A la non é para o verán	Flash	04/06/07	POL – SUB
68	Vivir na Coruña, que... caro é	Economía	08/06/07	SUB
70	CSI Galicia	Galicia	13/06/07	SUB
72	'Los lunes... a la sombra'	Un Respiro	18/06/07	SUB
74	Arte campestre	Flash	02/07/07	SUB
76	'Pe', ao bordo dun ataque de nervios	Un Respiro	04/07/07	SUB
77	Nena rica, nena pobre	Galicia	05/07/07	SUB
81	Galicia, o país das marabillas	Cultura	11/07/07	SUB
83	¡Entre pitos e gaitas!	Galicia	13/07/07	SUB
89	Hai un galego falante na lúa	Galicia	27/07/07	EXT
94	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	20/09/07	EXT – SUB
96	Entre un Polo e outro	Contraportada	04/10/07	ACU
98	Don't pay per view	Galicia	16/10/07	POL
102	Seis homes e un destino	Galicia	31/10/07	SUB
104	Manobras na escurideade	Flash	07/11/07	ACU
108	Crónica dunha separación anunciada	Un Respiro	15/11/07	SUB
109	¿Frío nós? ¡Nunca!	Flash	28/11/07	NÚM
112	O discreto encanto do outono	Flash	10/12/07	SUB
113	¡Bebamos como galegos!	Galicia	10/12/07	SUB
114	Alonso volve á casa polo Nadal	Deportes	11/12/07	SUB
117	'El Jueves' volve á carga polo Nadal	Un Respiro	14/12/07	SUB
118	A neve volve a Galicia polo Nadal	Galicia	20/12/07	SUB
119	Ano novo... ¿vida nova en Riazor?	Deportes	02/01/08	EXT – MOD
120	Sei o que pirateaches no 2007	Un Respiro	04/01/08	SUB
122	A feira estaba no polbo	Galicia	08/01/08	SIN – EXT
123	Setenta e cinco anos na onda	Cultura	09/01/08	NÚM
126	Co lume non se xoga	Galicia	14/01/08	EXT – SIN – ORD – POL
127	'Bocatto di cardinale' con grelos	Galicia	15/01/08	SUB – EXT
129	As civilizacións alíanse	Mundo	16/01/08	SIN
131	Un turismo... ¿ecolóxico?	Galicia	22/01/08	MOD
132	Os cables tamén choran	Galicia	23/01/08	SUB
137	E ao cuarto día... a Bolsa resucitou	Economía	25/01/08	SUB – EXT
138	Historia de dous bandos	Galicia	28/01/08	SUB

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
145	Atracción fatal en Noia	Un Respiro	06/02/08	EXT
147	Omega 3 de cortello	Galicia	08/02/08	SUB
149	Do amor ao odio nun paso ou nun preito	Un Respiro	13/02/08	EXT
150	Maxestades xa non tan satánicas	Un Respiro	18/02/08	POL – EXT – ORD
153	... E niso marchou Fidel	Contraportada	20/02/08	SUB
154	A volta a España en 15 días	Eleccións	21/02/08	SUB
163	Un empate por co...nvicción	Deportes	10/03/08	SUB
166	Quén dixo que xa non había máis tomate...	Un Respiro	11/03/08	EXT – VER
167	Luces, cámaras... 'Play-Doc'	Cultura	12/03/08	SUB
169	Cousa de dous... ou tres	Galicia	24/03/08	EXT
172	Cun par... de vasos de máis	Galicia	26/03/08	SUB
177	Veñen cun pan debaixo do brazo	Galicia	28/03/08	ACU
179	A salvación está a un 'Xisco'	Deportes	31/03/08	SUB
182	O comezo dunha bonita amizade	Un Respiro	04/04/08	ACU
184	Menor: só ante o perigo	Galicia	08/04/08	EXT
188	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	14/04/08	SUB – EXT
192	A ruleta da miseria	Flash	17/04/08	SUB
194	Xa é primavera... en Alemaña	Flash	21/04/08	SUB
195	Os nenos, sos ante o perigo	Galicia	23/04/08	EXT – NÚM
197	Ela confesa que segue namorada	Un Respiro	24/04/08	SIN
200	De tal pau...	Deportes	14/05/08	ACU
202	Dime con quen andas...	Galicia	16/05/08	ACU
203	Posta e apostá en escena	Un Respiro	21/05/08	EXT
205	Un home do seu tempo	Galicia	27/05/08	EXT
208	Todos os camiños ían ao triplete	Deportes	28/05/08	SUB – VER
209	Nin as bicis nin os monociclos son para esta... ¿primavera?	Portada	30/05/08	POL – EXT – SUB – MOD
210	Habelas... ¿hainas?	Galicia	02/06/08	MOD
211	Unha 'misión imposible' para Nicole	Un Respiro	03/06/08	EXT
212	Un salto con vistas	Flash	05/06/08	SUB
216	Das palabras aos feitos	Galicia	09/06/08	ACU
217	Na misa e repicando	Galicia	10/06/08	ACU – POL
218	De tal pau... ¿tal estela?	Contraportada	12/06/08	MOD
222	Establecen normas que dan 'Ascot'	Un Respiro	18/06/08	SUB
225	As belas e a besta van ao cinema	Un Respiro	20/06/08	EXT – NÚM
228	¡¡Puidemos!!!	Portada	30/06/08	VER
230	Á segunda foi a vencida	Portada	02/07/08	SUB

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
231	As ‘estrelas’ dos camiños	Cultura	02/07/08	SIN
237	¡Mira con quen baila a boa de Anne!	Un Respiro	11/07/08	EXT
244	Bale ten máis de escuro que de cabaleiro	Un Respiro	23/07/08	EXT – ORD
249	Poucas de cal... e moitas de area	Deportes	08/09/08	SUB
251	Crónica de dous adeus anunciados	Un Respiro	11/09/08	SUB
255	A pesar dos 65... a vida segue igual	Un Respiro	24/09/08	EXT
257	A Alonso non o confunde a noite	Portada	29/09/08	EXT – POL – SIN – ORD
258	‘Os irmáns golpean dúas veces’	Un Respiro	30/09/08	SUB
260	No outono da matriarca é primavera	Un Respiro	02/10/08	EXT – SUB
263	¡Mira quen e canto cobra por bailar!	Un Respiro	10/10/08	EXT – SIN
265	¡Arde California!	Flash	15/10/08	SUB
273	Malos tempos para a bondade	Cultura	22/10/08	SUB
276	Trece homes e un dedal	Galicia	04/11/08	SUB
278	¿Durmirá coa inimiga?	O Último	05/11/08	MOD – VER – ACU
281	Gonsar foise ‘lonxe de nós’	Un Respiro	10/11/08	ACU – EXT
282	Traxedia na granxa	Galicia	11/11/08	SUB
292	A soildade do porteiro de fútbol	Flash	04/12/08	SUB
295	Ir ao cine e saír trabado	Un Respiro	05/12/08	SUB
296	E obrou o milagre en Cataboís	Galicia	10/12/08	EXT
301	Subindo ‘El andamio’ 50 anos despois	Un Respiro	16/12/08	EXT
302	¡Volva vostede mañá... ou en 2010!	Galicia	17/12/08	EXT
303	A muller á que lle falaban os cabalos	Flash	19/12/08	SUB – SIN
306	Pau gaña o duelo de ‘gasoles’	Deportes	24/12/08	EXT – SUB
307	Pesadelos despois do Nadal	Un Respiro	07/01/09	SUB – NÚM
313	As amistades perigosas do guapo vigués	Deportes	09/01/09	EXT
317	Un tellado con vistas	Flash	16/01/09	SUB
321	Salvando á galiña piñeira	Un Respiro	20/01/09	SUB
325	Na busca das herdanças perdidas	Galicia	26/01/09	ACU – SUB – NÚM
326	‘Costa da Morte Vice’	Galicia	28/01/09	SUB
328	Eu a Milán, ti a California e Jolie a Xapón	Un Respiro	28/01/09	EXT – SUB
333	Cae antes un tramposo...	Galicia	04/02/09	ACU – SUB
336	Sete vitorias e unha dúbida	Galicia	09/02/09	SUB
338	Os dez días de ouro...	Galicia	12/02/09	SUB

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
339	O bo se é breve, consolídase	Un Respiro	12/02/09	SUB
341	O Oeste, máis salvaxe ca nunca	Deportes	17/02/09	SIN – EXT – ORD
342	Sempre quedará o 'Luar'	Eleccións	18/02/09	SUB
343	1-M: cita coas filloas	Galicia	19/02/09	SUB
350	O ser ou non ser do Real Madrid	Deportes	10/03/09	EXT
351	Habemus casamento e separación	Un Respiro	13/03/09	SUB – EXT
352	'Working on a dream': conseguir ticket	Un Respiro	13/03/09	EXT
353	Tres penaltis e un funeral	Deportes	16/03/09	SUB
354	Amaia: sen pelotas non hai paraíso	Un Respiro	16/03/09	EXT – SUB
356	¡Isto si que é unha vendida de moto!	Galicia	18/03/09	EXT – SIN
357	¿Outra longa noite de pedra?	Cultura	18/03/09	EXT – MOD
362	Riera apaga a paixón turca	Deportes	02/04/09	EXT
363	Cómo pasar uns días de cine	Cultura	09/04/09	EXT
364	O xinete solitario en estado ebrio	Galicia	13/04/09	EXT
371	Non hai máis que unha	Galicia	29/04/09	ACU
374	A vaca da bosta de ouro	Galicia	04/05/09	SUB
376	Pep: o home tranquilo de (ou á) moda	Un Respiro	05/05/09	EXT
378	Subir e baxar como espuma de cervexa	Un Respiro	06/05/09	EXT
382	O Deportivo ten licenza para soñar	Deportes	11/05/09	EXT – SUB
383	¿Habemus voda de cine?	Un Respiro	12/05/09	SUB – EXT – MOD
384	Puro circo	Flash	14/05/09	SUB
387	90210: San Caetano	Galicia	19/05/09	SUB
388	A curiosidade custa unha vida	Galicia	20/05/09	SUB – VER
391	Aniversario sen festa	Un Respiro	22/05/09	SIN – ORD – POL
392	O conto dos mil cabritos	Galicia	25/05/09	ACU – SUB
393	Buckingham tour	Mundo	25/05/09	SUB
398	Barcelona é unha festa	Deportes	29/05/09	SUB – VER
399	E Larsson fixose celuloide	Un Respiro	29/05/09	SUB
406	En Turquía, pero sen paixón	Deportes	08/06/09	SIN – ORD – POL – EXT
408	O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina	Un Respiro	09/06/09	SUB
412	Semana de sorrisos e bágoas	Un Respiro	12/06/09	EXT
418	Unha última tentación	Galicia	26/06/09	SUB – ACU
425	Aprender do máis puro teatro	Cultura	01/07/09	EXT
427	Os peores fillos da Gran Bretaña	Un Respiro	07/07/09	EXT
429	A 'Nena Torres' é galega	Deportes	09/07/09	XÉN – EXT

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	SUBRECURSO <sup>1</sup>
435	A familia que gaña unida	Deportes	23/07/09	ACU – SUB
436	Fumata blaugrana	Deportes	23/07/09	SUB
437	A familia que anda unida...	Flash	24/07/09	ACU – SUB
440	Non é fútbol todo o que reloce	Deportes	30/07/09	SUB
441	A importancia de chamarse Ronaldo	Un Respiro	31/07/09	SUB
446	¡Toureira, toureira!	Flash	08/09/09	XÉN
450	Dependentes da Lei	Galicia	14/09/09	SIN – ORD
463	¿Coida o raposo do galíñeiro?	Un Respiro	24/09/09	MOD – ACU – SIN – ORD
468	A sorte está case botada	Deportes	02/10/09	EXT
472	¿De quen vés sendo?	Un Respiro	06/10/09	ACU
474	Unha historia de sexo, drogas e malos tratos	Galicia	08/10/09	EXT – SUB
476	¿Algo máis que 'Friends'?	Un Respiro	09/10/09	EXT
478	Fauna ibérica e histérica	Un Respiro	15/10/09	EXT
481	Non sempre a vida pode ser marabillosa	Un Respiro	19/10/09	EXT – POL
483	'Galiña vella' fai seu o Mundial	Deportes	26/10/09	SUB
485	Bos, breves e en internet	Un Respiro	28/10/09	SUB – NÚM
486	Tras un grande home estaba Anisia	Cultura	28/10/09	SUB
493	De divorcios, demandas e cintas de vídeo	Un Respiro	11/11/09	SUB
494	A soidade do seareiro	Flash	12/12/09	SUB – ACU
495	Medios(s) revoltos	Un Respiro	12/12/09	NÚM
496	Bicando baixo a chuvia	Flash	13/11/09	SUB
499	A muller que bailaba cos cabalos	Flash	17/11/09	SUB
503	Sting ten un sexto sentido: ve mortos	Un Respiro	23/11/09	EXT
504	Misteriosa desaparición en Cee	Galicia	25/11/09	SUB
513	Mirade de que as segundas partes....	Un Respiro	15/12/09	ACU – EXT
517	O maior espectáculo do 3D	Un Respiro	18/12/09	SUB

ACU = Acurtamento, EXT = Extensión, MOD = Modalidade, NÚM = Número, ORD = Orde, POL = Polaridade, SIN = Sintaxe, SUB = Substitución, VER = Tempo verbal, XÉN = Xénero.

## 5.4. Morfoloxía

Nesta categoría, a xustificación do xogo de palabras descansa sobre a relación morfolóxica entre dous dos seus elementos integrantes, pertencentes á mesma familia léxica. A ela pertencen 18 titulares, o 3,4% do total. Aínda que algúns dos

titulares comentados están próximos ao recurso da diloxía, porque neles se xoga con dous sentidos diferentes das raíces que conforman as palabras, non os incluímos a maiores na categoría indicada. Como se puido comprobar, reservamos a diloxía para aqueles casos en que se produce o xogo a partir dun único termo polisémico ou a partir de dous termos homónimos.

En *A patronal busca patrón* –#379– xógase con esa proximidade, aquí entre *patrón* ('dirixente') e *patronal* (co engadido dese sufijo *-al* que indica colectividade, neste caso de empresarios) para informar sobre a elección do presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.

*Parvos e parvadas do cine* –#264– segue un esquema similar, áinda que neste caso a derivación realiza-se mediante a sufixación *-ada*, co sentido de 'acción propia de'; o titular vai referido á estrea simultánea nas salas de cine españolas de varias películas de humor absurdo protagonizadas por personaxes de poucas luces e dirixidas principalmente ao público adolescente.

Na *Eurocopa 2008*, a selección italiana de fútbol clasificouse para os cuartos de final logo de vencer os franceses pola mínima e de que Romanía perdeuse contra Holanda no outro partido do seu grupo (requisito indispensable para que Italia non quedase eliminada). De aí que a sección de *Deportes* de *LV* titulara *Italia, á italiana, xa está en cuartos* –#221–, establecendo unha relación entre o nome do país clasificado e o seu derivado, designador de maneira (*á italiana*: unha amalgama entre sorte e pundonor en que os italianos son expertos, ata o punto de bautizar o concepto co seu xentilicio).

*Plumas perigosas e en perigo* –#289– refírese ao destino que comparten os escritores Roberto Saviano (*Gomorra*) e Salman Rushdie (*Os versos satánicos*), ameaizados de morte pola *camorra* napolitana e o islamismo radical, respectivamente. Son plumas<sup>165</sup> que viven, polo tanto, en perigo, pero que supoñen un perigo tamén polas cousas que escriben (sobre todo no caso de Saviano, quen na súa obra pon ao descuberto parte dos segredos da organización criminal italiana).

*Penados e penas nos Bustamante* –#287– é un titular da sección *Un respiro* debaixo do que se informa sobre a sanción económica a varios membros da familia deste cantante cántabro tras unha liorta nunha discoteca, ademais da futura comparecencia nun novo xuízo polos supostos malos tratos do músico á súa exparella. Xógase, polo tanto, co sentido de *pena* ('sentimento de dor ou tristura por un feito') e o de *penado* ('condenado por un delito').

165 Uso metonímico, co sentido de 'escritores'.

O titular *O perdido na pel do perdedor* –#344– estea a súa creatividade na copresenza de dous derivados do verbo *perder*, nun dobre sentido: *perdido* ('persoa que vive dunha maneira desordenada e pouco decente') e *perdedor* ('persoa que non coñece máis ca o fracaso, que nunca sae ben daquilo que emprende'). Este titular encabeza unha noticia sobre a estrea do filme *O loitador*, protagonizada por Mickey Rourke (actor coñecido pola súa vida disoluta), quen interpreta un decadente e agonizante combatente de loita libre.

Tamén no ámbito cinematográfico encontramos *Censurando a censura* –#275–, nunha información sobre a adaptación ao cine da novela *Diario dunha ninfómana* (dirixida por Christian Molina en 2008). A produtora da fita levou a cabo unha agresiva campaña publicitaria para a que empregou imaxes de sexo explícito, o que fixo que algúns dos seus carteis anunciadores fosen retirados. Froito desta polémica, o filme acadou unha cifra de espectadores inesperada. É dicir, o público *censurou* (no sentido de 'reprender unha conduta ou acción') a *censura* ('supresión, modificación ou prohibición dunha obra') de que foi vítima a película mediante a súa asistencia ás salas. Nun segundo plano, o titular xoga tamén coa aparente contradición que se establece na asociación entre *censurar* e *censura*. Algo similar ocorre entre *rebaixar* e *rebaixas* en *As rebaixas más rebaixadas* –#309–, un titular relativo aos importantes descontos que ofrecen os comercios galegos no comezo das rebaixas de xaneiro de 2009.

Na mesma liña de relación morfolóxica tinguída de dobre sentido temos *Dos triunfos de Pe e os 'triunfitos'* –#16–, unha noticia múltiple da sección *Un respiro* sobre os éxitos da actriz Penélope Cruz (tamén coñecida como *Pe*) e dalgún dos cantantes que foron dados a coñecer a través do programa televisivo *Operación Triunfo*, e que son denominados popularmente como *triunfitos*.

Un caso máis complexo aparécenos en *De cantantes, 'cantantes' e os que 'cantan'* –#416–, xa que se establece un titular a tres niveis, e todos eles forman parte do xogo lingüístico pretendido polo xornalista que o elabora. Temos, por un lado, as *cantantes* no sentido derecho do termo (na noticia fálase de Paulina Rubio e Madonna), e tamén as '*cantantes*'<sup>66</sup>, neste caso só Madonna, quen decidiu asistir en Londres a unha sesión de cábala xusto despois de chegar de Malaui, onde adoptara unha nena. O titular complétase coa alusión final a *os que cantan*, en referencia ás denuncias mutuas entre a actriz Lindsay Lohan e o músico Justin Timberlake, anteriormente parella e que agora se dedican a airear a súa intimida-

166 Obsérvese que este uso figurado de *cantante* ('persoa pouco formal ou pouco seria') márcase e difereciase do emprego literal mediante o uso de comiñas.

de, é dicir, a *cantar* no outro sentido figurado da expresión ('descubrir ou pregoar un segredo').

Ás veces o emprego de dous termos relacionados morfolóxicamente dá como resultado unha relación de antonimia entre os usos. É o que ocorre en *Dúas grandes estrelas que se estrelan* –#242–, un titular referido aos problemas persoais de dúas divas da música: Amy Winehouse e Britney Spears. Seguimos movéndonos, polo tanto, no ámbito do dobre sentido: *estrela* ('persoa que obtén un éxito clamoroso nalgúnha profesión artística ou deportiva') e *estrelarse* ('fracasar estrepitosamente nalgún proxecto ou actividade'), pero co elemento engadido de tratarse de termos que nos conducen a realidades opostas (neste caso, o *éxito* da *estrela* e o *fracaso* do que *se estrela*).

Esta mesma parella *estrela-estrelado* é a base empregada para a construción doutros dous titulares: *Estrelas e estrelados do cinema* –#56– (sobre os proxectos do actor George Clooney e a nova –e errada– incursión na séptima arte da cantante Madonna); e, cunha estrutura idéntica, *Estrelas e estrelados da canción* –#90– (sobre Alejandro Sanz, por un lado, e Beyoncé<sup>167</sup> e David Bustamante, polo outro).

En *Gustos e desgustos polo corpo* –#299<sup>168</sup>– e *Gustos e desgustos cos pequenos* –#256<sup>169</sup>– observamos outro xeito de establecer esta relación de antítese: a incorporación dun prefixo que dá a volta ao sentido do outro termo. O mesmo sucede en *Discutidas e indiscutibles bellezas* –#229–, áinda que neste caso, ademais da prefixación, tamén hai unha muda no sufijo final.

Un uso especial desta relación morfolóxica é a súa asociación co recurso da ironía, tal e como se observa en *A mestría dalgúns mestres* –#125–, unha información relativa á publicación nunha páxina web dunha recompilación das frases más desafortunadas dos profesores universitarios españoles durante as súas clases. A *mestría* emprégase aquí, polo tanto, con espírito festivo e retranqueiro. Bótanse en falta, xa que logo, unhas comiñas que acompañen a palabra á que se lle cambia o sentido, para advertir os lectores deste uso irónico.

167 No caso da cantante estadounidense, engádese (para a comprensión do xogo do titular) o feito de que a noticia da que é protagonista se refire a unha caída durante unha das súas actuacións, recuperando o sentido literal de *estrelar(se)*: 'caer ou chocar violentamente'.

168 Nunha información sobre o espido da actriz Jennifer Aniston na portada dunha revista e a confesión da presentadora de televisión Oprah Winfrey, quen asegura que o seu peso, 90 kg, lle resulta 'aterrador'. Podería falarse aquí dun uso desigual dos dous termos sobre os que se asenta o xogo xa que, mentres o *desgusto* é da propia protagonista da noticia (Oprah Winfrey), o *gusto* é para os lectores da revista na que Jennifer Aniston aparece núa.

169 O titular aparece tamén nunha noticia na que se informa a un tempo do embarazo da actriz Nicole Kidman e da perda da custodia da tamén actriz Sharon Stone dun dos seus fillos adoptados.

TÁBOA 4. TITULARES DA CATEGORÍA MORFOLOXÍA

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA
16	Dos triunfos de Pe e dos ‘triunfitos’	Un Respiro	01/02/07
56	Estrelas e estrelados do cinema	Un Respiro	25/04/07
90	Estrelas e estrelados da canción	Un Respiro	27/07/07
125	A mestría dalgúns mestres	Un Respiro	11/01/08
221	Italia, á italiana, xa está en cuartos	Deportes	18/06/08
229	Discutidas e indiscutibles belezas	Un Respiro	01/07/08
242	Dúas grandes estrelas que se estrelan	Un Respiro	21/07/08
256	Gustos e desgustos cos pequenos	Un Respiro	25/09/08
264	Parvos e parvadas do cine	Un Respiro	10/10/08
275	Censurando a censura	Contraportada	30/10/08
287	Penados e penas nos Bustamante	Un Respiro	18/11/08
289	Plumas perigosas e en perigo	Un Respiro	27/11/08
299	Gustos e desgustos polo corpo	Un Respiro	12/12/08
309	As rebaixas máis rebaixadas	Galicia	08/01/09
344	O perdido na pel do perdedor	Un Respiro	20/02/09
379	A patronal busca patrón	Galicia	07/05/09
416	De cantantes, ‘cantantes’ e os que ‘cantan’	Un Respiro	23/06/09

## 5.5. Recursos fónicos

Xa vimos na sección de titulares construídos sobre unha relación morfolóxica que ás veces a xustificación do xogo de palabras dun titular vai máis na liña do seu significante ca do seu significado. Pero será nesta nova categoría da proximidade fónica onde esta modalidade acade a súa máxima expresión, xa que a base dos titulares que analizamos a continuación vai apoiarse no emprego dunha serie de fonemas de xeito recorrente (a aliteración) ou na relación de veciñanza formal entre dúas voces. Imos ver os 19 exemplos que constitúen esta categoría dentro do corpus sobre o que estamos a traballar (3,6% do total), entre os que podemos establecer, á súa vez, dous grupos.

### 5.5.1. Paronomasia

Neste primeiro grupo están integrados os titulares que se valen da similitude na pronuncia de dous termos (ambos os dous explícitos, ou coa presenza dun deles e a evocación do outro) para estear sobre eles o xogo lingüístico.

*Na procura da sorte en Sort* –#97– pon en relación o substantivo *sorte* ('fortuna, azar') cunha vila ilerdense á que todos os anos acoden milleiros de persoas para adquirir os seus billetes para a lotería de Nadal. Esa localidade é *Sort*, cuxo nome significa 'sorte' en catalán. Dáse ademais a circunstancia de que na administración desta localidade se repartiu o premio *Gordo* deste sorteo en varias ocasións, de maneira que estamos ante un deses casos nos que a lingua acaba condicionando a propia realidade, convertendo en paradigma da sorte un lugar chamado así<sup>170</sup>.

Osama Bin Laden (daquela o terrorista máis buscado do planeta, responsable dos ataques do 11 de setembro de 2001) ameaza a Barack Obama, presidente dos Estados Unidos, con novos actos terroristas se non se deteñen as guerras de Iraq e Afganistán. Para encabezar a información, o xornalista encargado da sección de *Internacional* en *LV* titula *Osama avisa a Obama* –#453–<sup>171</sup>, aproveitando a similitude entre os apelativos dos dous protagonistas da noticia.

*Entre eleccións e ereccións* –#157– é o titular que encabeza unha información sobre un estudo que conclúa que os españois máis satisfeitos coa súa vida sexual son os que non votan a ningún dos partidos maioritarios (PP ou PSOE). Establecese, polo tanto, unha relación entre ideoloxía política (simbolizada nas *eleccións*) e actividade sexual (simbolizada nas *ereccións*).

*LV* aproveita a presenza no festival de cine de Venecia do presidente venezolano Hugo Chávez (quen asistira á estrea dunha película do director norteamericano Oliver Stone inspirada na súa vida) para titular *Venezuela en Venecia* –447–, simbolizando a presenza do país na do seu máximo mandatario. O titular xoga coa paronomasia (o parecido formal) entre os nomes do estado suramericano coa cidade italiana<sup>172</sup>.

Como estamos a ver, nesta categoría as asociacións metonímicas teñen un papel de gran relevancia. Así vai acontecer tamén no seguinte titular: *Dúas divas para o diván* –#466–, en relación cos respectivos trastornos mentais das actrices

170 A orixe do topónimo parece estar relacionada coa existencia dunha ponte que permitía *sorpear* o río que atravesa a comarca en que se asenta.

171 A asociación é novedosa ata certo punto, xa que durante a campaña electoral norteamericana de 2008 aparecerán camisetas coa caricatura do logo presidente Barack Obama vestido ao xeito árabe sobre a lenda *Barack Osama* (e tamén *Obama Bin Laden*), unha estratexia republicana para desacreditar o candidato demócrata lembrando a orixe musulmá do seu paí.

172 De feito, o nome do país suramericano procede de *Venecia* (*Venezuela*: 'pequena Venecia'), e foi o nome que lle deu o cronista Amerigo Vespucio cando encontrou nestas terras unha colonia de indios que vivían en palafitos (vivendas construídas sobre a auga), o que lle lembrou a cidade da súa Italia natal. No entanto, actualmente esta relación morfolóxica adoita pasar desapercibida e por tal motivo non incluímos o titular baixo a sección Morfoloxía.

Megan Fox e Charlize Theron. Nesta ocasión, a proximidade fónica atinxo os termos *diva* ('artista de recoñecida traxectoria') e *diván* ('asento'), este último como elemento simbólico da atención psiquiátrica, por ser neste tipo de sofás onde os primeiros profesionais desta ciencia deitaban os seus doentes para a realización das terapias.

*Posta e apostas en escena* –#203– serve de titular para unha información sobre a proposta do Plan Galego das Artes Escénicas, desenvolvido pola daquela aínda existente Consellería de Cultura, inzado de suxestións innovadoras, sobre todo de cara ao potenciamiento das artes menos difundidas (teatro e danza, pero tamén maxia e circo). Deste modo, estase correndo un risco ao apoiar estoutras manifestacións artísticas, o que lle vale ao responsable da información para manipular a locución *posta en escena* introducindo no seu interior esa *aposta* que case é homónima de *posta* (pensemos na equivalencia fónica de *a posta* fronte a *aposta*).

O titular *Fauna ibérica e histérica* –#478– traballa tamén sobre un composto, neste caso *fauna ibérica*, só que nesta ocasión o engadido se realiza pola parte final, pero tamén mediante a adición dun termo fonicamente próximo a un dos formantes da locución de partida: *ibérica* – *histérica*. O titular acompaña unha información múltiple sobre un grupo de personaxes<sup>173</sup> habituais da prensa do corazón (Julián Muñoz, Paquirrín, Rodríguez Menéndez, Jesulín de Ubrique), somerxidos en cadansúa lideira.

*Cara e cruz nas xestas da xestación* –#409– é, de novo, unha noticia composta de dúas informacións de similar cariz: a nova paternidade/maternidade do que fora o primeiro home embarazado e o aborto dun transexual que agardaba xemelgos. O xogo radica aquí na similitude entre *xestación* ('embarazo') e *xesta* ('logro, fazaña'); a presenza desta última xustifícase polo feito de tratarse de dous individuos de sexo masculino que conseguuen culminar un proceso de fecundación para a reproducción humana.

*Os fans si que están a gusto co seu busto* –#411– xoga coa proximidade entre *gusto* e *busto*, vocábulos aos que só separa a o punto de articulación (velar ou bilabial, respectivamente) da súa consoante inicial. A información que acompaña este titular fala sobre a decisión dunha tenista romanesa de someterse a unha operación de redución de peito (xa que o seu enorme talle lle supón unha molestia na súa actividade deportiva) e a petición dun grupo de fans para que non o faga.

173 Nesta ocasión *fauna* emprégase en sentido figurado (e despectivo), como 'grupo de persoas de variada e dubidosa condición'.

Mentres, un home que perdeu parte do seu pene e que está acusado de agredir sexualmente unha menor é o punto de partida do titular *O amputado imputado* –#285–, que xoga co parecido formal entre os dous cualificativos.

Outra variante neste recurso da proximidade fónica é o emprego de dúas palabras que comparten a súa secuencia inicial, como sucede en *¿Lanzarote ou Lan... zada?* –#442–, referido aos lugares elixidos para as súas vacacións de verán por parte do presidente do goberno español, José Luis Rodríguez Zapatero, e o líder da oposición, Mariano Rajoy, respectivamente. É destacable o emprego dos puntos suspensivos no segundo termo para marcar a parte da palabra que é común ás dúas localizacións xeográficas<sup>174</sup>.

*'Bloqueiros' bloqueiros* –#32– é o titular dunha información sobre a posta en marcha de senllos diarios virtuais por parte dos candidatos do BNG ás alcaldías das sete cidades galegas nas eleccións locais de 2007. *Bloqueiros* (denominación coloquial para referirse aos militante no Bloque Nacionalista Galego) acae perfectamente coa fasquía de *bloqueiros*, os usuarios deste xeito de comunicarse a través da Rede, ata o punto de que a suma dos dous termos constitúe en por si un titular que non precisa de máis elementos para facerse entender.

A noticia do accidente de tráfico do futbolista Cristiano Ronaldo enmárcase no xornal *LV* baixo o titular *O crack CR7<sup>175</sup> fixo 'catacrack'* –#314–, no que se xoga coa proximidade fónica entre *crack* ‘deportista extraordinario’ e *catacrack* ‘onomatopea de algo que rompe ou escacha’ (neste caso, o vehículo do xogador).

*O falsete de Falete canta en comisaría* –#271– é un caso máis complexo, posto que nel se dan cita varios recursos, alén da proximidade entre *falsete* (‘voz artificial, excesivamente aguda’) e *Falete*, nome artístico do protagonista da noticia. O propio *falsete* desempeña aquí unha dobre función, co sentido que comentamos, pero tamén co de diminutivo de *falso*, de ‘persoa que engana ou traiza’, xa que a noticia trata sobre o finxido secuestro do mozo deste cantante, coñecido por imitar o xeito de cantar das tradicionais folclóricas andaluzas (de aí o outro emprego de *falsete*). Pero ademais temos unha segunda diloxía, a referida a *cantar*, xa que vale tanto para evocar a profesión do protagonista como para cualificar a súa declaración na comisaría: desentenderse do delito do seu mozo e botarlle a el toda a culpa da montaxe (*cantar*, no sentido figurado de ‘revelar ou confesar un segredo’).

174 Tamén o <z> podería formar parte da parte común, áinda que seguramente o xornalista optou por poñela logo dos puntos suspensivos para non rachar a secuencia silábica.

175 CR7 era a maneira sintética de referirse a Cristiano Ronaldo (C.R.) durante a súa etapa no equipo británico do Manchester United, onde xogaba co número 7. Xa que logo, o xogo creativo é anterior á súa aparición neste xornal, polo que non forma parte do material para o traballo.

Ata agora vimos exemplos de proximidade fónica entre dous elementos explicitados nos titulares pero, como dicíamos ao comezo desta alínea, hai outra variante desta categoría na que só é visible un dos dous termos que conforman a parella, mentres o outro é evocado<sup>176</sup>.

É o que sucede en *A 'galipecia' tamén existe* –#111–, que supón a creación dun novo termo (*galipecia*), moi próximo foneticamente a *Galipedia* (unha enciclopedia en liña de temática galega) e que sería unha especie de acrónimo ou palabra maleta creada sobre *Galicia e alopecia* ('caída ou perda do cabelo'), tomado a parte inicial do primeiro elemento e a final do segundo. De feito, a noticia trata sobre as especiais características da perda do cabelo entre a poboación masculina galega. O termo cuñado márcase entre comiñas para indicar o seu carácter novidoso.

### 5.5.2. Aliteración

Deixamos para o final desta sección un grupo de titulares constituído a partir doutro subrecurso asociado á proximidade fónica: a aliteración, é dicir, xa non tanto palabras que soan parecido como sons que se repiten de maneira recorrente nun mesmo titular. Encontramos seis exemplos que se poden encadrar nesta categoría, cada un deles coas súas características específicas:

- *Cociña con ciencia* –#103–. Este titular, referido ao descubrimiento por parte de investigadores da USC dunha encima útil para a elaboración do queixo, ten o grafema <c> no inicio de cinco das súas seis sílabas, pese a que a súa pronuncia alterna entre /k/ e /θ/, mantendo unha cadencia rítmica (con acento na sílaba central de cada grupo de tres: *co-CI-ña con-CIEN-cia*) que lle confire fasquía de hexámetro lírico. Tamén é salientable a posibilidade de interpretar o titular de dous modos distintos, segundo consideremos *cociña* como substantivo ou como forma imperativa da segunda persoa do verbo *cociñar*. Ademais, a fusión das dúas últimas palabras do titular daría lugar a unha nova: *con + ciencia = conciencia*<sup>177</sup>, que podería evocar os conflitos éticos derivados do emprego da tecnoloxía na obtención de novos alimentos.

176 Como xa sinalamos na sección *Ruptura*, non computamos dentro da *Paronomasia* aquelas expresións nas que se produce a substitución dun dos compoñentes dunha expresión fixa por outro elemento formalmente próximo.

177 A propia USC desenvolve un programa denominado así: *ConCiencia*.

- En *Bruni, Borja e Beckham* –#505<sup>178</sup>– o xogo léxico procede unicamente da coincidencia na súa consoante inicial (*b*) por parte dos tres protagonistas da información<sup>179</sup>.
- *Concienciando con ‘can-cíons’* –#115– basea a súa chamada de atención sobre o lector na repetición dos mesmos sons ao longo de todo o titular (neste caso, de tres: /k/, /θ/ e /n/). A reportaxe que contén informa sobre a posta en marcha dunha campaña na que escolares galegos tratan de sensibilizar a sociedade dos problemas ambientais mediante a música. A iniciativa leva por nome *Operación Can*, de aí ese ‘can-cíons’ do titular, entre comiñas e cun guión que separa a palabra *can* contida dentro de *cancíons*, nunha sorte de acrónimo que máis ben é unha asimilación dunha palabra dentro da outra.
- *Ler por lecer na cidade do Lérez* –#105– é novamente un titular construído sobre unha aliteración que atinxe a toda a súa extensión; desta volta, ata catro fonemas se ven implicados na chiscadela sonora: /l/, /r/, /d/ e /θ/. A noticia trata sobre a posta en marcha por parte da Consellería de Cultura e o Concello dunha serie de clubs de lectura (*ler por lecer*) en Pontevedra (*na cidade do Lérez*).

TÁBOA 5. TITULARES DA CATEGORÍA PROXIMIDADE FÓNICA

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA
32	‘Bloqueiros’ blogueiros	Galicia	15/03/07
97	Na procura da sorte en Sort	Flash	15/10/07
103	Cociña con ciencia	Galicia	06/11/07
105	Ler por lecer na cidade do Lérez	Cultura	07/11/07
111	A ‘galipecia’ tamén existe	Galicia	05/12/07
115	Concienciando con ‘can-cíons’	Cultura	12/12/07
157	Entre eleccións e ereccións	Eleccións	27/02/08
203	Posta e apostas en escena	Un Respiro	21/05/08
271	O falsete de Falete canta en comisaría	Un Respiro	21/10/08
285	O amputado imputado	Galicia	12/11/08
312	O crack CR7 fixo ‘catacrack’	Deportes	09/01/09
409	Cara e cruz nas xestas da xestación	Un Respiro	11/06/09
411	Os fans si están a gusto co seu busto	Un Respiro	12/06/09

178 Titular conxunto para unha noticia múltiple da sección *Un respiro* onde se fala a un tempo da primeira dama francesa, Carla Bruni; o fillo da baronesa Thyssen, Borja; e do futbolista David Beckham.

179 A reiteración do grafema *b* tamén se marca no titular mediante o emprego dunha cor diferente para estas consoantes iniciais.

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA
442	¿Lanzarote ou Lan... zada?	España	01/09/09
447	Venezuela en Venecia	Un Respiro	08/09/09
453	Osama avisa a Obama	Mundo	15/09/09
466	Dúas divas para o diván	Un Respiro	29/09/09
478	Fauna ibérica e histérica	Un Respiro	15/10/09
505	Bruni, Borja e Beckham	Un Respiro	25/11/09

## 5.6. Outros recursos

Esta última sección do capítulo integra aqueles recursos menos frecuentes, pero que non por iso deixan de responder aos criterios marcados para formar parte do corpus deste traballo: a vontade evidente do seu autor de chamar a atención dos lectores mediante un xogo lingüístico; tanto é así que para algúns dos criterios establecidos (por exemplo, *o estrañamento*<sup>180</sup>) os titulares que veñen a continuación son os casos máis paradigmáticos.

### 5.6.1. *Vínculo inesperado*

Un dos modos de conseguir a atención por parte do lector é presentarlle un titular que viole dalgún xeito as normas de restrición combinatoria da lingua. Por exemplo (de quitado construcións propias de certas correntes poéticas), a lóxica do idioma non permite combinar o substantivo *pedra* co adjetivo *triste*, xa que este está restrinxido a seres animados, nomeadamente ás persoas. Como tampouco se permiten asociacións do tipo *sorriso amarelo* ou *pataca anoxada*, pese a que gramaticalmente sexan correctas. Polo tanto, transgredir estas regras vai supoñer un xeito de reclamar a atención do lector de grande eficacia, por orixinal e inesperado. Vexamos os exemplos de emprego deste recurso que se poden encontrar no noso corpus.

Este apelo ao lector mediante o carácter contraditorio dun par léxico que coaparece nun titular é evidente en *As mellores parellas son as impares* –#139–, que serve para presentar unha información conxunta da sección *Un respiro* sobre diversos casos de infidelidade no *mundo rosa*. Falar de *parellas impares* racha as expectativas dos lectores, xa que non só non entra dentro das posibilidades

<sup>180</sup> Como xa vimos na introdución, referímonos á percepción dunha anomalía por parte do lector, o que fai que se deteña e trate de identificar cal é a orixe dessa irregularidade lingüística que xa detectou de maneira superficial.

combinatorias, senón que se trata de dous termos mutuamente excluíntes, e diso se aproveita o autor do titular para demandar a atención dos lectores. É tamén o caso de *Dobre ración de parellas impares* –#254–, baseado no mesmo recurso e referido á mesma temática das infidelidades.

O titular *Árbores con pedigree* –#288– é un dos casos paradigmáticos desta categoría, xa que se establece un vínculo entre *pedigree* (un termo referido á ascendencia dun animal, especialmente os cans<sup>181</sup>) é *árbores*, un substantivo co que as regras de combinación non permiten establecer asociación<sup>182</sup>. A noticia refírese á creación dun *Catálogo de Especies Senlleiras* por parte da Consellería de Medio Ambiente, no que se inscriben os exemplares de especies en perigo de extinción ou necesitadas de especial protección.

Un caso similar é o de *Ábrese o pano da cela* –#189–, titular dunha información sobre a creación dun grupo de teatro no cárcere ourensán do Pereiro de Aguiar. Polo xeral, ábrese o pano dun escenario, dun teatro, dunha representación. Ou, no seu sentido figurado (*abrir o pano*, ‘inaugurar un evento ou certame’), dun torneo, dun campionato ou dun congreso. Pero nunca dunha *cela* (que metonimicamente representa os reclusos que conforman a compañía teatral), restrición coa que se xoga neste titular.

Outra variante deste recurso da violación das regras de combinación consiste en tomar como base de partida un enunciado máis ou menos fixado na lingua e realizar sobre el algúin tipo de modificación que supoña un quebrantamento da norma citada. Por exemplo, na estrutura *Perigo: (substantivo) soltos* (que se emprega normalmente como texto nun cartel de aviso), o espazo baleiro pode encherse con elementos como *cans*, *cabalos* ou *elefantes* (polo xeral, animais); ou, noutrous contextos, mediante termos do tipo *pedras*, *cables* ou *cravos* (é dicir, elementos inanimados que supoñan algúin tipo de perigo ou ameaza). De modo que o titular *Perigo: alumnos soltos* –#390– (titular nunha información sobre o incremento da conflitividade escolar) non só racha as expectativas do lector, senón que move ao sorriso, xa que non podemos evitar a comparación entre o elemento incorporado e calquera dos agardados, e deste xeito o elemento incorporado cágase cun contido de ‘perigosidade’.

181 Tamén se usa figuradamente o termo *pedigree* para facer referencia ironicamente á liñaxe ou xenealogía dunha persoa, especialmente cando pertence a unha familia de avoengo.

182 Para completar a información sobre este aspecto da restrición combinatoria dun termo con respecto aos seus potenciais acompañantes, resulta de interese o concepto de *solidariedade léxica*: (Martínez López / Aralı 2008: 178).

O mesmo sucede co titular Muiñeira das pirámides –#161–, sobre a impartición por parte da Real Banda de Gaitas de Ourense dunha serie de cursos deste instrumento en Exipto. Neste caso o xogo vén dado porque a frase muiñeira de (substantivo) vai sempre asociado a localidades ou realidades tradicionais propias de Galicia («Muiñeira de Chantada», «Muiñeira de Pontesampaio», «Muiñeira das zocas», «Muiñeira das pouzacas»...), e non cunha referencia tan afastada como pirámides, que neste caso simboliza o país no que se vai realizar a actividade formativa.

Algo similar sucede con *Moi amplio e... nocivo* –#128–, frase ao estilo dos slogans publicitarios empregada para informar sobre o efecto altamente contaminante dos vehículos todoterreno. Neste caso, o lector non agarda un termo en concreto, e o titular podería completarse de varias maneiras sen rachar as expectativas do lector: *Moi amplio e confortable*, *Moi amplio e económico*, *Moi amplio e seguro*. En todo caso, un adjetivo positivo na liña de *amplio*: é o recurso a un concepto de cariz negativo como *nocivo* o que vai provocar o estrañamento do lector (de novo se marca con puntos suspensivos ese uso imprevisto).

Outro exemplo válido para esta sección é *Tarifa plana en belleza* –#410–, titular nunha información sobre a creación por parte dun salón de peiteado de Santiago dun bono por unha cantidade mensual fixa que permite o acceso a todos os servizos do local durante ese tempo sen incremento do prezo. Polo xeral a locución *tarifa plana* asóciase ao mundo tecnolóxico, con casos como *tarifa plana en chamadas*, *tarifa plana de conexión* (tamén *tarifa plana nocturna* ou *tarifa plana as fins de semana*, pero dentro do mesmo contexto tecnolóxico), de modo que o seu emprego nestoutro ámbito suscita a estrañeza do lector.

*Asubiando no nome de Deus* –#185<sup>183</sup>– tamén responde a este criterio de estruturas fixadas sobre as que se leva a cabo unha violación en canto ás posibilidades combinatorias que ofrecen. Non estrañaría ler un titular do tipo *Actuando no nome de Deus*, *Sandando no nome de Deus* ou *Bautizando no nome de Deus*; pero parece que *asubiar* non forma parte dos verbos que esta frase admite como *agardables* por parte do potencial receptor, neste caso, o lector do xornal.

Finalmente, *En liberdade sen cargos... e sen roupa* –#2– válese do mesmo recurso para informar sobre a decisión dunha moza galega detida (e finalmente liberada) en Cancún por posesión de armas de posar espida para unha revista. Aquí partimos dun esquema fixado do ámbito do dereito (*en liberdade sen cargos*),

183 Titular para a reportaxe sobre un alumno do seminario maior de Santiago de Compostela que as fins de semana exerce de árbitro de fútbol.

que se pode completar con elementos propios deste contorno léxico: *en liberdade sen cargos e sen fianza*, *en liberdade sen cargos e sen medidas cautelares*, *en liberdades sen cargos e sen obrigas xudiciais...* Pero non *sen roupa*, engadido que emprega o xornalista para evocar o espido da protagonista da noticia, e que aparece precedido duns puntos suspensivos que indican que o que vén a continuación vai significar unha ruptura con respecto ao esquema consolidado pola lingua para este enunciado.

### *5.6.2. Rexistro inesperado*

Outro xeito de rachar as expectativas do lector é emplegar un termo procedente dun rexistro que non se corresponde co estándar que empregan os medios de comunicación.

*Rata* é unha maneira coloquial de referirse a alguén pouco amigo de gastar. Por iso, cando se emprega este termo nun titular (*'Rata' ata para atropelar* –#385<sup>184</sup>–) conséguese captar a atención do lector mediante a presenza dese termo que normalmente non ten cabida nas páxinas dun xornal (de feito, o autor do titular sitúa a palabra entre comiñas para indicar o seu uso especial, algo común ao resto de exemplos desta sección).

O mesmo pasa con *O monte non 'mola'* –#15–, que recorre a un termo da xerga propia da xente nova (*molar*) para informar sobre a redución no número de usuarios dos cámpings galegos. Neste caso o emprego da palabra procedente do argot xuvenil ten a súa explicación: os mozos son os principais usuarios deste tipo de instalacións de lecer.

Por último, *Tecnoloxía 'jaleja'* –#151– bota man dun recurso aínda máis inusual: a representación gráfica da *gheada* (neste caso, mediante o grafema *j*). A razón deste uso explícito a propia noticia, que trata da posta en marcha dun buscador pensado para o ámbito galego e denominado *Jujel Galisia*, remedio humorístico do célebre buscador *Google*, e onde se empregan o *seseo* e a *gheada*, dúas características fonéticas de amplas áreas da comunidade galego-falante. Polo tanto, o que fai o xornalista é imitar o método utilizado polo creador da ferramenta protagonista da información para elaborar un titular lingüísticamente creativo.

184 Nunha información sobre un individuo que roubara un coche para atropelar con el un veciño seu co que mantiña unha liorta por mor da venda dun televisor.

### 5.6.3. Estranxeirismos

Como xa quedou dito, *LV* emprega exclusivamente o galego na elaboración das súas informacóns. Polo tanto, a aparición dunha palabra procedente doutro idioma vai ser un xeito máis de atraer a atención dos lectores. Evidentemente, non é suficiente cunha incorporación calquera, senón que o uso dese termo importado ten que estar xustificado dalgún xeito; e polo xeral, será mediante o emprego dunha palabra do idioma do lugar no que se sitúa xeograficamente a noticia que hai que titular. Aínda que non sempre, como logo veremos.

*A rivederci*<sup>185</sup>, *Ronaldo* –#8– foi o titular empregado no xornal para glosar a marcha do futbolista brasileiro do Real Madrid ao equipo italiano do Milan, botando man da fórmula italiana de despedida. Na mesma liña está *Adéu Barça, ciao Milan* –#239–, neste caso sobre o cambio de equipo do tamén futbolista brasileiro Ronaldinho. Como vemos, mentres que no primeiro caso a inclusión dun estranxeirismo se marca mediante o uso de comiñas, no segundo caso non, probablemente por tratarse dunha dupla referencia, o que obrigaría a un emprego reiterativo deste tipo de marcadores.

No caso de *A Casa Branca mete a gamba*<sup>186</sup> –#236–, o referente é indirecto, xa que non está asociado coa orixe da noticia (os Estados Unidos), senón con outro dos seus protagonistas (o primeiro ministro italiano, Silvio Berlusconi, sobre o que o governo estadounidense distribuíra unha biografía inzada de descualificacións). Neste caso tampouco se marca o termo importado mediante comiñas, aínda que talvez sería máis atinado facelo, para indicar o particular uso de *gamba*. Segundo os líderes internacionais, o fillo do presidente francés, Jean Sarkozy, decidiu iniciar a súa carreira política con só 21 anos, o que leva o xornalista responsable desta información a titular *Jean, o ‘petit’ Sarkozy* –#223–, incorporando o termo francés equivalente ao galego *pequeno*.

A elección de Barcelona como escenario da nova película do director estadounidense Woody Allen lévanos ao seguinte titular: *‘Light, cameras and... acció’* –#80–, é dicir, un híbrido entre o idioma do cineasta (o inglés) e o do lugar no que está rodando (o catalán), partindo dun enunciado fixo e procedente do ámbito cinematográfico no que se inscribe esta noticia: *Luces, cámara e acción*. É destacable o emprego de puntos suspensivos para marcar o punto en que se produce o cambio de idioma.

185 A forma correcta é *arrivederci*.

186 *Gamba* significa *perna* en italiano, aínda que en argot tamén se emprega a locución *meter a gamba* co sentido de ‘cometer un erro’.

O *Arde Lucus* é unha celebración que se desenvolve na cidade de Lugo para rememorar o seu pasado romano, de aí que no titular desta noticia acaia perfectamente o emprego da fórmula latina para o saúdo (*Ave*), dirixido neste caso aos que se achegan á cidade das murallas para gozar da festividá: *Ave foráneo*<sup>187</sup>: *Arde Lucus* –#224– E *Pay per view* é o préstamo mediante o cal se designa o sistema de acceso ao sinal de televisión mediante pagamento previo por parte dos usuarios. Xogando coa construcción anglosaxoa, o xornalista inverte a súa polaridade mediante a incorporación do *Don't* inicial ('*Don't pay per view*' –#98–<sup>188</sup>) para titular unha información sobre a detención en diferentes cidades españolas dun grupo de persoas dedicado ao pirateo do sinal televisivo.

'*Bocatto di cardinale con grelos*' –#127– é o caso máis complexo desta categoría, xa que xoga a un tempo con dúas expresións, unha das cales se insire na outra mediante a substitución dun dos seus elementos orixinais. Temos, por un lado, *Bocatto di cardinale*, expresión figurada importada desde o italiano para referirse a algo especialmente delicado, elegante ou exclusivo (case sempre referido a unha comida, pero non só). E, por outro lado, temos a expresión fixa *lacón con grelos*, un prato que habitualmente se evoca como representación da cociña galega; é nesta locución na que *lacón* desaparece e no seu lugar colócase o *bocatto di cardinale* mencionado<sup>189</sup>. Se temos en conta que o titular figura nunha noticia relativa á intención do alcalde de Lalín de organizar en Roma unha comida tipicamente galega para, entre outros, o papa e os seus acólitos, aparecen entón os dous elementos que nos faltaban para completar o xogo: 1) A información sitúase en Italia, lugar de procedencia da expresión importada e 2) O feito de que sexan realmente os cardeais os que van asistir á comida recupera o sentido literal da expresión.

Rematamos cun caso especial: *Chega o 'Fiestras'* –#186–, titular para unha noticia sobre a tradución ao galego de *Windows Vista*, o sistema operativo da multinacional *Microsoft*. Polo tanto, o recurso a un termo galego (*Fiestras*, tradución literal do *Windows* anglosaxón) funciona a modo de estraneirismo á inversa, xa que nos encontramos cun vocábulo propio cando o esperable sería outro foráneo.

187 Bótase en falta unha coma entre *Ave* e *foráneo*.

188 Temos, polo tanto, tamén un cambio de polaridade.

189 Habería, xa que logo, unha ruptura do enunciado de partida por substitución.

TÁBOA 6. TITULARES DA CATEGORÍA OUTROS RECURSOS

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA
2	En liberdade sen cargos... e sen roupa	Un Respiro	09/01/07
8	'A rivederci', Ronaldo	Deportes	26/01/07
15	O monte non 'mola'	Galicia	01/02/07
80	'Light, cameras and... accio'	Un Respiro	10/07/07
98	'Don't pay per view'	Galicia	16/10/07
127	'Bocatto di cardinale' con grelos	Galicia	15/01/08
139	As mellores parellas son as impares	Un Respiro	28/01/08
151	Tecnoloxía 'jaleja'	Galicia	19/02/08
161	Muiñeira das pirámides	Galicia	04/03/08
185	Asubiando no nome de Deus	Deportes	08/04/08
186	Chega o 'Fiestras'	Galicia	09/04/08
189	Ábrese o pano da cela	Galicia	15/04/08
223	Jean, o 'petit' Sarkozy	Contraportada	18/06/08
224	Ave foráneo: Arde Lucus	Galicia	20/06/08
236	A Casa Branca mete a gamba	Mundo	09/07/08
239	Adéu Barça, ciao Milan	Deportes	17/07/08
254	Dobre ración de parellas impares	Un Respiro	19/09/08
288	Árbores con pedigree	Galicia	24/11/08
385	'Rata' ata para atropelar	Galicia	15/05/09
390	Perigo: alumnos soltos	Galicia	21/05/09
410	Tarifa plana en beleza	Galicia	12/06/09

### 5.6.3.1. Interferencias desde o castelán

Ao fío do comentado en §5.6.3, non queremos rematar este traballo sen facer unha reflexión sobre a que xa fixemos algúns apuntamento nos capítulos anteriores: as múltiples interferencias procedentes do castelán que se detectan nos termos, expresións fixas e outras referencias empregadas nos titulares que conforman o corpus deste traballo.

Evidentemente, as expresións non sempre son patrimonio exclusivo dunha lingua, e a permeabilidade e contacto que se produce desde hai séculos entre o galego e o castelán fan imposible na maior parte dos casos constatar a orixe autóctona ou foránea dunha determinada unidade. Así, *ser unha muller de armas tomar, custar un ril, estar coa auga ao pescozo, vir cun pan debaixo do brazo* (referido aos nenos acabados de nacer), *poñerse como unha moto, xogar con lume, botar balóns*

*fóra ou armar un belén* poden ser tanto creacións compartidas co castelán como ser calcos directos desta lingua.

Pero hai casos en que a orixe foránea é evidente, sobre todo nos baseados en expresións que teñen un equivalente en galego; por exemplo, se o xornalista se decanta por titular a partir de *de tal pau, tal estela*, malia o labor de adaptación ao galego estase recorrendo a un enunciado alleo á lingua do medio en detrimento do propio (*de tal niño, tal paxariño*). Noutros casos a adscrición dunha expresión a unha procedencia externa é menos constatable, pero igualmente evidente: *pavonearse, dar cabazas, collelas ao voo, de narices, aquí hai tomate, torrárselle o arroz a alguén, bo, bonito e barato...*; pola contra, expresións indubidablemente propias do galego son moito más difíciles de encontrar: alén *mar de fondo, polbo á feira, ter unha saúde de carballo, deixar tesouros ou habelas hainas*.

Outro tanto sucede cos enunciados recontextualizados, procedentes na súa maioría da cultura española: títulos de películas, series de televisión, libros, cancións... Os exemplos son tantos que non paga a pena facer unha escolma. De feito, nalgúns casos mesmo se mantén o castelán da referencia orixinal, para que esta non se perda (o filme *Los lunes al sol*, a obra teatral *El andamio*, a canción *Hoy no me puedo levantar*, a serie televisiva *Cuéntame cómo pasó*, o grupo musical *Azúcar moreno...*); porén, referencias claramente galegas son moitas menos, e a maioría forman parte de titulares da sección *Cultura Galega*: o poemario *Longa noite de pedra*, o libro de relatos *Lonxe de nós e dentro*, o slogan *Vivamos como galegos!* ou as evocacións musicais *Galicia no país das marabillas, Galicia sitio distinto, Sementar sementarei e Vivir na Coruña, que bonito é*.

## 6. Conclusións

Aínda que este non é un estudo comparativo entre o xeito de dirixirse aos lectores que elixiu a prensa gratuítia fronte aos medios impresos tradicionais, non podemos deixar de destacar o refacho de aire fresco que supuxo a aparición desta nova modalidade de prensa, principalmente en canto á renovación da proposta (anquilosada e caduca) da mal chamada *prensa seria*, tanto no seu plano formal/visual como de estilo e de contidos.

Centrándonos na linguaxe, a maior revolución dos últimos anos (coincidente tamén coa aparición da prensa gratuítia) veu da man dun intento deacheamento por parte dos xornais (todos, tamén os *de toda a vida*) cara a un modo de comunicar máis coloquial, comprensible e próximo ao novo lector tipo, que parece conformarse con ter unha visión breve e lixeira da actualidade por diante da densidade e a fondura da información clásica.

Durante anos, a linguaxe periodística fora dotándose dunha serie de adobíos de seu que desembocaron nun estilo anacrónico e estereotipado co que o lector medio non se identificaba. Pero aproveitando a irrupción dos xornais de distribución gratuítia, a prensa derivou o seu discurso cara a unha linguaxe máis atractiva, máis accesible e máis eficaz para a función comunicativa que se persegue; en definitiva, máis natural. E, paradoxalmente, iso permitiu que un recurso creativo (que en principio podería asociarse á artificiosidade e ao requintamento do que agora se foxe) se fixera un oco nas páxinas desta nova maneira de facer periodismo: os xogos de palabras.

Os motivos desta aparente contradición hai que buscalos nesa non-adscripción do recurso lúdico á creatividade literaria como un trazo de enxeño lingüístico da que xa falamos ao comezo deste traballo. O xogo de palabras, malia ser a quintaesencia da creatividade verbal (pois válese de todos os demais recursos da lingua para acadar os seus obxectivos), encontrou máis acomodo neste novo estilo simplificado e directo, grazas á súa concepción como *recurso menor*.

E o espazo natural dos xogos de palabras dentro da prensa vai ser, sen dúbida, o dos titulares. Por que? Porque os xogos de palabras cumpren á perfección

varias das calidades que debe integrar un bo encabezamento noticioso: economía lingüística, capacidade de síntese e captación da atención dos lectores para que decidan continuar a lectura do resto da información que se ofrece baixo este titular.

Evidentemente, trátase dun recurso que non se pode empregar ao mesmo nivel en todas as seccións do xornal, de maneira que, cando facemos un estudo por áreas, a achega de cada unha delas é moi diferente. No caso de *LV*, as seccións *Un Respiro* e *Galicia* son as que amosan unha maior porcentaxe de casos (os seus 300 titulares –170 e 130, respectivamente–, representan o 57% do corpus empregado para este traballo), fronte a outras, como *España*, *Mundo* ou *Economía*, que apenas xeran casos (entre as tres só suman 10 casos, menos dun 2% do total) debido ao seu carácter más institucional e á frecuente aparición de noticias luctuosas ou cando menos pouco festivas entre as súas páxinas. Iso si, cabe destacar o grao de presenza na sección *Cultura*, da que proceden 27 dos titulares do corpus pese a tratarse dunha páxina de periodicidade semanal.

Como xa quedou dito, o motivo da consolidación de *Un Respiro* como sección da que se extraen o maior número de titulares está na súa propia natureza: a ela van parar todas as informacións de carácter lixeiro, insólito, rexoubeiro ou informal, e a este tipo de noticias acáenlle mellor ca a ningún outro os titulares baseados nos xogos de palabras. No caso de *Galicia*, a explicación débese a dúas causas: trátase da sección máis ampla do xornal e, a maiores, inclúe case a diario un xénero que nas outras áreas só aparece de maneira esporádica, a noticia-reportaxe, un híbrido (como o seu nome indica) a medio camiño entre a información convencional e a reportaxe, e que adoita titularse de maneira sintética e creativa.

Nun xornal pequeno como *LV*, ás veces falar de seccións equivale (dentro da dinámica do traballo de redacción) a falar de persoas, xa que algunhas das áreas do periódico se encuentran baixo a responsabilidade dun único redactor. Por este motivo, córrese o risco de tirar pautas ou usos cando o nivel de representatividade é moi baixo. Porén, e coa cautela que se deriva de sermos sabedores de que só estamos a traballar cun xornal (por outro lado, o único do que dispoñemos nesta categoría de distribución gratuita e emprego exclusivo do galego) neste traballo atrevémonos a extraer certas conclusóns, por varios motivos:

- A disparidade xeográfica en canto á procedencia dos membros do cadre de persoal do diario, de maneira que a súa representatividade é maior da que se podería agardar á vista dos datos puramente numéricos.
- A escasa fixación redactor-sección: segundo as urxencias da xornada ou outras necesidades especiais, a permeabilidade das áreas é tal que calquera

dos titulares recollidos no corpus deste traballo pode estar elaborado por calquera dos redactores do xornal.

- A amplitude do período analizado: nos tres anos que abrangue este estudo, non só houbo remudas dos profesionais que componen a redacción de *LV*, senón que houbo cambios en canto á distribución das áreas e mesmo houbo seccións que praticamente desapareceron (*O Último*, por exemplo), fronte a outras que foron cobrando maior presenza (como o caso de *Economía*).

Todo isto fai que a componente individual quede diluída, polo menos ata o punto de que non corramos o risco de estar establecendo deducións ou inferencias a partir do que fixo unha única persoa.

Falando da extensión temporal que abarca este estudo, os tres anos analizados permítennos extraer outra interesante conclusión. Sen desbotar a posibilidade de que algúns titulares merecedor de figurar neste traballo quedase perdido por entre as miles de páxinas consultadas, obsérvase un patrón evidente: o uso dos xogos de palabras nos titulares vai gañando presenza ano a ano. Así, fronte aos 118 casos do primeiro ano, encontramos 190 no segundo e 215 no terceiro.

Que se pode desprender destes datos? Que o uso da creatividade na prensa tamén é unha cuestión de confianza do propio profesional, que unha vez que se fai co control do proceso produtivo, dispón dun tempo extra (dentro da premura que supón publicar un xornal cada día) para recrearse na elaboración de titulares que vaian máis alá da mera plasmación resumida e obxectiva do contido da información que encabezan.

Precisamente ese distanciamento da obxectividade é outro dos trazos característicos dos titulares baseados en xogos de palabras: o grao de liberdade que outorga ao seu creador, non só desde o punto de vista lingüístico, senón tamén de contido. O seu emprego supón moitas veces unha toma de posición por parte do profesional que os elabora, quen aproveita unha diloxía, unha recontextualización ou a ruptura dunha expresión fixa para introducir (aínda que sexa de maneira disimulada) a súa opinión ou a súa perspectiva con respecto á información sobre a que traballa, nun exercicio de certa parcialidade que se non estivese agochado nesta envoltura de talento e artificio talvez non sería aceptado do mesmo xeito.

Así e todo, convén separar os xogos de palabras propiamente ditos doutro tipo de recursos creativos que tamén se empregan con relativa frecuencia como reclamo nos titulares de prensa, pero que carecen dalgún dos requisitos necesarios para seren considerados xogos de palabras. A isto dedicamos unha sección

do traballo (§3.2), pois queríamos deixar constancia da existencia de múltiples mecanismos para apelar á atención do lector mediante a creatividade na lingua, pero amosando ao tempo que non todos esos recursos son xogos de palabras, un concepto que reservamos só a aqueles casos en que a lingua se converte en materia prima e produto elaborado do proceso creativo.

E malia desbotar moitos titulares para a elaboración do corpus deste traballo (partiamos dunha primeira listaxe de máis de 1.000, que foi reducíndose ata os 518 finais), entre os finalmente elixidos encontramos tamén tantos e tan diferentes mecanismos de creación que a súa clasificación en categorías homoxéneas resultou unha tarefa certamente laboriosa.

Porque hai que lembrar que estamos traballando no nivel máis abstracto da lingua, onde a correspondencia significante-significado é más feble, ata o punto de que moitas das motivacións que dan pé a este tipo de titulares estean a súa eficacia sobre esta febleza. Para darnos unha idea da dificultade que supón a análise de procesos tan imprecisos, en máis dunha ocasión quedounos a dúbida de se en verdade había un traballo creativo consciente detrás do titular en cuestión ou se este era simplemente un erro gramatical ou producto da casualidade.

A este marasmo de mecanismos e motivacións que se agochan detrás dun xogo de palabras, decidimos poñerlle couto mediante o emprego dunha clasificación que resultase o máis simple e manexable posible, intentando que iso non supuxese menoscabo nesta riqueza formidable, tanta que ás veces dá a sensación de que cada xogo de palabras é un exemplo único de cada un dos mecanismos que os conforman.

Finalmente optamos pola creación de tres grandes grupos, nos que encontramos acomodo para a maior parte dos titulares do corpus empregado:

- O grupo máis numeroso de titulares é o que basea a súa eficacia lúdica no recurso á diloxía, é dicir, no dobre sentido (ás veces mesmo triplo) dun mesmo termo, que tanto pode aparecer duplicado como mediante un só significante sobre o que se acumulan os diferentes sentidos. A esta categoría pertencen 274 titulares, é dicir, máis da metade dos incluídos no corpus. Do mesmo modo, aínda que o uso da diloxía adoita responder ao esquema *sentido literal-sentido figurado*, non sempre é así, e pode darse o caso de que os dous sentidos sobre os que se traballa sexan ambos os dous literais ou figurados.
- A recontextualización de enunciados asociados a un uso específico. Polo xeral títulos de películas, cancións, obras literarias, programas de televisión, anuncios publicitarios ou calquera outra frase que o receptor ten almacenada

nun contexto concreto, de modo que o seu emprego noutro ámbito vai supoñer unha *perturbación* con respecto ao agardado, o que supón un dos xeitos más eficaces de chamar a atención do lector. E dentro destas múltiples orixes, o cine erixiu-se como a fonte principal de procedencia das expresións que logo se recontextualizan nos titulares; así, 72 dos 140 casos de recontextualización (algo máis da metade) proveñen do mundo do cinema. Outros traballos similares (noutros países e sobre a prensa en xeral, non só diaria e non só gratuíta, como no caso de Mironesko 2005) tiñan na literatura a orixe maioritaria dos titulares do seu corpus. Talvez o feito de que o cine sexa a arte máis accesible e popular explica o motivo polo que esta é a vía de chegada maioritaria neste noso estudo, centrado na prensa gratuíta.

- O último gran grupo de titulares integrámolo baixo a epígrafe común de ruptura dunha expresión fixada, é dicir, manipulacións formais sobre un enunciado de base ao que se lle aplican cambios que poden ir desde a substitución dalgún dos seus elementos ata o cambio na orde dos seus constituyentes, pasando polo acurtamento ou o alongamento da estrutura de partida. Resultou a categoría máis complexa, debido á cantidade de subrecursos que por veces se acumulaban nun mesmo titular, pois non é estranxo encontrar exemplos en que a unha substitución se suma o alongamento da expresión ao tempo que se modifica a orde dos elementos e se lle aplica ao resultado un cambio de polaridade.

Precisamente a combinación de mecanismos de creación de xogos de palabras é unha constante dentro do traballo. Cinguíndonos a estas tres categorías principais (lembremos que había outras asociadas ao emprego de recursos fónicos, morfolóxicos ou baseados no emprego de rexistros, niveis ou elementos léxicos inesperados), a maioría dos casos de recontextualización presentaba asemade algúns tipo de ruptura (en concreto, o 84% do total), e o recurso á diloxía esténdese alén da súa categoría propia cara aos outros dous grupos, de modo que podemos concluír que os mecanismos de creación de xogos de palabras adoitan hibridarse e rara vez se presentan de maneira illada, exceptuando o caso da diloxía.

Así mesmo, detectamos outro fenómeno de interese á hora de analizar as estratexias de creación de titulares baseados en xogos de palabras: o emprego recorrente de determinadas estruturas, sobre todo no caso da diloxía, pero tamén nos outros dous grandes grupos de titulares. Isto indica que a partir dunha mesma

expresión de partida podemos tomar múltiples camiños e que unha unidade que dá pé a un titular creativo non se esgota nese uso concreto, senón que as súas posibilidades son tantas como permita o enxeño do periodista e as normas compositivas da propia lingua.

Da propia lingua ou doutras linguas próximas, porque tamén é unha constante no traballo a presenza de expresións de fasquía inconfundiblemente castelá (*pasárselle o arroz a alguén, collelas ao voo, de narices...*) sobre as que se aplica unha tradución directa ou, no caso de coincidencia na grafía, nin sequera iso. A presión abafante da lingua e da cultura castelás non podía menos que ter a súa correspondencia na escolma titulares analizados (a derradeira alínea do estudo –§5.6.3.1– centrarse precisamente na procedencia foránea destas expresións). Porén, decidimos incluír estas expresións dentro do corpus do traballo, xa que a orixe non disvirtúa o mecanismo que propicia o xogo lingüístico e, ademais, nalgúns casos nin sequera se pode certificar con seguridade que se trate dun préstamo e non dunha creación na que castelán e galego simplemente coincidiron.

Para resolver a proposta lúdica que se lle presenta desde o titular, os lectores dispoñen de múltiples ferramentas, comezando antes de nada polo seu propio coñecemento enciclopédico. Pero os periodistas poucas veces fan descansar a resolución do xogo únicamente naquilo que os potenciais lectores poidan saber de antemán, e elementos como o subtítulo (case sempre), o corpo da noticia (en menos ocasións) ou unha fotografía (excepcionalmente) serven de complemento fonte de información para dotarnos da chave da que precisamos dispoñer para que o xogo de palabras se desvele.

Ademais, no propio titular aparecen con relativa frecuencia elementos paratextuais que nos poñen sobre aviso ante a posible presenza dun titular que quere dicir algo máis do que se pode extraer dunha lectura illada e superficial. Este elementos son, principalmente, as comiñas e os puntos suspensivos, aínda que en *LV* tamén desenvolve un importante papel a marcación de determinados conceptos mediante unha cor diferente (de todos os xeitos, e como xa comentamos, este recurso non se tivo en conta de xeito sistemático pola inexistencia dun patrón no seu emprego).

Para pechar esta sección das conclusións, e polo tanto, para ir poñendo remate ao traballo, permítansen tres reflexións finais, de carácter menos teórico e más de apreciación:

- A presenza dos xogos de palabras nos titulares da prensa enriquece o discurso, demostra un manexo hábil e preciso da lingua e abre novas posibilida-

des para converter ese *escaparate da noticia* que é o titular nunha ferramenta verdadeiramente eficaz. Ao longo destas páxinas quedou de manifesto que este recurso non só non é un pasatempo pueril que pouco achega desde un punto de vista informativo, senón todo o contrario: trátase dunha das estrátxias máis complexas de emprego da lingua, pois supón unha codificación (e, polo tanto, unha decodificación) a varios niveis e en distintas direccións. E a súa capacidade de *estrañamento* fronte á lectural lineal que adoito facemos das páxinas dun xornal confírelle un elevado grao de eficacia á hora de centrar a atención dos receptores, quen, cando menos, deben deter un intre a súa lectura *automatizada* para pensaren que é o que se lles está intentando transmitir: de aí a que decidan ler o resto da información, só hai un chanzo.

- A presenza deste tipo de recursos permite un novo nivel de interacción cos destinatarios por parte do medio que os emprega, xa que en certo modo converte os lectores en coautores da mensaxe, pois esta carece de sentido en si mesma entrementres os receptores non poñen en marcha a súa capacidade de asociación para darlle sentido a algo que en principio non o ten, ou ten un sentido que non é (ou non só é) o que os seus creadores quixeron que tivese. Este reclamo á participación dos lectores garante un extra de fidelidade pola súa parte, porque aprecian como un eloxio o apelo ao seu intelecto, e o xeito de agradecer que se dea por suposta a súa elevada habilidade para a comprensión será elixir de novo este medio como xeito de informarse no futuro.
- Aínda que ninguén o dubidaba (pois todos os idiomas teñen a capacidade inherente de seren usados a calquera nivel e para calquera cometido), a partir desta escolma de titulares que deu forma ao traballo que agora conclúe quedan de manifesto as posibilidades case ilimitadas que o galego ofrece para a súa manipulación lúdica e creativa, xa sexa desde un plano puramente formal como de contido, ou mediante a mestura de ambos os dous planos. Non podía acontecer doutro modo cunha lingua cuxos falantes teñen nos dobres sentidos, na lectura entre liñas, na insinuación habelenciosa, no dicir sen dicir de todo... un dos trazos definitorios da súa idiosincrasia.



## Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (1999): «A manipulación das unidades fraseolóxicas». *Mdrygal* 2, 31-40.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (2003a): *As locucións verbais galegas*. Santiago de Compostela: Universidade (*Verba*, Anexo 52).
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. (2003b): «Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas». *Cadernos de fraseoloxía galega* 4, 9-34.
- BARÁNOV, A. / D. DOBROVOL'SKIJ (2009): *Aspectos teóricos da fraseoloxía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- CHILLÓN ASENSIO, L. A. (1995): «Discurs periodístic i fraseología». *Caplletra: revista internacional de filología* 18, 165-176.
- CORPAS PASTOR, G. (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- CORPAS PASTOR, G. (1998): «El uso de paremias en un corpus del español peninsular actual», en G. WOTJAK (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual* (Lingüística Iberoamericana 6). Frankfurt am Main: Vervuert – Madrid: Iberoamericana, 365-390.
- DE RAMÓN CARRIÓN, M.: «Diarios gratuitos: los modernos refugios de la prensa popular en España», en J. M. FLORES VIVAR / L. M. MIRÓN LÓPEZ (eds.) (2009): *Prensa gratuita y calidad informativa*. Madrid: Ediciones FIEC, 75-94.
- FERNÁNDEZ BELTRÁN, F. (2004): «La prensa gratuita se reivindica», *Chasqui* 86, 46-51.
- FERRO RUIBAL, F. (2005): «La fraseología, espejo de la historia de un pueblo. Notas gallegas», en J. DE D. LUQUE DURÁN / A. PÁMIES BERTRÁN (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método Ediciones, 257-282.
- GARCÍA-PAGE, M. (1993): «La función lúdica en la lengua de los refranes». *Paremia* 2, 51-58.
- GARCÍA-PAGE, M. (2006): «O acrónimo fraseológico». *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 111-121.
- GARCÍA-PAGE, M. (2008): *Introducción a la fraseología española: estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.

- GÓMEZ MOMPART, J. L. (1982): *Los titulares en prensa*. Barcelona: Mitre.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. J. (2008): «Producción e interpretación de los titulares en prensa: visión pragmática». *Babel* 17, 153-177.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. J. (2002): «La incidencia de la dimensión contextual en la producción del titular periodístico». *Atlantis* 24, 129-148.
- GUERRA SALAS, L. (1997): «La ruptura de la frase hecha en el lenguaje periódico y publicitario». *Paremia* 6, 301-306.
- GUERRERO SALAZAR, S. (2007): *La creatividad en el lenguaje periodístico*. Madrid: Cátedra.
- JAKI, S. (2014): *Phraseological Substitutions in Newspaper Headlines*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.
- LÁZARO CARRETER, F. (1980): «El mensaje literal», en *Estudios de Lingüística*. Barcelona: Crítica.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, J. A. / G. AARLI (2008): «Locucións e colocacións: algunas causas da coaparición dos seus formantes». *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 175-188 (trad. de Nerea Aguiar García).
- MENA MARTÍNEZ, F. (2003): «En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos». *Revista electrónica de estudios filológicos* V.
- MIRÓN LÓPEZ, L. M.: «La prensa sí que puede ser gratuita». En J. M. FLORES VIVAR / L. M. MIRÓN LÓPEZ (eds.) (2009): *Prensa gratuita y calidad informativa*. Madrid: Ediciones FIEC, 139-152.
- MIRONESKO, E. (2005): «Apotegmas rusos como medio de creación del titular periodístico». En J. DE D. LUQUE DURÁN / A. PAMIES BERTRÁN (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método Ediciones, 175-189.
- PENADES MARTÍNEZ, I. (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares.
- PESCADOR MARTÍN, M. (2005): «Auge y debilidad de la prensa gratuita en España: ¿quién teme a los gratuitos?». *Dosdoce, Revista de Comunicación, Arte y Literatura* (monográfico).
- RECUERO LÓPEZ, M. (1995): *Cómo se fabrican las noticias*. Barcelona: Paidos.
- RUIZ GURILLO, L. (1997): «Relevancia y fraseología: la desautomatización en la conversación coloquial». *Español Actual* 68, 21-30.
- SABÉS TURMO, F. (2006): «La prensa gratuita en España: análisis morfológico comparativo de las publicaciones 20 Minutos, Metro, Qué! y ADN». *Doxa Comunicación* 7, 83-108.
- SALAS, C.: «Introducción», en J.M. FLORES VIVAR / L. M. MIRÓN LÓPEZ (eds.) (2009): *Prensa gratuita y calidad informativa*. Madrid: Ediciones FIEC, 23-32.

- SANMARTÍN ORTÍ (2004): «Desautomatización y creación». *Dicenda. Cuadernos de Filología Hispánica* 22, 249-269.
- SANTAMARÍA PÉREZ, M.I. (2006): «Discurso y fraseología: la desautomatización en el lenguaje periodístico y publicitario», en M. CASADO VELARDE / R. GONZÁLEZ RUIZ / M. V. ROMERO GUALDA (eds.): *Analís del discurso: lengua, cultura, valores: Actas del I Congreso Internacional*. Vol. 2. Pamplona: Universidad de Navarra, 1.653-1.664.
- SANTOS DÍEZ, M.T. (2008): *El auge de la prensa gratuita en España*. Bilbao: Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea.
- SERRA i ROIG, M. (2000): *Verbalia. Juegos de palabras y esfuerzos del ingenio literario*. Barcelona: Ediciones Península.
- VIGARA TAUSTE, A. M. (1998): «Aspectos pragmático-discursivos del uso de expresiones fosilizadas en el español hablado», en G. WOTJAK (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual* (Lingüística Iberoamericana 6). Frankfurt am Main: Vervuert – Madrid: Iberoamericana, 96-127.
- VINYALS CORNEY, M. (2006): «Radiografía de la prensa gratuita». *Anàlisi* 35, 239-244.
- ZALYALEEEVA, A. (2008): «Russian Phraseological Units and Proverbs as Headlines of Newspapers and Magazines Articles», en C. MELLADO BLANCO (coord.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*, Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 273-286.
- ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: P. D. Lang.



## ANEXO. TÁBOA XERAL DE TITULARES

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
1	'Os Intocables' do Ribeiro	Galicia	29/12/06	59, 145
2	En liberdade sen cargos... e sen roupa	Un Respiro	09/01/07	85
3	Un galego na corte de Piterman	Deportes	09/01/07	149
4	Lixeira de equipaxe	Contraportada	11/01/07	131
5	O 'corpo' non vai á moda	Galicia	16/01/07	116
6	Alarma nas aulas	Galicia	19/01/07	68
7	Un edil sen mans libres	Galicia	19/01/07	95
8	'A rivederci', Ronaldo	Deportes	26/01/07	187
9	Todo o que non querías saber de Paris	Un Respiro	29/01/07	166
10	Armas de muller	Contraportada	29/01/07	91
11	Bond contra o 'top manta'	Un Respiro	30/01/07	65
12	Embaixador de película	Contraportada	30/01/07	128
13	Xogar con moito ollo	Galicia	31/01/07	100
14	A Coruña non quere perder o bus das modernas tecnoloxías	Portada	01/02/07	148
15	O monte non 'mola'	Galicia	01/02/07	186
16	Dos triunfos de Pe e dos 'triumfitos'	Un Respiro	01/02/07	175
17	Tres cidades e un destino	Galicia	02/02/07	72
18	Cando Harry Potter saca a 'variña máxica'	Un Respiro	02/02/07	93
19	'Bradgelina' e as memorias de África	Un Respiro	05/02/07	156
20	A situación bota lume	Galicia	07/02/07	131
21	Soas ante o perigo	Galicia	12/02/07	70, 165
22	Un sedutor de altura	Contraportada	12/02/07	127
23	Catro vodas e.... ¿algún funeral?	Flash	15/02/07	71
24	Demasiado transparente	Contraportada	22/02/07	107
25	A caza recibe outro tiro	Galicia	26/02/07	81
26	¿Unha verdade incómoda?	Un Respiro	28/02/07	65
27	¡Un Cristo de coidado!	Contraportada	28/02/07	133
28	Porro e Caballero prepáranse para 'pescar' os votos de maio	Portada	02/03/07	102, 110
29	Mar de fondo en terra	Galicia	02/03/07	97
30	De varrer na pasarela a varrer o chan	Un Respiro	08/03/07	112

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
31	Arde California	Flash	13/03/07	60, 71
32	'Bloqueiros' blogueiros	Galicia	15/03/07	180
33	Un cristo en Estremadura	Un Respiro	15/03/07	133
34	¡Vaia par de xemelgos!	Contraportada	15/03/07	58
35	Traballar é un pacer	Galicia	16/03/07	151
36	Catro arietes contra un muro	Deportes	16/03/07	122
37	A 'jota'... para Aragón	Galicia	21/03/07	116
38	A mala pata de Valerón	Contraportada	21/03/07	90
39	«¡E eu con estes pelos!»	Flash	23/03/07	89
40	A bolsa... ou a vida	Galicia	27/03/07	60, 93
41	A cirurxía non é estética na tele	Un Respiro	27/03/07	165
42	Unha cuestión de ovos na que o tamaño si importa	Flash	28/03/07	60, 94
43	O último gran premio de Gibernau	Un Respiro	28/03/07	86
44	Con el chegou o escándalo	Un Respiro	30/03/07	68
45	Pavonearse	Flash	10/04/07	120
46	O Celta recorre ao xenio de Stoichkov para levantar o voo	Portada	11/04/07	87
47	Mamá, quero ser artista	Galicia	13/04/07	57
48	Os de Lepe non andan con contos	Un Respiro	17/04/07	91
49	Con el chegou o escándalo	Contraportada	17/04/07	68
50	Un furacán de solidariedade	Un Respiro	19/04/07	102, 108
51	O discípulo de 'Deus'	Deportes	20/04/07	133
52	Quintana ve un horizonte claro: «Imos gañar a batalla do lume»	Portada	23/04/07	89
53	Non é flúor todo o que reloce	Galicia	23/04/07	168
54	Patricia está volvendo tolo a Dani	Un Respiro	24/04/07	91
55	Danlle cabazas á conselleira de Educación polo horario de verán	Portada	25/04/07	90
56	Estrelas e estrelados do cinema	Un Respiro	25/04/07	176
57	Os pobres tamén xogan	Flash	27/04/07	69
58	Unha vida de película	Galicia	02/05/07	128
59	Todos contra todo	Galicia	07/05/07	165
60	O mellor amigo do... cocho	Flash	10/05/07	147
61	E niso volveu don Manuel	Contraportada	21/05/07	72
62	Pacto de Caballero	Eleccións	28/05/07	151
63	A la non é para o verán	Flash	04/06/07	63
64	O derradeiro tren de Jan	Contraportada	04/06/07	81
65	Páxinas da historia, á carta	Un Respiro	05/06/07	82
66	Publicidade de alto risco	Galicia	06/06/07	127
67	Libros debaixo das follas	Cultura	06/06/07	105

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
68	Vivir na Coruña, que... caro é	Economía	08/06/07	147
69	Lúas de mel... e lúas de fel na Jet Set	Un Respiro	08/06/07	156
70	CSI Galicia	Galicia	13/06/07	62
71	Traballadores contraincendios volven 'quentar' Compostela	Portada	15/06/07	131
72	'Los lunes... a la sombra'	Un Respiro	18/06/07	65
73	Jazz de altura á beira do mar	Cultura	20/06/07	127
74	Arte campestre	Flash	02/07/07	151
75	Bolivia vai sobre rodas...	Flash	03/07/07	131
76	'Pe', ao bordo dun ataque de nervios	Un Respiro	04/07/07	65
77	Nena rica, nena pobre	Galicia	05/07/07	150
78	A 'bona parte' de Napoleón	Un Respiro	05/07/07	92
79	Unha revisión histórica	Galicia	06/07/07	85
80	'Light, cameras and... acció'	Un Respiro	10/07/07	187
81	Galicia, o país das marabillas	Cultura	11/07/07	167
82	Cos pés por diante	Flash	13/07/07	87
83	¡Entre pitos e gaitas!	Galicia	13/07/07	143, 148
84	Todo pola pasta	Flash	20/07/07	58
85	A vela galega colle aire	Deportes	23/07/07	80
86	Unha volta de folla máis	Galicia	24/07/07	82
87	Unha rifa de campionato	Deportes	24/07/07	86
88	Unha cidade de película	Galicia	27/07/07	128
89	Hai un galego falante na lúa	Galicia	27/07/07	153
90	Estrelas e estrelados da canción	Un Respiro	27/07/07	176
91	Coa casa ao lombo	Flash	31/07/07	87
92	Sementando futuro	Galicia	14/09/07	106
93	Tomando moi a peito as súas obrigas	Un Respiro	18/09/07	99
94	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	20/09/07	69
95	Coa auga ao pescozo	Flash	21/09/07	133
96	Entre un Polo e o outro	Contraportada	04/10/07	92, 143
97	Na procura da sorte en Sort	Flash	15/10/07	178
98	'Don't pay per view'	Galicia	16/10/07	161
99	As Illas afunden	Deportes	19/10/07	105
100	Hollywood está que arde, literalmente	Un Respiro	24/10/07	81
101	O español, un exército de armas tomar	Un Respiro	29/10/07	131
102	Seis homes e un destino	Galicia	31/10/07	72
103	Cociña con ciencia	Galicia	06/11/07	181
104	Manobras na escurideade	Flash	07/11/07	155
105	Ler por lecer na cidade do Lérez	Cultura	07/11/07	182
106	Melendi deu o cante	Contraportada	14/11/07	128

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
107	O monte, máis 'verde'	Galicia	15/11/07	108
108	Crónica dunha separación anunciada	Un Respiro	15/11/07	68
109	¿Frío nós? ¡Nunca!	Flash	28/11/07	165
110	Luz ao final do túnel	Flash	30/11/07	100
111	A 'galipecia' tamén existe	Galicia	05/12/07	181
112	O discreto encanto do outono	Flash	10/12/07	146
113	¡Bebamos como galegos!	Galicia	10/12/07	62
114	Alonso volve á casa polo Nadal	Deportes	11/12/07	70, 73
115	Concienciando con 'can-cíons'	Cultura	12/12/07	182
116	Cregos que están como Deus	Un Respiro	13/12/07	81
117	'El Jueves' volve á carga polo Nadal	Un Respiro	14/12/07	70, 73
118	A neve volve a Galicia polo Nadal	Galicia	20/12/07	70, 73
119	Ano novo... ¿vida nova en Riazor?	Deportes	02/01/08	59, 161
120	Sei o que pirateaches no 2007	Un Respiro	04/01/08	66
121	Unha muller de armas tomar	Un Respiro	07/01/08	131
122	A feira estaba no polbo	Galicia	08/01/08	162
123	Setenta e cinco anos na onda	Cultura	09/01/08	95
124	Home solteiro busca...	Galicia	10/01/08	63
125	A mestría dalgúns mestres	Un Respiro	11/01/08	176
126	Co lume non se xoga	Galicia	14/01/08	101
127	'Bocatto di cardinale' con grelos	Galicia	15/01/08	188
128	Moi amplo e... nocivo	Galicia	16/01/08	185
129	As civilizacións alíanse	Mundo	16/01/08	163
130	Zara loita contra Zara	Contraportada	16/01/08	113
131	Un turismo... ¿ecolóxico?	Galicia	22/01/08	161
132	Os cables tamén choran	Galicia	23/01/08	69
133	O novo R28 bota fume	Deportes	23/01/08	80
134	Cando a vida custa un ril	Contraportada	23/01/08	83
135	Vivenda axuda a ter vivenda	Economía	24/01/08	113
136	Ledger, unha estrela fugaz	Un Respiro	24/01/08	83
137	E ao cuarto día... a Bolsa resucitou	Economía	25/01/08	63, 156
138	Historia de dous bandos	Galicia	28/01/08	146
139	As mellores parellas son as impares	Un Respiro	28/01/08	183
140	Navarro é a 'Bomba'	Deportes	30/01/08	132
141	Travesía nun océano literario	Cultura	30/01/08	125
142	Pau Gasol voa máis alto	Contraportada	04/02/08	127
143	O mércores de cinza destrona hoxe un Entroido moi animado	Portada	06/02/08	111
144	Gasolina para apagar o lume	Deportes	06/02/08	129
145	Atracción fatal en Noia	Un Respiro	06/02/08	56, 159

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
146	Gasol, unha estrela en Hollywood	Deportes	07/02/08	118
147	Omega 3 de cortello	Galicia	08/02/08	148
148	Un roubo de impresión	Contraportada	12/02/08	95
149	Do amor ao odio nun paso ou nun preito	Un Respiro	13/02/08	160
150	Maxestades xa non tan satánicas	Un Respiro	18/02/08	161, 162
151	Tecnoloxía 'jaleja'	Galicia	19/02/08	186
152	Ao mal tempo... boa cara	Flash	20/02/08	100
153	... E niso marchou Fidel	Contraportada	20/02/08	61, 72
154	A volta a España en 15 días	Eleccións	21/02/08	149
155	Un membro con moita arte	Un Respiro	21/02/08	109
156	Juande, o rei de copas	Contraportada	26/02/08	132
157	Entre eleccións e ereccións	Eleccións	27/02/08	178
158	A droga é un negocio sucio	Galicia	27/02/08	83
159	Unha protesta de altura	Flash	04/03/08	127
160	Belén vivente no Milladoiro	Galicia	04/03/08	130
161	Muiñeira das pirámides	Galicia	04/03/08	185
162	A abella ten nova colmea	Contraportada	06/03/08	125
163	Un empate por co...nvicción	Deportes	10/03/08	152
164	Coa auga ao pescozo	Flash	11/03/08	133
165	Galicia, sitio distinto	Eleccións	11/03/08	57, 59
166	Quén dixo que xa non había máis tomate...	Un Respiro	11/03/08	68, 73
167	Luces, cámaras... 'Play-Doc'	Cultura	12/03/08	66
168	Pánico no túnel	Un Respiro	17/03/08	58
169	Cousa de dous... ou tres	Galicia	24/03/08	160
170	Domingo de resurrección celeste	Deportes	24/03/08	133
171	Regreso á 'illa' sen Camarón	Un Respiro	24/03/08	120
172	Cun par... de vasos de máis	Galicia	26/03/08	147
173	Uns debuxos con moita historia	Cultura	26/03/08	85
174	O 'cantante' de moda	Contraportada	26/03/08	128
175	A 'Bomba' estoupa	Deportes	27/03/08	132
176	Un agasallo de altura	Contraportada	27/03/08	127
177	Veñen cun pan debaixo do brazo	Galicia	28/03/08	136
178	Dobres parellas de grandes	Un Respiro	28/03/08	94
179	A salvación está a un 'Xisco'	Deportes	31/03/08	151
180	O xefe da FIA ponse como unha moto	Un Respiro	01/04/08	80
181	Novo 'choque' de 'Siniestro'	Cultura	02/04/08	120
182	O comezo dunha bonita amizade	Un Respiro	04/04/08	155
183	Limpeza de alto risco	Flash	08/04/08	127
184	Menor: só ante o perigo	Galicia	08/04/08	70
185	Asubiando no nome de Deus	Deportes	08/04/08	185

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
186	Chega o 'Fiestras'	Galicia	09/04/08	188
187	O peor papel de Terele	Contraportada	10/04/08	104
188	As bicicletas tamén son para o inverno	Flash	14/04/08	69
189	Ábrese o pano da cela	Galicia	15/04/08	184
190	Un matrimonio ameazado polas pelotas	Un Respiro	15/04/08	121
191	Tres cachorriños e un biberón	Flash	16/04/08	61
192	A ruleta da miseria	Flash	17/04/08	62
193	Un cuarto con vistas	Flash	18/04/08	60, 68
194	Xa é primavera... en Alemaña	Flash	21/04/08	147
195	Os nenos, sos ante o perigo	Galicia	23/04/08	70
196	Un deporte de peso	Flash	24/04/08	78
197	Ela confesa que segue namorada	Un Respiro	24/04/08	164
198	Rebelión nas aulas	Portada	30/04/08	68
199	Cantantes enriba e baixo do escenario	Un Respiro	09/05/08	128
200	De tal pau...	Deportes	14/05/08	154
201	Makelele non dá a cara no xuízo para evitar a 'presión mediática'	Portada	16/05/08	100
202	Dime con quen andas...	Galicia	16/05/08	154
203	Posta e apostá en escena	Un Respiro	21/05/08	179
204	Vigo quere dar zapatilla	Deportes	22/05/08	85
205	Un home do seu tempo	Galicia	27/05/08	95
206	O fútbol dá xogo fóra dos campos	Un Respiro	28/05/08	80
207	Os fogóns andan quentes	Contraportada	28/05/08	117
208	Todos os camiños ían ao triplete	Deportes	28/05/08	164
209	Nin as bicis nin os monociclos son para esta... ¿primavera?	Portada	30/05/08	69
210	Habelas... ¿hainas?	Galicia	02/06/08	161
211	Unha 'misión imposible' para Nicole	Un Respiro	03/06/08	66
212	Un salto con vistas	Flash	05/06/08	68
213	Unha protesta de altura	Flash	06/06/08	127
214	A frota de Ribeira tensa a corda	Galicia	06/06/08	91
215	Unha oportunidade para a paz	Flash	09/06/08	154
216	Das palabras aos feitos	Galicia	09/06/08	155
217	Na misa e repicando	Galicia	10/06/08	161
218	De tal pau... ¿tal estela?	Contraportada	12/06/08	161
219	Canadá e os indios fuman a pipa da paz	Flash	13/06/08	100
220	Unha saúde de carballo	Galicia	18/06/08	90
221	Italia, á italiana, xa está en cuartos	Deportes	18/06/08	174
222	Establecen normas que dan 'Ascot'	Un Respiro	18/06/08	151
223	Jean, o 'petit' Sarkozy	Contraportada	18/06/08	187

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
224	Ave foráneo: Arde Lucus	Galicia	20/06/08	188
225	As belas e a besta van ao cinema	Un Respiro	20/06/08	66
226	‘O peregrino de Compostela’	Un Respiro	24/06/08	67
227	Se áinda non tes camiseta, toma o sol	Un Respiro	27/06/08	88
228	¡¡¡Puidemos!!!	Portada	30/06/08	163
229	Discutidas e indiscutibles belezas	Un Respiro	01/07/08	176
230	Á segunda foi a vencida	Portada	02/07/08	147
231	As ‘estrelas’ dos camiños	Cultura	02/07/08	143, 163
232	Adeus con bo sabor de boca	Un Respiro	03/07/08	84
233	Un Camiño de película	Contraportada	03/07/08	128
234	A política descarrila o AVE	Galicia	04/07/08	104
235	De viños por pazo Baión	Galicia	09/07/08	84
236	A Casa Branca mete a gamba	Mundo	09/07/08	187
237	¡Mira con quen baila a boa de Anne!	Un Respiro	11/07/08	72
238	‘Fernandiño, O Neno’	Contraportada	14/07/08	119
239	Adéu Barça, ciao Milan	Deportes	17/07/08	187
240	Cristiano regateou a Paris Hilton	Un Respiro	18/07/08	103
241	Desembarco no mar	Galicia	21/07/08	107
242	Dúas grandes estrelas que se estrelan	Un Respiro	21/07/08	176
243	O actor de ‘Ghost’ di que é un milagre	Un Respiro	22/07/08	118
244	Bale ten máis de escuro que de cabaleiro	Un Respiro	23/07/08	162
245	Galicia ‘mobilízase’	Galicia	01/09/08	122
246	As bicicletas son para o verán	Flash	02/09/08	69
247	¡Coidado coas ‘malas linguas’!	Cultura	03/09/08	84
248	Máis gasolina para apagar lume	Galicia	04/09/08	129
249	Poucas de cal... e moitas de area	Deportes	08/09/08	150
250	Actores con ‘Agallas’	Contraportada	10/09/08	59, 121
251	Crónica de dous adeus anunciados	Un Respiro	11/09/08	68
252	O buscador abre as ventás	Un Respiro	16/09/08	108
253	A ovella negra	Flash	19/09/08	89
254	Dobre ración de parellas impares	Un Respiro	19/09/08	184
255	A pesar dos 65... a vida segue igual	Un Respiro	24/09/08	67
256	Gustos e desgustos cos pequenos	Un Respiro	25/09/08	176
257	A Alonso non o confunde a noite	Portada	29/09/08	62, 109
258	‘Os irmáns golpean dúas veces’	Un Respiro	30/09/08	147
259	De cantar, dar o cante e a saúde	Un Respiro	01/10/08	128
260	No outono da matriarca é primavera	Un Respiro	02/10/08	158
261	Os prezos polas nubes e os produtos... ¡polo chan!	Galicia	08/10/08	123
262	Unha dama ardente, unha casa queimada	Un Respiro	09/10/08	115
263	¡Mira quen e canto cobra por bailar!	Un Respiro	10/10/08	72

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
264	Parvos e parvadas do cine	Un Respiro	10/10/08	174
265	¡Arde California!	Flash	15/10/08	71
266	Volven os tempos de sementar	Cultura	15/10/08	106
267	O León roxe máis forte	Motor	16/10/08	124
268	A avoa paga a crise; Harry e Will, as copas	Un Respiro	20/10/08	113
269	¡Aquí hai tomate!	Flash	21/10/08	88
270	Unha excursión moi familiar	Galicia	21/10/08	112
271	O falsete de Falete canta en comisaría	Un Respiro	21/10/08	180
272	Obama e McCain, en caída libre	Flash	22/10/08	96
273	Malos tempos para a bondade	Cultura	22/10/08	146
274	Amaia quitou un gran peso de enriba	Un Respiro	29/10/08	82
275	Censurando a censura	Contraportada	30/10/08	175
276	Trece homes e un dedal	Galicia	04/11/08	72
277	Lugo xoga co lume	Portada	05/11/08	101
278	¿Durmirá coa inimiga?	O Último	05/11/08	162
279	A historia cambia de cor coa elección de Barack Obama	Portada	06/11/08	92
280	Primeira dama negra na Casa Branca	Un Respiro	07/11/08	93
281	Gonsar foise 'lonxe de nós'	Un Respiro	10/11/08	157
282	Traxedia na granxa	Galicia	11/11/08	146
283	Rossi colle ben as curvas españolas	Un Respiro	11/11/08	116
284	A voz de África enmudeceu	Un Respiro	11/11/08	79
285	O amputado imputado	Galicia	12/11/08	180
286	Tres tristes tigres	Flash	18/11/08	63
287	Penados e penas nos Bustamante	Un Respiro	18/11/08	287
288	Árbores con pedigree	Galicia	24/11/08	184
289	Plumas perigosas e en perigo	Un Respiro	27/11/08	174
290	O que pasa na rúa	Flash	28/11/08	58
291	O lado escuro da neve	Galicia	02/12/08	119
292	A soildade do porteiro de fútbol	Flash	04/12/08	70
293	Borrajo baixa o panó	Un Respiro	04/12/08	92
294	A memoria histórica de Carmencita	Un Respiro	05/12/08	94
295	Ir ao cine e saír trabado	Un Respiro	05/12/08	152
296	E obrou o milagre en Cataboís	Galicia	10/12/08	159
297	Os mil xeitos de montar un bo belén	Un Respiro	10/12/08	129
298	Os más buscados	Un Respiro	11/12/08	63
299	Gustos e desgustos polo corpo	Un Respiro	12/12/08	176
300	Pucela conxela o Deportivo	Deportes	15/12/08	104
301	Subindo 'El andamio' 50 anos despois	Un Respiro	16/12/08	157
302	¡Volva vostede mañá... ou en 2010!	Galicia	17/12/08	160

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
303	A muller á que lle falaban os cabalos	Flash	19/12/08	71
304	Valdés despexa de puños	Deportes	19/12/08	82
305	Fortes vendavais no concurso eólico	Economía	23/12/08	132
306	Pau gaña o duelo de 'gasoles'	Deportes	24/12/08	157
307	Pesadelos despois do Nadal	Un Respiro	07/01/09	150
308	Ollo e orella ao que chega	Un Respiro	07/01/09	125
309	As rebaixas máis rebaixadas	Galicia	08/01/09	175
310	Escacharon de tanto rir	Un Respiro	08/01/09	83
311	Unha fazaña en branco	Galicia	09/01/09	130
312	O crack CR7 fixo 'catacrack'	Deportes	09/01/09	180
313	As amistades perigosas do guapo vigués	Deportes	09/01/09	155
314	Entoan a nota solidaria	Galicia	13/01/09	99
315	A Coruña vai marcar o ritmo	Cultura	14/01/09	84
316	Calderón bota balóns fóra	Deportes	15/01/09	138
317	Un tellado con vistas	Flash	16/01/09	171
318	Unha estafa de alta voltaxe	Galicia	16/01/09	127
319	¡Santa María!, Soraya..., ¡Santa María!	Un Respiro	19/01/09	92
320	O eólico xera novos refachos	Economía	20/01/09	132
321	Salvando á galiña piñeira	Un Respiro	20/01/09	171
322	Galicia revive o caos en branco	Galicia	21/01/09	130
323	K.O. no primeiro asalto aos postos de ascenso	Deportes	22/01/09	123
324	Mirada de lince	Flash	23/01/09	86
325	Na busca das herdanzas perdidas	Galicia	26/01/09	155
326	'Costa da Morte Vice'	Galicia	28/01/09	61
327	Unha doazón con historia	Galicia	28/01/09	85
328	Eu a Milán, ti a California e Jolie a Xapón	Un Respiro	28/01/09	159
329	Que non te boten a rede (social)	Un Respiro	29/01/09	94
330	Un torrente de creatividade	Cultura	30/01/09	120
331	Unha galega sen teito	Deportes	01/02/09	127
332	Armouse o belén...	Galicia	02/02/09	130
333	Cae antes un tramposo...	Galicia	04/02/09	59, 154
334	¡Ai, Señor, Señor...!	Galicia	05/02/09	58
335	Traseiros con arte	Flash	07/02/09	109
336	Sete vitorias e unha dúbida	Galicia	09/02/09	72
337	Unha académica de película	Cultura	11/02/09	128
338	Os dez días de ouro...	Galicia	12/02/09	67
339	O bo se é breve, consolídase	Un Respiro	12/02/09	146
340	Protesta de altura na Coruña	Galicia	13/02/09	127
341	O Oeste, máis salvaxe ca nunca	Deportes	17/02/09	166
342	Sempre quedará o 'Luar'	Eleccións	18/02/09	145

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
343	1-M: cita coas filloas	Galicia	19/02/09	145
344	O perdido na pel do perdedor	Un Respiro	20/02/09	175
345	Explosivo Carnaval en Rio	Flash	25/02/09	111
346	'Ciclón' arrasa co fútbol	Deportes	27/02/09	124
347	O Inter é o rei de 'copas'	Deportes	02/03/09	132
348	Nicho de emprego	Galicia	04/03/09	85
349	A maxistral faena contra Fran Rivera	Un Respiro	09/03/09	117
350	O ser ou non ser do Real Madrid	Deportes	10/03/09	63
351	Habemus casamento e separación	Un Respiro	13/03/09	160
352	'Working on a dream': conseguir ticket	Un Respiro	13/03/09	67
353	Tres penaltis e un funeral	Deportes	16/03/09	71
354	Amaia: sen pelotas non hai paraíso	Un Respiro	16/03/09	67
355	Íngrid quere liberarse por completo	Un Respiro	17/03/09	78
356	¡Isto si que é unha vendida de moto!	Galicia	18/03/09	86
357	¿Outra longa noite de pedra?	Cultura	18/03/09	162
358	Reverdecendo o Camiño	Galicia	24/03/09	129
359	Volta en branco do Madrid	Deportes	27/03/09	130
360	Un aluguer do máis divino	Galicia	30/03/09	102, 109
361	O 'padriño' Maradona 'enchufa' a familia	Deportes	31/03/09	103
362	Riera apaga a paixón turca	Deportes	02/04/09	71
363	Cómo pasar uns días de cine	Cultura	09/04/09	128
364	O xinete solitario en estado ebrio	Galicia	13/04/09	158
365	Domingo de Resurrección en Vigo	Deportes	13/04/09	133
366	Aterriza o «Goberno dez» de Feijóo	Galicia	21/04/09	98
367	Xogo de altura en Galicia	Deportes	21/04/09	127
368	«Come, neníño...»	Galicia	22/04/09	63
369	«O pai dos paraguaios»	Mundo	22/04/09	106
370	Unha decisión vital	Galicia	27/04/09	133
371	Non hai máis que unha	Galicia	29/04/09	154
372	Unha viaxe literaria de altura	Cultura	29/04/09	127
373	Un artista de altura	Flash	30/04/09	127
374	A vaca da bosta de ouro	Galicia	04/05/09	149
375	Crónica dunha morte anunciada	Deportes	04/05/09	68
376	Pep: o home tranquilo de (ou á) moda	Un Respiro	05/05/09	167
377	Un camiño ao éxito editorial	Un Respiro	06/05/09	129
378	Subir e baixar como espuma de cervexa	Un Respiro	06/05/09	159
379	A patronal busca patrón	Galicia	07/05/09	174
380	De 'Bigotes', peitos e moito morro	Un Respiro	07/05/09	102
381	Torreiglesias rebentou o tensiómetro da TVE	Un Respiro	08/05/09	122
382	O Deportivo ten licenza para soñar	Deportes	11/05/09	157

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
383	¿Habemus voda de cine?	Un Respiro	12/05/09	166
384	Puro circo	Flash	14/05/09	149
385	'Rata' ata para atropelar	Galicia	15/05/09	186
386	O regreso da esperanza branca	Deportes	15/05/09	130
387	90210: San Caetano	Galicia	19/05/09	61
388	A curiosidade custa unha vida	Galicia	20/05/09	164
389	Unha 'benzón' no Día das Letras	Cultura	20/05/09	59, 120
390	Perigo: alumnos soltos	Galicia	21/05/09	184
391	Aniversario sen festa	Un Respiro	22/05/09	163
392	O conto dos mil cabritos	Galicia	25/05/09	165
393	Buckingham tour	Mundo	25/05/09	152
394	A anduriña voa baixo e solta lastre	Un Respiro	25/05/09	126
395	Aterra como poidas III	Flash	26/05/09	57
396	Unha durísima competición	Un Respiro	26/05/09	110
397	O lácteo, cada día máis negro	Economía	28/05/09	118
398	Barcelona é unha festa	Deportes	29/05/09	61
399	E Larsson fixose celuloide	Un Respiro	29/05/09	153
400	Un roubo de grande altura	Galicia	02/06/09	127
401	O top das 'top' adíñeiradas	Un Respiro	02/06/09	112
402	5.000 préstamos vitais	Galicia	03/06/09	133
403	Blanco prende o lume e Aznar bota gasolina	España	04/06/09	129
404	O automóbil vístese de verde	Motor	04/06/09	124
405	Problema en aumento	Un Respiro	04/06/09	97
406	En Turquía, pero sen paixón	Deportes	08/06/09	71, 162
407	Gloria Lago: no punto de mira	Galicia	09/06/09	96
408	O home que soñaba cunha actriz e un bidón de gasolina	Un Respiro	09/06/09	61
409	Cara e cruz nas xestas da xestación	Un Respiro	11/06/09	179
410	Tarifa plana en beleza	Galicia	12/06/09	185
411	Os fans si están a gusto co seu busto	Un Respiro	12/06/09	179
412	Semana de sorrisos e bágoas	Un Respiro	12/06/09	66
413	Coa cabeza cadrada	Flash	16/06/09	88
414	A pequena máis pequena	Un Respiro	16/06/09	78
415	Pensará: 'Hoy no me puedo levantar'	Un Respiro	18/06/09	67
416	De cantantes, 'cantantes' e os que 'cantan'	Un Respiro	23/06/09	175
417	Arte que non é máis que aire	Flash	25/06/09	83
418	Unha última tentación	Galicia	26/06/09	154
419	Os favores a cambio dos 'favores'	Un Respiro	26/06/09	213
420	Fawcett, anxo de novo	Un Respiro	26/06/09	117
421	Non está frío e xa queren deixalo teso	Un Respiro	29/06/09	97

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
422	Peregrinos doutro ‘camiño’	Galicia	30/06/09	129
423	A forza de Hércules	Galicia	30/06/09	107
424	Alarde de alardes	Flash	01/07/09	113
425	Aprender do máis puro teatro	Cultura	01/07/09	157
426	O ‘plan B’ era Benzema	Deportes	02/07/09	80
427	Os peores fillos da Gran Bretaña	Un Respiro	07/07/09	85
428	Descansa Jacko, descansamos todos	Un Respiro	08/07/09	113
429	A ‘Nena Torres’ é galega	Deportes	09/07/09	164
430	Feijóo abre a porta a crear 20.000 empregos	Portada	10/07/09	89
431	Alta sociedade, baixas paixóns	Un Respiro	16/07/09	123
432	Un ‘real plantón’ de Teresa Casal	Galicia	17/07/09	116
433	Iker cólleas ao voo... E os balóns, tamén	Un Respiro	17/07/09	82
434	Galicia móllase	Galicia	22/07/09	105
435	A familia que gaña unida	Deportes	23/07/09	168
436	Fumata blaugrana	Deportes	23/07/09	149
437	A familia que anda unida...	Flash	24/07/09	168
438	‘Sálvame’: o nome ideal para o espazo	Un Respiro	28/07/09	120
439	Texano vs. pistoleiro	Deportes	29/07/09	123
440	Non é fútbol todo o que reloce	Deportes	30/07/09	168
441	A importancia de chamarse Ronaldo	Un Respiro	31/07/09	148
442	¿Lanzarote ou Lan... zada?	España	01/09/09	180
443	A zarina Isinbayeva	Deportes	03/09/09	103
444	Un asunto de narices	Contraportada	03/09/09	99
445	O éxito vén sobre rodas	Galicia	07/09/09	131
446	¡Toureira, toureira!	Flash	08/09/09	164
447	Venezuela en Venecia	Un Respiro	08/09/09	178
448	A universidade da nosa terra	Cultura	09/09/09	106
449	Maradona: non o salva nin Deus	Deportes	11/09/09	133
450	Dependentes da Lei	Galicia	14/09/09	163
451	A Esteban pon o circo e Jordi, a ‘noría’	Un Respiro	14/09/09	214
452	Unha grella ben quentíña	Un Respiro	14/09/09	124
453	Osama avisa a Obama	Mundo	15/09/09	178
454	A última peza de Swayze	Un Respiro	16/09/09	118
455	A representación fóra da escena	Cultura	16/09/09	116
456	Os aeroportos galegos van ‘engalar’ con novas rutas	Portada	17/09/09	105
457	Seis empresas con malos fumes	Galicia	17/09/09	101
458	A ficción chega á prensa	Un Respiro	17/09/09	110
459	Un San Sebastián de cine	Un Respiro	18/09/09	128
460	Cando o doce fogar se volve amargo	Galicia	22/09/09	125
461	Os amores de ‘aluguer’ das estrelas	Un Respiro	22/09/09	84

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
462	Don Giovanni perde cabelo e gaña peso	Un Respiro	23/09/09	126
463	¿Coida o raposo do galíñeiro?	Un Respiro	24/09/09	166
464	A casa das leas	Galicia	28/09/09	58
465	A Alonso dáselle ben a noite	Deportes	28/09/09	109
466	Dúas divas para o diván	Un Respiro	29/09/09	178
467	Recúrtanlle todo menos as barbas	Un Respiro	30/09/09	98
468	A sorte está case botada	Deportes	02/10/09	156
469	Unha noite negra	Deportes	02/10/09	109
470	A Rajoy tórraselle o arroz	Flash	05/10/09	98
471	O campión da barra libre	Deportes	05/10/09	96
472	¿De quen vés sendo?	Un Respiro	06/10/09	63
473	Feijóo fai oír o galego en Bruxelas	Portada	08/10/09	101
474	Unha historia de sexo, drogas e malos tratos	Galicia	08/10/09	61
475	O gardameta imparable	Un Respiro	08/10/09	105
476	¿Algo máis que 'Friends'?	Un Respiro	09/10/09	158
477	Lixeiro de equipaxe	Flash	13/10/09	131
478	Fauna ibérica e histérica	Un Respiro	15/10/09	179
479	A música morde da Gran Mazá	Cultura	15/10/09	125
480	Fox e Ronaldo pónense íntimos	Un Respiro	16/10/09	107
481	Non sempre a vida pode ser marabillosa	Un Respiro	19/10/09	67
482	Piccinini 'destapa' o voleibol nunha entrevista	Un Respiro	21/10/09	116
483	'Galiña vella' fai seu o Mundial	Deportes	26/10/09	166
484	Un ril capaz de conmover algúns corazóns	Galicia	28/10/09	115
485	Bos, breves e en internet	Un Respiro	28/10/09	153
486	Tras un grande home estaba Anisia	Cultura	28/10/09	164
487	Á 'spidergirl' falloulle a tea de araña	Galicia	02/11/09	126
488	O conselleiro abre Camiño	Portada	03/11/09	129
489	Marc Gasol non ten teito	Deportes	04/11/09	127
490	28 días de cine en Santiago	Cultura	04/11/09	128
491	Lugo, como 'Sin tetas...', queda sen duque	Un Respiro	05/11/09	119
492	'Patri' Conde: amargor e 'Mermelada'	Un Respiro	10/11/09	104
493	De divorcios, demandas e cintas de vídeo	Un Respiro	11/11/09	152
494	A soidade do seareiro	Flash	12/12/09	70
495	Medios(s) revoltos	Un Respiro	12/12/09	165
496	Bicando baixo a chuvia	Flash	13/11/09	56
497	De látego a espada de 'Telecirco'	Un Respiro	13/11/09	114
498	O Xacobeo Blu:sens xa asusta	Deportes	16/11/09	111
499	A muller que bailaba cos cabalos	Flash	17/11/09	71
500	Pero Imanol: 'Cuéntame cómo pasó'	Un Respiro	18/11/09	160
501	Trío español de cinema	Un Respiro	19/11/09	128

Nº	TITULAR	SECCIÓN	DATA	PÁX.
502	Cómo amarga o ‘azúcar moreno’	Un Respiro	20/11/09	77
503	Sting ten un sexto sentido: ve mortos	Un Respiro	23/11/09	158
504	Misteriosa desaparición en Cee	Galicia	25/11/09	149
505	Bruni, Borja e Beckham	Un Respiro	25/11/09	182
506	Uns emigrantes de cine	Galicia	26/11/09	128
507	Suspiros de España	Un Respiro	26/11/09	57
508	Xogadores a tres bandas	Un Respiro	02/12/09	97
509	Fóisenos un monstro	Un Respiro	02/12/09	109
510	Facer as Américas... en tan só sete días	Galicia	09/12/09	98
511	Máis paus... imposible	Un Respiro	10/12/09	121
512	De ‘paus’, Pau e máis paus	Un Respiro	11/12/09	114
513	Mirade de que as segundas partes...	Un Respiro	15/12/09	154
514	Unha protesta de altura	Flash	16/12/09	127
515	En globo cara ao ‘Oscar’	Un Respiro	16/12/09	108
516	¡E armouse o belén!	Un Respiro	17/12/09	130
517	O maior espectáculo do 3D	Un Respiro	18/12/09	145
518	Os capóns saíron voando de Vilalba	Galicia	19/12/09	81



